REUNIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE ESTUDO E ANÁLISE DAS REFORMAS DA POLÍTICA FORESTAL, DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E DO PLAN FORESTAL DE GALICIA, AVALIANDO A EXPERIENCIA ACUMULADA DENDE 2006 E, ESPECIFICAMENTE, A EXTRAORDINARIA VAGA DE LUMES QUE VÉN DE SUFRIR GALICIA EN OUTUBRO DE 2017

Día: 31.07.2018 Hora: 10:30

A Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 31 de xullo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto Único. Debate e aprobación do Proxecto de Ditame coas emendas presentadas

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN ESPECIAL DE ESTUDO E ANÁLISE DAS REFORMAS DA POLÍTICA FORESTAL, DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E DO PLAN FORESTAL DE GALICIA, AVALIANDO A EXPERIENCIA ACUMULADA DENDE 2006 E, ESPECIFICAMENTE, A EXTRAORDINARIA VAGA DE LUMES QUE VÉN DE SUFRIR GALICIA EN OUTUBRO DE 2017

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Raquel Arias Rodríguez	P
Vicepresidente	
José Alberto Pazos Couñago	P
Secretario	
José Antonio Quiroga Díaz	S

Vogais

Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Vega Pérez	P

Reunión da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017

Día: 31.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Debate e aprobación do Proxecto de Ditame coas emendas presentadas

PROXECTO DE DITAME DA PONENCIA DA COMISIÓN ESPECIAL NON PERMANENTE DE ESTUDO E ANÁLISE DAS REFORMAS DA POLÍTICA FORESTAL, DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E DO PLAN FORESTAL DE GALICIA, AVALIANDO A EXPERIENCIA ACUMULADA DENDE 2006 E, ESPECIFICAMENTE, A EXTRAORDINARIA VAGA DE LUMES QUE VEN DE SUFRIR GALICIA EN OUTUBRO DE 2017

INDICE

1. Antecedentes
Cronograma
Documentación recibida
2. Constitución, composición e reunións da Ponencia

3. Texto do proxecto de ditame

1. Análise da incidencia dos incendios en Galicia no período 2006-2017, con especial atención á vaga de lumes de outubro de 2017.

1.1. Aproximación histórica ós incendios e estatística dos incendios no período 2006 a 2017. A vaga de incendios de agosto de 2006.
1.1.1. Consecuencias socioeconómicas
1.2. Causas principais dos incendios e a súa evolución o longo do período analizado. Actuacións policiais e xudiciais respecto os incendiarios
1.3. Medios de extinción de incendios e a súa evolución o longo do período analizado. Medios do Estado, Xunta e administracións locais
1.4. Análise en detalle dos incendios de outubro de 2017.
1.4.1. Tipoloxía e número de incendios.
1.4.2. Detalle da data, hora, lugar, causa e demais circunstancias do seu inicio. Incidencias no seu desenvolvemento e datos sobre a súa extinción. Especial atencións os incendios con perda de vidas humanas.
1.4.3. Medios materiais e humanos destinados a súa extinción, detallado par organizacións participantes nas tarefas. Funcionamento do dispositivo.
1.4.4. Coordinación entre as diferentes Administracións.
1.4.5. Condicións meteorolóxicas.

2. Avaliación da experiencia acumulada dende o 2006. Medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios en 2006 e anos posteriores e a súa efectividade.

2.1. Análise do ditame da Comisión de Estudio sobre as causas e consecuencias dos incendios forestais en Galicia de 19 de decembro de 2006
2.2. A lei 3/2007 de extinción de incendios de Galicia
2.3. A lei 7/2012 de montes
2.4. Outras medidas normativas adoptadas no período considerado.
2.4.1. Normativa relativa a prohibición de nova cualificación dos solos afectados polos incendios forestais. Prohibición de usos nos terreos queimados.
2.4.2. Principais novidades introducidas pola Lei 9/2017, de Medidas Fiscais e Administrativas.

2.4.3. Principais medidas na loita contra incendios adoptadas dende a vaga de lumes de 2006 no Plan de Prevención e Defensa contra os incendios forestais en Galicia (PLADIGA).

2.5. Avaliación dos medios de extinción de incendios. Competencias da Xunta na extinción. O Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia (SPDCIF). A coordinación cos servizos de emerxencias.

2.5.1. Organismos públicos na loita contra os incendios forestais en Galicia.

2.5.2. As competencias da Xunta na extinción de incendios forestais.

3. Análise das causas estruturais dos incendios forestais en galicia

3.1. Estado da cuestión.

3.2. Causas dos incendios.

3.2.1. A intencionalidade nos incendios: terroristas/delincuentes incendiarios.

3.2.2. Descoidos e neglixencias no uso do lume.

3.2.3. Outras causas dos lumes.

3.3. Circunstancias que agravan os efectos dos incendios.

3.3.1. A estrutura da propiedade en Galicia:

3.3.1.1. A preponderancia da propiedade privada dos montes galegos.

3.3.1.2. O minifundismo exacerbado.

3.3.1.3. A tipoloxía dos propietarios forestais galegos. A falta de información sobre os propietarios forestais galegos.

3.3.1.4. A falta de mobilidade da terra agraria galega. Deficiencias no catastro e noutras fontes de información. As parcelas de titulares descoñecidos ou ilocalizables.

3.3.2. A ordenación do territorio rural.

3.3.3. A situación do rural galego.

3.3.3.1. A desagrarización. O envellecemento e a perda de poboación no rural

3.3.3.1. Abandono e cambios de usos no territorio.

3.3.3.2. A falta de xestión nos montes privados e comunais. A certificación forestal.

3.3.4. A política forestal. Planificación e ordenación.

3.3.5. A situación das franxas de xestión da biomasa. Os lumes interface.

3.3.6. O cambio climático: as condicións atmosféricas extremas e a súa influencia na xestión dos incendios e da actividade incendiaria.

3.3.7. A falta de concienciación social.

3.3.8. Os espazos medioambientalmente protexidos. A incidencia das limitacións medioambientais nos incendios.

3.3.9. A biomasa existente no noso monte: matogueira e especies arbóreas.

4. Reformas da política forestal na prevención e extinción de incendios e para acadar un monte multifuncional, vivo e dinámico, sustentable e rendible para os propietarios forestais.

4.1. Relacionadas coa política forestal:

4.1.1.1. A planificación e ordenación forestal. A gobernanza do monte galego.

4.1.1.1. Ordenación das especies forestais. A regulación do eucalipto.

4.1.2. O impulso da xestión conxunta do monte.

4.1.3. A profesionalización dos silvicultores.

4.1.4. A multifuncionalidade do monte e o fomento forestal.

4.1.5. A revisión do Plan Forestal de Galicia.

4.1.6. As franxas de xestión de biomasa.

4.1.7. O papel das comunidades veciñais de montes en man común na loita contra os incendios.

4.2. Relacionadas co dispositivo de prevención e extinción de incendios e os servizos de emerxencias e de protección civil.

4.3. Relacionadas coa ordenación territorial e os usos do solo.

4.4. Relacionadas coa estrutura da propiedade.

4.4.1. Mellora do coñecemento da tipoloxía dos propietarios. Impulso da investigación da propiedade no rural galego.

4.4.2. Fomento da mobilidade de terras.

4.5. Relacionadas co desenvolvemento rural na loita contra os incendios.

4.6. Relacionadas coa protección do medio ambiente natural. A compensación das restricións motivadas por esta protección.

4.7. Relacionadas coa delincuencia incendiaria, a investigación dos incendios e o uso de novas tecnoloxías na loita contra os incendios forestais.

4.8. Relacionadas co cambio climático e a súa incidencia nos incendios.

4.9. Relacionadas coa formación.

4.10. Relacionadas coa educación, concienciación e sensibilización da sociedade civil galega.

4.11. Relacionadas cos incentivos fiscais e financeiros para a mellora do medio rural.

PROXECTO DE DITAME DA PONENCIA DA COMISIÓN ESPECIAL NON PERMANENTE DE ESTUDO E ANÁLISE DAS REFORMAS DA POLÍTICA FORESTAL, DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E DO PLAN FORESTAL DE GALICIA, AVALIANDO A EXPERIENCIA ACUMULADA DENDE 2006 E, ESPECIFICAMENTE, A EXTRAORDINARIA VAGA DE LUMES QUE VEN DE SUFRIR GALICIA EN OUTUBRO DE 2017

A Ponencia da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que ven de sufrir Galicia en outubro de 2017, elaborou o seguinte:

PROXECTO DE DITAME

1

Antecedentes

A Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que ven de sufrir Galicia en outubro de 2017 creouse, por petición do grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 51 do Regulamento do Parlamento de Galicia, pola Mesa do Parlamento, logo de audiencia da Xunta de Portavoces, na súa reunión de 14 de novembro de 2017.

A devandita Comisión constituiuse o día 28 de novembro de 2017 integrada polos seguintes deputados e deputadas:

G.P. Popular de Galicia (P):

Dona Raquel Arias Rodríguez

Don Silvestre José Balseiro Guinarte

Don Moisés Blanco Paradelo

Don José González Vázquez

Don José Alberto Pazos Couñago

Don Gonzalo Trenor López

Don Daniel Vega Pérez

G.P. de En Marea (EM):

Don David Rodríguez Estévez

Dona Paula Quinteiro Araújo

G.P. dos Socialistas de Galicia (S):

Don Xoaquín María Fernández Leiceaga

Don José Antonio Quiroga Díaz

G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don José Luis Rivas Cruz

Nesta sesión procedeuse á elección da Mesa que quedou constituída por los seguintes membros:

Presidenta: Dona Raquel Arias Rodríguez

Vicepresidente: Don José Alberto Pazos Couñago

Secretario: José Antonio Quiroga Díaz

Na súa sesión do día 13 de decembro de 2017 aprobáronse as súas Normas de Funcionamento, en cuxo artigo 1 se establece que *"A Comisión créase co obxecto de estudar e analizar as posibles reformas da política forestal, da política de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que de sufrir Galicia en outubro de 2017".*

Para a consecución do obxectivo fixado, a Comisión aprobou un Plan de Traballo na súa sesión do día 27 de decembro de 2017.

A Comisión celebrou dezaseis sesións de traballo nas que compareceron as seguintes persoas:

<u>30 de xaneiro de 2018</u>

- Don Juan Picos (Foro Económico de Galicia)

- Don Venancio Salcines (Grupo Colmeiro)

8 de febreiro de 2018

- Don José Manuel Andrade (Fundación Juana de Vega)
- Don José Manuel Busto (Catedrático de Dereito Civil da UDC)
- Don Miguel Ángel Dubois (Dtor. Xeral de Desenvolvemento Rural)
- Dona María Josefa García Hermida (Representante das Sociedades de Fomento Forestal)

12 de febreiro de 2018

- Dona Inés Santé Riveira (Directora do Instituto de Estudos do Territorio)
- Don Roque Rodríguez Xoalleiro (Catedrático de Silvicultura)

15 de febreiro de 2018

- Don Agustín Merino García (Profesor edafoloxía)
- Dona Ana Daría Ruíz González (Representante do Campus Terra)
- Don Enrique Martínez Chamorro (Dtor. Centro Investigación Forestal)
- Don Antonio Regueiro Rodríguez (Catedrático Producción Vexetal)

22 de febreiro de 2018

- Don Alberto José Otero Peña (Xefe do Servizo de Parques Naturais)
- Dona Ana María Díaz López (Dtra. Xeral de Patromonio Natural)
- Don Emilio Rafael Díaz Varela (representante do grupo de profesores universitarios asinantes do manifesto 'Por unha nova política para o rural galego9

26 de febreiro de 2018

- Don Manuel López Pérez (secretario da IXP Castaña de Galicia)
- Don Enrique Fandiño Cerqueira (responsable do departamento forestal e viveiro de Hifas da Terra)
- Don Javier Nogueira Diz (presidente da Federación Galega de Caza)
- Dona Marta Rodríguez Losada (vocal da Xunta Directiva de

OVICA)

- Don Pedro Rodríguez Parente (Presidente de AGROMACEN)

1 de marzo de 2018

- Dona Nuria Rodríguez Arias (secretaria xeral da Asociación Primeira Transformación da Madeira de Lugo)

- Don Elier Ojea Ureña (presidente de FEARMAGA)

- Don José Ignacio Lema Piñeiro (director da Axencia Galega da Industria Forestal)

- Don José Manuel Iglesias Vila (presidente do Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia)

8 de marzo de 2018

- Don Xosé Alfredo Pereira Martínez (presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común)

- Don Xesús Represas Represas (directivo da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Xinzo-Ponteareas)

- Don Francisco Dans del Valle (director da Asociación Forestal de Galicia)

- Don Jacobo Feijoo Lamas (Presidente da Asociación Sectorial Forestal Galega –ASEFOGA-)

- Don Ramón Reimunde Noreña (Presidente de Produtores de Madeira de Galicia –PROMAGAL-)

12 de marzo de 2018

- Don Roberto García González (secretario xeral de Unións Agrarias)

- Don José Carlos Rocha Arrué (representante de UGT-Galicia)

- Don Alejandro Rodríguez Pazos (representante do S.N. de CC.OO.)

15 de marzo de 2018

- Don Roberto García González (secretario xeral de Unións Agrarias)

- Don Juan Manuel Corral Sánchez (responsable da agrupación de voluntarios de Protección Civil de Boqueixón)

- Don Amadeo Ferreiro Iglesias (Brigada de Investigación Forestal do Distrito XII -Miño-Arnoia-)

- Don Marcos Araújo Pereira (xerente da Axencia Galega de Emerxencias)

- Don Manuel Rodríguez Vázquez (xefe territorial da Consellería do Medio Rural na provincia da Coruña)

19 de marzo de 2018

- Don Paulo Simón Carril Vázquez (Secretario Xeral da CIG)
- Don Augusto Pérez Alberti (Catedrático de Xeografía Física na USC)

22 de marzo de 2018

- Don Alfonso Barreiro Filgueira (xefe do Servizo de Programación e Planificación Preventiva)

- Don Alberte Blanco Casal (ex director xeral de Montes)

- Don Miguel Ángel Cela González (Subdirector Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais)

- Don Tomas Fernández-Couto Juanas (director xeral de Ordenación e Produción Forestal)

- Don Manuel Gómez Trabada (Axente forestal do distrito forestal Vila Fonsagrada dos Ancares –Lugo-)

- Don Edelmiro López Iglesias (Director do Departamento de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela – USC)

26 de marzo de 2018

- Don Agustín Reguera Ocampo (Alcalde do Concello de Soutomaior)

- Don Manuel Ruiz Rivas (Alcalde do Concello de Ribeira)

- Don Juan Antonio González Pérez (Alcalde do Concello de Nigrán)
- Don Alfredo García Rodríguez (presidente da FEGAMP)
- Don Luis Milia Méndez (alcalde do Concello de Carballeda de Avia)
- Don Benigno Gómez Tadín (alcalde do Concello de Cervantes)

2 de abril de 2018

- Don José Manuel Rodríguez Méndez (alcalde do Concello de As Neves)
- Dona Ana Villarino Pardo (alcaldesa do Concello de Oímbra)
- Dona Dolores Castro Ochoa (alcaldesa do Concello de Folgoso do Courel)
- Don Fernando Suanzes Pérez (fiscal superior de xustiza de Galicia)
- Don Luis Menor Pérez (director xeral de Emerxencias e Interior)

3 de abril de 2018

- Don Tomás Fernández-Couto Juanas (Director Xeral de Ordenación e Produción Forestal)

4 de abril de 2018

- Dona Ángeles Vázquez Mejuto (Conselleira do Medio Rural)

Además, recibiuse a seguinte documentación prevista no plan de traballo:

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Referidos á incidencia dos incendios en Galicia no período 2006-2017:

- Informe sobre a solicitude de medios ao Ministerio de Medio Ambiente (29045)
- Informe sobre a solicitude de medios a outras comunidades autónomas.
- Informe da Consellería con competencias en Medio Ambiente sobre das consecuencias no medio ambiente e singularmente na Rede Natura 2000 (29982).
- Informe da Xunta de Galicia sobre os incendios acaecidos en Galicia no período 2006-2017 e as súas consecuencias. En particular:

- perdas provocadas polos incendios e impacto sobre a economía galega no período obxecto desta comisión.
- medidas adoptadas no período obxecto desta comisión para paliar a erosión.
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación Forestal acerca dos medios materiais e humanos das administracións locais que se sumaron ao operativo.
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación Forestal acerca da maquinaria e medios materiais achegados por entidades privadas.
- Orzamentos e execución do gasto anual pormenorizado destinado ás partidas relacionadas con tratamento da superficie forestal e as labores de prevención e extinción de incendios forestais, incluíndo a relación das axudas públicas e as súas principais características (entidades ou organismos destinatarios, importe, conceptos....) por anualidades, dende o 2006 á actualidade e sinalando igualmente as contías para rozas, podas, queimas controladas, creación e mantemento de cortalumes e labores de prevención (29040 E 29045).
- Informe da Consellería de Medio Rural sobre a participación das entidades locais na prevención e extinción dos incendios, en particular sobre os convenios firmados cos concellos para as brigadas forestais, labores de desbroce, tractores e vehículos motobomba.

Referidos á vaga de lumes de outubro de 2017:

- Informe da Xunta de Galicia sobre as actuacións levadas a cabo para paliar os danos persoais e materiais dos incendios.
- Informe sobre as condicións meteorolóxicas de MeteoGalicia e do Instituto Nacional de Meteoroloxía (28832).
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación Forestal relativo ao número de incendios con detalle de data, hora, lugar, causa e demais circunstancias relativas ao seu inicio, medios destinados a súa extinción, tempo de reacción dos medios, incidencias no desenvolvemento dos lumes e datos sobre a súa extinción.
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación Forestal acerca dos medios materiais e humanos cos que contou o operativo durante o ano 2017
- Informes dos que dispoñan sobre os incendios a Policía Autonómica (29981).
- Informe de Protección Civil comprensivo dos medios mobilizados, evacuacións e demais operativos (30092).

Referido á avaliación da experiencia acumulada dende o 2006, medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios en 2006 e anos posteriores e a súa efectividade.

- Informe da Consellería de Medio Rural sobre as medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios dende 2006 ata a actualidade e a súa efectividade.

Referidos á análise das causas estruturais dos incendios forestais en Galicia e reformas da política forestal para a prevención e extinción de incendios e para acadar un monte multifuncional, vivo e dinámico, sustentable e rendible para os propietarios forestais.

- Informe da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (ou organismo que determine Medio Ambiente) sobre a incidencia do cambio climático nos incendios forestais: escenarios de cambio climático existentes para Galicia e posibles consecuencias para o risco de lumes (28831).
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio sobre o impacto paisaxístico dos incendios forestais (29983).
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a cualificación dos solos involucrados na vaga de lumes (28830).
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación Forestal sobre a xestión forestal en Galicia, con especial incidencia nos seguintes aspectos: (29043).
- Estrutura da propiedade forestal e xestión forestal dos propietarios. Relación de superficie obxecto de ordenación forestal dende o 2006 á actualidade indicando data, extensión e tipo de superficie afectada.
- Xestión forestal pública.
- Xestión forestal polos propietarios privados.
- Xestión Forestal das comunidades de montes veciñais en man común: número de montes comunais e hectáreas totais, determinación do seu tamaño en cinco tramos (repartidos do mais pequeno o mais grande), comunidades non constituídas, comunidades sen instrumento de ordenación, comunidades correctamente xestionadas.
- Volume de cortas anuais e características.
- SOFOR e outros mecanismos de agrupación de propietarios forestais.
- Instrumentos de ordenación ou xestión forestal aprobados no período considerado.
- Avaliación das medidas tomadas a través dos programas operativos dos fondos FEADER e dos Plans de Desenvolvemento Rural 2007-2013 (29044).
  e 2014-2020 en materia de investimentos no sector forestal e prevención e extinción de incendios, así como adaptación ao cambio climático.
- Borrador do Plan Forestal de Galicia (28160).
- Resposta á solicitude do PSOE no doc. núm. 28645
- Informe da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural/AGADER sobre a mecanismos de agrupación e mobilización de terras agrarias e forestais,

con especial referencia ás concentracións parcelarias e ao Banco de Terras (29671).
- Informe dos representantes dos propietarios forestais con representación no Consello Forestal.
- Informe dos representantes da industria forestal con representación no Consello Forestal.
- Informe dos representantes das empresas de servizos forestais con representación no Consello Forestal.
- Informe dos colexios profesionais autonómicos con representación no Consello Forestal.
- Informe das Universidades e centros de investigación con representación no Consello Forestal.
- Informe das organizacións medioambientais con representación no Consello Forestal.

Delegación do Goberno

Referidos á incidencia dos incendios en Galicia no período 2006-2017:

- Informe da Delegación do Goberno en Galicia relativa ás dilixencias e investigacións practicadas para o esclarecemento dos delitos e das detencións practicadas dende 2006 ata a actualidade.
- Informes dos que dispoñan sobre os incendios a Garda Civil, Policía Autonómica, Xefatura Superior de Policía en Galicia ou o Exército.
- Informe sobre as condicións meteorolóxicas do Instituto Nacional de Meteoroloxía.
- Informe de Protección Civil comprensivo dos medios mobilizados, evacuacións e demais operativos.

Referido á análise das causas estruturais dos incendios forestais en galicia e reformas da política forestal para a prevención e extinción de incendios e para acadar un monte multifuncional, vivo e dinámico, sustentable e rendible para os propietarios forestais.

- Informe do Catastro sobre a estrutura da propiedade nas parcelas rústicas de Galicia: número de parcelas, superficie total e por parcela, parcelas a nome de descoñecidos, parcelas en investigación, parcelas con titular ilocalizable ou falecido.

Federación Galega de Municipios e provincias

Referido á incidencia dos incendios en Galicia no período 2006-2017:

- Informe da FEGAMP sobre a participación das entidades locais na

prevención e extinción dos incendios, en particular sobre os convenios firmados coa Xunta para as brigadas forestais, labores de desbroce, tractores e vehículos motobomba.

Referido á vaga de lumes de outubro de 2017:

- Informe da FEGAMP sobre as actuacións das entidades locais na vaga de lumes de outubro de 2017.

Referido á avaliación da experiencia acumulada dende o 2006. medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios en 2006 e anos posteriores e a súa efectividade.

- Informe da FEGAMP sobre as medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios dende 2006 ata a actualidade e a súa efectividade.

Deputación Provincial da Coruña

Referido á avaliación da experiencia acumulada dende o 2006. medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios en 2006 e anos posteriores e a súa efectividade.

- Informe das Deputacións galegas sobre as medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios dende 2006 ata a actualidade e a súa efectividade.

Deputación Provincial de Lugo

Referido á avaliación da experiencia acumulada dende o 2006. medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios en 2006 e anos posteriores e a súa efectividade.

- Informe das Deputacións galegas sobre as medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios dende 2006 ata a actualidade e a súa efectividade.

Deputación Provincial de Ourense

Referido á avaliación da experiencia acumulada dende o 2006. medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios en 2006 e anos posteriores e a súa efectividade.

- Informe das Deputacións galegas sobre as medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios dende 2006 ata a actualidade e a súa efectividade.

Foro Económico de Galicia

- Análise das causas estruturais dos incendios forestais en Galicia e reformas da política forestal para a prevención e extinción de incendios e para acadar un monte multifuncional, vivo e dinámico, sustentable e rendible para os propietarios forestais.

Fundación Juana de Vega

- Análise das causas estruturais dos incendios forestais en Galicia e reformas da política forestal para a prevención e extinción de incendios e para acadar un monte multifuncional, vivo e dinámico, sustentable e rendible para os propietarios forestais.

Grupo profesores asinantes manifesto ‘Por unha nova política para o rural galego’

- Análise das causas estruturais dos incendios forestais en Galicia e reformas da política forestal para a prevención e extinción de incendios e para acadar un monte multifuncional, vivo e dinámico, sustentable e rendible para os propietarios forestais.

Grupo AGACA

- Análise das causas estruturais dos incendios forestais en Galicia e reformas da política forestal para a prevención e extinción de incendios e para acadar un monte multifuncional, vivo e dinámico, sustentable e rendible para os propietarios forestais.

Igualmente, recibiuse diversa documentación achegada polas persoas comparecentes.

2

Constitución, composición e reunións da Ponencia

A Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que ven de sufrir Galicia en outubro de 2017, designou na sesión do día 27 de abril de 2018, aos seguintes ponentes:

G. P. Popular de Galicia (P):

Don José González Vázquez (titular)

Don Silvestre José Balseiros Guinarte (suplente)

G.P.de En Marea (EM):

Don David Rodríguez Estévez (titular)

Dona Paula Quinteiro Araújo (suplente)

G:P. dos Socialistas de Galicia (S):

Don Xoaquín Fernández Leiceaga (titular)

Don José Antonio Quiroga Díaz (suplente)

G:P.do Bloque Nacionalista Galego

Don Xosé Luís Rivas Cruz (titular)

Don Xosé Luís Bará Torres (suplente)

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 27 de abril de 2018, presidida pola Sra. Arias Rodríguez, presidenta desta Comisión, e coa asistencia dos ponentes titulares.

Posteriormente, a Ponencia mantivo as seguintes reunións os días 28 de maio de 2018 e 6 e 10 de xullo de 2018, procedendo á elaboración do proxecto de ditame.

3
Texto do proxecto de ditame

O proxecto de ditame estrutúrase en catro ámbitos de análise, respondendo ao esquema así establecido polo plan de traballo aprobado.

1. Análise da incidencia dos incendios en Galicia no período 2006-2017, con especial atención á vaga de lumes de outubro de 2017.

1.1. Aproximación histórica ós incendios e estatística dos incendios no período 2006 a 2017. A vaga de incendios de agosto de 2006.

A análise feita no seo da Comisión de estudio nos permite afirmar que a concepción dos incendios forestais como un problema medioambiental de primeiro orde é relativamente recente, do último cuarto do pasado século. Os motivos son obxecto de estudo no punto terceiro deste ditame, referido as causas dos incendios e das circunstancias que agravan os seus efectos.

Durante séculos os lumes se utilizaron pola poboación do noso rural como un mecanismo para deforestar bosques de arborado ou eliminar matogueira, co fin de poder cultivar o queimado, ampliar pastos ou evitar o avance da vexetación facilitando así a actividade agraria. Dende esta perspectiva, o lume foi un axente habitual da modelación da paisaxe forestal galega, polo que se pode afirmar que a cultura do lume foi (e aínda é) unha tradición no monte galego. Este uso tradicional e reiterado do lume, xunto coa fortaleza da actividade agro

gandeira galega son factores que explica que os montes galegos chegasen eminentemente desarborados ao século XX: ata mediados do século pasado o monte arborado apenas ocupaba pouco máis dunha cuarta parte da superficie forestal galega.

Na segunda metade do século XX o fenómeno da desagrarización provocou unha importante perda de actividade agraria: no período 1950-2015 a man de obra ocupada no sector pasou de 827.000 a 45.600 persoas. Como consecuencia das transformacións operadas no noso rural por este fenómeno, que analizamos con detalle no punto terceiro de este ditame, se abandonaron usos agrarios tradicionais como a gandería en extensivo, o cultivo dos terreos do monte e as rozas periódicas de matogueira, o que xerou un importante crecemento da superficie forestal e unha excesiva acumulación de combustible vexetal almacenado no monte. O tempo que se producían estas transformacións na organización agraria galega, levábase a cabo un política de repoboación forestal dunhas 600.000 hectáreas de monte desarborado, principalmente con *Pinus pinaster*. Desta forma, sobre o ano 1975, o monte arborado ocupaba xa máis da metade da superficie forestal galega.

En canto á evolución dos incendios forestais, nos 50 anos que van dende 1961 – ano no que comeza o rexistro estatístico sobre os incendios forestais –, ata o 2011, rexistráronse case un cuarto de millón de incendios cunha superficie queimada próxima aos dous millóns de hectáreas. Nestes 50 anos ardeu, pois, unha superficie equivalente ás dúas terceiras partes do territorio galego e case toda a súa superficie forestal.

No que se refire a superficie queimada, podemos sinalar que no período 1968-1998 queimouse unha extensión equivalente á metade do territorio galego e tres cuartas partes da superficie forestal galega. Dentro deste período hai que destacar a importancia que tiveron os incendios na segunda metade dos setenta e nos anos oitenta, nos que se calcula que se queimaron preto dun

millón de hectáreas. Nesta época producíronse grandes incendios forestais e en varios anos superáronse as 100.000 hectáreas queimadas, destacando a catástrofe de 1989 cando se queimaron case 200.000 hectáreas. A partir dese ano, e sen dúbida como consecuencia da creación do **Servizo de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia**, apréciase unha sensible redución da superficie forestal queimada. Os datos do período 1990-2014 determinan que nos últimos 25 anos queimouse unha media de máis de 26.500 hectáreas cada ano de superficie forestal, das cales menos da terceira parte foron monte arborado, co que máis de dúas terceiras partes foron terreos forestais desarborados, cando a súa presenza no territorio é de só un 30%.

En canto ao número de incendios hai unha tendencia ascendente ata 1995, ano no que se produciu o maior número de incendios rexistrados ata a data, con máis de 15.000 lumes. Dende ese ano iníciase unha tendencia descendente que se manifesta de forma evidente a partir do ano 2006, manténdose entre 2.500 e 3.000 incendios anuais (excepto no ano 2011 en que se volveron a exceder os 6.000 incendios). O ano con menos incendios da serie histórica foi 2014 con pouco máis de mil.

Os datos dos incendios no período de tempo analizado nesta comisión (2006-2017) reflíctense no seguinte cadro:

Ano	Nº de incendios	Superficie arborada (ha)	Superficie rasa (ha)	Superficie total (ha)
2006	6.996	55.532,80	40.414,67	95.947,47
2007	3.157	1.190,93	5.860,13	7.051,06
2008	2.546	998,23	5.337,61	6.335,84
2009	3.971	2.275,40	8.464,31	10.739,71
2010	3.852	3.034,98	11.772,36	14.807,34
2011	6.342	9.270,38	33.121,79	42.392,17
2012	3.794	5.038,70	10.559,40	15.598,10
2013	3.581	7.747,40	12.028,48	19.775,88
2014	1.227	502,83	1.488,31	1.991,14
2015	2.854	4.543,75	7.690,58	12.234,33
2016	2.354	8.846,70	12.687,06	21.533,76
2017	3.141	29.223,30	32.476,35	61.699,65

En total 43.815 incendios que afectaron a 310.106,48 hectáreas.

Destacan neste ámbito temporal as dúas grandes vagas de lumes de agosto de 2006 e outubro de 2017. A continuación analizamos con detalle a primeira destas vagas, a de agosto do 2006.

Análise dos incendios do ano 2006

Entre os días 4 e 15 de agosto de 2006 produciuse unha vaga de 2.055 incendios forestais que queimaron 77.772,89 hectáreas. Houbo días con máis de 300 incendios activos. As provincias máis afectadas foron Pontevedra e A Coruña, sumando entre as dúas mais de 65.000 hectáreas ardidas. Os incendios se produciron moi concentrados tanto no tempo como no espazo en zonas costeiras, urbanas, periurbanas e no contorno de infraestruturas. A vaga de incendios afectou a 147 concellos e 9.662 entidades de poboación, sendo unha das súas características a importante afectación da interface urbano-forestal, ata un total de 788.162 metros lineais. Tamén afectou de forma

significativa as principais arterias de comunicación galegas: AP-9, vía rápida do Barbanza, aeroportos de Peinador e Lavacolla.

Na seguinte táboa se constata o elevado número de incendios do mes de agosto, comparado cos outros meses do ano 2006:

Ano	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec	TOTAL
2006	60	672	90	273	453	649	1.816	2.253	677	6	23	24	6.996



Pódese observar que a distribución do número de incendios sigue a distribución dunha alta actividade en febreiro (correspondería coa precampaña) e unha moi alta actividade en agosto (dentro do período de campaña).

A superficie afectada foi a seguinte:

Ano	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec	TOTAL
2006	87,34	1.194,05	195,50	492,16	694,43	981,91	5.956,63	84.356,98	1.918,70	2,73	13,91	53,13	95.947,47



En canto a análise da vaga de lumes acaecida entre o 4 e 15 de agosto, transcribimos a continuación o referido polo ditame da Comisión de Estudio que se creou no Parlamento de Galicia para a súa análise, e que trataremos en detalle máis adiante neste ditame.

"En relación co desenvolvemento dos incendios e cos dispositivos empregados referidos ao período comprendido entre os días 4 e 15 de agosto de 2006:

b.1.1. Circunstancias meteorolóxicas

Dos datos achegados tanto por administracións públicas como por parte doutras entidades comparecentes téñense caracterizado as circunstancias meteorolóxicas excepcionais coas seguintes variables:

- *Persistencia e intensidade do período de seca. A seca do presente ano hidrolóxico (setembro 2005 - setembro 2006), as elevadas temperaturas máximas acadadas, a escasa humidade relativa e o forte e cálido vento do nordés caracterizan as condicións meteorolóxicas deste período.*
- *Persistencia de temperaturas elevadas. Segundo informacións procedentes de MeteoGalicia, as temperaturas medias rexistradas na Comunidade Autónoma, nos trinta días anteriores, entre o 14 de xullo e o 13 de agosto, foron superiores ás medias do último lustro e, nalgúns casos, especialmente na provincia de Pontevedra, as máis elevadas dos últimos trinta anos. De feito, a mediados de xullo foi declarado en Galicia o estado de alerta pola vaga de calor. Daquela, vésperas da crise incendiaria, en moitos puntos das provincias da Coruña e Pontevedra superáronse marcas históricas ao rexistrarse temperaturas por riba dos 40 graos centígrados, algo excepcional na fachada atlántica de Galicia.*
- *Elevada velocidade e intensidade do vento do nordés así como a súa persistencia. Houbo vento constante de 25 km/h e chegando en moitos casos ata os 70 km/h, coa particularidade de que o período de calma foi só do 9 % do tempo, fronte ao 60 % do ano 2005. Cómpre dicir que a súa velocidade no período analizado foi maior ca nos últimos anos, zoando de forma máis persistente ao diminuír o número de calmas e mantendo a súa presenza un maior número de días. Como exemplo, en Compostela, a velocidade media do vento entre o 6 e o 12 do mes de agosto foi catro veces superior á media do ano 2005 e mantívose por riba dos 20 km/h dez días seguidos, entre o 3 e o 13 de agosto.*
- *Humidade relativa extremadamente baixa e precipitacións acumuladas moi inferiores. No mes de xullo non houbo un só día de chuvia.*

Estas condicións extremas son propicias para a propagación dos lumes e dificultan a súa extinción, provocando que os incendios xa teñan unhas grandes proporcións ao chegar o dispositivo de extinción, o cal imposibilita que estes poidan atacar a cabeza do incendio. É a combinación dos coñecidos

como tres (ou catro) 30 que favorece extraordinariamente a aparición e propagación dos lumes:

- *Humidade relativa por debaixo do 30 %*
- *Temperatura por enriba dos 30º*
- *Vento a máis de 30 km/hora*

A confluencia destes factores provocou que os incendios se propagaran a unha velocidade de ata 3 km/h. Se a esta situación climatolóxica lle engadimos a dificultade da extinción naquelas zonas con máis dun 30 % de pendente, atopámonos co escenario no que se desenvolveu a extinción dunha parte importante dos lumes.

b.1.2. Actividade incendiaria

../… No período comprendido entre os días 4 e 15 de agosto produciuse un incremento significativo do número de incendios, tanto en comparación cos meses anteriores deste ano como en relación con este mesmo período de anos anteriores, producíndose os incrementos maiores nas zonas da fachada atlántica.

Nestes días producíronse un total de 2.055 incendios, coa seguinte distribución provincial:

PROVINCIA	*1/08/05-15/08/05*	*1/08/06-15/08/06*	*INCREMENTO*
A CORUÑA	*326*	*762*	*134%*
LUGO	*129*	*227*	*76%*
OURENSE	*292*	*425*	*46%*
PONTEVEDRA	*248*	*641*	*158%*
TOTAL	***995***	***2.055***	***107%***

Destes datos despréndese que o incremento no número de lumes é de máis do dobre para o conxunto de Galicia, sendo este máis acusado nas provincias da Coruña e Pontevedra, .../... habendo días de preto de 300 lumes activos.

A vaga de lumes ocorrida nos dez días de agosto supuxo un total de 77.772,89 ha, que se distribuíron nas provincias da seguinte maneira:

A Coruña: 27.561,38 ha.

Lugo: 2.065,36 ha

Ourense: 10.341,63 ha

Pontevedra: 37.804,52 ha

b.1.3. Activación dos niveis de alerta

O número de lumes de nivel 1 (aqueles con riscos para vidas humanas e bens de natureza non forestal) é un bo indicador das características peculiares da vaga incendiaria da primeira quincena de agosto deste ano.

Entre o 1 e o 15 de agosto deste ano, máis da metade do número de incendios (1.052 sobre 2.055) foron declarados como de nivel 1, tendo a maioría deles varios focos (unha media de cinco focos por lume). Estamos polo tanto a falar de máis de 5.200 focos de nivel 1; esta cifra dá unha idea das enormes dificultades das tarefas de extinción.

As peculiaridades deste ano reflíctense na comparación do número de lumes de nivel 1 do ano 2005 e do 2006. No ano 2005 houbo nestes 15 días 32 lumes de nivel 1, fronte aos 1.052 deste ano. Se vemos o número de focos, as diferenzas aínda serían maiores, xa que o número medio de focos por lume pasou de 2 no ano 2005 a 5 no 2006.

A partir do día 6 de agosto declarouse o nivel 2 en diversas localidades e o día 7 de agosto declárase o nivel 2 con carácter xeral nas provincias da Coruña e Pontevedra."

A perspectiva histórica mostra un claro incremento da eficacia na loita contra os incendios forestais en Galicia dende a creación, no ano 1990, do **Servizo de**

Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia. E isto tanto no que se refire a superficie queimada por lume, como a superficie arborada por lume, tamaño e número de incendios, indicadores nos que os datos para o período de estudio desta comisión (2006-2017) son os seguintes:

- Resulta especialmente relevante para medir esa eficacia a porcentaxe que supoñen os conatos (incendios nos que se queima menos de media hectárea de superficie arborada ou menos dunha hectárea de superficie total) respecto do total de sinistros, que nestes dez anos estivo sempre por encima do 70%, destacando o ano 2014 no que se acadou un 82%. Este indicador se sitúa en Galicia 10 puntos por encima do conxunto de España, o que dá unha idea do bo funcionamento do servizo de extinción galego.
- Tamén é de destacar a reducida porcentaxe de incendios de superficie superior ás 25 hectáreas, nunca por encima do 3% excepto nos anos 2006 e 2017, pola incidencia das vagas de lumes destes anos.
- Destaca tamén o baixo tamaño dos incendios forestais, que no período estudado tiveron un tamaño medio de sete hectáreas (menos de cinco se non consideramos os anos 2006 e 2017).
- A superficie queimada no período considerado ascendeu a 310.000 hectáreas, das cales o 41% correspondeu a superficie arborada e o 59% a superficie rasa.

Nos últimos tempos obsérvase un cambio nas características dos incendios forestais. A vinculación deste cambio a determinados factores de longo alcance (cambio climático, situación estrutural dos montes) ou de natureza máis conxuntural (novas prioridades na política forestal, maior desenvolvemento da capacidade de loita) constitúe unha parte importante do debate máis recente sobre este problema ambiental. Deste debate sae un certo consenso sobre as seguintes cuestións:

- O achegamento das acumulacións de biomasa ás zonas habitadas, así como a tendencia á desaparición dos espazos abertos polo uso agrícola e gandeiro no contorno destas zonas, incrementa de forma moi importante o risco por incendio.
- Está a experimentarse un aumento do número de períodos críticos de lume como consecuencia do cambio climático;
- A capacidade de propagación dos incendios pola cuberta forestal, en relación coa maior continuidade e densidade da mesma, é cada vez maior;
- Os innegables avances nos sistemas de extinción tradúcense nunha diminución do número e importancia dos incendios de baixa e mediana intensidade.
- Como consecuencia de todo iso resulta unha importancia relativa cada vez maior dos grandes incendios forestais que, desenvolvidos en condicións meteorolóxicas extremas, quedan fóra da capacidade de extinción; presentando o compoñente engadido da alta intensidade, como se ten demostrado na vaga de lumes de outubro de 2017.
- Un dos elementos que acompañan esta evolución xeral dos incendios nos últimos decenios é a aparición e progresiva importancia do lume urbano forestal. A consecuencia deste tipo de lumes que se deron con moita intensidade en outubro do 2017 foi a afectación de numerosa poboación que fixo necesarias evacuacións que provocaron unha gran complexidade das actuacións de extinción. Nestes casos os lumes deixaron de ser meros incendios forestais para acabar converténdose en verdadeiras emerxencias de protección civil.

1.2. Consecuencias dos incendios forestais

A partir de diferentes comparecencias na Comisión así como dos informes achegados a esta, podemos facer unha análise das consecuencias dos incendios forestais.

A desolación dos bosques e montes producida polos incendios forestais, non só repercute na destrución da vida silvestre e na ruptura dos equilibrios biolóxicos, senón tamén noutros aspectos de suma importancia como son o aumento da erosión, a perda de material orgánico e de nutrientes do solo, cambios na calidade da auga e no réxime hídrico, contaminación do aire, ademais das grandes perdas económicas que derivan da destrución das masas forestais. A estas consecuencias deben de engadirse outras máis "intanxibles" e difíciles de cuantificar, pero non iso menos importantes, entre as que se atopa a paisaxe, elemento identitario e patrimonial cada vez máis valorado polo conxunto da sociedade como recurso que sustenta outros sectores como pode ser o do turismo.

Os efectos dos incendios forestais poden clasificarse segundo os elementos aos que afecten pero tamén en relación ao espazo xeográfico afectado (Diaz-Fierros, 2006). Dentro dos impactos, e deixando á marxe as perdas de vidas humanas, infraestruturas e construcións, pódense dividir en:

- **Perdas de produtos**: produtos madeireiros (con ou sen aproveitamento comercial) e non madeireiros (froitos, pastos, cogomelos, etc.).
- **Perdas de servizos**: vexetación e fauna silvestre, auga-balance hidrolóxico, CO_2, calidade do aire, solo e servizos sociais.

Tradicionalmente nos incendios forestais os impactos e valoracións correspondentes centráronse sobre os produtos, principalmente na madeira, e posteriormente, na década dos anos 90, a partir da cume de Río do ano 1992, comézase a estudar os impactos e a súa correspondente valoración sobre os servizos (impactos ecolóxicos: solo, vexetación, fauna, ciclo hidrolóxico, CO_2 e calidade do aire).



1.2.1. Consecuencias ambientais e paisaxísticas.

Para a análise das consecuencias ambientais e paisaxísticas dos incendios, a Comisión fundamentouse nas achegas recollidas nos seguintes informes:

- Informe sobre o impacto paisaxístico dos incendios forestais, do Instituto de Estudos do Territorio.
- Informe da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sobre a incidencia dos incendios forestais na Rede Natura 2000, no período 2006-2017.

Informe sobre o impacto paisaxístico dos incendios forestais, do Instituto de Estudos do Territorio.

O informe do Instituto de Estudios do Territorio centra a súa análise na evolución no uso e ocupación do solo nas áreas incendiadas e no impacto dos incendios sobre o inventario de valores paisaxísticos, analizando por separado os incendios do período 2006-2016 e os do 2017. Neste último caso so se ten a información correspondente a vaga de lumes do mes de outubro.

Na seguinte figura podemos observar a localización dos incendios forestais no período 2006-2016, segundo datos aportados polo Sistema de Información Territorial de Galicia (2006-2009) e pola Dirección Xeral de Ordenación Forestal (2010-2016):



No que se refire a vaga de lumes de outubro de 2017, e dada a falta de información oficial completa a fecha de redacción do informe, tomáronse os datos dos incendios forestais superiores a 300 hectáreas. A información

facilitada pola Consellería de Medio Rural amosa 32 zonas afectadas por incendios forestais de mais de 300 hectáreas, dos que 27 se produciron entre o 9 e o 16 de outubro. Con estes datos de partida, a localización dos incendios do 2017 se amosa na seguinte figura:



O informe analiza os datos a partires de fontes de información xeográfica, sinalando que esta información pode non ser coincidente coa información das estatísticas oficiais de incendios, por que algún dos métodos utilizados non responden exactamente a definición que para os incendios forestais recolle a Lei de Prevención e Defensa contra os incendios forestais de Galicia. En concreto as fontes utilizadas son:

- Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC).
- O Mapa Forestal de España 1:25.000.

- Sistema de Información de Ocupación e Uso do Solo de España (SIOSE), integrado dentro do Plan Nacional de Observación do Territorio.

Datos resultantes do SIXPAC.

O Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) é unha base de datos oficial de referencia para a identificación de parcelas agrícolas, de utilización obrigatoria en España para realizar as solicitudes de axudas directas da PAC que requiran declarar superficies. A súa finalidade principal é facilitar a información aos agricultores solicitantes deses réximes de axuda, para que indiquen a localización das superficies da explotación que poden ser obxecto de subvención, así como facilitarlles a presentación de solicitudes de cambio de datos relativos a usos do solo contidos no sistema.

A distribución dos recintos e superficies para Galicia segundo os distintos usos definidos no SIXPAC preséntanse na seguinte táboa, utilizando a agrupación de usos feita polo FEGA:

GALICIA	Nº Recintos	%	Superf. (ha)	%
TERRAS DE CULTIVO	2.317.874	15	321.083,02	10,86
Viñedo e asociacións	584.402	4	21.445,82	0,73
Oliveira e asociacións	257	0	35,00	0,00
Frutais e asociacións	220.913	1	29.530,27	1,00
Frutos secos e asociacións	1.078	0	357,25	0,01
Cítricos y asociaciones	6	0	0,19	0,00
PASTOS	5.791.013	37	1.234.539,66	41,76
FORESTAL	5.215.871	33	1.081.355,14	36,58
SUPERFICIE NO AGRÍCOLA	1.734.180	11	267.663,66	9,06
OTROS	1	0	0,00	0,00
TOTAL	**15.864.014**	**100**	**2.955.958,16**	**100,00**

Logo de facer una agregación de usos de SIXPAC, para que os datos resultantes poidan ser obxecto de comparación cos de outras fontes

xeográficas, mostramos a continuación a táboa cos recintos e superficies de usos SIXPAC agregados e afectados polos lumes no período 2006-2016:

	Lumes 2006-2016			
USO	**Nº de recintos**	**%**	**Area (ha)**	**%**
Agrícola	125.243	13	9.396,48	4,21
Forestal arborado	397.429	41	80.396,42	35,99
Artificial	41.327	4	4.283,87	1,92
Pastos Arbustivos/matogueiras	408.550	42	128.141,79	57,37
Superficie no agrícola	5.406	1	483,55	0,22
Zona Húmedas	2.186	0	378,95	0,17
Otros	299	0	277,87	0,12
Total	**980.440**	**100**	**223.359**	**100,00**

Do mesmo xeito, os datos para a vaga de lumes de outubro de 2017, se recollen na seguinte táboa:

	Lumes 2017			
USO	**Nº de recintos**	**%**	**Area (ha)**	**%**
Agrícola	19.461	12	801,73	2,21
Forestal arborado	73.393	45	15.263,61	42,06
Artificial	5.969	4	916,54	2,53
Pastos Arbustivos/matogueiras	62.704	38	18.529,95	51,07
Superficie no agrícola	1.833	1	726,71	2,00
Zona Húmedas	372	0	47,84	0,13
Total	**163.732**	**100**	**36.286,39**	**100,00**

Segundo os datos de SIXPAC, o 93% da superficie incendiada corresponde a usos forestais e matogueiras, tanto no período 2006-2016 como en 2017; unha porcentaxe moi superior á que representan estes usos na superficie total do territorio galego. É de destacar a incidencia dos lumes nos ámbitos urbanos na vaga de 2017, que foi de 916 ha, moi superior (máis do dobre) que a media do período 2006-2016 (428 ha), segundo os datos de usos artificiais de SIXPAC.

Datos resultantes do Mapa Forestal de España.

O Mapa Forestal de España 1:25.000 forma parte da información xerada polo Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, dentro dos traballos do Inventario Forestal Nacional. O Inventario Forestal Nacional é o proxecto que proporciona información a nivel nacional sobre os bosques e a súa evolución, tanto dende un punto de vista dasonómico como ecolóxico. Este proxecto atópase articulado no tempo cunha periodicidade decenal (art. 28 da Lei 43/2003 de Montes). No caso de Galicia os datos do Inventario Forestal IV publicáronse no ano 2011 (a información para as mostras de campo é dos anos 2004-2007 e os traballos de campo de 2009-2011) .

Na táboa que recollemos máis abaixo pódese ver a distribución das superficies afectadas polos incendios forestais, apreciando que, tanto no período 2006-2016 como na vaga de 2017, as maiores porcentaxes corresponden ás superficies de matogueiras, cun 43,49 % e 47,49 % respectivamente. Dentro das superficies forestais, as coníferas representan un 11,0 % da superficie incendiada, os eucaliptos o 15,4 % e as frondosas caducifolias o 8,3 % (no período 2006-2016).

Estes datos tamén amosan que as matogueiras son as superficies máis afectadas polos lumes, tanto no período 2006-2016 como en 2017, e nunha proporción moito maior (máis do dobre) que a que representan na superficie total do territorio galego.

Superficie (ha) dos usos do MFE25 afectada polos lumes

TIPO SUPERFICIE	TIPO ESTRUTURA	Tipo Arborado	Lumes 2006-2016	%	Lumes 2017	%
SUPERFICIE FORESTAL			**215.974,54**		**35.347,03**	
	ARBORADO FORESTAL		88.338,14		15.166,18	
		Coníferas	24.629,33	11,03	6.275,71	17,29
		Frondosas	18.747,05	8,39	2.008,51	5,53
		Mixto	10.578,91	4,74	1.924,19	5,30
		Eucaliptos	34.382,86	15,39	4.957,77	13,66
	HERBAZAL		840,58	0,38	2,55	0,01

	MONTE DESARBORADO	97.140,83	43,49	17.414,03	47,97
	TESELAS CON ESCASA O NULA VEXETACIÓN	29.654,99	13,28	2.764,28	7,61
SUPERFICIES AGRÍCOLAS		**6.829,68**		**784,48**	
	AGRÍCOLA	6.829,68	3,06	784,48	2,16
SUPERFICIES ARTIFICIAIS		**465,57**	**0,26**	**164,62**	**0,47**
ZONAS HÚMIDAS		**105,27**	0,05	**7,17**	0,02
TOTAL		**223.375,05**	**100,00**	**36.303,31**	**100,00**

Evolución dos usos do solo nas zonas incendiadas

A análise da evolución do uso do solo nas zonas incendiadas e no total de Galicia segundo o SIOSE revelou que:

- Entre os anos 2005 e 2014 nas zonas afectadas por lumes aumentou a superficie relativa de mato e pasteiro mentres que diminuíu a de repoboacións forestais.
- Nas zonas incendiadas aumentou nun 6,91 % (1.282 ha) o uso de cultivos, prados e pasteiros entre 2005 e 2014, en sentido oposto ao que ocorre a nivel galego, onde estes usos diminuíron nun 2,39 %.
- No que respecta ás zonas arboradas, a evolución destas a nivel de Galicia reflicte un incremento do 7,76 % (79.711 ha) entre 2005 e 2014, mentres que nas zonas incendiadas obsérvase unha diminución do 9,17 %. Se se analizan por separado as superficies de eucalipto, coníferas e novas repoboacións, obsérvase unha diminución do 14,89 % (8.825 ha) nas zonas incendiadas, fronte ao incremento do 7,14 % (41.850 ha) en Galicia.
- En síntese, obsérvase que os incendios forestais non teñen incidencia na evolución da superficie de frondosas caducifolias mentres que si a teñen, e importante, na evolución da superficie ocupada por eucaliptos e coníferas.

- No que se refire ao forestal desarborado, esta cobertura aumentou nas zonas incendiadas nun 6,24 % (9.124 ha), mentres que no total de Galicia diminuíu nun 5,54 % (53.031 ha).

Impacto dos incendios forestais sobre o inventario de valores paisaxísticos.

A **Lei 7/2008**, de 7 de xullo, **de Protección da Paisaxe de Galicia**, recoñece xuridicamente a paisaxe e establece un marco de referencia para todas as lexislacións sectoriais, plans e programas que poidan influír na paisaxe. Esta lei define os instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia. Os primeiros instrumentos son **os catálogos da paisaxe de Galicia**, aos que atribúe as funcións de delimitación das grandes áreas paisaxísticas de Galicia, a identificación dos tipos de paisaxe, a delimitación das unidades de paisaxe e o inventario dos valores paisaxísticos presentes en cada área, así como a análise da xénese dos tipos de paisaxe e a diagnose do seu estado actual. A lei contempla ademais a posibilidade de delimitar **Áreas de Especial Interese Paisaxístico** en función dos valores naturais e culturais de determinadas zonas xeográficas.

Con base nesa determinación da Lei 7/2008, mediante o Decreto 119/2016, do 28 de xullo, aprobouse **o Catálogo das Paisaxes de Galicia**, que comprende a realización conxunta dos catálogos de todas as grandes áreas paisaxísticas.

A análise da incidencia dos lumes nas distintas unidades e tipos de paisaxe recollidos no Catálogo das paisaxes de Galicia amosa que:

- A meirande parte das superficies afectadas polos lumes corresponden ás unidades de paisaxe de matogueira e rochedo (62,65 % en 2006-2016 e 63,02 % en 2017).
- Destaca tamén a incidencia dos lumes nas unidades de tipo agrosistema extensivo (12,85 %) e agrosistema intensivo de plantación forestal

(11,05 %) en 2006-2016, se ben no ano 2017 a porcentaxe de afectación a estes dous tipos de paisaxe inverteuse, pasando a ser do 6,67 % para o agrosistema extensivo e do 19,17% para o agrosistema intensivo de plantación forestal.

- É de destacar a importante afectación a unidades de paisaxe de tipo rururbano (diseminado) na vaga de 2017 (un 4,56 % da superficie incendiada fronte ao 2,03 % do período 2006-2016), o que amosa a proximidade dos lumes ás áreas habitadas.
- Cómpre citar tamén, polo seu especial valor paisaxístico, a incidencia sobre as unidades de paisaxe de tipo bosque, que supuxeron un 2,48 % das superficie incendiada en 2006-2016 e un 2,03% en 2017.

De acordo co Informe do Instituto de Estudos do Territorio os impactos que xeran os incendios forestais sobre a paisaxe son de tres tipos:

- Diminución da calidade visual.
- Afectación a areas ou lugares de especial interese.
- Dinámicas de transformación estrutural e textural.

A análise dos valores paisaxísticos afectados polos incendios implicou o estudo dos valores naturais, culturais e panorámicos identificados polo **Catálogo das paisaxes de Galicia**, derivándose as seguintes conclusións recollidas no Informe:

- No que se refire aos valores naturais, da superficie total afectada por lumes no período 2006-2016 o 22,16 % correspondía a espazos naturais protexidos, dato que ascende ao 25,35% en 2017. As características dos espazos de maior superficie afectada polos lumes coinciden coa descrición das unidades de paisaxe, xa que moitos deles son serras con cobertura de matogueira.
- No caso dos valores patrimoniais, na superficie dos incendios de 2006-2016 localízanse 2.111 elementos catalogados, que representan un 4 %

do total, e na superficie correspondente á vaga do ano 2017 localízanse 441 elementos (0,83 % do total).

- Os valores panorámicos e estéticos que se poden avaliar cuantitativamente amosan que no período 2006-2016 os lumes afectaron a 52 miradoiros (11 % do total) e en 2017 a 16 miradoiros.
- No caso das rutas e sendas de interese paisaxístico pode destacarse a afectación no ano 2017 das rutas Circular de Nogueira, Circular Parada de Sil, Ruta Picos de Fontefría e Ruta Travesía do Xurés, así como dos sendeiros Panorámico de Vigo e Sendeiro das Greas.
- Por último, entre 2006 e 2016 resultaron afectadas 191 Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP), que representan un 13 % da superficie incendiada. Entre elas cabe destacar o Monte Pindo, que sufriu incendios nun 86 % da súa extensión, así como outras áreas afectadas en máis dun 80 % da súa superficie, como foron os Muiños do Folón e do Picón, o Monte Castrelo, O Pedregal e as Penas da Serra do Larouco. No ano 2017 foron afectadas 17 AEIP, destacando pola porcentaxe de superficie queimada, as AEIP de Castro de Troña e o Monte San Nomedio.

AFECTACIÓN A REDE NATURA 2000.

Entre os informes solicitados pola Comisión se lle solicitou a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que elaborase un informe coa incidencia dos incendios nos espazos da **Rede Natura 2000** en Galicia.

A Rede Natura 2000 en Galicia está constituída por 59 Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e 16 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), que ocupan un total de 389.737 hectáreas.

De acordo cos datos aportados, a **superficie de Rede Natura 2000 afectada** polos incendios entre os anos 2006 e 2017 foi de **55.467 hectáreas**.

Esta foi a súa distribución por provincias:

	Superficie afectada
A Coruña	5.271 ha
Lugo	14.971 ha
Ourense	33.068 ha
Pontevedra	2.156 ha
Total	**55.467 ha**

E a afectación por anos recollese na seguinte táboa:

	2006	**2007**	**2008**	**2009**	**2010**	**2011**	**2012**	**2013**	**2014**	**2015**	**2016**	**2017**
A Coruña	1059	70,09	19,97	85,04	211,59	207,93	681,42	2,167,99	25,92	120,91	183,88	437,39
Lugo	3526,15	182,49	579,90	1050,56	273,09	455,24	1781,03	423,24	80,10	634,57	278,69	5706,54
Ourense	366	864	1329	555	3201	12380	580	1111	0	772	4449	7463
Pontevedra	277,87	276,85	66,31	46,52	137,37	230	119,52	747,82	18,66	136,05	8,72	91,25
Totais	5229,02	1393,43	1995,18	1737,12	3823,05	13273,17	3098,97	4450,05	124,68	1663,53	4920,29	13698,18
% Rede Natura	**1,34**	**0,36**	**0,51**	**0,44**	**0,98**	**3,40**	**0,79**	**1,14**	**0,03**	**0,42**	**1,26**	**3,51**

Destes cadros despréndese que a provincia con máis superficie en Rede Natura afectada polo lume no período 2006-2017 foi a de Ourense, con 33.068 hectáreas queimadas, e a de menor incidencia foi a de Pontevedra, con 2.157 hectáreas neste período.

Os anos de maior afección do lume foron o 2011 e o 2017, nos que se viu afectada o 3,40 % e o 3,51%, respectivamente, das 389.737 hectáreas que conforman a Rede Natura 2000,

Cómpre destacar que preto do 80 % da superficie queimada en toda a Rede Natura 2000 corresponde a superficie rasa, sendo as unidades ambientais máis afectadas as matogueiras e medios rochosos silíceos e as grandes superficies de queirogais. Dentro de estas unidades os hábitats máis representados son :

- Uceiras secas europeas
- Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
- Rochedos silíceos con vexetación pioneira

Outros impactos dos incendios. A erosión do solo.

Nas diferentes comparecencias na Comisión, sinaláronse tamén outras consecuencias medioambientais producidas polos incendios forestais:

- Impactos sobre a vexetación.
- Impacto sobre a fauna.
- Efectos sobre os balances hidrolóxicos.
- Impacto sobre a calidade das augas.
- Impacto sobre a calidade da atmosfera.
- Impacto sobre os microorganismos do solo.
- A erosión do solo.

A erosión do solo é considerado como o dano ecolóxico máis grave ocasionado polos incendios forestais, pois o solo ademais de servir como soporte e almacén nutritivo das plantas, é un dos recursos máis escasos e menos renovables da natureza, cuxa perda ou degradación son moi difíciles de restaurar. Ademais, moitas zonas sofren incendios reiteradamente e, desta forma, os efectos negativos acumúlanse.

Na comparecencia do profesor de Edafoloxía e Química Agrícola na Universidade de Santiago de Compostela (USC), Agustín Merino García, se detallaron os efectos dos incendios forestais no solo. O solo está formado por catro compoñentes principais: unha fracción mineral, unha fracción orgánica, unha fase líquida e unha fase gasosa. Asociado a estes catro constituíntes hai un amplo rango de organismos vivos. As relacións que se establecen entre estes catro compoñentes dan lugar a un amplo rango de propiedades físicas, químicas e biolóxicas do solo que poden ser alteradas polo paso do lume.

Os cambios que provoca o lume no solo inflúen no ecosistema que o rodea pola interdependencia entre o solo e os demais compoñentes do ecosistema, e é necesario distinguir entre os efectos inmediatos que provoca o lume e os efectos a longo prazo.

A resposta dos compoñentes biolóxicos (microorganismos do solo e vexetación) ao lume é rápida, do mesmo xeito que a liberación de gases e outros contaminantes do aire pola combustión de materia orgánica que presenta unha resposta inmediata ao lume.

Os efectos a longo prazo son xeralmente máis sutís, pero persisten ao longo dos anos ou chegan a ser permanentes, como os que se derivan da relación entre o ciclo de nutrientes e a produtividade, ou cando se produce erosión.

Tamén é necesario distinguir entre o impacto sobre a área forestal queimada e os efectos orixinados polos materiais arrastrados desde a zona afectada polo incendio, que poden causar desequilibrios naqueles ecosistemas terrestres e acuáticos que reciben os materiais (ríos, lagos, encoros, estuarios), localizados lonxe da zona forestal queimada.

Os efectos do lume sobre o solo son complexos e dependen fundamentalmente de condicións da área queimada (cantidade e tipo de vexetación, humidade do combustible e do solo, tipo de solo, pendente e microclima), da intensidade do incendio e da duración do queimado, así como do período e intensidade da choiva que cae despois do lume.

En canto a restauración dos solos afectados polos incendios, o profesor Merino sinalou que é moi importante ter claro que se debe de actuar sempre en función do grao de afectación. E que o traballo de restauración debe de partir da análise de tres piares fundamentais:

- A alta capacidade de combustión dos nosos montes, motivada pola falta de xestión forestal, que fai que haxa unha elevada cantidade de

matogueira que pola súa combustibilidade provoca unha maior degradación dos solos.

- A escasa participación social.
- A superficie que se está a restaurar. Aínda que temos as mellores técnicas de restauración de solos afectados polos incendios o profesor considerou que non se estaban a utilizar coa intensidade necesaria.

1.2.2. Consecuencias socioeconómicas

Tendo en conta a superficie arborada, a especie, a idade e a fracción de cabida cuberta que figuran nos partes de incendios, a Consellería de Medio Rural realizou a seguinte valoración das perdas económicas causadas polos incendios forestais:

Ano	Valoración de Perdas €
2006	284.400.607,73
2007	5.277.812,17
2008	7.143.700,11
2009	12.476.512,96
2010	12.606.023,84
2011	43.677.182,77
2012	25.486.205,80
2013	25.638.020,50
2014	2.049.868,31
2015	16.318.658,76
2016	32.400.406,03
2017	*En elaboración

Nun detallado estudio das investigadoras do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela, Melina Barrio, María Loureiro y María Luísa Chas, denominado **Aproximación as pérdas económicas ocasionadas a corto prazo polos incendios forestais en Galicia en 2006,** faise unha avaliación das consecuencias económicas dos incendios do ano 2006.

As autoras advirten que os incendios teñen múltiples consecuencias difíciles de cuantificar, sendo o obxecto do estudio realizar unha estimación das perdas económicas de mercado a corto prazo, entendendo por perdas de mercado aquelas que se poden cuantificar en termos económicos. Entre esas perdas destacan:

- As perdas provocadas pola madeira queimada,
- Perdas na propiedade patrimonial.
- As que se provocan no sector turístico.
- Os gastos derivados da extinción dos incendios.
- A perda de capacidade de fixación de carbono.
- As derivadas da emisión de CO2.
- As provocadas pola biomasa queimada.

Deste xeito o estudio conclúe que as perdas económicas a corto prazo derivadas dos incendios do ano 2006 ascenden a un mínimo de 211 millóns de euros no escenario máis conservador e chegan aos 296 millóns no escenario menos restritivo. O custe por hectárea oscila entre os 2.248 euros no escenario conservador e os 3.162 euros no escenario menos restritivo. O detalle das perdas amosase no seguinte cadro:

TIPO DE PERDA	ESCENARIO CONSERVADOR	ESCENARIO MENOS RESTRITIVO
PERDAS DO TURISMO	10.657.654,00 €	23.865.409,00 €
PERDAS DE MADEIRA	80.408.162,00 €	80.408.162,00 €
VALOR SUMIDERO CO2 PERDIDO	4.382.333,00 €	4.382.333,00 €
DERIVADAS DA BIOMASA QUEIMADA	43.549.044,00 €	87.097.900,00 €
DERIVADAS DA EMISIÓN DE CO2	39.374.196,00 €	68.418.514,00 €
DAÑOS PATRIMONIAIS	6.296.459,00 €	6.296.459,00 €
AXUDAS DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE	22.500.001,00 €	22.500.001,00 €
COSTES EXTRAORDINARIOS DE EXTINCIÓN	3.941.938,00 €	3.941.938,00 €
PERDAS TOTAIS	211.109.787,00 €	296.910.716,00 €

O estudio remata sinalando que no medio e largo prazo hai outras consecuencias, que non se valoran, pero que teñen un impacto certo como poden ser, entre outras:

- A sobre oferta de madeira queimada que terá un efecto negativo na evolución dos prezos.
- A enorme perda de masa forestal de calidade que pode danar a competividade do sector.
- Por outra banda, o desánimo xerado polos incendios nos propietarios de montes podería provocar un maior estado de abandono o que suporía un consecuente incremento do risco de incendios.

1.3. Causas principais dos incendios e a súa evolución o longo do período analizado. Actuacións policiais e xudiciais respecto os incendiarios

A análise das causas dos incendios recóllese con detalle no punto 3.2 de este ditame. De xeito introdutorio e con datos da Consellería de Medio Rural, na seguinte táboa amósanse as causas, en porcentaxe, dos incendios forestais no período avaliado:

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017*
BASUREIROS	0,3%	0,3%	0,2%	0,2%	0,3%	0,2%	0,1%	0,3%	0,2%	0,2%	0,0%	0,3%
DESCOÑECIDA	11,8%	15,0%	13,6%	10,7%	9,2%	10,7%	10,7%	13,1%	12,7%	7,9%	5,9%	5,1%
REPRODUCCIÓN	6,8%	2,6%	1,2%	2,2%	3,8%	5,1%	2,4%	5,4%	1,1%	4,2%	5,1%	4,0%
INTENCIONADO	73,6%	69,6%	72,5%	78,7%	77,7%	77,7%	76,8%	71,8%	69,8%	78,1%	78,0%	80,0%
NEGLIXENCIA	1,1%	2,7%	3,4%	2,9%	3,2%	2,0%	3,3%	3,2%	6,4%	4,0%	2,7%	3,6%
OUTROS	3,5%	2,8%	2,0%	2,1%	1,6%	1,1%	1,5%	1,8%	2,7%	2,8%	2,5%	2,9%
QUEIMA	1,1%	5,3%	5,4%	2,8%	2,2%	1,7%	2,9%	2,7%	5,0%	1,7%	1,9%	2,0%
NATURAL	1,7%	1,5%	1,8%	0,3%	2,1%	1,5%	2,3%	1,8%	2,1%	1,2%	3,8%	2,1%

** Datos provisionais*

Obsérvase que a porcentaxe de incendios de orixe natural (raios) é moi baixa e que a de incendios intencionados se mantén por riba do 70 % ou próxima tódolos anos.

Dado o elevado porcentaxe de incendios intencionados que se dan en Galicia resulta tamén de interese coñecer as actuacións policiais e xudiciais que se teñen levado a cabo estes anos contra os incendiarios.

Como sinalou o Fiscal Xeral de Galicia na súa comparecencia ante a Comisión, a autoría dos incendios non pode ser establecida nunha alta porcentaxe debido ás peculiaridades e dificultades intrínsecas deste tipo de investigacións.

Tendo en conta esta afirmación, recollemos no seguinte cadro os datos de detidos/investigados pola Garda Civil como presuntos autores de incendios forestais no período analizado e de acordo co Informe remitido a Comisión pola Delegación do Goberno en Galicia:

ANO	detidos/investigados
2006	137
2007	140
2008	81
2009	114
2010	66
2011	73
2012	109
2013	74
2014	49
2015	75
2016	50
2017	96
TOTAL	1064

En canto as actuacións xudiciais, a Memoria da Fiscalía Xeral de Galicia para o ano 2016 contén os datos relativos as sentencias ditadas en materia de incendios forestais no período 2008-2016:

ANO	SENTENCIAS DITADAS
2008	43
2009	63
2010	39
2011	26
2012	45
2013	45
2014	45
2015	22
2016	34
TOTAL	362

Polo tanto, temos unha media de 40 sentencias por ano en materia de incendios forestais. Por outra banda, a estatística de dilixencias de investigación penal en materia de incendios forestais, recollida tamén nas Memorias da Fiscalía, reflexa unha media en torno as 35 anuais no período 2008-2016.

1.4. Medios de extinción de incendios e a súa evolución o longo do período analizado. Medios do Estado, Xunta e administracións locais

Medios do Estado

O Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga), establece que a mobilización de medios aéreos do Ministerio de Agricultura e Pesca e Alimentación e Medio Ambiente se efectúa mediante a súa solicitude desde o Centro de Coordinación Central en Santiago de Compostela. Esta petición efectúase en base a unhas normas xerais de intervención dos medios do Ministerio para o apoio as Comunidades Autónomas e que se revisan anualmente no Comité de Lucha Contra Incendios Forestales (CLIF). A relación de tipo de medios aéreos e número de intervencións efectuadas no período 2006-2017:

	Tipo de medios aéreo do Ministerio			Ano
	Hidroavión	Avión de Carga en Terra	Helicóptero	
Nº de medios diferentes	18	2	2	2006
Nº de intervencións	238	169	84	
Nº de medios diferentes	10	2	2	2007
Nº de intervencións	118	40	65	
Nº de medios diferentes	8	2	2	2008
Nº de intervencións	45	64	71	
Nº de medios diferentes	12	2	4	2009
Nº de intervencións	129	137	182	
Nº de medios diferentes	16	4	11	2010
Nº de intervencións	240	202	260	

Nº de medios diferentes	19	4	22	2011
Nº de intervencións	369	239	469	
Nº de medios diferentes	14	4	9	2012
Nº de intervencións	137	95	170	
Nº de medios diferentes	15	6	19	2013
Nº de intervencións	388	374	338	
Nº de medios diferentes	8	2	6	2014
Nº de intervencións	28	2	62	
Nº de medios diferentes	11	6	9	2015
Nº de intervencións	185	286	205	
Nº de medios diferentes	11	4	8	2016
Nº de intervencións	232	140	141	
Nº de medios diferentes	16	4	14	2017
Nº de intervencións	181	147	262	

Outro medio do Estado e que tamén se ten mobilizado, dende a súa creación o 7 de outubro de 2005, é a Unidade Militar de Emerxencias (UME).

Medios da Xunta de Galicia

Segundo o PLADIGA, os medios da Xunta de Galicia foron os seguintes, tendo en conta o tipo de traballador:

Funcionarios:

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
SUBDIRECTOR/A			1	1	1	1	1	1	1	1	1	1
XEFES/AS DE SERVICIO			6	6	6	6	6	7	7	7	7	7
XEFES/AS DE ÁREA			4	4	4	4	4	4	4	4	4	4
XEFES/AS DE DISTRITO	19	19	19	19	19	19	19	19	19	19	19	19
XEFES/A DE SECCIÓN			3	3	3	3	3	3	3	3	3	3
XEFE/A DE UNIDADE TECNICA			8	8	8	8	8	8	8	8	8	8
TÉNICOS/AS DE DISTRITO	62	97	63	63	63	63	63	63	63	63	63	63
AXENTES TERRITORIAIS	59	59	62	62	62	62	62	62	63	63	63	63
AXENTES ZONAIS	125	125	120	120	120	120	120	120	125	125	125	125
AXENTES	204	204	205	205	205	205	205	205	199	199	199	199

Laborais fixos:

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A DE BRIGADA	574	574	84	82	84	84	84	84	84	84	84	84
BOMBEIRO/A FORESTAL OFICIAL/A						46	46	46	46	46	46	46
BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUCTOR/A			82	82	82	82	82	82	82	82	82	82
BOMBEIRO/A FORESTAL			410	410	410	410	410	410	410	410	410	410
BOMBEIRO/A FORESTAL C.MOTOBOMBA	82	82	82	82	82	82	82	82	82	82	82	82
OFICIAL/A 2º MÉCANICO	11	11	11	11	11	11	11	11	11	11	11	11
EMISORISTAS	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54
OPERADOR/A-CODIFICADOR/A	57	57	57	48	48	48	48	48	48	48	48	48
VIXILANTES FIXOS	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60

Persoal de 9 meses:

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A DE BRIGADA	392	392	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56
BOMBEIRO/A FORESTAL OFICIAL/A						16	16	16	16	16	16	16
BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUCTOR/A			86	86	86	86	86	86	86	86	86	86
BOMBEIRO/A FORESTAL			292	292	292	292	292	292	292	292	292	292
BOMBEIRO/A FORESTAL C.MOTOBOMBA	85	85	85	85	85	85	85	85	85	85	85	85
EMISORISTAS	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51
VIXILANTES FIXOS	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Persoal de 3 meses e reforzo de verán:

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
TÉCNICO/A SUPERIOR					14	14	14	1	1	1	1	1
TÉCNICO/A FORESTAL	38	38	6	34	14	14	14	0		0	0	0
TÉCNICO BRIGADA HELIT.					6	6	6	5	5	5	5	5
BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A DE BRIG. HELIT.	182	1750			3	3	3	2	2	2	2	2
BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUCTOR/A BRIG. HELIT.					3	3	3	2	2	2	2	2
BOMBEIRO/A FORESTAL BRIG. HELIT.					17	17	17	16	16	16	16	16
BOMBEIRO/A FORESTAL C.MOTOBOMBA	224	224			358	358	358	262	262	262	262	262
OFICIAL/A 2º MÉCANICO					5	5	5	0	0	0	0	0
EMISORISTAS	84	84			19	119	119	69	69	69	69	69
OPERADOR/A-CODIFICADOR/A					23	23	23	6	6	6	6	6
VIXIANCIA MÓVIL	30	30										

Persoal de 3 meses e reforzo de verán de empresa pública:

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
TÉCNICO/A SUPERIOR					**3**	**3**	**4**					
TÉCNICO/A FORESTAL			**49**	**24**	**24**	**24**	**5**					
XEFE/A BRIGADA			398	328	434	415	415	125	125	125	125	125
PEÓN/A CONDUCTOR/A			481	508	614	595	415	125	125	125	125	125
PEÓN			1280	1240	1032	975	830	250	250	250	250	250
C. MOTOBOMBA			57	76								
EMISORISTAS			24	37								

Reforzo especial:

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
XEFE/A DE BRIGADA				38								
PEÓN/A CONDUCTOR				38								
PEÓN/A				114								

Contratación de persoal de medios aéreos:

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
PEÓN/A DE BRIGADA					1032	975	830	250	250	250	250	250
TÉCNICODE BRIGADA HELIT							20	16	16	16	16	16
XEFE/A DE GRIGADA HELIT					14	14	10	8	8	8	8	8
PEON DE BASE DE AVION CARGA EN TIERRA					12	12	12					
PEÓN/A CONDUCTOR/A BRIG HELIT					34	34	28	24	24	24	24	24
PEÓN/A BRIGADA HELIT					22	122	94	84	84	84	84	84
EMISORISTAS BASES DE AVIONES DE CARGA EN TIERR.					9	9	9					
EMISORISTAS					22	22	20	16	16	16	16	16

Medios das administracións locais.

De acordo cos datos que figuran no PLADIGA os medios humanos e materiais das administración locais que se incorporaron ao operativo no período de estudio desta Comisión foron os seguintes:

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
BRIGADAS MUNICIPAIS	**209**	___	___	___	___	___	___	**275**	**275**	**275**	**275**	**275**
Nº de Xefes de brigada								275	275	275	275	275
Nº de Peóns condutores								275	275	275	275	275
Nº de Peóns								963	963	963	963	963
BRIGADAS de MVMC	**31**	**28**	**47**									
GRUMIR	**49**	**49**	**49**	**49**	**48**	**48**	**48**					
Nº de Xefes de brigada			147	147	144	144	144					
Nº de Peóns			588	588	576	576	576					
GLPA	**9**	**7**		**9**	**9**	**9**	**9**					
Nº de Xefes de brigada				27	27	27	27					
Nº de Peóns				108	108	108	108					
GES								**28**	**28**	**28**	**28**	**28**
Nº de Xefes de brigada								84	84	84	84	84
Nº de Peóns								282	282	282	282	282
MOTOBOMBAS MUNICIPAIS	**96**	**96**	**93**	**80**	**82**	**82**	**82**	**84**	**84**	**84**	**84**	**84**
MOTOBOMBAS GRUMIR	**49**	**24**	**49**	**49**	**48**	**48**	**48**					
MOTOBOMBAS GES								**56**	**56**	**56**	**56**	**56**

Fonte: DATOS PLADIGA (Época de Alto Risco de Incendio)

Medios doutras administracións

Existen convenios de colaboración en materia de extinción de incendios forestais asinados coas Comunidades Autónomas de Castela León e de Asturias e que se atopan publicados no Pladiga:

- Convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a Comunidade Autónoma de Castela León en materia de extinción de incendios forestais, asinado o 30 de xullo de 2001).
- Convenio Marco de Colaboración e apoio mutuo entre as Comunidades Autónomas do Principado de Asturias e de Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias, do 8 de febreiro de 2016.

Tamén cómpre salientar o Protocolo de actuación do 8 de novembro de 2003, "Protocolo adicional sobre axuda mutua no caso de incendios forestais en zonas fronteirizas", adoptado nos termos do artigo 8 do protocolo entre o Reino de España e a República Portuguesa sobre cooperación técnica e asistencia mutua en materia de protección civil, e que veu ampliar o ámbito do Convenio de Asistencia Mutua entre os Servizos contra Incendios e de Socorro Portugueses e Españoles, asinado en Lisboa o 31 de marzo de 1980.

1.5. Análise en detalle dos incendios de outubro de 2017.

1.5.1. Tipoloxía e número de incendios.

O factor que determinou que no período comprendido entre os días 8 e 17 de outubro se queimasen case 49.000 has de monte en Galicia foi sen dúbida a meteoroloxía, tal e como analizaremos mais adiante.

Ao factor meteorolóxico hai que engadirlle tamén o elevado número de incendios iniciados nas devanditas datas. En concreto, os días 14, 15 e 16 de outubro o número de incendios estivo moi por encima do normal, destacando os 122 incendios iniciados o día 15 de outubro:

Día	Núm. de incendios iniciados	Núm. de incendios activos
14/10/2017	48	67
15/10/2017	122	161
16/10/2017	45	148

Os incendios forestais do período comprendido entre o 8 e o 17 de outubro afectaron en maior medida ás provincias de Ourense, de Pontevedra e ao sur da provincia de Lugo.

Na seguinte táboa pódese observar o número de incendios iniciados diariamente no mes de outubro e como a partir do día 10 rexístrase un cambio de tendencia que culmina co pico de incendios rexistrado o día 15.



En total víronse afectadas 48.862,14 ha en 393 incendios forestais, coa seguinte distribución de superficies a nivel provincial:

Provincia	**Superficie (ha)**	**Sup. Arborizada (ha)**	**Sup. Rasa (ha)**	**Sup. Arborizada (%)**	**Sup. Rasa (%)**
CORUÑA, A	752,04	448,31	303,73	59,61%	40,39%

LUGO	5.818,48	2.426,55	3.391,93	41,70%	58,30%
OURENSE	22.372,67	9.342,98	13.029,69	41,76%	58,24%
PONTEVEDRA	19.918,95	12.730,04	7.188,91	63,91%	36,09%
TOTAL	48.862,14	24.947,88	23.914,26	51,06%	48,94%

O número total de concellos afectados ascendeu a 151, case a metade dos concellos da Comunidade Autónoma Galega.

O nivel de afectación dos devanditos incendios foi moi variable e o grao de severidade dependeu en gran medida do tipo de combustible.

Un total de 21 incendios entre os días 8 e o 17 de outubro afectaron a unha superficie superior ás 500 ha, polo que de acordo cos criterios estatísticos oficiais teñen a consideración de **grandes incendios forestais**.

Respecto da afección a bens non forestais e/ou ás persoas, hai que destacar que a gravidade dos incendios dos días 14, 15 e 16 outubro motivou que se realizasen 24 activacións do Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA) en situación 2.

Na táboa e na gráfica que figuran a continuación móstranse as activacións realizadas diariamente:

	Sábado 14.10.17	**Domingo 15.10.17**	**Luns 16.10.17**
Núm. de activacións do PEIFOGA en situación 2	2	14	8



Á hora de analizar os datos de activacións do PEIFOGA en situación 2 é importante considerar que en tan só tres días (14, 15 e 16 outubro) declaráronse máis situacións 2 (24) que en calquera dos cinco anos precedentes.

Ano	Nivel 1 / Situación 2
2012	7
2013	22
2014	0
2015	13
2016	23
TOTAL	**65**
MEDIA	**13**

Número de activacións do PEIFOGA en Situación 2 (PLADIGA 2017).

1.5.2. Detalle da data, hora, lugar, causa e demais circunstancias do seu inicio. Incidencias no seu desenvolvemento e datos sobre a súa extinción. Especial atencións os incendios con perda de vidas humanas.

O parametrizado cos datos de inicio, control e extinción dos 393 lumes que se produciron entre o 8 e o 17 de outubro de 2017 se incorporan como anexos a este ditame.

En canto as horas do día nas que se iniciaron os incendios, os datos revelan que entre as 12 da noite e as 10 da mañá se iniciaron 103 incendios, entre as 10 e as 18 horas se iniciaron 129 incendios, mentres que entre as 18 e 24 horas os incendios iniciados foron 161. Neste sentido é de resaltar o elevado número de incendios iniciados logo das 18 horas, cando xa non poden operar os medios aéreos. Este dato casa co carácter intencionado da maioría dos incendios da vaga de lumes de outubro de 2017.

Detallamos a continuación os incendios nos que houbo falecidos, os que denominamos polo concello do seu inicio: Melón en Ourense e Nigrán en Pontevedra.

O incendio de Melón.

O día 15 de outubro de 2017 ás 14:35 recíbese aviso a través do 085 dun lume no concello de Melón, no lugar das Cortellas (parametrizado 2017321367). A chegada dos primeiros medios produciuse as 14:45 de ese mesmo día. O incendio deuse por controlado o 17 de outubro as 20:02 horas, e quedando extinguido as 20:36 horas do día seguinte, 18 de outubro. A superficie queimada foi de 5.970,7 hectáreas ao longo dos Concellos de Melón, Carballeda de Avia e Leiro. A causa do incendio foi intencionada, de acordo coas Brigadas de Investigación Forestais da Xunta de Galicia.

Os datos meteorolóxicos obtidos na estación de Amiudal, no concello de Avión son os seguintes:

Temperatura máxima: 30,06 ^{o}C

Temperatura media: 24,93 ^{o}C

Temperatura mínima: 19,80 ^{o}C

Humidade relativa máxima: 59%

Humidade relativa mínima: 21%

Velocidade do vento (as 14:40 do día 15): 35,75 km/h

Refacho máximo: 77,36 km/h

Dirección do vento (as 14:40 do día 15): 168 o (Sureste). As 19:30 o vento cambiou a dirección Suroeste (190 ^{o})

Con estes valores de temperatura e humidade relativa obtense unha humidade do combustible fino morto do 3%.

O día 15 de outubro existían unhas condicións meteorolóxicas caracterizadas por un vento dominante do sureste, xunto cunha humidade relativa media do 40% e refachos de vento de 35,75 a 77,36 km/h, e cunha temperatura máxima de 30,06 ^{o}C, que fixo que o combustible fino morto tivera unha humidade inferior o 12% (neste caso 3%) que era suficiente para que estivera dispoñible para arder con simple aplicación dunha fonte de calor externa de calquera tipo.

Debido en maior medida a pendente e a dirección do vento, no seu inicio o lume foise propagando maioritariamente no seu flanco esquerdo con mais virulencia que no dereito.

O lume no seu avance foi creando moitos focos secundarios a moitos metros de distancia da súa cabeza, polo que se deduce que as rachas de vento eran constantes, e moi fortes xa que a racha máxima acadada e de 77,36 km/h.

En canto as consecuencias do incendio produciuse o falecemento dunha persoa na parroquia de Abelenda, no municipio de Carballeda de Avia.

Ademais resultaron afectadas 11 casas en Carballeda, 1 en Leiro e 1 en Melón. As instalacións afectadas foron 1 en Leiro e 10 en Melón. Houbo que realizar evacuacións dun total de 592 persoas (na provincia de Ourense).

O incendio de Nigrán.

A continuación reproducimos os datos sobre este incendio aportados polos investigadores da Consellería de Medio Rural:

O incendio iniciouse o día 15 de outubro de 2017, ás 17:04 horas no lugar de Nandín, na parroquia de Parada, no concello de Nigrán. (parametrizado 2017360713), sendo estabilizado ás 20:10 horas do día 17 de outubro. Deuse por controlado ás 10:10 horas do 18 de outubro e extinguido ás 10:59 horas do 19 de outubro. A superficie afectada foi de 2.007 hectáreas.

Os datos meteorolóxicos do incendio recolléronse na Estación Vigo Campus:

Vento: As 17:04 horas do día 15/10/2017, a velocidade media do vento era de 29,63 Km/h, con refachos de 54,32 km/h. A dirección media da procedencia do vento era de 153º (S-SL).

Humidade: A humidade relativa ás 17:04 horas do día 15/10/2017 era de 20%

Temperatura: Unha temperatura media de 29,63ºC, as 17:04 horas do día 15/10/2017.

En canto o comportamento do lume sinalamos como feitos mas destacados:

- O estado do combustible na área de inicio xunto coas condicións meteorolóxicas a hora de inicio do incendio fixeron que este se propagase nun primeiro momento con unha velocidade moderada.
- Unha vez fora da área de inicio o incendio acada unha elevada velocidade de propagación debida aos seguintes factores:
    - No momento que a fronte de lapas alcanza o arborado de eucalipto, o incendio gaña intensidade o que fai aumentar a forza da columna convectiva que xera.

- As condicións do vento constante do sur, isto provoca unha gran cantidade de emisión de faiscas.
- A probabilidade de ignición era do 80%.
- A humidade relativa mantívose durante o día con valores entre 20% e 30%.
- A humidade básica do combustible fino e morto era do 4%.

A unión de estes factores fixeron que o incendio se propagase emitindo numerosos focos secundarios, en ocasións a grandes distancias da fronte principal de lapas.

Segundo información aportada por numerosas testemuñas o incendio acada as inmediacións da Avenida América en Vigo sobre as 21:00 horas do mesmo día 15, sendo o eixo lonxitudinal mais longo do incendio de uns 8.050 metros, que foi percorrido polo incendio nun tempo de 3 horas e 26 minutos. Destes datos se obtén unha velocidade de propagación próxima a os 35 m/min, o que se considera unha velocidade de propagación alta.

Este foi un factor determinante xa que comprometeu seriamente a seguridade das persoas e bens de natureza non forestal, provocando numerosas situacións de risco, que tiveron como resultado a morte de dúas persoas por atrapamento, outra persoa intentando apagar o lume e numerosos vehículos e instalacións queimadas. Resultaron tamén afectadas 3 vivendas e tiveron que ser desaloxadas máis de 300 persoas.

Nos incendios que asolaron o entorno da cidade de Vigo, entre os que se encontra o de Nigrán, tamén tivo unha participación importante a Policía Nacional. No informe remitido pola Delegación do Goberno sobre a intervención da Policía Nacional nos incendios de Vigo reflíctense os seguintes datos:

Entre os días 14 e 15 de outubro do pasado ano 2017, producíronse na cidade de Vigo e os seus arredores -demarcación policial do CNP e municipio

asignado tamén a efectos do dispositivo policial anti-incendios-, numerosos incendios que se saldaron coa morte de dúas persoas polos efectos directos do lume no monte de Chandebrito (Nigrán) e a morte doutra ocasionada por un accidente cando trataba de axudar a sufocar un incendio próximo ao domicilio dunha veciña en San Andrés de Comesaña (Vigo).

Eses incendios chegaron á zona de Vigo e proximidades o día 15 de outubro sobre as 14:30 horas, aproximadamente, procedentes do sur da cidade (Nigrán e Gondomar) afectando, por unha banda, á zona suroeste (A Garrida, Sobreira, Marcosende, zona Universitaria, Parque Tecnolóxico, Vincios e Bembrive) e por outro á sueste (Monte Alba, Frelxo, San Andrés de Comesaña, Estrada Camposancos e Monte dos Pozos).

Independentemente dos focos anteriormente apuntados, tamén se foron producindo outros por zonas arborizadas e de matogueiras baixas na contorna do centro urbano da cidade, concretamente polos barrios de Navia, Samil, Alcabre, Fragoso, Cástrelos, etc., sendo estes menos desproporcionados que os anteriores pero igual de alarmantes ao estar moi preto de zonas moi poboadas da cidade.

Esta situación xerou unha alarma en toda a urbe, que se ía estendendo, á vez que a nube de fume cubría a cidade. A chegada de noticias sobre persoas falecidas como consecuencia dos incendios e casas ardendo en zonas próximas provocou que multitude de persoas implicásense en labores de extinción do lume, dando lugar, ao mesmo tempo, a un sen fin de informacións non contrastadas que derivaron en rumores e malos entendidos, que xeraron unha forte e estendida alarma social e pánico.

En canto a causa dos incendios que afectaron a demarcación de Vigo-Redondela, a Policía Nacional conclúe que non se pode descartar a posibilidade de que foran provocados a pesares de que non se encontraron evidencias no curso das investigacións. Nas conclusións das dilixencias de investigación da Fiscalía Xeral de Galicia, abertas con motivo da vaga de lumes de outubro de

2017, se recolle que os incendios que orixinaron a perda de vidas humanas foron intencionados.

1.5.3. Medios materiais e humanos destinados a súa extinción, detallado par organizacións participantes nas tarefas. Funcionamento do dispositivo.

Os medios materiais e humanos que participaron na extinción dos lumes iniciados entre os días 8 e 17 de outubro de 2017 foron fundamentalmente os medios ordinarios adscritos ao PLADIGA (apartado 1.7).

Nos lumes nos que se declara a Situación 1 ou a Situación 2, de acordo do establecido no PEIFOGA, tamén cabe a posibilidade de incorporar medios extraordinarios, polo xeral estatais, como a Unidade Militar de Emerxencias (UME).

Ao analizar os medios materiais e humanos que participaron na extinción dos lumes iniciados entre os días 8 e 17 de outubro de 2017 hai que considerar que o persoal do SPDCIF traballa por quendas que están fixadas nun cuadrante horario. Tamén hai que ter en conta que os grandes lumes polo xeral teñen unha duración de varios días, ata que se dan por extinguidos, polo que á hora de realizar o cómputo total, contabilízanse os medios que actúan cada día

Respecto da actuación dos medios humanos nos lumes iniciados entre os días 8 e 17 de outubro de 2017 obtense un total de 2.967 actuacións diarias de axentes, técnicos e brigadas nos 393 lumes coa seguinte distribución:

- Axentes forestais e axentes facultativos medioambientais: o número de actuacións diarias foi de 975, obténdose unha media por lume de 2,48 axentes.
- Técnicos: o número de actuacións diarias foi de 25, obténdose unha media de por lume 0,06 técnicos.

- Brigadas terrestres: o número de actuacións diarias foi de 1801, obténdose unha media por lume de 4,58 brigadas.
- Brigadas helitransportadas: o número de actuacións diarias foi de 166, obténdose unha media por lume de 0,42 brigadas.

TIPOLOXÍA DO PERSOAL	NÚMERO DE ACTUACIÓNS DIARIAS	MEDIA DE ACTUACIÓNS DIARIAS POR LUME
AXENTE	975	2,481
BRIGADA TERRESTRE	1801	4,583
BRIGADA HELITRANSPORTADA	166	0,422
TÉCNICO	25	0,064

Tendo en conta que os días do período do 8 e 17 de outubro de 2017 nos que se rexistrou unha maior actividade incendiaria foron o 15 e o 16, na seguinte táboa analízase as actuacións diarias dos medios humanos en ambas datas:

TIPOLOXÍA DO PERSOAL	NÚMERO DE ACTUACIÓNS 15.10.2017	NÚMERO DE ACTUACIÓNS 16.10.2017	TOTAL ACTUACIÓNS
AXENTE	192	175	367
BRIGADA TERRESTRE	318	273	591
BRIGADA HELITRANSPORTADA	16	8	24
TÉCNICO	13	3	16

Á vista dos datos da anterior táboa obsérvase como nos días 15 e 16 se concentraron máis da terceira parte das actuacións dos medios humanos nos lumes do período analizado.

Respecto da actuación dos medios materiais nos lumes iniciados entre os días 8 e 17 de outubro de 2017 obtense un total de 1.814 actuacións diarias nos 393 lumes coa seguinte distribución:

- Hidroavións: o número de actuacións diarias foi de 52, obténdose unha media por lume de 0,13 hidroavións.

- Helicópteros de coordinación: o número de actuacións diarias foi de 12, obténdose unha media por lume de 0,03 helicópteros de coordinación.
- Helicópteros de extinción: o número de actuacións diarias foi de 234, obténdose unha media por lume de 0,60 helicópteros de extinción.
- Motobombas: o número de actuacións diarias foi de 1422, obténdose unha media por lume de 3,62 motobombas.
- Bulldozer: o número de actuacións diarias foi de 88, obténdose unha media por lume de 0,22 bulldozer.

TIPOLOXÍA DO MEDIO	NÚMERO DE ACTUACIÓNS DIARIAS	MEDIA DE ACTUACIÓNS DIARIAS POR LUME
FOCA	52	0,132
HEL. COORDON	12	0,031
HEL. EXTINCIÓN	234	0,595
MOTOBOMBAS	1422	3,618
BULLDOZER	88	0,224

Tendo en conta que os días do período do 8 e 17 de outubro de 2017 nos que se rexistrou unha maior actividade incendiaria foron o 15 e o 16, na seguinte táboa analízase as actuacións diarias dos medios materiais en ambas datas:

TIPOLOXÍA DO PERSOAL	NÚMERO DE ACTUACIÓNS 15.10.2017	NÚMERO DE ACTUACIÓNS 16.10.2017	TOTAL ACTUACIÓNS
FOCA	11	2	13
HEL. COORDON	4	0	4
HEL. EXTINCIÓN	27	2	29
MOTOBOMBAS	307	230	537
BULLDOZER	36	36	72

Á vista dos datos da anterior táboa, obsérvase como nos días 15 e 16 se concentraron máis da terceira parte das actuacións dos medios materiais nos lumes do período analizado.

Tamén hai que destacar a abundante nubosidade e néboas existentes o día 16 de outubro que, unido á cantidade de fume existente, impediron a operatividade dos medios aéreos, polo que ese día a extinción realizouse unicamente con medios terrestres, complicando a extinción en gran medida.

Finalmente respecto da actuación da UME nos lumes iniciados entre os días 8 e 17 de outubro de 2017 realizáronse un total de 24 mobilizacións. Ao igual que o resto dos medios, a maior parte das mobilizacións concentráronse os día 15 e 16 de outubro, sendo 700 o número máximo diario de efectivos desprazados.

Todos os datos citados neste epígrafe referentes ás actuacións dos medios humanos e materiais aparecen detallados nos anexos ao presente documento.Cabe sinalar que o operativo, aínda nas condicións extremas de extinción que se viviron entre o día 8 e 17 de outubro mantivo un importante nivel de efectividade, conseguindo que a metade dos lumes que se produciron non chegaran a 1 ha de superficie.

1.5.4. Coordinación entre as diferentes Administracións.

O PLADIGA ten como obxecto o establecemento da organización e o procedemento de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, daqueles que poidan ser asignados a este pola Administración Xeral do Estado, así como dos que puidesen ser facilitados por outras entidades públicas ou privadas para facer fronte aos incendios forestais dentro do territorio galego.

En calquera caso debe existir unha coordinación e actuación conxunta dos diversos servizos e administracións implicadas na loita contra o lume, de xeito que nos lumes nos que se active a Situación 0 ou 1 os protocolos de actuación e coordinación dos medios son os que establece o PLADIGA, e nos lumes nos que se active a Situación 2 os protocolos de actuación e coordinación dos medios son os que establece o PEIFOGA.

Respecto da coordinación das diferentes administracións na loita contra os incendios forestais hai que destacar que a nivel estatal existe un **Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF).** Trátase dun comité de carácter técnico, formado por representantes de todas las administracións competentes en materia de incendios forestais, que se reúne dúas veces ao ano, antes e despois da la campaña estival, para coordinar as actuacións de defensa contra incendios a nivel nacional.

No que respecta á coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade, a principal canle de colaboración é o **Comité de Coordinación Policial Antiincendios de Galicia**. Durante o ano 2017 o dito comité reuniuse en varias ocasións co fin de analizar as zonas con maior actividade incendiaria e deseñar estratexias de actuación conxuntas. A nivel provincial tamén se realizan Comités Provinciais de Coordinación Policial.

Finalmente, e tamén no ámbito da coordinación de actuacións entre a Xunta e o Goberno central en materia de prevención e loita contra os incendios forestais na Comunidade Autónoma Galega, hai que destacar o **Comité Integrado de Prevención de Incendios de Galicia (CIPIG),** que tamén se reúne anualmente para planificar e coordinar a actuación dos medios de ambas administracións na campaña de incendios.

1.5.5. Condicións meteorolóxicas.

A análise das condicións meteorolóxicas da vaga de lumes de outubro de 2017 deriva dos datos aportados polos informes emitidos pola Axencia Estatal de Meteoroloxía e MeteoGalicia. De acordo con estes informes describimos as condicións climatolóxicas do ano 2017, as condicións meteorolóxicas previas e as que se deron no período de estudo.

Condicións climatolóxicas do ano 2017.

O pasado ano hidrolóxico en Galicia (de outubro de 2016 a setembro de 2017) considérase “moi seco” con características similares ao ano hidrolóxico 2011-2012.

A media anual no período de referencia 1981-2010 para a serie rexional representativa de Galicia é de 1.299 L/m2. A choiva acumulada desde outubro de 2016 a setembro de 2017 foi de 848 L/m2, o que representa un 35% menos de choiva do normal. Esta escaseza de precipitacións foi mais acusada nas provincias de Ourense e Lugo.

Tendo en conta a serie histórica en vigor (dende 1981), os datos para o ano climatolóxico 2016-2017 son os seguintes:

- **Temperatura:** con excepción de novembro de 2016, mes normal, e xaneiro e setembro de 2017, meses fríos, o resto de meses do período resultan cálidos ou moi cálidos.
- **Precipitación:** novembro de 2016 e xuño de 2017 resultaron normais, mentres que febreiro, marzo e maio de 2017 foron húmidos ou moi húmidos. O resto dos meses do ano hidrolóxico foron secos ou moi secos, con mención especial para un mes de abril extremadamente seco.
- **Seca:** Cos datos derivados do índice normalizado de precipitación (SPI), se deriva que a seca climatolóxica iniciouse en Galicia en xaneiro de 2017. No Informe da Axencia Estatal de Meteoroloxía, se pon de manifesto que o ano 2017 é o segundo máis seco da serie de referencia 2000-2017. Nesa mesma serie temporal, o Informe sinala que nos 18 anos considerados, 12 resultan máis cálidos do normal, sendo 2017 o máis cálido do período considerado.

Condicións meteorolóxicas previas a vaga de lumes.

Despois dun verán cálido, +0,88ºC por encima da media climática, e seco (precipitación un 27% inferior ao valor esperado), o outono meteorolóxico comezou cun mes de setembro frío e seco (un 67% menos das precipitacións normais), o máis seco desde 2011. Esta situación se prolongou no mes de outubro, resultando un mes extremadamente cálido e moi seco. Nos seguintes mapas represéntase a anomalía de precipitación rexistrada fronte á media do período 1981-2010 para os meses de xullo a outubro de 2017. En todos os casos estivo moi por baixo do normal (100 %), chegando a valores de ata un 92% inferior ao normal no sur da Comunidade Autónoma Galega.



Anomalía de precipitación – xullo 2017

Valor medio 57% inferior ao normal (100%)



Anomalía de precipitación - agosto 2017

Valor medio 19% inferior ao normal (100%)





Anomalía de precipitación – setembro 2017

Valor medio 62% inferior ao normal (100%)

Anomalía de precipitación - ouctubre 2017

Valor medio 79% inferior ao normal (100%)

Datos climatolóxicos relativos ao mes de outubro de 2017.

No intervalo do 10 ao 15 de outubro de 2017 houbo un predominio das condicións anticiclónicas sobre a península Ibérica, con tempo soleado e vento en xeral frouxo de dirección variable. O anticiclón estaba centrado no Mediterráneo occidental e estendíase desde o centro de Europa ata o norte de África, quedando Galicia tamén baixo a súa influencia. En altura, unha dorsal con aire cálido dominaba as capas medias da atmósfera, desde Marrocos ao interior europeo. Esta situación propiciou que se alcanzasen temperaturas moi altas para a época do ano, máximas por encima dos 25ºC na maior parte de Galicia e incluso por encima dos 30ºC nos vales do interior.

Na xornada do 15, ao mediodía, comeza a producirse un cambio na situación sinóptica debido á aproximación ao Oeste de Galicia do furacán Ophelia, xa transformado en ciclón extratropical. Os ventos durante a xornada, especialmente a partir do mediodía, foron moderados (ventos sostidos entre 20 e 40 km/h) de compoñente sur, aumentando a intervalos fortes entre as 20 horas e as 2 horas do día 16. Os refachos máximos oscilaron en xeral, entre os 60 e os 90 km/h.

A medida que o ciclón se despraza cara ao norte, os ventos comezaron a rolar ao oeste. Así, sobre as 5 horas do día 16 rexístranse nas Rías Baixas as primeiras choivas de carácter débil. Xa durante as primeiras horas da tarde e cara á noite, as precipitacións son un pouco máis significativas , pero restrinxidas neste día, ás provincias de A Coruña e Pontevedra.

O día 17 Galicia queda baixo a influencia das baixas presións e, afectada pola chegada de diversas liñas frontais, as precipitacións esténdense por toda a Comunidade, rexistrándose valores por encima dos 20 L/m2 en diversos puntos das provincias de A Coruña e Pontevedra.

A aproximación do furacán Ofelia a Galicia xerou unhas condicións anormais extremas combinadas cunha alta actividade incendiaria que favoreceron a propagación explosiva dun gran número de incendios forestais simultáneos conducidos polo vento, dificultando enormemente a súa extinción.

En concreto, os días 14 e 15 de outubro rexistráronse ventos xeneralizados en toda Galicia de compoñente sur – suroeste e intensidade moderada–alta e altas temperaturas.

No que respecta ás temperaturas o día 14 de outubro rexistráronse máximas de ata 30 º nas zonas máis orientais da provincia de Ourense e no sur da provincia de Pontevedra, e o día 15, no sur dá provincia de Pontevedra rexistráronse máximas de 34,8 º.

En canto aos ventos o día 14 de outubro rexistráronse refachos máximos de ata 55 km/hora nas zonas máis orientais da provincia de Ourense, e o día 15 no sur da provincia de Pontevedra rexistráronse refachos de máis de 90 km/hora.

Nos seguintes mapas extraídos da aplicación Meteovisor para os días 14 e 15 de outubro, pódense observar os datos de temperatura máxima e refacho de vento máxima rexistrados nas estacións da rede de observación de Meteogalicia.



Meteogalicia: temperaturas máximas do día 14 de outubro de 2017.



Meteogalicia: temperaturas máximas do día 15 de outubro de 2017.

Meteogalicia: refachos máximos do día 14 de outubro de 2017.

Meteogalicia: refachos máximos do día 15 de outubre de 2017.

En canto as notas climatolóxicas para o mes de outubro de 2017, o Informe da Axencia Estatal de Meteoroloxía sinala que o mes de outubro de 2017 resultou cálido ou moi cálido en toda Galicia. En canto as precipitacións resultou moi seco, continuando coa tónica dos seis meses secos que o precederon. O detalle dos datos é o seguinte:

- **As temperaturas** medias do mes se mantiveron ata 2 ou 2,5º por riba dos valores normais, o que o converte no outubro máis quente dos últimos 18 anos. O día 2 se rexistraron varios records de temperaturas máximas para outubro, destacando Ourense con 34,9ºC e Ribadavia, que con 35,4ºC mediu a temperatura máxima de Galicia este mes. De novo o día 15, o paso dos restos do furacán OPHELIA, fixo que se bateran numerosos records de máximas, incluso de máximas absolutas non so do mes de outubro. Así podemos sinalar a temperatura de Ribadeo, con 35,2ºC, e Estaca de Bares, con 37,2ºC. Ese mesmo día tamén se rexistraron temperaturas mínimas elevadas, que supuxeron

efeméride en numerosas estacións, incluída algunha das principais, como Vigo-Peinador, que mediu 21ºC. No observatorio de A Coruña a mínima foi de 20,1ºC, quedándose a 0,1ºC da efeméride de outubro de 1945. Tamén houbo outras mínimas significativas en Fisterra, que foron as máis altas de Galicia algún día, destacando os 20,4ºC o día 8.

- No que se refire **a humidade relativa** máxima, antes da xornada do día 15, xa se observa como a metade sur da Comunidade presenta valores de humidade relativa máxima que non superan o 60%, sendo a zona máis afectada o este da provincia de Ourense. En canto a humidade relativa mínima, o día 15 alcanzou valores por debaixo do 30% en practicamente toda a Comunidade. O día 16 as humidades relativas tamén foron moi baixas sobre todo na metade oriental de Galicia.
- Por outra banda, **outubro foi un mes moi seco**, sen que se alcanzara en ningún punto a cantidade de chuvia habitual do mes. Houbo zonas nas que se rexistraron menos de 220 l/m2 do que é normal en outubro, como por exemplo na estación de A Lama (Pontevedra), onde so caeron 57,2 mm en 5 días de precipitación apreciable. Os 5 a 7 días de precipitación xeneralizada se contabilizaron a partires do día 15, cando os restos do furacán OPHELIA rozaron as costas de Galicia, acompañadas de fortes ventos que propiciaron a propagación de importantes incendios forestais. O día 17 foi o que mas choveu, con cerca de 30 l/m2 recollidos en varias estacións. Delas podemos destacar os 63 mm/h rexistrados en Carballiño.
- En canto **ao vento**, o paso de OPHELIA os días 15 e 16, deixou rachas de entre 60 e 80 km/h en numerosos puntos de Galicia. Entre as máis destacadas, citamos as estacións costeiras de Fisterra, con 114 km/h ou Estaca de Bares, con 93 km/h.

1.5.6. Polo tanto, na vaga de lumes de outubro de 2017, se deu en moitas zonas de Galicia o que os expertos denominan “a regra do 30”, que implica datos de temperatura maior de 30ºC, a humidade relativa menor do 30% e a velocidade do vento superior os 10 metros por segundo (36 km/h). Estas condicións poden facer que o incendio se propague a unha velocidade dun a dous quilómetros por hora. Con estas condicións, algunhas brasas (pavesas), empuxadas polo vento, poden chegar a caer, incandescentes, a unha distancia de 1 a 5 quilómetros e iniciar alí novos lumes. É o resultado dun cóctel meteorolóxico perfecto que axuda a facer que un incendio se faga incontrolable.**ctuacións levadas a cabo para facer fronte os danos materiais e persoais dos incendios**

No ano 2017, e inmediatamente despois da ocorrencia dos incendios, puxéronse en marcha medidas de restauración de áreas afectadas por incendios forestais cos seguintes investimentos:

Denominación	**Anualidade 2017**	**Anualidade 2018**	**Importe total €**
Restauración de áreas afectadas por incendios forestais das provincias de A Coruña e Pontevedra	1.249.663,84	1.499.277,01	5.998.938,05
Restauración de áreas afectadas por incendios forestais da provincia de Lugo	499.999,01		
Restauración de áreas afectadas por incendios forestais das provincias de Ourense	1.249.998,80	1.499.999,39	

Tamén se puxeron en marcha actuacións de emerxencia deseñadas e dirixidas por persoal da Consellería do Medio Rural e financiadas por parte do MAPAMA:

Denominación	**Importe €**
Actuacións hidrolóxico-forestais de emerxencia en área afectada polo incendio forestal de outubro de 2017 nos concellos de Ponteareas, Mos, Redondela, Pazos de Borbén, Soutomaior, Ponte Caldelas e Cotobade (Pontevedra)	1.499.994,90
Actuacións hidrolóxico-forestais de emerxencia en área afectada polo incendio forestal de outubro de 2017 nos concellos de Melón, Carballeda de Avia, Leiro e Avión (Ourense).	1.499.999,53

Case de forma inmediata se procedeu a configuración da normativa de soporte as axudas, tanto para as familias dos falecidos como tamén para facer fronte aos danos materiais causados polos incendios:

- Nas primeiras 24 horas aprobáronse en Consello da Xunta o **Decreto 102/2017**, do 19 de outubro, que dá soporte xurídico ás axudas,
- O 30 de outubro publicouse no DOGA a orde que as concreta e habilita unha partida de máis de 20 M€, ampliable se fose preciso.
- Abriuse un servizo de atención telefónica gratuíta a disposición dos afectados para orientalos en todo o proceso.

Deuse prioridade ás axudas destinadas a paliar os danos individuais. É dicir, fundamentalmente:

- Ás indemnizacións ás que teñen dereito as familias das vítimas mortais.
- Ou aos gastos nos que puideran incorrer os feridos co límite diario establecido na orde.
- As axudas para as persoas que viron afectada a súa vivenda, así como o enxoval doméstico:
    - De ata o 100 % do valor da reparación en caso de vivenda habitual,
    - Do 40 % en residencias ocasionais,
    - E completando ademais os gastos de aloxamento provisional, nos casos en que isto fora necesario.

Tamén se regularon axudas para os establecementos comerciais, mercantís e industriais que se viron afectados polos lumes, para obras de recuperación e reconstrución de ata 600.000 € por establecemento, ademais de préstamos con xuros bonificados para financiar esas actuacións, compatibles coas futuras axudas do Estado así como dos seguros que tiveran contratados.

Dentro dos sectores produtivos, prestouse atención especial ao **rural** e ao **mar**. No primeiro ámbito, habilitando axudas para:

- infraestruturas de titularidade privada (pistas forestais, captacións de augas, cerramentos, bebedeiros e comedeiros);
- gastos da madeira amoreada queimada, priorizando a recollida na fronteira lusa para evitar que se propagara a praga do pino.
- reparación de bens, maquinaria, ou equipamento;
- perda total ou parcial de produción agrícola das explotacións;
- morte de gando ou perda de colmeas das explotacións gandeiras e apícolas,
- ou para a adquisición de alimentación complementaria para o gando en extensivo ou as colmeas nas zonas afectadas.

Pola súa parte, a Consellería do Mar prestou especial alerta sobre os bancos marisqueiros ante a continxencia de que se puideran producir afectacións graves.

Tamén se aprobaron axudas para outras necesidades:

- Como repoñer sinalización turística queimada,
- Recuperar infraestruturas deportivas,
- Arranxar as estradas danadas, especialmente na provincia de Pontevedra.
- Ou respaldar aos titulares dos terreos cinexéticos ordenados que se viron afectados.

Unha das partidas máis importantes é a destinada as **axudas para os concellos**, axudas tanto para paliar os gastos derivados das actuacións que foron necesarias para afrontar os lumes, como para reparar danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal.

2. Avaliación da experiencia acumulada dende o 2006. Medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios en 2006 e anos posteriores e a súa efectividade.Análise do ditame da Comisión de Estudio sobre as causas e consecuencias dos incendios forestais en Galicia de 19 de decembro de 2006

A Comisión non Permanente de Estudo sobre as Causas e Consecuencias dos Incendios Forestais en Galicia, foi creada pola Xunta de Portavoces do Parlamento de Galicia na súa xuntanza de 29 de agosto de 2006, a petición dos Grupos Parlamentarios Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. A devandita Comisión constituíuse o 4 de setembro de 2006, e logo da aprobación das súas normas de funcionamento e plan de traballo, levou a cabo un total de 18 sesións de traballo nas que houbo 63 comparecentes. O ditame da comisión foi aprobado o 18 de decembro de 2006 e publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia o 19 de decembro de 2006.

O ditame se estrutura en catro partes diferenciadas:

1. Análise exhaustiva e pescuda de todas as circunstancias concorrentes nos lumes producidos entre o 4 e o 15 de agosto de 2006.
2. Análise das consecuencias dos incendios forestais.
3. Análise das causas estruturais da proliferación dos incendios forestais en Galicia.
4. Medidas de actuación para o futuro.

Das conclusións que se obtiveron destacamos as seguintes:

- A vaga de lumes que se produciu entre os días 4 e 15 de agosto de 2006 foi unha situación excepcional e non previsible, por non haber datos históricos que permitiran deducir a posibilidade da súa ocorrencia.
- Prodúcese a concorrencia de condicións meteorolóxicas especialmente adversas e persistentes.
- Existiu unha actividade delituosa incendiaria desaforada, de elevada intencionalidade e con pretensión de causar o maior dano posible.

- Aparición dunha nova tipoloxía de incendios caracterizados pola súa elevada afectación a vivendas, núcleos de poboación e infraestruturas, polo elevado número de focos iniciais, polo incremento da interface urbano-forestal e polo seu inicio nas horas centrais do día e en masas arboradas.
- O operativo de loita contra incendios estivo claramente ante unha situación excepcional e non previsible. Deste xeito a extinción dos incendios viuse extraordinariamente complicada, converténdose por primeira vez, máis que en incendios forestais, nunha ameaza á protección civil.
- En todo momento a coordinación e colaboración entre a Administración galega e a do Estado foi a óptima para favorecer a colaboración e a optimización dos recursos.
- Con carácter xeral houbo unha óptima colaboración entre a Administración local e a da Xunta de Galicia e unha aceptable coordinación dos medios.
- Sensación de impunidade ao respecto dos autores de delitos de incendio forestal polo reducido número de detencións e porque só unha mínima parte destas dan lugar a procesamento e condena.
- Dificultades na consecución de probas materiais pola propia natureza do delito, o que obriga a basear toda a investigación en probas indiciarias e en testemuños de persoas que poidan achegar algún dato.
- Necesidade de maior colaboración cidadá, tanto na denuncia como á hora de facilitar información. Para fomentar a colaboración é necesario realizar sensibilización social e facilitar o anonimato das testemuñas.
- Dificultades para establecer as motivacións últimas dos autores dos incendios.
- É necesario adoptar medidas de rexeneración das zonas queimadas, tanto de protección da erosión como de recuperación da cuberta vexetal, cun seguimento acaído da súa evolución, con especial incidencia naquelas zonas cunha elevada frecuencia de lumes nos últimos anos,

nas que as consecuencias das perdas de solo fértil son especialmente graves.

- É necesario reforzar as investigacións dirixidas a aclarar ata as últimas consecuencias a autoría dos incendios, xa que é sabido que a inmensa maioría deles teñen orixe dolosa.
- A importancia que adquiren as medidas de prevención nesta nova tipoloxía de incendios forestais fai imprescindible que se faga un seguimento e control exhaustivo das obrigas de prevención, tanto públicas como privadas.

No punto 4 do ditame, medidas de actuación para o futuro, se recolleron un total de 49 propostas agrupada en 8 apartados:

- Relacionadas co dispositivo.
- Relacionadas coa formación e sensibilización.
- Relacionadas coa actuación contra a delincuencia incendiaria.
- Relacionadas co desenvolvemento rural.
- Relacionadas coa política forestal.
- Relacionadas coa planificación do territorio e a ordenación de usos.
- Relacionadas coa protección civil.
- Relacionadas coa protección do medio ambiente natural.

Moitas das medidas propostas se teñen recollido con posterioridade en diferentes normas legais, con diferentes gobernos na Xunta, como veremos nos seguintes puntos deste ditame. Sen embargo, sería desexable que as medidas tiveran tido algo máis de concreción, tanto no seu contido como nos prazos e orzamentos necesarios para a súa implantación.

2.2. A lei 3/2007 de extinción de incendios de Galicia

A primeira resposta a vaga de lumes de agosto de 2006 deuse coa aprobación da ***Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia***. Na súa exposición de motivos detalla como se vai a enfocar a política de prevención e extinción de incendios.

Logo de destacar a importancia que ten o medio rural galego e integrado nel o monte, sinala que o monte vén sendo ameazado pola propagación de incendios forestais, afectando á súa riqueza ambiental e paisaxística e ás actividades agroforestais que se desenvolven nel. A continuación a exposición de motivos sinala que:

"As causas que orixinan os lumes forestais son de diversa índole, existindo causas estruturais que constitúen factores subxacentes, aínda que ningunha delas por si soa constitúe unha causa inmediata dos incendios forestais. Unha parte das causas estruturais que inciden na proliferación de incendios forestais está relacionada coa situación de abandono e progresivo despoboamento que ao longo dos últimos decenios se veu producindo no espazo rural galego, que provocou unha abrupta desagrarización e abandono de terras cultivadas en moitas comarcas rurais de Galicia; co cambio de usos do monte; coa ausencia de ordenación dos usos do territorio desde o punto de vista agrario, forestal e mesmo urbano; cos descoidos ou neglixencias no uso do lume en prácticas de xestión agroforestal; coa existencia de conflitos sociais arraigados en determinadas zonas que se dirimen prendéndolle lume ao monte; e tamén co incremento da delincuencia incendiaria, agravada pola falta dun rexeitamento social contundente a ela.

Esta situación débenos facer conscientes de que os incendios forestais no medio rural constitúen unha grave ameaza para calquera política seria de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia.

A política de defensa do medio rural contra os incendios, pola súa vital importancia para o país, non pode ser implementada de forma illada, senón integrándose nun contexto máis amplo de planificación do territorio e de desenvolvemento rural, comprometendo todas as administracións, as persoas propietarias de terreos forestais, os labregos e labregas, as comunidades de montes veciñais en man común, a sociedade do medio rural e en xeral o conxunto da cidadanía.

Os terreos forestais e as súas zonas de influencia teñen unha configuración específica que dificulta a súa protección contra os incendios forestais; entre outras, estas características son a fragmentación da propiedade, o desequilibrio entre zonas, o abandono da agricultura, a gandaría extensiva sen control e a progresiva transformación das parcelas agrícolas fragmentadas en terreos de monte, o que deu lugar a unha progresiva desorde do territorio incrementando a ameaza derivada dun incendio forestal.

Ao longo dos últimos anos vimos asistindo ademais a unha crecente proliferación de incendios na interface urbano-forestal, isto é, nas áreas que abranguen o perímetro común entre os terreos forestais e os núcleos de poboación habitados.

Alén das políticas e medidas de organización territorial de carácter estrutural que axuden a evitar esta situación, cómpre adoptar a curto prazo actuacións que controlen a existencia de biomasa vexetal con alto potencial combustible nas proximidades dos núcleos de poboación, asegurando a súa retirada con anterioridade á época de perigo de incendios, ben a través da obriga das persoas titulares ben por medio da execución subsidiaria, a través de procedementos áxiles, por parte das administracións públicas.

Xa que logo, a desorganización do territorio obriga a termos que asumir a curto e medio prazo a estratexia de defensa do rural contra os incendios, que pasa pola defensa primordial das persoas e dos bens xunto á defensa dos recursos forestais.

Cómpre dotar a Galicia dunha nova norma que permita establecer as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume e que sirva así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural do noso país.

De acordo co recollido na súa exposición de motivos, o texto da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece medidas preventivas para facilitar a loita contra o lume, contemplando accións dirixidas ao territorio e accións dirixidas á poboación.

As actuacións dirixidas á poboación lévanse a cabo a través de:

- Regulación das autorizacións e comunicacións de queimas.
- Accións sociolóxicas e de educación ambiental.
- Sistemas de alerta preventiva.
- Normativa legal.

As dirixidas ó territorio agrúpanse en tres liñas de actuación:

- **De compoñente produtivo e de xestión forestal:** esta liña de actuación ten unha gran importancia polo seu carácter de investimento. Normalmente encamíñanse a tarefas de forestación e a mellorar as condicións silvícolas das masas forestais aplicando tratamentos culturais (podas, rozas, rareos, tratamentos fitosanitarios…) contemplando a creación de áreas de frondosas caducifolias en valgadas, marxes de pistas ou devasas, que conxugue a produción coa defensa do monte, así como promover actuacións conxuntas e o ordenado aproveitamento dos pastos, caza, pesca ou a mellora das masas produtoras de froito, cogomelos..., que inciden na calidade e cantidade das producións e servizos que xeran os montes galegos, e dunha indubidable acción preventiva.

- **Control selectivo do combustible forestal:** Trátase de actuacións non produtivas, pero de gran importancia, polo seu carácter preventivo e de defensa. Son traballos que se encamiñan especificamente a romper a continuidade horizontal e vertical do combustible forestal cunha anchura tal que en condicións normais deteña o lume e sirva de apoio ós medios terrestres para que nas labores de extinción realicen o ataque directo ou indirecto desde estas áreas, creando zonas estratéxicas co fin de dificultar o inicio e a propagación do lume e facilitar a defensa dos montes contra os incendios forestais.

  Accións:

  - Redes de faixas de xestión da biomasa.
  - Áreas devasa.
  - Faixas auxiliares de pista.
  - Rozas.
  - Queimas controladas.

- **Construción e mantemento das infraestruturas preventivas de defensa:** Son fundamentais na posta en valor do monte, así como na vixilancia, detección e extinción dos lumes. Con esta acción trátase de acadar unha densidade óptima de infraestruturas forestais, mellorar os tempos de reacción mediante unha rede de pistas que posibiliten un acceso rápido e seguro á extinción do lume, rompendo a continuidade horizontal e vertical do combustible, capitalizar o monte, e facilitar a súa activación económica e o seu uso social.

  Accións:

  - Devasas.
  - Vías e pistas forestais.
  - Puntos de auga.
  - Bases de medios aéreos.
  - Puntos de vixilancia.

Esta lei xa sufriu dúas modificacións. A primeira coa *Lei 7/2012, de montes de Galicia,* co obxecto de simplificar o distinto nivel de planeamento e redefinir as redes e faixas de xestión da biomasa, clarificando as responsabilidades directas e subsidiarias. E a segunda coa *Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, a raíz do acontecido na vaga de lumes do mes de outubro do ano 2017.

2.3. A lei 7/2012 de montes

A Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle na súa exposición de motivos unha detallada descrición da importancia económica, social e medioambiental do monte galego. Tamén resalta o seu papel como espazo que determina a paisaxe e a identidade da nosa comunidade, ao tempo que ten un compoñente social de recreo, de lugar de encontro, lúdico e de gozo dos cidadáns. Destaca o seu título III que se centra na planificación e ordenación forestal coma os instrumentos fundamentais para o adecuado desenvolvemento das actividades relacionadas co monte.

No que se refire as actividades de prevención contra os incendios forestais, a Lei 7/2012 mantén a vixencia da Lei 3/2007 aínda que introducindo modificacións a través da disposición derradeira primeira.

Por outra banda a Lei regula no anexo II as distancias mínimas que deben de respectar as repoboacións forestais. Por primeira vez se unifica nun cadro a dispersa normativa que existía na materia.

Así, entre outras, establécense as distancias das repoboacións a autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas, estradas, ferrocarril, liñas eléctricas, canles fluviais de mais de dous metros de largo, edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, cámpings, gasolineiras e industrias ou instalacións que desenvolvan actividades perigosas e co solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

Ademais na lei de montes contempláronse unha serie de medidas que afectan a estrutura do territorio e polo tanto poden ser consideradas medidas preventivas:

- **Facilita a apertura de descontinuidades para explotacións agrogandeiras:** facilítase o cambio de actividade de forestal á agrícola, sendo soamente necesaria unha comunicación cando se trate de superficies poboadas de matogueiras ou especies do xénero acacia, en superficies ata 15 ha (artigo 60)
- **Limita o paso a forestal de terreos abandonados:** en terreos abandonados, e despois de pasar polo menos dous anos polo banco de terras, soamente se poderán repoboar con frondosas caducifolias aqueles que limiten con superficies forestais (artigo 61)
- **Masas consolidadas de frondosas:** rexistraranse aquelas masas de frondosas de mais de 15 has e co obxecto de asegurar a súa sustentabilidade deberán dispoñer dun documento de xestión para o seu aproveitamento (artigo 93)

2.4. Outras medidas normativas adoptadas no período considerado.

2.4.1. Normativa relativa a prohibición de nova cualificación dos solos afectados polos incendios forestais. Prohibición de usos nos terreos queimados.

Unha parte da sociedade civil galega considera que unha das causas da existencia de incendios forestais deriva da posibilidade de cambiar a cualificación dos terreos queimados, sobre todo para a súa dedicación a usos urbanísticos. Neste punto, temos que resaltar que nas conclusións das dilixencias de investigación abertas pola Fiscalía Xeral de Galicia con motivo da vaga de lumes de outubro de 2017, se recolle que "*se volve a verificar que os tres elementos que habitan o imaxinario da causa dos incendios: a madeira, o urbanismo e a economía do lume, non foron detectados e quedan descartados*

como xa destacaba o informe de 2007 e as actualizacións posteriores".

A vaga de lumes que asolou a nosa Comunidade Autónoma no ano 2017 veu a reabrir o infundado debate sobre unha posible nova cualificación dos solos afectados. Pero tales afirmacións carecen de fundamento, o que deriva directamente da vixente regulación que sobre esta materia se contén na normativa sectorial, tanto estatal como autonómica.

A regulación desta cuestión a nivel estatal se recolle no artigo 50 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, que dispón o seguinte:

"Artículo 50. Mantenimiento y restauración del carácter forestal de los terrenos incendiados

1. ***Las comunidades autónomas deberán garantizar las condiciones para la restauración de los terrenos forestales incendiados, y queda prohibido**:*
    a) ***El cambio de uso forestal al menos durante 30 años**.*
    b) *Toda actividad incompatible con la regeneración de la cubierta vegetal, durante el periodo que determine la legislación autonómica.*

    ***Con carácter singular, las comunidades autónomas podrán acordar excepciones** a estas prohibiciones siempre que, con anterioridad al incendio forestal, el cambio de uso estuviera previsto en:*
    a) *Un instrumento de planeamiento previamente aprobado.*
    b) *Un instrumento de planeamiento pendiente de aprobación, si ya hubiera sido objeto de evaluación ambiental favorable o, de no ser esta exigible, si ya hubiera sido sometido al trámite de información pública.*
    c) *Una directriz de política agroforestal que contemple el uso agrario o ganadero extensivo de montes no arbolados en estado de abandono.*

Asimismo, con carácter excepcional las comunidades autónomas podrán acordar el cambio de uso forestal ***cuando concurran razones imperiosas de interés público de primer orden que deberán ser apreciadas mediante ley****, siempre que se adopten las medidas compensatorias necesarias que permitan recuperar una superficie forestal equivalente a la quemada. Tales medidas compensatorias deberán identificarse con anterioridad al cambio de uso en la propia ley junto con la procedencia del cambio de uso.*

En el caso de que esas razones imperiosas de primer orden correspondan a un interés general de la Nación, será la ley estatal la que determine la necesidad del cambio de uso forestal, en los supuestos y con las condiciones indicadas en el párrafo anterior.

En ningún caso procederá apreciar esta excepción respecto de montes catalogados.

2. *El órgano competente de la comunidad autónoma fijará las medidas encaminadas a la retirada de la madera quemada y a la restauración de la cubierta vegetal afectada por los incendios que, en todo caso, incluirán el acotamiento temporal de aquellos aprovechamientos o actividades incompatibles con su regeneración por un plazo que deberá ser superior a un año, salvo levantamiento del acotado por autorización expresa de dicho órgano.*

3. *Lo dispuesto en este artículo se entiende sin perjuicio de lo previsto en el capítulo II del título XVII de la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, mediante la que se aprueba el Código Penal."*

A actual redacción do artigo resulta das modificacións operadas a través das Leis 10/2006, de 28 de abril e a Lei 21/2015, do 20 de xullo.

O principal obxectivo deste artigo é a **preservación do uso forestal dos solos**

incendiados, de tal xeito que si un solo está clasificado como solo na situación de rural, o incendio non pode servir para a súa reclasificación como solo urbanizable. Con carácter singular, habilita ás comunidades autónomas a acordar excepcións taxadas que, por outra banda, resultan coherentes coa citada limitación temporal.

Neste punto o artigo 59 da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia* sinala:

"Artigo 59. Cambio de uso forestal

1. *O cambio de uso forestal dun monte, cando non veña motivado por razóns de interese xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 28.2 desta lei e da normativa ambiental aplicable,* ***terá carácter excepcional*** *e requirirá informe favorable do órgano forestal e, de ser o caso, do titular do monte.*
2. *A Administración forestal competente poderá regular un procedemento máis simplificado para a autorización do cambio de uso naquelas plantacións forestais temporais para as cales se solicite unha reversión a usos anteriores non forestais.*
3. *En terreos afectados por incendios forestais, non se poderá producir un cambio de uso en trinta anos.* ***Con carácter singular, poderanse acordar excepcións sempre que, con anterioridade ao incendio forestal, o cambio de uso estivera previsto****:*
    a) *Nun instrumento do planeamento previamente aprobado.*
    b) *Nun instrumento do planeamento pendente de aprobación se xa foi obxecto de avaliación ambiental favorable ou, de non ser esta esixible, se xa foi sometido ao trámite de información pública.*
    c) *Nunha directriz de política agroforestal que recolla o uso de pastos ou agrícola extensivo en montes incultos ou en estado*

de abandono que non estean arborados con especies autóctonas."

A modificación operada no artigo 50 da Lei de Montes estatal pola Lei 21/2015 introduciu o último parágrafo do apartado 1, que permite excepcionar a regra de non cambio de uso forestal do monte ardido no prazo dos 30 anos **cando concorran razóns imperiosas de interese público de primeiro orde que deberán de ser apreciadas mediante lei.**

Para que poida aplicarse esta singular excepción é necesario que as leis autonómicas o contemplen e, agás no suposto de adaptación da normativa autonómica ao disposto neste precepto, non podería aplicarse excepcionalidade algunha. En Galicia, aínda non se modificou a Lei 7/2012 para adaptala a normativa estatal.

En canto a normativa urbanística estatal, a disposición adicional sexta do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o **Texto Refundido da Lei do solo e Rehabilitación Urbana**, relativa aos solos forestais incendiados, tamén prevé o mantemento dos terreos incendiados en situación de solo rural, nos seguintes termos:

"1. Los terrenos forestales incendiados se mantendrán en la situación de suelo rural a los efectos de esta ley y estarán destinados al uso forestal, al menos durante el plazo previsto en el artículo 50 de la Ley de Montes, con las excepciones en ella previstas."

No que atinxe á regulación na normativa urbanística autonómica, nomeadamente na **Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia**, e no **Decreto 143/2016**, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, hai que sinalar que a eliminación da referencia que na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio

rural de Galicia, se facía expresamente á prohibición de modificar o planeamento urbanístico que tivese por obxecto a reclasificación que afectase a solos rústicos que foran obxecto de incendios forestais, non supón ningunha redución da protección que se dispensa a ese tipo de solos. O que fai a nova norma urbanística, de igual forma que a estatal, e remitirse á normativa sectorial existente en relación aos terreos que sufriron un incendio.

Na comparecencia do alcalde de Ribeira, Manuel Ruiz, abordouse esta problemática dende a perspectiva dun alcalde dun concello moi afectado polos incendios; o señor Ruiz sinalou que o seu concello podía ter no prazo de 30 anos uns 1.200 incendios, o que supón que nese período de tempo tería ardido a maior parte do seu territorio. Nestas situacións, que afectan a máis concellos galegos, a prohibición do cambio de uso podería afectar a actuacións de interese público como pode ser a creación ou a ampliación de polígonos industriais.

Dende este punto de vista, o señor Ruiz defendeu a necesidade de adaptar a normativa galega a estatal posibilitando o cambio de uso forestal cando **concorran razóns imperiosas de interese público de primeiro orde que deberán de ser apreciadas mediante lei**, como xa teñen feito outras comunidades autónomas. Citou expresamente o artigo 106 do Decreto Lexislativo 1/2017, de 20 de xuño, do Goberno de Aragón, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Montes de Aragón.

Outras limitacións de uso nos terreos afectados polos incendios forestais, recollidas na Lei 3/2007 son as seguintes:

- Non se autoriza o cambio de actividade de forestal a agrícola ou pastizal desde a fecha na que se producira o incendio ata o 31 de decembro posterior a fecha na que se cumpriran dous anos desde o mesmo.
- Prohibición do pastoreo nos terreos forestais que resultasen afectados por incendios nun prazo mínimo a contar desde a fecha na que se

producira o incendio ata o 31 de decembro posterior a fecha na que se cumpriran dous anos desde o mesmo.

- Prohibición dos aproveitamentos e a repoboación cinexética nos terreos queimados desde a fecha na que se producira o incendio ata o 31 de decembro posterior a fecha na que se cumpriran tres anos desde o mesmo.

Estas limitacións contemplan diferentes excepcións sometidas a distintos requisitos. Nas comparecencias na comisión da representante de OVICA e do representante de AGROMACEN sinalouse que era necesario regulamentar as excepcións á actividade de pastoreo nos terreos afectados por incendios, pois dita prohibición afectaba gravemente a actividade de gandería en extensivo.

2.4.2. Principais novidades introducidas pola Lei 9/2017, de Medidas Fiscais e Administrativas.

O tema das franxas de xestión de biomasa e a obriga de mantelas limpas, especialmente as dos perímetros dos núcleos de poboación, é un dos aspectos máis debatidos no seo da Comisión. No punto 3.3.5 de este ditame se recolle unha análise detallada da situación das franxa que se establecen na interface urbano forestal, e dicir, nos perímetros dos núcleos de poboación. Neste apartado debemos resaltar que se trata de unha medida que leva regulada máis de 10 anos e segue a ser considerado coma un instrumento fundamental na loita contra os incendios, calquera que sexa a partido político que goberna a Comunidade Autónoma galega.

As redes de faixas de xestión de biomasa se regulan por primeira vez na Lei 3/2007, prestando especial atención as franxas ao redor dos núcleos de poboación. Neste ámbito temos que sinalar que unha das principais variacións no comportamento dos incendios forestais no ámbito temporal desta comisión é a maior incidencia dos mesmos na interface urbano-forestal, como teremos ocasión de comentar con máis detalle no punto 3.3.5 de este ditame.

A Lei establece un mecanismo de xestión de biomasa nos seguintes termos:

- Defínese como persoas responsables da xestión da biomasa, as persoas físicas ou xurídicas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais situados nas zonas de influencia forestal delimitadas. As persoas que resulten responsables procederán á execución da xestión da biomasa na súa finca incluída, no seu caso, a retirada de especies arbóreas, antes de que finalice o mes de maio de cada ano. Entendese por xestión da biomasa o ter as fincas limpas de árbores e matogueira nos termos especificados na lexislación.
- Transcorrido o prazo sinalado sen que a persoa responsable xestione a biomasa ou retire as especies arbóreas prohibidas, a Administración pública competente poderá proceder á execución subsidiaria, atendendo ás necesidades de defensa contra os incendios forestais, especialmente respecto da seguridade nas zonas de interface urbano-forestal, sen prexuízo da repercusión dos custos da xestión da biomasa á persoa responsable.

Este mecanismo de xestión foise precisando ao longo dos anos, tanto a través da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, como a través de diferentes Leis de Acompañamento dos orzamentos galegos, pero manténdose sempre o principio de que a xestión da biomasa nas franxas de protección dos núcleos rurais corresponde aos propietarios (titulares do dereito de aproveitamento) e de forma subsidiaria, e ante a inacción dos responsables dentro do prazo marcado pola Lei, aos concellos.

No momento actual, as franxas secundarias de xestión de biomasa teñen unha anchura de 50 metros arredor dos núcleos de poboación así como das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte. Tamén se crean estas franxas de protección arredor das vivendas illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Despois da vaga de incendios de outubro de 2017, e a través da Lei 9/2017 de Medidas Fiscais e Administrativas, realizáronse unha serie de modificacións orientadas a facilitar as tarefas que neste ámbito lles corresponde os concellos. As principais modificacións son as seguintes:

- Ampliación das limitacións nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa de xeito que na faixa de protección de 50 metros non poderán existir especies da disposición adicional terceira da Lei (principalmente eucaliptos e piñeiros). Diste xeito preténdese incrementar a resiliencia das zonas interface forestais fronte aos incendios forestais.
- Protección das edificacións illadas en solo rústico que se atopan a máis de 400 metros do monte mediante a súa inclusión no artigo 21. “Redes secundarias de faixas de xestión da biomasa”.
- Protección das estacións de regulación e medida de gas, dos depósitos de distribución de gas, das subestacións eléctricas e das estacións de telecomunicacións mediante a súa inclusión no artigo 20 bis. “Redes primarias de faixas de xestión da biomasa”.
- Acúrtase o prazo que teñen os propietarios das parcelas situadas no perímetro dos núcleos de poboación para xestionar a biomasa e retirar as especies prohibidas, ao 31 de maio (ata este momento o prazo era ata o 30 de xuño).
- No suposto de incumprimento das obrigas de limpeza polos propietarios, a administración pública competente (normalmente os concellos), de

oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais. Esta comunicación incluirá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito prazo, se poderá proceder á execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa e, de ser o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración.

- Cando non se poida determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas ou resulte infrutuosa a notificación da comunicación á que se refire o guión anterior, esta efectuarase mediante un anuncio no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia, no que se incluirán os datos catastrais da parcela. Nestes supostos o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no Boletín Oficial del Estado.
- Vencidos os prazos de xestión sinalados sen que os responsables cumpran coas súas obrigas de limpeza, pódese proceder a execución subsidiaria polo concello.
- Regúlase a incautación e venda das árbores prohibidas, cando a retirada se faga pola Administración polo incumprimento das persoas responsables, para sufragar os custes da execución subsidiaria. O produto da venta vai a un fondo específico que se crea a tal fin.
- Cando as persoas responsables non cumpran as súas obrigas de prevención, e existan factores obxectivos de risco poderanse delimitar zonas de actuación prioritaria e urxente nas que a Administración proceda de maneira inmediata á execución subsidiaria de tales obrigas.
- Tamén se establece que no caso de execución subsidiaria, as persoas que realicen os traballos de xestión da biomasa por encargo da Administración non necesitarán consentimento do titular nin autorización

xudicial para acceder aos terreos que estean dentro das faixas secundarias, salvo que se trate de espazos físicos que teñan a condición de domicilio.

- Regúlase a posibilidade de expropiación forzosa das parcelas cando os custes da execución subsidiaria feita pola Administración, superen o seu valor catastral e os titulares sexan descoñecidos.

A Lei 9/2017 tamén estableceu unha medida de moito calado, consistente na repercusión dos custes de extinción dos incendios nos casos que pasa a recoller o número 9 do artigo 48 da Lei 3/2007:

«9. *Sen prexuízo das responsabilidades que, de ser o caso, correspondan ás persoas autoras dos incendios forestais, a consellaría competente en materia forestal repercutirá os gastos de extinción, logo da tramitación polo órgano territorial daquela do preceptivo procedemento, con audiencia das persoas interesadas:*

a) Ás persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter cando incumprisen as obrigas de xestión da biomasa vexetal ou retirada de especies arbóreas que lles impón esta lei.

b) Ás persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter cando incumprisen as distancias mínimas establecidas nesta lei e na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa.

c) Ás persoas titulares do aproveitamento de predios concentrados ou reestruturados que estean en estado de abandono.

O procedemento para a repercusión dos gastos de extinción iniciarase de oficio, na xefatura territorial correspondente ao municipio en que se produciu o incendio, ou, de seren varios os municipios afectados e isto determinar a competencia de órganos distintos, polo que corresponda ao municipio con maior superficie afectada, sempre que da investigación á que se refire o número anterior se desprenda que os devanditos incumprimentos das persoas

responsables ou o estado de abandono dos predios concentrados ou reestruturados influíron na produción, na propagación ou na agravación da intensidade e nos danos provocados polo incendio forestal. Os gastos repercutiranse ás persoas mencionadas en proporción á contribución dos incumprimentos que lles sexan imputables ou do estado de abandono dos predios concentrados ou reestruturados á produción, á propagación ou á agravación da intensidade e aos danos provocados polo incendio forestal.

A instrución e resolución do procedemento corresponderá ao mesmo órgano territorial competente para inicialo. "

2.4.3. **Principais medidas na loita contra incendios adoptadas dende a vaga de lumes de 2006 no Plan de Prevención e Defensa contra os incendios forestais en Galicia (PLADIGA).**

Segundo o establecido no punto b) do artigo 6, da ***Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia***, a Xunta de Galicia ten a competencia para elaborar e aprobar o **Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA)** así como os Plans de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Distrito.

Ademais das medidas na loita contra os incendios forestais recollidas nos puntos anteriores, vamos a detallar as que recolle o PLADIGA sinalando o ano da súa implantación.

PLADIGA 2007

- *Publicación e entrada en vigor da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*
- *Queimas por vía telefónica.*
- *Diversas aplicacións informáticas para a xestión de medios e toma de*

decisións.

- *Actualización das zonas de alto risco (ZAR).*

PLADIGA 2008

- *Reformulación do operativo na época de alto risco.*
- *Creación do Grupo Central de Análise (GCA), incorporación e posta en marcha das unidades de posto de mando avanzado (PMA).*
- *Desenvolvemento normativo da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais e redacción da Lei de montes de Galicia.*
- *Aprobación e posta en marcha dos plans de prevención de Distrito.*

PLADIGA 2009

- *Renovación do parque móbil dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais.*

PLADIGA 2010

- *Convenio de colaboracións cos concellos para a execución de rozas selectivas manuais e mecanizadas na contorna de núcleos rurais.*
- *Prestación polo 012 do servizo de información e tramitación de queimas por vía telefónica e da súa aplicación informática vía internet.*
- *Análise dun novo índice de risco diario de incendios (IRDI).*

PLADIGA 2011

- *Actualizar, colaborando no seo do CLIF (Comité de loita contra os incendios forestais), o catálogo de EPIS.*

- *Análise e mellora da estrutura organizativa das brigadas de prevención e defensa.*

PLADIGA 2012

- *Estudo de emprazamentos de cámaras térmicas para a vixilancia e detección de lumes forestais.*
- *Integración na RPT como persoal laboral fixo descontinuo de 3 meses do persoal contratado na campaña de incendios.*
- *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*
- *Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*

PLADIGA 2013

- *Plan de divulgación realizado por Técnicos, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais, en centros de ensino de educación primaria e secundaria, coordinado dende os Distritos Forestais.*
- *Convenios de colaboración asinados ou en preparación coa Federación Galega de Caza para a prevención contra os incendios forestais.*
- *Publicación dunha orde de axudas que ten por obxecto a renovación do parque de motobombas municipais.*

PLADIGA 2014

- *Identificación e delimitación das Parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI).*
- *Participación no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través dos proxectos "O monte vivo" e*

"Montentérate" no marco do Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020 "Xuventude 2016".

- *Redacción de ordenanzas tipo e dun modelo de bando municipal para a xestión da biomasa en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado.*

PLADIGA 2015

- *Aplicar técnicas de avaliación do risco de erosión postincendio e planificar as medidas correctoras en colaboración do CIF de Lourizán.*
- *Realización dunha análise da relación entre os usos do territorio e as PAAI.*
- *Elaborar unha avaliación actualizada de riscos en traballos de extinción de incendios forestais.*
- *Inicio remodelación parque de motobombas propio*

PLADIGA 2016

- *Incrementar a 3 anos a duración do convenio entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.*
- *Análise dos usos actuais e da evolución da carga de biomasa en faixas secundarias de xestión da biomasa e en zonas concentradas que foron afectadas por incendios forestais.*
- *Posta en funcionamento do novo sistema dixital de comunicacións TETRA.*

PLADIGA 2017

- *Posta en marcha de campañas divulgativas no ámbito da xestión do combustible nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa.*
- *Proba piloto de instalacións destinadas á preparación de alimentos en áreas recreativas en zonas ZAR.*
- *Posta en funcionamento do novo programa de xestión de lumes en tempo real (XEOCODE 2.0)*

PLADIGA 2018

- *Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, incrementando as limitacións nas redes de faixas de xestión da biomasa.*
- *Análise dun convenio de colaboración coa Administración local para a delimitación das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa e para a actuación directa da Administración local previo acordo cos propietarios ou por vía executiva no caso de non existir acordo.*
- *Tramitación do Decreto polo que se regula a figura de "Agrupación de defensa contra incendios forestais".*
- *Entrada en funcionamento dun novo Manual de operacións aéreas.*
- *Inicio da modernización do parque de vehículos todoterreo.*

2.5. Avaliación dos medios de extinción de incendios. Competencias da Xunta na extinción. O Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia (SPDCIF). A coordinación cos servizos de emerxencias.

2.5.1. Organismos públicos na loita contra os incendios forestais en Galicia.

Na extinción de incendios forestais, é dicir na loita activa contra o lume, interveñen distintas administracións que contan con medios distribuídos por todo o territorio galego:

- A Xunta de Galicia é a que lle corresponde por lei coordinar as actuacións das administracións públicas e dos particulares nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais e promover mecanismos de participación social nas devanditas tarefas. Dentro da estrutura da Consellería do Medio Rural sitúase o Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais (en diante SPDCIF) que dispón dunha organización descentralizada a través de 19 distritos forestais e que ten a máxima responsabilidade na extinción de incendios forestais.

- A Administración local, en particular os municipios, participan no dispositivo coas súas brigadas de prevención e extinción, así como cos vehículos motobomba adquiridos mediante convenio coa Xunta de Galicia. Tamén temos que resaltar aquí o traballo dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (en diante GES).

- A Consellería do Medio Rural, de forma excepcional, conta cos medios contemplados no Plan Contra Incendios Forestais Estatal do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA) para o apoio ás comunidades autónomas.

- A Unidade Militar de Emerxencia participa en labores de extinción.

- As Forzas e Corpos de Seguridade realizan labores de vixilancia e prevención e de protección de persoas e bens.
- O Ministerio de Defensa leva a cabo unha misión de vixilancia e persuasión.
-

2.5.2. As competencias da Xunta na extinción de incendios forestais.

No artigo 5 punto 2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os

s forestais de Galicia se establece que as competencias da Xunta de Galicia en materia de incendios forestais serán exercidas polo Consello da Xunta e pola Consellería competente en materia forestal. Dende o ano 2015, a Consellería competente é a Consellería de Medio Rural, que presenta o seguinte

organigrama:



Á Dirección Xeral de Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes a ordenación, fomento e mellora da produción forestal; así como as medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais. O seu organigrama actual é o que se recolle no seguinte cadro:

A Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais ten encomendadas as actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais, exercendo as funcións de planificación, programación, avaliación e seguimento, medidas e accións de defensa dos montes contra os incendios forestais; a elaboración de análises de causalidade e de planificación preventiva, así como a coordinación de medios na loita contra os incendios forestais. O organigrama do SCPDIF se recolle no cadro que mostramos a continuación:



A determinación das funcións que desenvolven os membros do SPDCIF se recolle no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA), que cada ano se aproba polo Consello da Xunta. A elaboración do mesmo ven fundamentado na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia.

Segundo o artigo 6, puntos 1b) e 2 da Lei 3/2007, correspóndelle á Xunta de Galicia elaborar o PLADIGA. De acordo co artigo 14 punto 1 da mesma Lei, o **PLADIGA** reflectirá a política e as medidas para a defensa dos terreos forestais e das áreas de influencia forestal, englobando os plans de prevención, protección, sensibilización, vixilancia, detección, extinción, investigación e desenvolvemento, soporte cartográfico, coordinación e formación dos medios e axentes do servizo, así como unha definición clara de obxectivos e metas por acadar, a programación das medidas e accións, o orzamento e o plan financeiro, así como os indicadores da súa execución.

Hai que ter en conta que os incendios forestais tamén afectan ó ámbito das emerxencias civís, e neste ámbito a planificación se recolle no Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) e no Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA).

A publicación da **Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais** (Real Decreto 893/2013, do 15 de novembro) supuxo un cambio no marco legal de referencia para a aprobación dos plans de emerxencia por incendios forestais, sendo un dos cambios máis relevantes a definición das situacións operativas de emerxencia que deben de contemplar os plans.

Na actualidade, e de acordo co PEIFOGA a clasificación dos lumes depende do establecemento previo dun **índice de gravidade potencial**, en función do cal se declarará unha **situación operativa** que vai do 0 ó 3 segundo se a afectación dos incendios é so a bens de natureza forestal (situacións 0 e 1) ou se tamén afecta a poboación ou a bens de natureza non forestal (situacións 2 e

3). Pois ben, o PLADIGA desenvolve na súa totalidade as actuacións nas situacións 0 e 1, sendo o departamento competente en materia forestal a quen lle corresponde a dirección do Plan nestas situacións. Polo tanto, para aqueles lumes nos que o PEIFOGA estea en Situación 0 e 1, serán as Xefaturas de Distrito Forestal os que coordinarán tódolos medios terrestres presentes na súa zona, calquera que sexa a súa procedencia.

Os medios contemplados no PLADIGA son:

- Os medios propios da Consellería do Medio Rural (CMR), de entidades públicas e privadas.

- Os medios propios da Administración Local, incluíndo os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), as brigadas de prevención e extinción, os vehículos motobomba conveniados, os parques comarcais de bombeiros e os parques municipais de bombeiros.

- Os medios contemplados no Plan de actuacións de prevención e loita contra os incendios forestais do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación y Medio Ambiente (MAPAMA) para o apoio as CCAA.

- Os apoios puntuais de medios das CCAA fronteirizas coas que existe convenio ou acordo.

O PLADIGA recolle tamén un organigrama operativo de despregue e solicitude de medios para lumes forestais, segundo o cadro que mostramos a continuación



Dentro do despregue operativo destacamos a importancia das seguintes figuras:

- **Director Técnico de Extinción (DTE)**: É o máximo responsable da dirección de extinción do incendio. Realiza unha avaliación do incendio propoñendo o índice de gravidade potencial do lume e os medios que se han de empregar e as accións a executar para a extinción do incendio. Debe de estar permanentemente en contacto co Centro de Coordinación de Distrito, e actuando de forma coordinada establecerá e executará o plan de extinción, para o que solicitará todos os medios necesarios; dirixirá o grupo de intervención para todas as situacións declaradas ordenando e supervisando as distintas tarefas necesarias para a extinción, control e liquidación do lume, supervisando as mesmas.

- **O Posto de Mando Avanzado (PMA)**: É o centro de mando de carácter técnico, que se constituirá próximo ao lugar do incendio e desde o cal se dirixirán e coordinarán as actuacións dos grupos operativos, de acordo coas ordes indicadas polo director do plan. Estará composto polos xefes dos grupos operativos desprazados a zona do lume. A constitución do PMA para situación 0 e 1 será establecida polo Centro de Coordinación Central a solicitude do Director Técnico de Extinción, que será o seu director. No caso da situación 2 o director do PMA será designado polo Delegado Territorial de entre o persoal técnico presente no incendio.

- **Grupos operativos**: Para a execución das accións previstas no PLADIGA no caso dun lume forestal, se constituirán como grupos operativos os seguintes: **grupo de intervención** que leva a cabo funcións de detección, aviso e extinción, constituído para todas as situacións; **grupo de apoio loxístico e seguridade**, que cumpre funcións de seguridade cidadá, control de accesos, evacuación, confinamentos, albergue e que se constitúe para situacións 2 e superiores; **grupo sanitario** que fai triaxe, atención, traslado de feridos e atención psicolóxica e social e que se constitúe para situacións 2 e superiores.

No que se refire os medios materias e de actuación na loita contra os lumes forestais, hai que ter en conta unha das características dos servizos de extinción que é a súa adaptabilidade en canto a medios en función da época do ano na que nos atopemos, considerada dende o punto de vista do risco de incendios. De acordo co artigo 9 da Lei 3/2007, é a Consellería de Medio Rural a que define as épocas de perigo alto, medio e baixo, que son as que condicionarán a intensidade das medidas que se vaian a adoptar para a defensa do territorio de Galicia fronte o fenómeno dos incendios. O PLADIGA 2018 prevé os seguintes medios materiais e de actuación:

PLADIGA 2018. GALICIA					
CATEGORÍAS			RISCO		
			Baixo	Medio	Alto
MEDIOS DE ACTUACIÓN	PERSOAL LABORAL	BRIGADAS DE TERRA	82	134	134
		BRIGADAS HELITRANSPORTADAS	0	4	6
		VIXILANCIA MOBIL 1ª INTERVENCIÓN	0	5	5
	TOTAL PERSOAL LABORAL		**82**	**143**	**145**
	CONTRATACIÓN EMPRESA PUBLICA	BRIGADAS DE TERRA	0	0	125
	C. PERSOAL MEDIOS AEREOS	BRIGADAS HELITRANSPORTADAS	0	6	16
	TOTAL CONTRATACIÓN EMPRESA PUBLICA + MEDIOS AEREOS		**0**	**6**	**141**
	CONVENIO	GES	28	28	28
		CONCELLOS	0	0	275
	TOTAL CONVENIOS		**28**	**28**	**303**
	TOTAL MEDIOS DE ACTUACIÓN		**110**	**177**	**589**
MEDIOS MATERIAIS	ESTADO	AVIÓNS ANFIBIOS	0	0	2/3
		AVIÓNS DE CARGA EN TERRA	0	0	2
		HELICÓPTEROS KAMOV	0	1	0
		HELICÓPTEROS SOKOL BRIF-A	0	1	2
		HELICÓPTEROS DE VIXILANCIA	0	0	2/4
		U.M.M.T.	0	0	1
	TOTAL MEDIOS ESTADO		**0**	**2**	**9/12**
	XUNTA	AVIÓNS DE CARGA EN TERRA	0	0	0
		HELICÓPTEROS PUMA	1	1	1
		HELICÓPTEROS TIPO MEDIO	0	3	5
		HELICÓPTEROS TIPO LIXEIRO	0	5	9
		HELICÓPTEROS DE COORDINACIÓN	0	1	2
		AVIÓNS DE COORDINACIÓN E VIXILANCIA	0	0	0
	TOTAL MEDIOS AÉREOS XUNTA		**1**	**10**	**17**
	XUNTA MEDIOS TERRESTRES	MOTOBOMBAS DO SPDCIF	75	149	156
		CISTERNA NODRIZA	0	0	2
		MAQUINARIA PESADA	0	0	4/17
		U.T.A.	0	1	2
	TOTAL MEDIOS TERRESTRES XUNTA		**75**	**150**	**164/177**
	CONCELLOS, PARQUES COMARCAIS E MUNICIPAIS	MOTOBOMBAS MUNICIPAIS	0	0	84
		MOTOBOMBAS GES	56	56	56
		MOTOBOMBAS PARQUES COMARCAIS E MUNICIP.	62	62	62
	TOTAL CONCELLOS, PARQUES COMARCAIS E PARQUES MUNICIPAIS		**118**	**118**	**202**

Como se pode observar, o maior despregue se produce no época de perigo alto que, de acordo co PLADIGA 2018, comprende con carácter xeral os meses de xullo, agosto e setembro, máis un período adicional de aproximadamente un mes en función das condicións meteorolóxicas e de risco. No que se refire a distribución de persoal, o detalle recollémolo no seguinte cadro do PLADIGA 2018:

PLADIGA 2018. GALICIA					
CATEGORÍAS			RISCO		
			Baixo	Medio	Alto
MEDIOS DE ACTUACIÓN	PERSOAL LABORAL	BRIGADAS DE TERRA	82	134	134
		BRIGADAS HELITRANSPORTADAS	0	4	6
		VIXILANCIA MOBIL 1ª INTERVENCIÓN	0	5	5
	TOTAL PERSOAL LABORAL		82	143	145
	CONTRATACIÓN EMPRESA PUBLICA	BRIGADAS DE TERRA	0	0	125
	C. PERSOAL MEDIOS AEREOS	BRIGADAS HELITRANSPORTADAS	0	6	16
	TOTAL CONTRATACIÓN EMPRESA PUBLICA + MEDIOS AEREOS		0	6	141
	CONVENIO	GES	28	28	28
		CONCELLOS	0	0	275
	TOTAL CONVENIOS		28	28	303
	TOTAL MEDIOS DE ACTUACIÓN		110	177	589
MEDIOS MATERIAIS	ESTADO	AVIÓNS ANFIBIOS	0	0	2/3
		AVIÓNS DE CARGA EN TERRA	0	0	2
		HELICÓPTEROS KAMOV	0	1	0
		HELICÓPTEROS SOKOL BRIF-A	0	1	2
		HELICÓPTEROS DE VIXILANCIA	0	0	2/4
		U.M.M.T.	0	0	1
	TOTAL MEDIOS ESTADO		0	2	9/12
	XUNTA	AVIÓNS DE CARGA EN TERRA	0	0	0
		HELICÓPTEROS PUMA	1	1	1
		HELICÓPTEROS TIPO MEDIO	0	3	5
		HELICÓPTEROS TIPO LIXEIRO	0	5	9
		HELICÓPTEROS DE COORDINACIÓN	0	1	2
		AVIÓNS DE COORDINACIÓN E VIXILANCIA	0	0	0
	TOTAL MEDIOS AÉREOS XUNTA		1	10	17
	XUNTA MEDIOS TERRESTRES	MOTOBOMBAS DO SPDCIF	75	149	156
		CISTERNA NODRIZA	0	0	2
		MAQUINARIA PESADA	0	0	4/17
		U.T.A.	0	1	2
	TOTAL MEDIOS TERRESTRES XUNTA		75	150	164/177
	CONCELLOS, PARQUES COMARCAIS E MUNICIPAIS	MOTOBOMBAS MUNICIPAIS	0	0	84
		MOTOBOMBAS GES	56	56	56
		MOTOBOMBAS PARQUES COMARCAIS E MUNICIP.	62	62	62
	TOTAL CONCELLOS, PARQUES COMARCAIS E PARQUES MUNICIPAIS		118	118	202

PLADIGA 2018. GALICIA						
CATEGORIAS				RISCO		
				BAIXO	MEDIO	ALTO
PERSOAL	MEDIOS PROPIOS	FUNCIONARIOS	SUBDIRECTOR/A	1	1	1
			XEFES/AS DE SERVIZO	7	7	7
			XEFE/AS DE ÁREA	4	4	4
			XEFES/AS DE DISTRITO	19	19	19
			XEFES/AS DE SECCIÓN	3	3	3
			XEFE/A DE UNIDADE TÉCNICA	8	8	8
			TÉCNICOS/AS DE DISTRITO	63	63	63
			AXENTES TERRITORIAIS	63	63	63
			AXENTES ZONAIS	125	125	125
			AXENTES	199	199	199
		LABORAIS FIXOS	BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A DE BRIGADA	84	84	84
			BOMBEIRO/A FORESTAL OFICIAL/A	46	46	46
			BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUCTOR/A	82	82	82
			BOMBEIRO/A FORESTAL	410	410	410
			BOMBEIRO/A FORESTAL C. MOTOBOMBA	82	82	82
			OFICIAL/A 2º MECÁNICO	11	11	11
			EMISORISTAS	54	54	54
			OPERADOR/A-CODIFICADOR/A	48	48	48
			VIXILANTES FIXOS	60	60	60
		FIXOS DISCONTINUOS 9 MESES	BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A DE BRIGADA	0	56	56
			BOMBEIRO/A FORESTAL OFICIAL/A	0	16	16
			BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUCTOR/A	0	86	86
			BOMBEIRO/A FORESTAL	0	292	292
			BOMBEIRO/A FORESTAL C. MOTOBOMBA	0	85	85
			OFICIAL/A 2º MECÁNICO	0	0	0
			EMISORISTAS	0	51	51
			VIXILANTES FIXOS	0	40	40
		FIXOS DISCONTINUOS 3 MESES	TÉCNICO/A SUPERIOR	0	0	1
			TÉCNICO/A BRIGADA HELIT.	0	0	5
			BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A BRIG. HELIT.	0	0	2
			BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUCTOR/A BRIG. HELIT.	0	0	2
			BOMBEIRO/A FORESTAL BRIGADA HELIT.	0	0	16
			BOMBEIRO/A FORESTAL C. MOTOBOMBA	0	0	262
			EMISORISTAS	0	0	69
			OPERADOR/A-CODIFICADOR/A	0	0	6
			VIXILANTES FIXOS	0	0	73
		TOTAL		1.369	1.995	2.431
		CONTRATACIÓN EMPRESA PÚBLICA	XEFE/A DE BRIGADA	0	0	125
			PEÓN/A CONDUCTOR/A	0	0	125
			PEÓN/A DE BRIGADA	0	0	250
		CONTRATACIÓN PERSOAL MEDIOS AEREOS	TÉCNICO/A DE BGDA. HELIT.	0	6	16
			XEFE/A DE BRIGADA HELIT.	0	2	8
			PEÓN/A CONDUCTOR/A BRIG. HELIT.	0	8	24
			PEÓN/A DE BRIGADA HELIT.	0	24	84
			EMISORISTA	0	6	16
		TOTAL EMPRESA PUBLICA+MEDIOS AEREOS		**0**	**46**	**648**
	ESTADO	BRIGADAS DE LABORES PREVENTIVAS (BLP) E BRIGADAS DE REFORZO DE INCENDIOS FORESTAIS (BRIF)	XEFE/A BRIF (TÉCNICO)	1	1	1
			SUBXEFE/A BRIF (TÉCNICO)	0	1	2
			TÉCNICO/A DE BASE	0	2	2
			PREPARADOR/A FÍSICO	1	1	1
			CAPATAZ	5	5	6
			PEÓN ESPECIALISTA	45	45	45
			EMISORISTA	0	2	2
		TOTAL ESTADO		52	57	59
	CONCELLOS, PARQUES COMARCAIS E PARQUES MUNICIPAIS	CONCELLO	XEFE/A DE BRIGADA	0	0	275
			PEÓN/A CONDUCTOR/A	0	0	275
			PEÓNS/AS	0	0	963
			C. MOTOBOMBA	0	0	252
		GES	XEFES/AS BRIGADA	84	84	84
			PEÓNS/AS	282	282	282
		P. COMARCAIS E MUNICIPAIS	BOMBEIROS	498	498	498
		TOTAL CONCELLOS, PARQUES COMARCAIS E MUNICIPAIS		**864**	**864**	**2.629**
TOTAL PERSOAL				**2.285**	**2.962**	**5.767**

Nas comparecencias da Comisión analizáronse diferentes aspectos do funcionamento dos servizos de extinción nun sentido amplo, partindo da posición común de que Galicia conta cun magnífico operativo de extinción de incendios; dende esta perspectiva común todas as achegas que se fixeron respecto ao seu funcionamento foron coa finalidade de incrementar a súa eficacia. Desenrolamos a continuación os principais aspectos que foron obxecto de debate.

A composición do Servizo Galego de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais: fragmentación e precariedade.

Neste punto diferentes comparecentes, sobre todo representantes sindicais, sinalaron que unha das dificultades que atopa o funcionamento do SPDCIF é que se trata dun servizo moi fragmentado e que unha parte importante dos seus efectivos teñen un posto de traballo de carácter precario, sobre todo, os traballadores fixos discontinuos que traballan na época de perigo alto. No seguinte cadro recollemos a composición do SPDCIF, dende o punto de vista do carácter laboral ou funcionarial dos traballadores (datos do PLADIGA para o ano 2018):

	RISCO		
	BAIXO	MEDIO	ALTO
FUNCIONARIOS	492	492	492
LABORAIS FIXOS	877	877	877
LABORAIS FIXOS DISCONTINUOS 9 MESES	0	626	626
LABORAIS FIXOS DISCONTINUOS 3 MESES	0	0	436
Total	**1.369**	**1.995**	**2.431**

Na comparecencia do señor Roca Arrué, en representación de UXT-Galicia, sinalou que todos as organizacións sindicais reclaman un SPDCIF público, único e profesional. En canto a fragmentación trasladou que no operativo participan diferentes entidades o que dificulta a coordinación das tarefas de

extinción. En particular, a maior dificultade neste ámbito dáse cos traballadores contratados pola empresa pública SEAGA. Entenden os sindicatos que todos os traballadores do servizo deberían de ter a condición de funcionarios ou persoal laboral.

No caso do persoal laboral, o que se trasladou a Comisión por parte dos sindicatos é que debería de reducirse a temporalidade dos fixos discontinuos, fundamentalmente dos que son contratados por tres meses no período de máximo risco. A razón que se alegou e que a profesionalidade e experiencia dos compoñentes do SPDCIF constitúe un elemento fundamental na loita contra os incendios forestais e vese dificultado cando unha parte importante dos que o compoñen so traballan tres meses o ano. En canto encontran outras oportunidades laborais deixan de acudir as convocatorias de postos de tres meses, o que redunda nunha perda de experiencia e cualificación de parte do servizo.

Outra das cuestións que se debateu, como xustificación de aumentar o tempo de contratación dos fixos discontinuos de tres meses, é que estes son contratados para o período de máximo risco, pero as circunstancias do mes de outubro de 2017 demostraron que nos últimos anos o cambio climático fai que haxa outras épocas do ano nas que pode ser necesario un maior número de efectivos no SPDCIF. Isto debería de levar consigo unha maior flexibilidade na contratación de persoal. Por outra banda tamén se argumentou que o maior tempo de contratación dos fixos discontinuos permitiría mellorar as actuacións de prevención, nas que o SPDCIF ten que xogar un papel fundamental.

Na comparecencia do Xefe Territorial da Consellería de Medio Rural na provincia de A Coruña, Manuel Rodríguez Vázquez, tivo especial interese para o tema que nos ocupa a comparación do SPDCIF e os medios de extinción dos incendios de Portugal. Sinalou que a gran vantaxe do servizo galego é a maior autonomía que ten o director de extinción; o servizo portugués está moito máis xerarquizado e iso provoca que as decisións non cheguen con rapidez a

dirección de extinción. Outra das cuestións que remarcou o comparecente foi a rápida resposta que presenta o SPDCIF fronte os lumes. No que se refire a fragmentación do servizo, o señor Rodríguez Vázquez sinalou que a coordinación era a clave para o adecuado funcionamento dun dispositivo con diferentes entidades, e que esta coordinación debía de basearse nunha serie de protocolos de actuación que en Galicia existían e se cumprían de forma adecuada.

O tamaño do SPDCIF.

Nas comparecencias ante a Comisión suscitouse o debate sobre si o número de efectivos do servizo son suficientes para atender o fenómeno dos incendios en Galicia. Esta é unha cuestión que motivou posturas encontradas entre os grupos políticos na análise da vaga de lumes de outubro de 2017. Nas comparecencias da Comisión trasladouse a posición maioritaria de que o SPDCIF de Galicia é un magnifico servizo que ten uns resultados moi eficaces na loita contra os lumes. En canto o número de efectivos, se considerou que era un número axeitado para facer fronte os lumes en situacións climatolóxicas que poderíamos definir como normais. Nestas situacións o servizo responde con moita celeridade e efectividade, como se demostra no porcentaxe que supoñen os conatos respecto ao número total de incendios, por encima do 75% nos cinco últimos anos, na redución do número de incendios e no limitado número de incendios superiores as 25 hectáreas, sempre por debaixo do 4% do total. Estes ratios permiten afirmar que estamos ante un dos servizos de extinción de incendios mais eficientes do mundo.

Agora ben, o cambio climático está a condicionar que se produza unha maior evidencia de eventos meteorolóxicos extremos (borrascas, cicloxénesis, ciclóns) como o que se produciu na vaga de incendios de outubro de 2017. Por outra banda, hai unha tendencia a que os incendios sexan máis intensos e incontrolables, a que se inicien con maior facilidade e que a súa propagación sexa máis rápida. Ademais a tempada de incendios irá aumentando e

prolongarase de marzo a outubro.

As conclusións maioritarias dos comparecentes relacionados con este ámbito foron que:

- Nas condicións de vento, temperatura e humidade que se rexistraron en outubro de 2017, unidas a outras circunstancias que analizamos no punto 3 de este ditame, a propagación dos incendios non se tería evitado cunha maior dotación de persoal.

- Sen embargo, a dotación de persoal do SPDCIF debería de reforzarse noutras épocas do ano fora da temporada de alto risco de incendios.

O mando único.

Outra das cuestións que se debateu en diferentes comparecencias foi se na extinción de incendios en Galicia existe un concepto claro de mando único. Neste senso houbo dúas posturas ben diferenciadas:

- Os que sosteñen que o servizo de extinción galego está moi fragmentado tamén sostiveron que a coordinación entre as diferentes entidades que participan na extinción dos incendios non funciona de xeito adecuado pola carencia dun mando único.

- Os que consideran que o mando único está totalmente reflectido na figura do Director de Extinción e nas funcións que asume na extinción dos incendios. Esta posición foi confirmada polos dous axentes forestais que compareceron ante a Comisión, que recordemos son os capacitados para actuar como Directores de Extinción. O axente forestal Gómez Trabada manifestou na súa comparecencia que "*temos a responsabilidade da dirección técnica de extinción de lumes, que conleva a dirección e coordinación dos diferentes medios que están actuando no incendio: avións, helicópteros, bombeiros forestais, brigadas de Seaga, brigadas e motobombas dos concellos, GES, entre*

outros. Así como a toma de decisións para conseguir a extinción do lume. Quero recalcar que todo este dispositivo realízase baixo o noso mando, tendo que atender ao control e comunicación con cada un dos grupos participantes na extinción, tomando decisións que poden variar en minutos, dependendo da evolución do incendio, e das condicións meteorolóxicas, asumindo toda a responsabilidade que se derive desas decisións."

O papel das Brigadas Municipais.

Outra cuestión moi debatida en varias comparecencias foi o do papel das brigadas municipais na extinción dos incendios. Dentro do operativo de loita contra os lumes forestais a Xunta ten firmado un Convenio coas entidades locais para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais (o último con vixencia para os anos 2016, 2017 e 2018). As accións de prevención e defensa contra incendios forestais financiables ao abeiro do Convenio son as seguintes:

- Participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba.
- Participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal.
- Participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa: As labores preventivas consistirán no desenvolvemento de traballos manuais en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos. Ademais, as brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais

integrándose no mando único da Xunta de Galicia. Cada brigada realizará estes traballos nos tres meses de operatividade.

De acordo cos datos do PLADIGA para o ano 2018, estas brigadas municipais supoñen un total de 275 xefes de brigada, 275 peóns condutores, 963 peóns e 252 condutores de motobomba; todos contratados na época de risco alto de lumes forestais. Polo tanto, un total de 1.765 operarios, que son contratados polos concellos co apoio financeiro da Xunta. A fecha de redacción deste ditame, había un total de 267 concellos e cinco mancomunidades que se adheriran a estes Convenios, mentres que un total de 37 concellos os rexeitaban.

Nas comparecencias dos representantes da Administración Local, aportáronse argumentos a favor e en contra das brigadas municipais.

Os comparecentes que se mostraron en contra das brigadas municipais, defenderon que o papel que estas desempeñaban debía de corresponder o SPDCIF. Alegaron diferentes motivos:

- A competencia na extinción de incendios é da Xunta, e non a pode trasladar ós Concellos. Ademais, ó trasladar a contratación os concellos pode suceder que os mais pequenos carezan de recursos económicos para facer esta contratación, aínda co apoio económico da Xunta.

- Na maioría dos casos, as brigadas municipais están formadas por xente con pouca experiencia na loita contra os lumes, debido a temporalidade dos seus postos de traballo. A formación que se lles imparte é en moitas ocasións repetitiva e non se adecúa as exixencias da extinción.

- Existe moita diferenza nas condicións laborais e salariais dos brigadistas municipais cos traballadores do SPDCIF, o que afecta as condicións de traballo.

- As condicións para o contratación varían dun concello a outro e moitas

veces non aseguran a profesionalidade e o coñecemento das súas tarefas dos brigadistas contratados.

- Entre as competencias das brigadas está tamén o facer rozas, o que fai que moitas veces cheguen tarde ós incendios ou non o fagan nas condicións físicas máis axeitadas.

- As condicións climatolóxicas da temporada de máximo risco dificulta a realización dos traballos de rozas que asumen por Convenio as brigadas.

Fronte a esta postura houbo tamén comparecentes que defenderon as brigadas municipais, fundamentalmente pola presenza e coñecemento do medio que a través delas se consegue no conxunto do territorio.

A coordinación do SPDCIF e os servizos de emerxencia galegos.

Esta cuestión se abordou en varias das comparecencias na Comisión. Como xa sinalamos, os lumes forestais tamén determinan situacións de emerxencia, o que motiva a existencia do Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA), aprobado mediante resolución de 28 de maio de 2015. Este plan ten por obxecto organizar e determinar os procedementos que se deben aplicar fronte ó risco de incendios, ordenando a xestión dos medios propios ou de outras Administracións. Os servizos de emerxencias asumen o seu protagonismo cando se decretan as situacións 2 ó 3 que é cando se producen situacións de perigo e risco para a poboación ou o incendio afecta a bens de natureza non forestal. Pero calquera que sexa a situación desempeñan un papel importante na atención das emerxencias a través do Centro de Atención das Emerxencias (CIAE 112) , xestionado pola Axencia Galega de Emerxencias. Tamén a través do CIAE 112 fanse as mobilizacións de recursos dos diferentes organismos que poden atender as emerxencias derivadas dos lumes forestais.

Neste ámbito das emerxencias destacamos tamén o papel das seguintes

organizacións:

- **Grupos de Emerxencia Supramunicipal:** Estes grupos, dos que hai un total de 28, se crean en base a un Convenio de colaboración entre a Xunta, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as Diputacións Provinciais, para completar o mapa de emerxencias de Galicia. Entre as súas funcións podemos destacar, por estar relacionadas coa prevención e extinción de incendios:
    - Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación.
    - Definir as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais.
    - Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa.
    - Actuacións de silvicultura preventiva para crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal mediante rozas en terreos de titularidade municipal ou de propietario descoñecido.
- **As agrupacións municipais de voluntarios de Protección Civil**: Son un total de 228 agrupacións con máis de 5.000 voluntarios que cobren o 72% do territorio galego. Na comparecencia do responsable da Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Boqueixón, don Juan Manuel Corral Sánchez, sinalou que as agrupacións naceron en moitos casos para cubrir as necesidades de atender situacións de emerxencias que se sucedían polo territorio galego e, co paso dos anos e coa profesionalización do sector, as agrupacións fóronse adaptando a esta situación e fóronse especializando en prevención. Dende esa perspectiva o papel da Protección Civil ten que ser o de complementar aos profesionais que actúan na prevención e na extinción de incendios.

- **Forzas e Corpos de Seguridade**: A Garda Civil, Policía Nacional e Policía Autonómica que actúan tanto na xestión das emerxencias provocadas polos incendios forestais como tamén na investigación dos mesmos.

- **A Unidade Militar de Emerxencias (UME):** Ademais da súa intervención na extinción, en Galicia tense firmado un Convenio entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia que atribúe aos militares as funcións de vixiar e manter unha presenza disuasoria nas zonas asignadas pola Xunta, facilitar información temperá aos servizos de extinción dos incendios e conatos que se observen e notificar ás Forzas e Corpos de Seguridade acerca daquelas persoas que puidese estar implicado na provocación de incendios intencionados; a coñecida como OPERACIÓN CENTINELA.

1.1. A comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia logo da vaga de incendios forestais de outubro de 2017. Análise das medidas propostas. A creación da Comisión Parlamentaria de estudio.

A vaga de lumes de outubro de 2017 provocou unha reacción inmediata da Xunta de Galicia. Ademais da comparecencia no Pleno do Parlamento de Galicia da Conselleira de Medio Rural do 18 de outubro de 2017, houbo unha comparecencia extraordinaria do Presidente da Xunta o sete de novembro de 2017. Esta comparecencia marcou un fito importante pois fíxose nun momento no que xa estaban superadas as urxencias, cun balance de danos máis preciso, e coas axudas necesarias para os afectados xa publicadas e tramitándose; isto fixo que o Presidente anunciara que se daban as condicións para facer un debate con máis coñecemento e, por tanto, mais amplo e profundo.

Na súa comparecencia o Presidente propuxo un paquete de trinta medidas en tres eidos:

- **No eido da prevención.**
- **No eido da ordenación.**
- **No da dinamización.**

E non falou de impoñelas senón de traballalas conxuntamente con todos os grupos da oposición, ofrecendo a procura de un acordo de país sobre a política forestal.

No **eido da prevención** propuxo avanzar nun Acordo coa Administración local para incentivar economicamente a limpeza dos montes, especialmente nas faixas secundarias (as que están na contorna dos núcleos), e para garantir a total implicación dos concellos, que teñen competencias directas nestas tarefas, coas seguintes medidas específicas:

Medida 1: Que os propietarios que deleguen no concello os traballos de limpeza paguen un prezo fixo –equiparable a unha roza básica- e as administracións cubran a parte restante nos casos que sexa preciso.

Medida 2: Proposta á Fegamp dunha fórmula para que o 100% dos municipios rurais que non teñen parque de bombeiros propio conten coas brigadas forestais que lles cofinancia a Xunta.

Medida 3: O Plan APROL RURAL do 2018 estará orientado exclusivamente aos concellos do rural que contraten persoal dedicado as tarefas de silvicultura, limpeza dos montes ou outras tarefas de valorización forestal, cun orzamento de 7 M€.

Medida 4: Co mesmo obxectivo de reforzar a colaboración con municipios e deputacións, recollese a proposta dun **novo Mapa de Emerxencias** que incorpore e coordine no mando único varios avances logrados nos últimos anos como:

- A comarcalización dos parques de bombeiros.
- Os Grupos de Emerxencia Supramunicipal.
- Os novos instrumentos tecnolóxicos da Rede Dixital de Emerxencias,
- Ou o funcionamento dun teléfono para alcaldes.

Medida 5: Incrementar a seguridade xurídica dos concellos para facilitarlles a execución subsidiaria das medidas de prevención no caso das parcelas de titular descoñecido.

Medida 6: Para abordar a problemática das parcelas con titular descoñecido ou non localizable se propón incorporar de xeito cautelar ao Banco de Terras aquelas fincas sobre as que se estea a investigar se teñen un propietario descoñecido, falecido ou ilocalizable. É dicir, poñelas desde que se abre a investigación, a disposición de quen as queira traballar.

Medida 7: Incorporación ao Banco de Terras dos montes veciñais en man común catalogados como en grave estado de abandono, para a súa cesión posterior, no caso de que a comunidade correspondente non se queira facer cargo deles.

Medida 8: Utilizar o mesmo procedemento de mobilización dos terreos abandonados para o impulso de polígonos agrarios.

Medida 9: Establecer faixas de protección arredor das subestacións eléctricas e estacións de telecomunicacións. (ata agora só existía esta obriga nas liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica e de gas).

Medida 10: Obrigar á xestión da biomasa nas vivendas illadas en solo rústico (aínda que estean situadas a máis de 400 metros do monte).

Medida 11: Ampliar as limitacións nas faixas secundarias, é dicir dentro dos 50 metros arredor das edificacións, onde non poden existir acacias nin tampouco especies pirofíticas (basicamente piñeiros e eucaliptos) en determinadas zonas

que presentan maior risco de incendios por altitude, vento, ou nos cámpings, gasolineiras e instalacións con material inflamable.

Medida 12: Endurecer os requisitos para a plantación de piñeiros e eucaliptos entre os 30 e 50 metros arredor dos núcleos, onde propuxo ampliar a distancia de plantación a 10 metros entre exemplares. (finalmente na Lei de Medidas prohibíronse as árbores do Anexo III na totalidade das franxas de protección dos núcleos de poboación).

Medida 13: Posta en marcha dunha campaña de difusión que conciencie a todos os galegos das responsabilidades que temos en relación coas nosas propiedades no monte e na loita contra os incendios.

Medida 14: Para sensibilizar as xeracións máis novas no respecto aos montes, se propón a posta en marcha de campañas de concienciación que permitan chegar ao 100 % dos rapaces antes de que rematen a ensinanza obrigatoria.

No **eido da ordenación** as medidas propostas polo Presidente da Xunta foron as seguintes:

Medida 15: Completar a revisión do Plan Forestal de Galicia, unha necesidade evidente tendo en conta que o actual foi deseñado hai máis de dúas décadas e, por tanto, precisa ser actualizado, asumindo ademais o compromiso da remisión do Plan Forestal ao Parlamento para que tamén poida ser enriquecido coas achegas dos grupos parlamentarios.

Medida 16: Impulsar a elaboración dos Plans de Ordenación a nivel de distrito, comezando polas provincias de Ourense (que ten cinco) e Pontevedra (con catro) por tratarse das que rexistran maior afectación e actividade incendiaria.

Medida 17: Asegurar o cumprimento das obrigas de ordenación recollidas na lexislación vixente, que estipula que todos os montes ou terreos forestais terán

que dispoñer en 2020 dun instrumento de ordenación ou xestión forestal para autorizar os aproveitamentos.

Medida 18: Desenrolar o Plan de actuacións de mellora das zonas de pastoreo extensivo nas provincias de Ourense e Pontevedra, cun orzamento de 1,3 M€ a executar durante o ano 2018.

Medida 19: Continuar cos procedementos de reestruturación parcelaria, impulsando procedementos áxiles como poden ser as concentracións feitas polos particulares.

Medida 20: Afondar na simplificación administrativa xa iniciada para as autorizacións de corta pola Lei de Fomento da implantación de iniciativas empresariais.

Medida 21: Apertura dunha Plataforma Tecnolóxica no portal da Xunta coa información xeolocalizada e debidamente actualizada, que permita coñecer cando os montes forman parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección, de xeito que permita aos operadores económicos unha planificación da xestión forestal respectuosa.

No **eido da dinamización do sector forestal**, as medidas propostas polo Presidente da Xunta foron as seguintes:

Medida 22: O desenrolo da **Axencia Galega da Industria Forestal** cos seguintes obxectivos:

- Incentivar con máis intensidade ás pemes do sector e fomentar a fabricación de produtos de consumo.
- Facer o sector máis competitivo a través da renovación tecnolóxica e aplicación da enxeñería.
- E fomentar o emprego de calidade.

Medida 23: Posta en marcha dun Programa Mixto (que combine formación e emprego) para tratamentos silvícolas e xestión da biomasa en montes veciñais en man común e de particulares asociados, co fin de posibilitar que persoas en situación de desemprego poidan obter un contrato formativo que lles permita acadar coñecementos certificables no sector, e ao mesmo tempo axudar na labor de limpeza de montes da nosa comunidade.

Medida 24: Modificación do Decreto das Sociedades de Fomento Forestal, co obxectivo de flexibilizar a normativa actual e facilitar a entrada de novos investidores.

Medida 25: Implantación de novas rebaixas fiscais, en IRPF e Patrimonio, para atraer inversores o monte.

Para afrontar **a loita contra os incendiarios e impedir a súa impunidade**, o Presidente propuxo cinco medidas:

Medida 26: A creación dos Equipos Forestais de Investigación, que ampliará e permitirá especializar o traballo que ata agora realizaban as Brigadas de investigación de incendios forestais. Este corpo especializado estará dedicado á investigación no punto de orixe dos lumes, a análise da relación entre os incendios e as actividades que se fan no monte e ao seguimento das zonas queimadas. Haberá un mínimo de tres axentes dos Equipos Forestais de Investigación en cada un dos 19 distritos forestais de Galicia, é dicir, un mínimo de 57 axentes.

Medida 27: Creación dos Equipos de Vixilancia de Incumprimento para velar por que se cumpran as medidas incluídas na normativa forestal e de defensa contra incendios, tanto as que xa están en vigor como as que se inclúen na Lei de acompañamento dos Orzamentos. Estes Equipos serán os encargados de

supervisar que se cumpran as distancias de seguridade, ademais de apoiar aos concellos na implantación de faixas de xestión de biomasa para defender os núcleos habitados. Ademais, tamén localizarán parcelas descoidadas, abandonadas ou que incumpran a normativa. Haberá un mínimo de dous efectivos de vixilancia por cada distrito forestal, é dicir, 38.

Medida 28: Creación do Rexistro administrativo de investigacións en materia de incendios forestais de Galicia. Nel almacenaranse todos os datos, informes e valoracións das investigacións administrativas sobre lumes forestais.

Medida 29: Implantación dunha Rede de vixilancia forestal que, mediante cámaras de videovixilancia e de xeito proporcional á actividade incendiaria de cada lugar, axude a identificar a actividade incendiaria e a detectar focos coa máxima axilidade posible. Esta instalación farase nas localizacións que ten o operador público de infraestruturas de telecomunicacións Retegal.

Medida 30: Reforzo mediante unha campaña de coñecemento do teléfono 085 para que sexa, ademais do número para advertir do avistamento de lumes, tamén do avistamento de incendiarios.

O Presidente tamén trasladou nesa comparecencia unha proposta temporal para a implantación daquelas medidas que de forma consensuada se entendera que podían ser máis efectivas na loita contra os incendios forestais:

- As que foran máis urxentes por ter incidencia na campaña de máximo risco do ano 2018, e necesitaran de modificacións normativas, xa se podían pactar no Lei de Medidas Fiscais e Administrativas que acompañara os orzamentos do 2018.
- As medidas estruturais e de calado e efectos a medio e longo prazo debían de saír dunha Comisión de Estudo que se creara ao efecto no Parlamento de Galicia.

En canto o primeiro dos momentos temporais hai que recordar que na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas (Lei 9/2017) se aprobou un importante paquete de medidas destinadas a facilitar a limpeza das franxas de xestión de biomasa, principalmente arredor dos núcleos de poboación, tal e como temos descrito neste ditame. Nos meses que levan transcorridos deste ano 2018 xa se fixo unha importante labor de concienciación da cidadanía galega ao respecto e se está a piques de pechar un convenio coa FEGAMP para axudar financeiramente os Concellos nesta tarefa cun orzamento de 8 millóns de euros.

Tamén se puxeron en marcha outras medidas, de entre as 30 propostas, de xeito que 19 de estas medidas xa están cumpridas e no que queda de ano 2018 remataranse seis mais quedando en tramitación as outras cinco.

A **Comisión de Estudio** proposta polo Presidente da Xunta de Galicia para adoptar medidas estruturais e de calado que tiveran efectos a medio e longo prazo naceu cun obxecto moi ambicioso: estudo e análise das reformas da política forestal, da prevención e extinción de incendios en Galicia, e do Plan Forestal de Galicia. Para elo debíase avaliar a experiencia acumulada dende 2006, e especificamente a vaga de lumes de outubro de 2017.

O seu plan de traballo consta de catro puntos:

1) Análise da incidencia dos incendios en Galicia no período 2006-2017, con especial atención a vaga de lumes de outubro de 2017.

2) Avaliación da experiencia acumulada dende o 2006. Medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios en 2006 e anos posteriores e a súa efectividade.

3) Análise das causas estruturais dos incendios forestais en Galicia.

4) Reformas da política forestal na prevención e extinción de incendios e para acadar un monte multifuncional, vivo e dinámico, sustentable e rendible para os propietarios forestais.

Para poder desenrolar este ambicioso plan de traballo se aprobaron, unicamente cos votos a favor do grupo parlamentario popular, **un total de 65 comparecencias e 47 solicitudes de información**. Do total de comparecentes, 41 formaban parte das propostas realizadas polos grupos da oposición; e das 47 solicitudes de información, 32 figuraban nas propostas feitas pola oposición.

O 30 de xaneiro de 2018 empezaron as comparecencias ante a Comisión que se foron sucedendo ata completalas o 4 de abril de 2018 coa comparecencia da Conselleria de Medio Rural. Como dato sinalar que non compareceron nin o Delegado do Goberno en Galicia, nin a UME nin a empresa ENCE. En todo caso, 58 comparecencias en dous meses, o que reflicte claramente a intensidade coa que se traballou.

Finalizadas as comparecencias e o envío dos informes solicitados, con data 27 de abril, como quedou dito, constituíuse a Ponencia para a elaboración do ditame da Comisión.

Dende o primeiro momento de constitución da Comisión, todos os grupos parlamentarios foron conscientes de que o problema dos incendios forestais se enmarcaba dentro dunha problemática máis xeral que afecta ao medio rural galego. De acordo con este punto de partida, os comparecentes se corresponden con ámbitos que van máis ala do especificamente forestal:

- Representantes da sociedade civil como o Foro Económico de Galicia ou o Grupo Colmeiro.
- Expertos en edafoloxía, silvicultura ou produción forestal.
- Expertos en estrutura económica.
- Expertos en xeografía e ordenación do territorio.

- Diferentes sectores económicos relacionados co monte: empresas forestais, propietarios forestais, empresas de servizos forestais.
- Representantes de actividades que ligan coa multifuncionalidade do monte.
- Organización sindicais.
- Comparecentes relacionados co servizo de prevención e extinción de incendios e das emerxencias.
- Representantes da Administración autonómica e local.
- Fiscal Superior de Galicia.

A modo de conclusión podemos afirmar que tal e como se ten configurado esta comisión, no ámbito das comparecencias, dos informes e da propia estrutura do ditame, estamos ante un documento que busca acadar o obxectivo proposto polo presidente que non e outro que o de conseguir **un acordo de país** para implantar reformas a medio e longo prazo que incidan nos problemas estruturais do noso monte e do noso rural, abordando cuestións tan complexas como:

- A elevada intencionalidade nos incendios forestais.
- A falta de planificación e ordenación do monte galego.
- O impulso da xestión conxunta do monte.
- A procura dun monte multifuncional e sostible.
- A estrutura da propiedade no rural, cun elevado minifundismo e fragmentación, e a falta de información sobre a mesma.
- A ordenación do territorio no rural dende unha perspectiva integral.
- O fomento da mobilidade das terras agrarias de Galicia.
- O abandono de boa parte do territorio rural galego, xunto coa falta de xestión forestal.
- A escasa rendibilidade das explotacións agrarias de Galicia.
- A procura dun medio rural vivo e dinámico coma devasa natural contra os incendios forestais.

- Os problemas demográficos e de perda de explotacións agrarias a consecuencia do proceso de desagrarización.
- A incidencia do cambio climático nos incendios e a súa extinción.

3. ANÁLISE DAS CAUSAS ESTRUTURAIS DOS INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA

3.1. Estado da cuestión.

Existe unha coincidencia xeneralizada entre os comparecentes na Comisión de que os incendios son un problema recorrente e estrutural en Galicia, polo menos nas últimas décadas. Tamén hai consenso sobre o carácter excepcional da vaga de incendios de outubro do 2017, na que se deron unhas condicións climatolóxicas moi favorecedoras para a intensidade incendiaria.

Nunha primeira aproximación a cuestión das causas dos incendios podemos distinguir entre causas inmediatas dos incendios e circunstancias que agravan os efectos dos incendios.

No que se refire ás **causas dos incendios**, o primeiro que se ten que destacar é a elevada intencionalidade existente nos incendios forestais en Galicia, moi por riba da que se dá no resto de España. Tres de cada catro incendios en Galicia teñen carácter intencionado.

En canto ás circunstancias que agravan os efectos dos incendios, cómpre resaltar que o lume non é algo novo no medio rural galego, senón que foi empregado de forma habitual ao longo da historia, sen que tivese as graves consecuencias que se dan na actualidade. Tradicionalmente os incendios utilizáronse para deforestar monte arborado e para eliminar a matogueira co fin de poder cultivar o queimado, ampliar pastos ou evitar o avance da vexetación co fin de facilitar a actividade agraria. Este uso tradicional do lume, xunto coa fortaleza da actividade agro-gandeira galega motivou que o monte sen árbores

fose o protagonista principal da paisaxe forestal galega ata o século XX. Nunha primeira aproximación, e de acordo cos datos achegados na documentación incorporada á Comisión, podemos afirmar que ata mediados do século pasado o monte arborado apenas ocupaba pouco máis dunha cuarta parte da superficie forestal galega.

Os profundos cambios operados na organización agraria galega a partir de mediados do século XX, polo fenómeno da desagrarización, provocaron o abandono de usos agrarios tradicionais como a gandería en extensivo, o cultivo de terreos de monte e as rozas periódicas de matogueira, a xeraron un importante crecemento da superficie forestal e unha excesiva acumulación de combustible vexetal almacenado no monte. Todo iso determinou unha elevación do risco de incendio forestal, tal e como demostran as estatísticas.

Ao tempo que se producían estas transformacións na organización agraria galega, que analizaremos con detalle neste ditame, producíase en Galicia un forte incremento do monte arborado, tanto polos cambios nos usos do solo asociados á desagrarización como tamén por unha política de repoboación forestal dunhas 600.000 hectáreas de monte desarborado, principalmente con pinus pinaster. Desta forma, sobre o ano 1975, o monte arborado ocupaba xa máis da metade da superficie forestal galega.

Os datos dos Inventarios Forestais Nacionais reflicten ese avance do monte arborado en Galicia, no período 1969-2009:

	IFN1	IFN2	IFN3	IFN4
Monte arborado	1.129.361,00	1.045.376,00	1.405.450,23	1.424.094,17
Monte desarborado	855.670,00	922.935,00	634.123,86	606.586,86
Total forestal	**1.985.031,00**	**1.968.311,00**	**2.039.574,09**	**2.030.681,03**

A perda de actividade agraria e gandeira e a consecuente crise demográfica que sufriu a Galicia rural nos últimos 60 anos, determinou que se producira unha desvinculación da poboación do rural, –verdadeiros axentes de xestión do territorio– das actividades agrarias, silvícolas e forestais tradicionais motivando que unha parte importante do territorio non estea xestionado por ninguén e acumule unha importante cantidade de biomasa, que actúa como un potente combustible para os incendios forestais. Dáse, pois, unha situación de abandono que afecta á superficie forestal no seu conxunto, tanto á arborada como á desarborada, sendo esta última a que arde en maior proporción.

Por outra banda, atopámonos cun monte que é fundamentalmente privado (un 97,30% da superficie total) e que, ademais, está moi fragmentado en pequenas parcelas, cunha superficie media de menos de 2.500 metros^2, cun número moi elevado de propietarios dun total de 1,7 hectáreas de media repartidas en case 7 parcelas. Esta estrutura da propiedade dificulta a rendibilidade e as boas prácticas silvícolas, e é unha dificultade engadida para a xestión e a ordenación do noso monte. Aínda que a lexislación en materia forestal regula amplamente a planificación e a ordenación forestal e os seus instrumentos, o certo é que o monte ordenado representa pouco máis do 10% da superficie forestal de Galicia.

Estas circunstancias determinan a existencia de grandes áreas de matogueiras e un amplo dominio das especies forestais produtivas, fundamentalmente piñeiro e eucalipto, o que, xunto coa falta de xestión de boa parte da superficie forestal arborada, determina unha elevada combustibilidade dos montes galegos.

Nos últimos anos o impacto do cambio climático nos incendios concrétase na tendencia a que estes sexan máis intensos e incontrolables, a que sexa máis fácil inicialos (lembremos que a maioría son provocados) e a que a súa propagación sexa mais rápida. Ademais provoca un maior risco de incidencia

de eventos meteorolóxicos extremos nos que as condicións de humidade, temperatura e velocidade do vento favorecerán, dunha forma clara e evidente, a propagación do lume e o agravamento das súas consecuencias.

Outra cuestión importante é que a ausencia dunha adecuada ordenación de usos do solo en Galicia, así como a dispersión dos núcleos de poboación do rural, determinou que na proximidade dos devanditos núcleos se producira unha forestación de terras que antes tiñan actividade agraria ligada aos habitantes das aldeas. Tamén se deu unha construción desordenada de novas vivendas e instalacións empresariais, con frecuencia no medio ou nas proximidades do monte. Todo isto elevou nos últimos anos o risco de incendio nesa interface urbano forestal, onde a posible afección de persoas e bens fai que nos atopemos ante auténticas situacións de emerxencia civil.

3.2. CAUSAS DOS INCENDIOS.

Das comparecencias e dos documentos incorporados á Comisión de Estudo, o primeiro que temos que sinalar en canto á causa dos incendios en Galicia é a existencia dun alto grao de intencionalidade. A problemática dos incendios forestais en Galicia está directamente vinculada á combinación dunha serie de factores socioeconómicos e naturais, o que fai que as causas dos incendios teñan diversa natureza e tipoloxía e obedezan a diferentes motivacións. Identificar as causas e os motivos dos incendios forestais convértese nun elemento esencial para poder ofrecer solucións adecuadas aos problemas de fondo que os orixinan.

As causas que motivan os incendios forestais en Galicia dependen, en gran medida, da acción do lume e están relacionados tanto por factores intrínsecos do propio monte ou do medio natural condicionado por axentes naturais (vento, seca, os raios), como debidos a condicións estruturais, económicas ou sociais

relacionadas non só co monte, senón que tamén co medio rural no seu conxunto.

Como aproximación xeral, os diferentes comparecentes aludiron á existencia dun uso tradicional do lume no monte galego, ao que recentemente se engadiron outros motivos económicos, sociais, ambientais, e mesmo políticos, que favoreceron a proliferación de incendios forestais nos montes de Galicia dende o último cuarto do século XX e que se manteñen na actualidade. Debemos engadir que o noso clima favorece a existencia de incendios ao presentar uns invernos chuviosos que impulsan o crecemento da vexetación e uns veráns secos que elevan a combustibilidade das masas forestais. E esas masas forestais teñen cada vez máis existencias, sobre todo das máis combustibles.

A organización de programas de prevención dos incendios forestais eficaces require dunha análise exhaustiva das causas que os producen. Isto permite establecer accións específicas que incidan directamente no tipo de causa, co fin de reducir o numero de lumes e, ao tempo, limitar os seus efectos negativos sobre o medio ambiente, a economía e a sociedade no seu conxunto.

As causas clasifícanse en “certas” e “supostas”, segundo a seguridade da súa determinación. Só se establecen como “certas” aquelas nas que, mediante a investigación realizada, se chega a unha determinación precisa da causa. Enténdese que a causa é “suposta” para os casos nos que a investigación non se chegou a realizar, ou ben só se puido determinar a causa máis probable. Os datos do MAPAMA para o conxunto de España, no decenio 2006-2015, reparten os dous tipos de causas por metades.

En todo caso, é importante diferenciar o concepto intencionado, ou non intencionado, das distintas motivacións pola que se lle prende lume ao monte.

3.2.1. A intencionalidade nos incendios: terroristas/delincuentes incendiarios.

Hai unha posición común entre os comparecentes á Comisión e tamén nos informes solicitados: a elevada intencionalidade humana existente nos incendios forestais en Galicia, moi por riba da que se dá no resto de España. Se atendemos aos incendios no período 1989-2013 e con datos derivados das estatísticas do MAGRAMA, as causas dos incendios en Galicia presentan a seguinte distribución:

	%
Intencionados	76,18%
Descoñecidos	14,48%
Neglixencias	6,02%
Reproducidos	2,10%
Naturais	1,22%
Total	**100,00%**

De acordo con estes datos, tres de cada catro incendios en Galicia teñen carácter intencionado. A combinación do elevado número de incendios e a alta porcentaxe de intencionalidade determina que a problemática dos incendios na nosa Comunidade revista unhas características específicas. Cando falamos de intencionalidade, non nos referimos unicamente a aqueles incendios provocados con malicia, senón tamén a aqueles outros casos nos que algunha persoa pode iniciar un incendio forestal, aínda que non haxa unha intencionalidade clara de provocar un dano. En todo caso, estes incendios non teñen repercusións menores que os producidos con malicia.

A forte incidencia da intencionalidade nos incendios forestais en Galicia determinou que a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia abrise dilixencias de investigación en anos de forte actividade incendiaria. As primeiras dilixencias iniciáronse despois da vaga de incendios de 2006 coa idea de afondar nos aspectos criminais do fenómeno. No curso daquelas dilixencias elaborouse pola Garda Civil un documento denominado *Informe*

sobre a investigación de incendios forestais en Galicia. Verán 2006, no cal se daba conta dunha maneira xenérica da problemática incendiaria en Galicia e de forma concreta o período crítico daquel ano.

Do referido estudo, ademais dunha metodoloxía de traballo, obtivéronse importantes conclusións sobre os diversos factores que inflúen na criminalidade do fenómeno, moitas delas reproducibles na actualidade, tal e como acredita a Fiscalía Xeral de Galicia, que fai referencia a este informe nas dilixencias de investigación abertas con motivo dos incendios de outubro de 2017. Polo tanto imos seguir este informe na descrición das causas e as motivacións dos incendios forestais.

Partindo da estatística sobre causalidade e motivación dos incendios no período 1997-2007 derívase que:

- As estatísticas oficiais reflicten unha elevada porcentaxe de intencionalidade en Galicia, ao redor do 84,7% en comparación ao 33% do resto do territorio de España.
- En Galicia, as causas neglixentes, accidentais e naturais (7,61% do total de sinistros), teñen moito menor reflexo na estatística que no resto do territorio nacional (41,10% do total de sinistros).
- As causas descoñecidas en Galicia só supoñen o 7,7% do total de sinistros, mentres que no resto do Estado supoñen o 26%.

O propio informe sinala que se se depuran as cifras de intencionalidade a través da investigación, a porcentaxe de incendios intencionados baixa a cifras en torno ao 60% (aínda que isto é unha suposición).

De acordo co recollido no informe, as motivacións con maior incidencia dentro dos incendios intencionados en termos estatísticos e acreditados, son as seguintes:

- **Incendios provocados por pirómanos.**

A piromanía é unha patoloxía caracterizada pola obsesión polo lume que leva ao individuo á provocación reiterada de incendios, de forma que repite patróns de comportamento, sendo un dos factores de influencia na súa conduta a alarma social e notoriedade dos feitos que producen os incendios difundidos polos medios de comunicación social. A súa incidencia no total de incendios intencionados en Galicia, de acordo cos datos recollidos no Informe, superaba lixeiramente o 7%, manténdose nunha porcentaxe similar nos últimos anos.

- **Incendios debidos a prácticas tradicionais inadecuadas.**

Destacariamos aquí os incendios forestais provocados por agricultores para eliminar a matogueira e os residuos agrícolas, ou os provocados por pastores e gandeiros para rexenerar o pasto e escorrentar animais. De acordo co *Informe*, estas motivacións eran as de maior incidencia en Galicia no período analizado, constituíndo un 38% do total de incendios intencionados. Este tipo de motivacións seguiron tendo unha alta incidencia en Galicia en anos posteriores.

- **Incendios intencionados de motivación descoñecida.**

Segundo o *Informe sobre Investigación de Incendios Forestais en Galicia. Verán 2006*, da Garda Civil, en Galicia descoñecíase naquel momento a motivación do 48,77% dos incendios intencionados. A mellora dos procedementos de investigación fixo que en anos posteriores baixara a porcentaxe de incendios intencionadas de motivación descoñecida, aínda que sempre se mantén unha porcentaxe importante desta causa.

Ademais das tres principais que acabamos de describir, o *Informe* sinala outras motivacións dentro dos incendios intencionados, relacionadas principalmente coas actividades que se desenvolven nas zonas afectadas polos conflitos entre os titulares dos montes e os executores de distintos aproveitamentos, así como con motivacións de carácter persoal. Así, podemos apuntar as seguintes:

- Rexeneración de pastos para gando, transformando matogueiras en pastos temporalmente despois do lume.
- Limpeza de predios e eliminación de maleza.
- Favorecer a produción de produtos do monte.
- Forzar resolucións de consorcios ou convenios.
- Animadversión contra repoboacións forestais.
- Rexeitamento a espazos naturais protexidos.
- Vandalismo e desafogos de frustracións.
- Resentimento por expropiacións.
- Vinganzas e disputas entre veciños ou contra a Administración.
- Escorrentar animais salvaxes como o lobo ou o xabaril.
- Procura de lindes de leiras.
- Conflitos cinexéticos ou abrir o monte para favorecer espazos abertos para a caza menor.
- Provocados por delincuentes para distraer ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- Trastornos psicolóxicos de quen provoca os incendios.

Estas motivacións mantéñense na actualidade, tal e como se reflicte nas achegas dos comparecentes á Comisión de Estudo.

Tamén a vaga de incendios de outubro de 2017 motivou a apertura de oficio o 17.10.2017 de dilixencias de investigación pola Fiscalía Xeral de Galicia, arquivadas o 14.03.2018. Reproducimos as seguintes conclusións das devanditas dilixencias, polo seu interese para este ditame:

- Non se puido determinar que os 352 incendios acaecidos entre o 8 e 15 de outubro de 2017 obedezan a unha iniciativa criminal complexa de grupos de persoas ou organizacións que actúen de forma coordinada ou planificada e que persigan obxectivos supra individuais.
- No relativo á intencionalidade, non é posible chegar a unha cifra indubitada e conforme a todos os operadores involucrados, movéndose

nunhas marxes entre o 61 e o 87,7%. Dentro dos incendios intencionados atópanse tamén os que orixinaron a perda de vidas humanas.

- A extrema relevancia das circunstancias climatolóxicas resulta transcendente no desenvolvemento da crise incendiaria da semana do 9 ao 15 de outubro, especialmente no fin de semana, cando se deron unhas condicións de velocidade e dirección do vento, humidade relativa, ausencia de precipitacións e temperatura sinaladamente propicias para a proliferación de grandes incendios, a súa propagación e a gran dificultade para o seu control.
- O incendiario tipo en Galicia concorda co determinado no estudo de 2007: home, de mediana ou avanzada idade, de baixo nivel cultural e sen cualificación profesional, que actúa só, relacionado dalgunha forma con actividades agrícolas ou gandeiras, veciño da localidade ou próximo ao lugar do incendio e que pode reincidir no seu comportamento.
- A investigación non achegou ningún factor determinante da vaga de incendios do 2017 diferente aos manexados en anos anteriores, e non se constataron novas tipoloxías, en canto aos artefactos incendiarios.
- Se volve verificar que os tres elementos que habitan o imaxinario da causa dos incendios: a madeira, o urbanismo e a economía do lume, non foron detectados e quedan descartados como xa destacaba o informe de 2007 e as actualizacións posteriores.

Analizando as motivacións do lume vemos que algunhas delas, como a rexeneración de pasteiros para gando, limpeza de predios, procura de lindes, favorecer a caza menor, dado que poderían realizarse a través de rozas, poderían incluírse na economía do lume.

A alta intencionalidade dos incendios galegos contrasta cun escaso número de detidos e investigados por este motivo. Na documentación remitida a esta Comisión figura un Informe da Delegación do Goberno en Galicia no que se recolle unha relación de detidos/investigados por incendios no período 2007-

2017, ascendendo a media anual a 88 detidos/investigados. Como sinala o Fiscal Xeral do TSX galego no informe achegado á Comisión, a autoría dos incendios non pode ser establecida nunha alta porcentaxe debida ás peculiaridades e dificultades intrínsecas deste tipo de investigación. A estatística de detidos non reflicte a totalidade do esforzo policial na investigación e persecución dos incendiarios, e provoca, pola súa simpleza, un reducionismo que non axuda a comprender o fenómeno e, moito menos, o arduo traballo das forzas e corpos de seguridade, os axentes forestais e o resto da Administración. Outros aspectos que inciden na dificultade de determinar os autores dos incendios son:

- A indeterminación en moitos casos do punto de inicio do incendio forestal.
- As características típicas do delito de incendio forestal que provocan normalmente a ausencia de vestixios, polo que o descubrimento dos autores baséase, fundamentalmente, en manifestacións de testemuñas.
- O feito de que moitas veces os autores dos incendios son veciños de localidades próximas, o que fai que sexan coñecidos polos seus concidadáns. Diso derívase un alto grao de resistencia por parte das testemuñas para colaborar coas Forzas e Corpos de Seguridade.

O terrorismo incendiario

Unha cuestión debatida nas comparecencias foi a da posible existencia dunha trama organizada de incendiarios. A investigación do Fiscal Xeral de Galicia descarta a súa existencia, ao sinalar que *non se puido determinar que os 352 incendios acaecidos entre o 8 e 15 de outubro de 2017 obedezan a unha iniciativa criminal complexa de grupos de persoas ou organizacións que actúen de forma coordinada ou planificada e que persigan obxectivos supra individuais.*

Outro tema que se analizou no transcurso da Comisión foi se as persoas que causan incendios, coa intención de facer dano a bens e persoas, poden ser nomeados como terroristas. Na comparecencia do Fiscal Xeral de Galicia, este sinalou:

No que se refire ao terrorismo incendiario, (…) eu teño que dicir a iso que eu entendo que cando o cidadán normal e tamén os políticos se refiren ao terrorismo incendiario (…) están referíndose dende un punto de vista vulgar, ordinario, ou común. De maneira que entenden que é un feito exorbitante que ao seu xuízo debería ter un contido parecido ou semellante. Dende un punto de vista estritamente xurídico obviamente isto non é terrorismo. E non é terrorismo porque o terrorismo, tal e como está deseñado no Código Penal, require determinadas finalidades —unha, dúas, tres, catro—. (…) ¿iso pode facerse incendiando masas forestais? Si, pero ten que darse unha destas cousas: subverter a orde constitucional (…), alterar gravemente a paz pública, provocar un estado de terror na poboación. Pois non son supostos estritamente xurídico que encaixen no terrorismo.

3.2.2. Descoidos e neglixencias no uso do lume.

Neste apartado analizamos fundamentalmente **os incendios provocados por queimas de restos agrícolas e forestais amoreados**.

Un número importante destes incendios non teñen carácter intencionado senón que se corresponden con descoidos ou neglixencias no manexo do lume. O lume úsase dun modo extensivo para a queima de matogueiras, pastos, restos forestais, etc; e dun modo localizado para a queima de restos agrícolas e forestais amontoados, así como un medio de control de pragas e enfermidades. As épocas máis frecuentes para o seu uso son a primavera e o outono, polo que moitos dos incendios que se producen nesas datas correspóndense con prácticas tradicionais inadecuadas, pero sen carga de intencionalidade.

Convén, en todo caso, lembrar que queimar o monte con intención –excepto nos casos e nas condicións reguladas na normativa– é un delito, independentemente da motivación última, e ademais é un delito que xera risco para a seguridade das persoas.

Hai que indicar que en ningún caso se pode falar de descoidos ou neglixencias cando se producen no verán ou nos períodos nos que está prohibido o uso do lume. Nestes casos só cabe a denominación de incendios intencionados.

Hai que resaltar que a execución destas queimas nos períodos habilitados realízase en numerosos casos sen as medidas preventivas adecuadas, moitas veces por persoas de idade avanzada e sen ter en conta as condicións climatolóxicas. O elevado número de comunicacións e autorizacións de queimas expedidas anualmente (225.927 comunicacións e 6.640 autorizacións de queimas no ano 2016), determinan que só unha mínima parte se descontrole e converta en incendio, teremos un número importante provocado por esta causa. Ademais moitas destas actividades realízanse non só en zonas forestais, senón que tamén na interface agrícola-forestal e na urbano-forestal (urbanizacións ou zonas próximas a núcleos de poboación para a queima de restos agrícolas en hortas e leiras próximas ás casas) así como en zonas de acceso a estas últimas (camiños, estradas, carreiros). Todo iso determina que este tipo de incendios con condicións meteorolóxicas desfavorables poñen en perigo vías públicas, vivendas e vidas humanas.

Dentro dos descoidos ou neglixencias como causa dos incendios podemos sinalar tamén:

- **Motores e máquinas:** Teñen unha casuística moi variable dependendo principalmente do lugar onde se orixina o incendio. Así, parte dos incendios orixinados xunto ás estradas poden deberse aos escapes dos vehículos ou aos traballos de mantemento das cunetas. Outros lugares frecuentes de inicio son os cultivos onde se provocan incendios por

faíscas da maquinaria agrícola sobre as pedras. Existen igualmente incendios en camiños e carreiros asociados ao tránsito de vehículos, ou faíscas procedentes do uso de maquinaria usada nos traballos forestais (motoserras, rozadoras).

- **Liñas eléctricas:** A causa máis frecuente pola que as liñas eléctricas ocasionan incendios é polo contacto directo entre a vexetación e as liñas, aínda que tamén se pode provocar por caída das liñas, ou desprendemento de faíscas por falta de mantemento.
- **Ferrocarril**: No período 1996-2005 os trens provocaron polo menos 8 incendios forestais anuais en Galicia. Estes incendios prodúcense fundamentalmente pola falta de mantemento da vexetación nas zonas próximas á vía férrea e polas faíscas que se producen fundamentalmente nas manobras de freado.
- **Lanzamento de fogos artificiais:** A gran tradición existente en Galicia de lanzar fogos artificiais para celebrar as festas populares, festas que abundan na época estival, que é cando máis risco de incendio existe, fai que esta sexa unha das causas fortuítas de incendios. Moitas veces preto dos núcleos de poboación.
- **Fumadores**: Os incendios forestais por descoidos dos fumadores non teñen especial relevancia nas estatísticas de causas dos incendios que se manexan habitualmente.

3.2.3. Outras causas dos lumes.

- **Incendios provocados por causas naturais**: Referímonos aquí fundamentalmente aos incendios provocados polos raios e fenómenos naturais similares.
- **Reprodución:** Son aqueles incendios que se rexeneran despois de que se desen por controlados.

3.3. CIRCUNSTANCIAS QUE AGRAVAN OS EFECTOS DOS INCENDIOS.

A continuación imos describir unha serie de circunstancias que aínda que non son as causantes directas dos incendios, si que revelan a existencia duns problemas estruturais que teñen unha incidencia fundamental nesta problemática e que contribúen a que os incendios sexan un fenómeno recorrente en Galicia.

3.3.1. A estrutura da propiedade en Galicia:

A análise da estrutura da propiedade, como unha das circunstancias que agravan os efectos dos incendios, deriva dunha pluralidade de comparecencias que incidiron no minifundismo típico de Galicia como un dos aspectos:

- Que máis dificultan unha xestión adecuada do territorio rural e máis concretamente do monte galego,
- E que minora a rendibilidade das explotacións dificultando a súa viabilidade e favorece o abandono de parcelas, propiciando así un exceso de biomasa e matogueira nos terreos que contribúe a agravar os efectos dos incendios.

Outro aspecto importante para a análise é que non temos información fiable sobre o perfil dos propietarios e moitas fincas figuran a nome de persoas ilocalizables ou directamente teñen un titular descoñecido.

Dende o punto de vista da relevancia da superficie forestal respecto ao conxunto do territorio, hai que destacar que Galicia é unha das comunidades autónomas españolas con maior superficie forestal e é a terceira con maior porcentaxe forestal respecto ao total do territorio. Así, a superficie forestal representa en Galicia o 68,7% do territorio total fronte ao 55,2% de media no

resto das comunidades autónomas. A distribución por provincias galegas da superficie forestal é a seguinte:

ambito territorial	Forestal			No Forestal			Total	
	Sup (ha)	% Forestal	% Total	Sup (ha)	% no Forestal	% Total	Sup (ha)	% Total
A Coruña	501.586,0	24,7%	63,1%	293.452,3	31,7%	36,9%	795.038,3	26,9%
Lugo	656.842,5	32,3%	66,6%	328.777,1	35,5%	33,4%	985.619,6	33,3%
Ourense	575.264,2	28,3%	79,1%	152.074,3	16,4%	20,9%	727.338,5	24,6%
Pontevedra	296.988,3	14,6%	66,1%	152.462,8	16,5%	33,9%	449.451,1	15,2%
Galicia	**2.030.681,0**	**100,0%**	**68,7%**	**926.766,5**	**100,0%**	**31,3%**	**2.957.447,5**	**100,0%**

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do documento de diagnóstico da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia. (datos del IF4).

A efectos da nosa análise podemos distinguir tres grandes tipos de montes galegos en función do seu propietario:

- **Montes de titularidade pública**: aquí inclúense os que pertencen á Xunta de Galicia, aos concellos e ás entidades locais menores.
- **Montes veciñais en man común:** Son propiedades privadas, de natureza xermánica, que pertencen colectivamente e sen atribución de cotas ás respectivas comunidades veciñais titulares. Están suxeitas ás limitacións de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade.
- **Montes de propietarios particulares:** Comprenden o resto dos terreos forestais, e caracterízanse por un minifundismo extremo, como veremos.

3.3.1.1. A preponderancia da propiedade privada dos montes galegos.

Atendendo á súa titularidade pública ou privada, os datos son os seguintes:

	Superficie forestal (ha)	%
Monte público	55.523,89	2,70
Monte privado	1.975.157,14	97,30
Total	2.030.681,03	100,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do documento de diagnóstico da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia.

Por tanto, en Galicia hai case 2 millóns de hectáreas de montes privados que ocupan case toda a superficie forestal galega (97,3%) e as dúas terceiras partes do territorio total de Galicia. A superficie do monte privado individual incrementouse en máis de 100.000 hectáreas durante o período 1986-2015 (partindo das estatísticas reflectidas no Plan Forestal de 1992), pasando de case 1,2 a máis de 1,3 millóns de hectáreas, aumento derivado do proceso de reforestación de terreos anteriormente dedicados á agricultura ou gandería, ou ben debido á rexeneración natural de cultivos e pastos abandonados.

A **propiedade forestal pública galega** representa menos do 3% da superficie forestal total da comunidade. Esta porcentaxe reducida de monte público galego é case 10 veces menor que a media das comunidades autónomas de España que se sitúa sobre o 31%. Galicia é así a comunidade autónoma española con menor representación de monte público no conxunto estatal.

No conxunto da Unión Europea a media de superficie forestal pública é de pouco menos do 50%. A escasa representación de monte público en Galicia só é comparable á do país veciño, Portugal (2,7%), sendo Austria o seguinte país europeo con menor fracción de superficie forestal pública.

Aínda que, como veremos, a xestión pública forestal esténdese a montes de propietarios privados, o certo é que esta escasa participación do sector público na propiedade forestal dificulta unha adecuada xestión do monte galego no seu conxunto.

3.3.1.2. O minifundismo exacerbado.

O minifundismo dos terreos rústicos en Galicia é unha consecuencia dos usos tradicionais e os costumes típicos do medio rural galego, provocando unha fragmentación e unha atomización da propiedade rústica que, en opinión dunha maioría dos comparecentes, dificulta a xestión do territorio e promove o estado de abandono dunha parte importante do mesmo. E este fenómeno non é exclusivo do ámbito forestal, senón que se manifesta en todo o medio rural galego, aínda que a súa incidencia varía sensiblemente nas diferentes partes do noso territorio.

Galicia ocupa tan só o 6% do territorio español, pero ten o 16,5% da superficie rústica española e o maior número de parcelas catastrais de España, un total de **11.116.393** (con datos do documento de diagnóstico da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia); alberga a quinta parte dos titulares catastrais de rústica censados a nivel nacional, e o 28,3% de todas as parcelas rústicas que hai en España. É a comunidade autónoma con maior grao de parcelamento rústico de España. **A parcela catastral de rústica ten en Galicia unha superficie media de pouco máis de 2.500 metros cadrados**. A superficie media de terreo rústico por titular en Galicia sitúase en 1,7 hectáreas, mentres que a media en España é de 5,74 hectáreas. Para alcanzar esa superficie media, cada titular catastral galego ten unha media de case 7 parcelas, mentres que no conxunto de España non chega a 5 parcelas por titular. Os datos por provincias móstranse no seguinte cadro:

	Superficie rústica (Ha)	Nº parcelas rústicas	Superficie media por parcela (ha)	Nº titulares rústicos	Superficie media por titular (ha)	Nº parcelas por titular
A Coruña	741.758,71	2.741.339	0,2706	508.981	1,4573	5,39
Lugo	971.509,97	2.303.866	0,4217	288.334	3,3694	7,99
Ourense	714.107,99	3.639.222	0,1962	395.111	1,8074	9,21
Pontevedra	412.359,81	2.431.966	0,1696	479.730	0,8596	5,07
GALICIA	**2.839.736,48**	**11.116.393**	**0,2555**	**1.672.156**	**1,6982**	**6,65**

Fonte: elaboración propia a partir de datos do documento de diagnóstico da 1ª revisión do Plan Forestal.

O elevado número de parcelas rústicas trasládase tamén ao ámbito forestal. Se atendemos aos datos do Sistema de Información Xeográfica de Identificación de Parcelas Agrícolas, en Galicia existen un total de **7.874.991 recintos de uso forestal**. A distribución destes recintos por provincias é a seguinte:

	Superficie forestal (Ha)	Nº recintos forestais	Superficie media por recinto (ha)
A Coruña	476.357,33	1.974.920	0,2412
Lugo	617.142,11	1.533.448	0,4025
Ourense	549.118,74	2.683.630	0,2046
Pontevedra	290.867,28	1.682.993	0,1728
GALICIA	**1.933.485,46**	**7.874.991**	**0,2455**

Fonte: elaboración propia a partir de datos do documento de diagnóstico da 1ª revisión do Plan Forestal.

Diferentes estudos e análises realizadas poñen de manifesto a existencia dunha elevada parcelación, fragmentación e atomización dos montes galegos, fundamentalmente nos terreos forestais de propiedade particular. De feito os montes en man común, cunha superficie media de 223,59 hectáreas, non presentan esta problemática.

Non coñecemos con certeza o número de propietarios particulares existentes no monte galego. Segundo o Plan Forestal de Galicia de 1992, en 1986 existían en Galicia preto de 675.000 propietarios de montes particulares. Con

todo, na súa comparecencia, a Asociación Forestal de Galicia afirmaba que o número de propietarios forestais sería de 450.000. Estudos citados por diferentes comparecentes sinalan que un de cada tres galegos son propietarios forestais (Lage X, 2003), o que situaría o número en máis de 900.000. Se atendemos aos datos que resultan da análise da superficie rústica de Galicia na súa totalidade (parcelas e titulares catastrais), poderiamos afirmar que o número de propietarios de montes particulares é mesmo superior que o que marcaba o Plan Forestal de 1992. O certo é que carecemos de estatísticas oficiais fiables, o que fai que o documento de diagnóstico da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia conclúa que existe *"un profundo descoñecemento da propiedade forestal particular, tanto sobre o seu tamaño e localización como da súa titularidade ou pertenza."*

3.3.1.3. A tipoloxía dos propietarios forestais galegos. A falta de información sobre os propietarios forestais galegos.

Tal e como expuxemos no apartado 3.3.1.1, a práctica totalidade do monte galego é propiedade privada, en concreto un 97,30% do total. Por iso debemos de analizar a tipoloxía dos propietarios privados de montes, como un elemento que incide tamén na súa capacidade para xestionar o territorio.

No monte privado temos que distinguir os montes de propiedade privada particular dos que son de titularidade privada colectiva, de acordo co seguinte cadro:

	Superficie forestal (ha)	%
Monte de titularidad privada particular	1.302.849,00	65,96%
Montes titularidad de SOFOR	749,46	0,04%
Montes abertales	5.038,83	0,26%
Montes vecinales en mano común	666.519,85	33,75%
Total	**1.975.157,14**	**100,00%**

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do documento de diagnóstico da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia. No caso das Sofor se toman os datos do 2015.

- **Montes de titularidade privada particular.**

En canto aos propietarios particulares, da información achegada á Comisión despréndese que existe un gran descoñecemento sobre a maioría da propiedade forestal galega. Como recollemos no cadro anterior, os montes de particulares ocupan máis de 1,3 millóns de hectáreas. Trátase de montes moi pequenos, o 80% teñen menos de media hectárea, e ademais carécese de estatísticas oficiais fiables.

Tal e como sinalábamos no punto 3.3.1.2 deste ditame, o minifundismo presente no rural galego vese acompañado dun número moi elevado de propietarios. Segundo os datos do catastro, en Galicia hai 1.672.156 titulares catastrais. No que se refire a propietarios forestais só podemos facer estimacións que van dende os 450.000 que sinalou na súa comparecencia a Asociación Forestal de Galicia aos 675.000 que mencionaba o Plan Forestal de Galicia de 1992. E se atendemos a diferentes estudos citados polos comparecentes teríamos que un de cada tres galegos son propietarios forestais (Lage X, 2003), o que situaría o número en máis de 900.000. Non cabe dúbida que a falta de estatísticas fiables, incluso sobre o número de propietarios forestais, supón un claro obstáculo para o correcto funcionamento do mercado de terras en Galicia e, como veremos, tamén é un dos motivos que determinan a escasa mobilidade de terra agraria en Galicia. A falta dun catastro forestal ou dun rexistro completo da propiedade forestal galega, foi moi criticado por varios dos comparecentes.

Á hora de establecer o perfil do propietario de monte privado en Galicia, tampouco temos datos estatísticos fiables. Os datos do catastro inmobiliario non están actualizados, de maneira que moitas propiedades están a nome de persoas falecidas e realmente pertencen a unha pluralidade de propietarios que as adquiriron por herdanza. O sistema hereditario galego e a existencia do Imposto sobre Sucesións (é importante ter en conta a eliminación de facto deste imposto a partir do ano 2016) dificultan a aceptación de herdanzas no rural e a consecuente actualización das titularidades. Tampouco temos datos fiables sobre a súa idade, ocupación ou distancia do lugar de residencia ao monte, aínda que o proceso de desagrarización permítenos concluír que unha porcentaxe importante correspóndese con propietarios que viven fóra do rural e que están desvinculados da actividade agro-gandeira.

Cando se trata de facer a análise dos tipos de propietarios de montes, na maioría dos estudos académicos citados por diversos comparecentes a distinción habitual faise entre propietarios agricultores (e gandeiros) e propietarios non agricultores. A partir desta primeira distinción xorden múltiples categorías entre as cales as máis habituais son agricultores en activo, agricultores xubilados, cónxuxes de agricultores, propietarios absentistas de orixe agraria (herdeiros de segunda ou terceira xeración de agricultores), propietarios absentistas tradicionais, sociedades ou cooperativas, entre outras. Atendendo a esta distinción, na comparecencia da Asociación Forestal de Galicia sinalouse que dos 450.000 propietarios de monte particular (coas cautelas referidas máis arriba) hai uns 15.000 vinculados á actividade agraria (un 3% dos propietarios) mentres que os outros 435.000 non estarían vinculados á actividade agraria, respondendo a algunha das categorías antes descritas.

En definitiva, os datos achegados permítennos afirmar que as dúas terceiras partes do monte galego, 1.300.000 hectáreas, está composto por pequenas parcelas dispersas pertencentes a propietarios na súa maioría desligados do rural, que posiblemente perciban a súa propiedade como unha carga máis que

como unha posible fonte de ingresos. O perfil (ou mesmo o descoñecemento sobre o perfil) do propietario do monte particular galego así como as características das súas parcelas, reducido tamaño e dispersión, dificulta en gran medida o fomento e desenvolvemento socioeconómico sustentable do sector forestal de Galicia. A consecuencia é que unha parte importante do noso monte non é obxecto de silvicultura adecuada, con abundancia de matogueira que crece indiscriminadamente e cun consecuente incremento do risco de incendios.

Os montes colectivos de propiedade privada responden á seguinte tipoloxía:

- **Montes veciñais en man común**

Trátase dunha propiedade privada colectiva. Teñen unha regulación propia na **Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común**, cuxo artigo primeiro os define como os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertenzan a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e veñan sendo aproveitados consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

Polo tanto, o monte é veciñal en man común cando veu sendo aproveitado polo grupo veciñal da demarcación territorial en que se atopa radicado, dende tempo inmemorial e en réxime de comunidade xermánica, isto é, sen especial asignación de cotas. Os montes veciñais pertencen aos veciños con casa aberta (“con fumes”) e residencia habitual na localidade (parroquia, lugar …) onde se atopan situados, polo que a comunidade está composta polos veciños que integran dita localidade en cada momento. As notas características do seu réxime de funcionamento son: **a inalienabilidade, a imprescritibilidade, a indivisibilidade e a inembargabilidade**. Dende tempos ancestrais estes

montes veciñais foron obxecto de cultivo agrícola e, sobre todo, de usos gandeiros polos veciños do lugar.

Atendendo aos datos do documento de diagnóstico do borrador do Plan Forestal de Galicia, existen un total de 3.249 montes veciñais pertencentes a 2.981 comunidades de veciños, localizados en 254 municipios. Ocupan 666.519,85 hectáreas, polo que representan case o 33% da superficie forestal galega e o 33,75% do monte privado galego. A súa superficie media é de 223,59 hectáreas.

Co fin de que a Comisión puidese determinar a situación das comunidades dende o punto de vista da súa xestión administrativa e económica, pediuse un informe á Consellería do Medio Rural. Neste informe analízase a xestión das comunidades utilizando catro criterios: se constan ou non os estatutos no Rexistro; se consta que se reunise algunha vez a asemblea veciñal; en caso afirmativo, se a xunta reitora está caducada ou vixente; e o último exercicio no que se comunicaron os reinvestimentos en actuacións de mellora e protección forestal (obriga derivada do artigo 125 da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e desenvolvida polo Decreto 23/2016). De acordo con estes criterios, os resultados son os seguintes:

- Por **comunidade non constituída** debería de entenderse aquela que nunca comunicou os datos da súa xunta reitora ou que ten esta caducada. Nesta situación atópanse 586 comunidades que suman 47.259 hectáreas. Delas, 300 comunidades con 20.451 hectáreas nunca deron sinais de vida. Sen chegar a este grao, pero cun baixo cumprimento das súas obrigas legais pódese citar aquelas que nunca comunicaron os datos dos seus ingresos e reinvestimento ou unicamente o fixeron do exercicio 2012. Nesta situación, tanto se teñen xunta reitora en vigor coma se non, atópanse outras 214 comunidades titulares de 27.246 hectáreas.

- Por **comunidade correctamente xestionada** debe de entenderse aquela que cumpre estritamente coas súas obrigas: ten estatutos, xunta reitora en vigor e presentou a última comunicación. Son 1.015 comunidades que xestionan 287.436 hectáreas.

En definitiva, **só un terzo das comunidades propietarias de montes veciñais están correctamente xestionadas** dende o punto de vista da súa organización e cumprimento das súas obrigas legais, sen que iso supoña que están a realizar unha correcta xestión forestal do seu monte, pois, como veremos, a superficie de montes comunais que contan con instrumento de ordenación forestal é de 181.715,76 hectáreas. Abundando nesta situación o informe do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia sinala que, sendo as comunidades de montes propietarias de máis da terceira parte da superficie forestal galega, a maioría dos xestores destas comunidades non contan con coñecementos na materia, nin precisan acreditar ningún tipo de xestión forestal para dirixir a xestión das mesmas.

Pese a estas dificultades, deuse un consenso xeneralizado nas comparecencias sobre o feito de que os montes veciñais en man común teñen que ter un papel principal na ordenación do monte galego, tanto polo seu tamaño medio, superior ás 200 hectáreas, o que as converten nos grandes propietarios galegos, como pola superficie total que ocupan no conxunto do territorio. Deben manter a súa configuración legal actual e avanzar cara á non profesionalización no manexo dos seus montes.

Por outra banda, e a ter conta para a análise, un total de 254.622,77 hectáreas de montes veciñais en man común (supoñen o 38,20% da súa superficie total), son xestionados pola Dirección Xeral de Ordenación Forestal mediante o sistema de convenios ou consorcios.

- **Montes abertais.**

De acordo coa Lei 7/2012, de montes de Galicia, os montes abertais son montes conservados proindiviso pertencentes a varios copropietarios, de cuxa vontade dependerá a súa indivisión, e cuxo aproveitamento privativo efectúase mediante a repartición cuantitativa polo sistema de cotas ou lotes. Xuridicamente réxense polo costume do lugar e subsidiariamente pola Lei de Dereito Civil de Galicia e polo Código Civil.

O monte abertal máis pequeno ten un tamaño de case 15 hectáreas e o máis grande alcanza as 1.420 hectáreas. A superficie media dos montes abertais é de 296 hectáreas. Os montes abertais representan o 0,25% do monte galego e apenas o 0,75% do monte privado colectivo de Galicia, concentrándose exclusivamente nas provincias de Lugo e Ourense.

- **Sociedades de fomento forestal (Sofor)**.

As Sofor son agrupacións de propietarios forestais para xestionar conxuntamente as súas propiedades e reducir o minifundismo estendido na propiedade forestal particular en Galicia, que permite agrupar parcelas de pequenas dimensións, insuficientes para lograr a súa ordenación e xestión forestal sustentable de forma conxunta. Configúranse como sociedades de carácter mercantil que establecen un réxime de coxestión das parcelas agrupadas.

Con datos do ano 2017 hai constituídas, ou nas últimas fases de constitución, 11 Sofor que agrupan 1.855,92 hectáreas, o que supón pouco máis do 0,09% da superficie de montes privados galegos.

3.3.1.4. A falta de mobilidade da terra agraria galega. Deficiencias no catastro e noutras fontes de información. As parcelas de titulares descoñecidos ou ilocalizables.

No punto 3.3.1.2 deste ditame xa advertiamos do minifundismo exacerbado que se dá no noso territorio rural. Ademais existe unha altísima fragmentación da propiedade e, con todo, a súa mobilidade é reducida en termos comparativos, tal e como se puxo de manifesto en diferentes comparecencias, citando diferentes estudos doutrinais. Destacan neste ámbito os traballos do Grupo de Investigación do Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela, así como os da Fundación Juana de Vega.

A Galicia rural aséntase sobre unha estrutura da propiedade de once millóns de parcelas (28% das de toda España e unha 97% propiedade privada), 1,6 millóns de titulares catastrais e 2,8 millóns de hectáreas de rústica (20% dos titulares de toda España e 6% da superficie). A combinación destes datos tradúcese nunha media de 1,7 hectáreas por propietario distribuídas en case sete parcelas dunha media de 2.500 metros cadrados. Con todo, unha situación similar en termos de estrutura da propiedade dábase nos anos cincuenta do século pasado, pero naquel momento falar de sistema agrario galego significaba falar da maioría do territorio galego; describindo aquel describíanse as principais compoñentes sociais, económicas e ambientais da maior parte da xeografía do país. O proceso de desagrarización e as profundas transformacións que se operaron no agro galego modificaron a situación nos termos que analizaremos neste ditame, pero non a fragmentación da propiedade e a súa relación co uso da terra e os procesos territoriais, xa sexa no ámbito agrario ou noutros.

Sen embargo, as situacións posesorias ou a estrutura propietaria teñen unha influencia decisiva nos procesos de cambios de uso no territorio, polo que unha análise adecuada das mesmas debe sempre de preceder o deseño, execución e seguimento de políticas en materia de ordenación territorial e de xestión de terras.

Dende esta perspectiva, a vixilancia do mercado é un instrumento básico para a xestión, competitividade e sustentabilidade dos territorios minifundistas con

alta fragmentación da propiedade nos que o mercado é un instrumento de redistribución pero tamén ten que selo de reestruturación agraria e reorganización parcelaria.

E todo iso sen prexulgar nesta parte do ditame, meramente descritiva, os mecanismos públicos ou privados que se poden utilizar para conseguir o obxectivo último de mobilización da terra agraria galega, como mecanismo de ordenación do territorio que poida contribuír á existencia dun medio rural vivo e dinámico que actúe como devasa natural para os incendios forestais.

O paradigma da escasa mobilidade da terra agraria en Galicia, que actúa como obstáculo para a reestruturación agraria, é unha realidade evidente: as explotacións gandeiras de Galicia importan cereais para alimentación animal por valor do 57% dous seus custes totais anuais (Comisión Europea, 2013). Esta elevada dependencia do mercado internacional para abastecer á demanda de produtos para a alimentación animal resulta en aparencia contraditoria coa diminución da superficie destinada a actividades agrícolas ou gandeiras ocorrida durante os últimos decenios, boa parte da cal tivo lugar sobre terras de boa calidade agronómica. O aumento da superficie ocupada por arborado destinado á produción de madeira, os procesos de urbanización, a intensificación das actividades agropecuarias, ou o simple abandono do territorio, son todas elas distintas facetas da realidade actual do territorio galego que están fortemente relacionadas –aínda que non de xeito exclusivo–, coas dinámicas do mercado de terras na comunidade autónoma.

Dous indicadores postos de manifesto nos diferentes estudos académicos analizados e mencionados por distintos comparecentes mostran esta baixa mobilidade: a taxa de transferencia media anual situase para Galicia arredor do 0,10%/ano, aproximadamente 10 veces inferior á de países próximos como Francia ou Italia. O prezo da terra rústica de uso agrícola está ao redor de 1,5 €/m^2 (prezo elevado en termos absolutos e en comparación coa renda que pode ser xerada pola actividade agraria), un valor lixeiramente superior á media

española e comparable na contorna europea ao de Dinamarca ou o Reino Unido.

Agora ben, sendo a baixa mobilidade de terras unha problemática fundamental para o futuro do rural galego e estando en numerosas reflexións a nivel político, técnico ou social, o certo é que, mais alá de constatacións empíricas, pouco se sabe sobre a mobilidade real das terras agrarias, o funcionamento dos mercados, das relacións entre a propiedade e a xestión de terras, nin das diferenzas entre unhas zonas e outras.

Neste ámbito destacamos as achegas realizadas polo proxecto *Propiedade, mobilidade de terras e valorización territorial* (anos 2013 e 2014), froito dun convenio de colaboración entre a Fundación Juana de Vega, o Banco de Terras de Galicia e o Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela. O traballo tivo como fin último mellorar o coñecemento das dinámicas da mobilidade e dos mercados de terras rústicas en Galicia e encádrase nos esforzos do Banco de Terras de Galicia para mellorar a transparencia e a mobilidade de terras que conduzan a frear o abandono. Recentemente se acordou tamén a posta en marcha do **Observatorio da Mobilidade de Terras de Galicia**, que ten como obxectivos identificar as dinámicas do mercado de terras rústicas en Galicia, dotalo dunha maior transparencia tanto para axentes privados e públicos, e ofrecer información relevante para a adopción de políticas públicas que permitan unha máis efectiva mobilización produtiva das terras.

No proxecto *Propiedade, mobilidade de terras e valorización territorial* recóllese unha diagnose que trasladamos literalmente pola súa claridade:

"*A forte fragmentación do sistema de propiedade galego, tanto en número de parcelas como en número de propietarios incrementa substancialmente a complexidade do mercado de terras e as dificultades para o estudo do seu funcionamento. A evolución demográfica seguida nos últimos anos, que*

concentra progresivamente unha maior proporción da poboación na metade occidental do territorio e que en xeral caracterízase polo despoboamento das áreas de interior, supón un nivel de complexidade engadido dado que a maioría dos titulares de parcelas rústicas viven en localizacións xeográficas afastadas das parcelas das que son titulares. Aínda que recentemente se teñen adoptado medidas activas por parte da Administración para dinamizar a transferencia de terras e a súa mobilización con fins produtivos, como por exemplo o Banco de Terras de Galicia, as agrupacións de xestión conxunta no ámbito forestal (Sociedades de Fomento Forestal ou Sofor), ou mesmo a reforma da concentración parcelaria, diríase que no momento actual non dispoñemos dunha diagnose sólida que caracterice a mobilidade de terras real en Galicia e que actualice e contraste os obstáculos que nos últimos anos danse por sabidos, fundamentalmente do lado da oferta e en gran medida asociados á competencia por outros usos e a déficits estruturais."

A realidade actual é que coa información dispoñible non podemos contestar a moitos dos interrogantes que se nos expoñen, máis alá de que a mobilidade é escasa. E non cabe dúbida de que entender o porque desa escasa mobilidade é o paso previo a mellorala e contribuír a que as explotacións aumenten a súa base territorial, para conseguir en último termo un uso racional do territorio e o mantemento dos seus valores culturais, ambientais e produtivos, converténdose así nun eficaz instrumento na loita contra os incendios forestais. A construción de indicadores fiables de mobilidade e funcionamento do mercado de terras é clave para este propósito: proporciona información útil para a dinamización do mercado, e ademais se configura como un elemento básico sobre o que deseñar outras políticas públicas con impacto territorial,

Os estudos analizados no seo da Comisión coinciden en afirmar que unha das razóns fundamentais do insuficiente coñecemento do mercado de terras en Galicia é a fragmentación e as limitacións das fontes de información actualmente existentes. Dentro destes estudios destacamos o titulado **"El diagnóstico del mercado de tierras rústicas en Galicia, una oportunidad**

frente a los retos de la fragmentación institucional y el puzle de once millones de piezas", dos investigadores da USC María José Enríquez García, Eduardo José Corbelle Rico y Rafael Crecente Maseda.

Seguindo este estudio distinguimos dous tipos de fontes de información, as que teñen información sobre actos con transmisión de dereitos de propiedade e as que proporcionan información sobre a propiedade e uso da terra en Galicia. En canto ás primeiras:

- **A base de datos do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados da Axencia Tributaria de Galicia** rexistra os conceptos tributarios relativos a transmisións onerosas de compravenda ou arrendamento de parcelas rústicas inter vivos.
- **O Sistema de Información de Terras de Galicia** (Sitegal), que é a base de datos xeoespacial con información dos arrendamentos celebrados a través do Banco de Terras de Galicia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

As fontes de datos con información sobre a propiedade e o uso da terra en Galicia son principalmente:

- **Sistema de Información Xeográfica Catastral** (SIGCA) xestionado pola Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda, que é a base de datos xeoespacial para a xestión do Imposto sobre Bens Inmobles a nivel nacional.
- O **Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas** (SIGPAC), xunto coa base de datos alfanumérica das declaracións tramitadas, son administradas polo Fondo Galego de Garantía Agraria da Consellería do Medio Rural para a xestión de axudas da Política Agraria Común.

- O **Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia**, xestionado pola Dirección Xeral de Produción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural, como instrumento que permite dispoñer de información do sector agro gandeiro.

Critícase no estudio citado que estas fontes funcionan como silos de información, o que provoca:

- Que haxa un descoñecemento global da información almacenada nas distintas bases de datos.
- Que non haxa intercambio de información pola problemática da información confidencial (por exemplo, titulares catastrais).
- Que non se de tampouco unha interoperabilidade axeitada pola ausencia de estándares de codificación de campos esenciais como o identificador da parcela ou os códigos de uso do solo.

A conclusión clara é a necesidade de mellorar estas imperfeccións coa finalidade de axudar a construír indicadores fiables para o diagnóstico do mercado de terras rústicas galegas, facilitando despois a adopción de políticas públicas destinadas a incentivar a súa mobilización para beneficio do noso medio rural.

Catastro rústico e propietarios descoñecidos e ilocalizables.

Mención especial merece a situación do Catastro de parcelas rústicas, tanto pola dificultade da súa xestión en Galicia debido ao enorme número de parcelas, como pola importancia que para o conxunto do mercado teñen os datos que rexistra. Lembremos que o catastro ten información sobre o rexistro da finca (identificación da parcela catastral, localización e superficie), o rexistro de cultivos agrarios (identificación das subparcelas, superficie, código de uso e intensidade produtiva) e o rexistro das situacións finais de titularidade (titulares do ben catastral e domicilio fiscal dos mesmos a nivel de municipio).

Dende o punto de vista da análise da mobilidade, o Catastro é fundamental tanto polo carácter de inventario de bens que representa, incluídas as parcelas rústicas, como por incorporar datos de titularidade e valor da parcela. Ademais, **a referencia catastral**, o identificador único de ben inmoble, é utilizado na actualidade como o principal medio de identificación de parcelas rústicas por gran parte dos sectores público e privado. Ese feito fai que se poida combinar información provinte de diversas bases de datos referentes a parcelas dado que estas identifícanse do mesmo xeito, a través da citada referencia, nos diferentes sistemas.

Unha crítica recorrente no curso das comparecencias é a falta de adecuación dos datos do catastro á realidade da situación das parcelas, poñéndose de manifesto de maneira principal as seguintes deficiencias:

- A existencia dun elevado número de parcelas a nome de ilocalizables. É dicir, parcelas que teñen un titular catastral cun domicilio, pero que non é posible localizar. Algúns comparecentes cifraron este tipo de propietarios nun 40% dos titulares de parcelas nas franxas de protección dos núcleos rurais. Lembremos que as parcelas con titular descoñecido, segundo datos achegados pola Xerencia do Catastro de Galicia ascende a 330.314, o que supón case un 3% de todas as parcelas catastrais de Galicia. Pero os propietarios ilocalizables non entran dentro deste grupo e sen dúbida representa unha porcentaxe moita maior do total de parcelas. A dificultade de realizar a depuración desta tipo de titulares catastrais estriba na diversidade de casuística que se pode producir: persoas falecidas sen herdeiros, herdanzas sen partir, compravendas ou permutas non comunicadas ao catastro, etc. A falta dun propietario localizable fai que estas fincas se encontren en estado de abandono (fincas en situación de aparente vacancia).

- A falta de adecuación das parcelas catastrais coa realidade física das fincas en moitos casos. Hai irregularidades tanto nas lindes como na superficie.
- As inexactitudes de moitas das revisións catastrais realizadas nos municipios galegos.
- As dificultades para realizar cambios nos datos catastrais, sobre todo a tardanza que se produce na tramitación dos devanditos cambios.
- A existencia de importantes partes do territorio sen deslindar en canto ás parcelas que o conforman, polas dificultades para a investigación da propiedade.
- A rixidez na confidencialidade dos datos catastrais, que dificulta o uso dos mesmos para poder avanzar na elaboración de mecanismos de diagnose do mercado de terras en Galicia.

Estas disfuncións do catastro dificultan de forma evidente o adecuado funcionamento das demais fontes de información, dado o carácter global que ten o catastro en canto que recolle o inventario de todo o terreo rústico de Galicia, pois é a principal e case exclusiva fonte de información existente en relación á titularidade de predios rústicos e que ademais recolle a información sobre a situación posesoria das terras. O seu carácter nuclear determina que elementos do mesmo, como a referencia catastral das parcelas, é punto de partida das demais fontes de información.

3.3.2. A ordenación do territorio rural.

Outro aspecto fundamental destacado por diferentes comparecentes na problemática dos lumes ven dado pola situación da ordenación do territorio rural galego. Se entende que a ordenación do territorio rural reduce o risco de lumes, mitiga o seu impacto e axuda o seu control. Para xustificar esta afirmación, temos que ser conscientes de que estamos vivindo un momento de cambio no modelo de utilización e xestión do territorio. Ata a década dos

cincuenta e dos sesenta todo o territorio rural estaba aproveitado ao máximo para satisfacer as necesidades básicas da poboación, é dicir, estaba xestionado e coidado e, polo tanto, había unha ordenación eficiente do territorio, consecuencia dunha actividade agraria tradicional e derivada da necesidade de utilizar todo o territorio. Isto incluía tamén os diferentes usos complementarios do monte.

Sen embargo, a partir desa época produciuse un cambio substancial nesta forma de utilizar a terra, a concentración da poboación nas cidades, co conseguinte abandono do campo, xunto coa especialización produtiva dos sectores agropecuario e forestal, provocaron, por unha banda, un crecemento urbano en moitos casos espontáneo, non planificado nin organizado, pero tamén deron lugar á desarticulación do espazo agrario; é dicir, é unha mestura desordenada de usos agrícola gandeiros, aproveitamentos forestais, terreos abandonados, construcións, infraestruturas, explotacións mineiras, etc.

A este feito tamén contribuíu unha estrutura da propiedade da terra, un minifundio, que, se ben adaptábase a aquel antigo modelo agrario e demográfico, non se transformou o suficientemente rápido como para adaptarse aos cambios no uso do solo que estamos vivindo.

A consecuencia é que un territorio desestruturado e desordenado, non é un territorio eficiente polo que se converte nun territorio vulnerable, co cal todas estas cuestións teñen incidencia no problema dos incendios, pois, o despoboamento, o abandono dos cultivos da lugar á aparición de superficies de matogueira altamente combustibles, ás veces arredor dos núcleos de poboación, ou a grandes superficies forestais continuas que en moitos casos non están planificadas nin xestionadas.

E preciso polo tanto definir un modelo territorial no rural galego do século XXI, pero que ten que aprender tamén do que funcionaba no pasado. E para definir

este modelo territorial que queremos, esta definición pasa necesariamente por unha ordenación integral do territorio, non sectorial; é dicir, non se pode ordenar o territorio só con planificación forestal, só con planificación agrícola, só con urbanismo, só con planificación de infraestruturas, senón que é necesario coordinar e integrar todas estas planificacións sectoriais, todas estas políticas, facendo uso dos instrumentos de ordenación territorial. Son os instrumentos de ordenación do territorio os que teñen que ter en conta os requirimentos de cada uso e de cada actuación, a aptitude do territorio para cada un deles e a integración conxunta de todos. Isto é a base para conseguir un uso eficiente do territorio, económica e ambientalmente.

Esta ordenación do territorio non implica máis lexislación nin máis normativa, necesariamente, basta con aplicar os instrumentos xa establecidos na lexislación actual. No Estado Español, a Constitución delega as competencias en ordenación territorial nas comunidades autónomas que, no caso de Galicia, están definidas pola Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. No seu artigo 4 establece como instrumentos de ordenación as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT); os Plans Territoriais Integrados (PTI); os Programas Coordinados de Actuación (PCA); os Plans e Proxectos Sectoriais; e os Plans de Ordenación do Medio Físico (POMF).

En definitiva, o desenvolvemento destes instrumentos de ordenación do territorio pódese configurar, segundo diferentes comparecentes, como un dos elementos esenciais na loita contra os lumes mediante:

- O deseño de estratexias específicas para cada ámbito territorial co fin de prever esta risco, e que ademais deberían de integrarse na ordenación territorial de cada zona, tendo en conta a gran heteroxeneidade territorial que se da en Galicia.

- A necesidade de contemplar dentro da ordenación os riscos naturais, entre eles o de incendio.
- A especial atención que se lle debe de prestar á ordenación de usos na interface urbano forestal.
- Unha ordenación integral de todo o territorio a través dos instrumentos xa previstos na lexislación, como poden ser os plans territoriais integrados ou os plans de ordenación do medio físico, que leven a cabo unha planificación conxunta e integral de todos os usos do territorio rural e da interface rural urbano, e o realicen para cada comarca ou área de características homoxéneas.

Diferentes comparecentes sinalaron que en Galicia, a ordenación territorial tense limitado, en boa medida, aos conceptos de urbanismo e, recentemente, de ordenación da paisaxe, deixando entrever unha visión urbana do territorio e, en demasiados casos, fundamentalmente estética, no canto do que debería ser: unha política e práctica administrativa dirixida a xestionar o comportamento espacial da evolución das estruturas socioeconómicas do pais.

3.3.3. A situación do rural galego.

3.3.3.1 A desagrarización. O envellecemento e a perda de poboación no rural

A partir dunha posición bastante común nos comparecentes na Comisión podemos establecer un relato sobre estas circunstancias que determinaron unha perda de xestión e un consecuente estado de abandono de boa parte do territorio rural de Galicia, o que sen dúbida contribuíu a agravar os efectos dos incendios. Tamén recollemos as achegas de diferentes estudos sobre o tema, de xeito especial os aportados polo Foro Económico de Galicia, en particular:

- **Documento 22/2017: Unha estratexia para a Galicia rural do século XXI. Diagnóstico e propostas para o debate,** dos autores Edelmiro López Iglesias e María do Mar Pérez Fra, do Departamento de Economía Aplicada da USC.
- **Documento 20/2017:Desafíos dunha sociedade avellentada e en declive: desequilibrios territoriais e prestación de servizos,** dos autores Melchor Fernández (do Grupo de Análise e Modelización Económica da USC), e David Peón (Departamento de Economía Financieira e Contabilidade da Universidade da Coruña)

A mediados do século XX, Galicia era unha sociedade abrumadoramente rural e cun medio rural esencialmente agrario. Se atendemos aos datos de 1950, o 80% da poboación galega vivía no medio rural e o 90% dos que vivían no rural traballaba na agricultura. Pero era unha agricultura de subsistencia, cuns niveis moi baixos de produtividade e de renda por traballador. E iso por dúas notas que a caracterizaban: unha estrutura de pequenos agricultores e uns sistemas produtivos caracterizados pola intensidade de man de obra e o limitado uso de insumos externos de tipo industrial. Orientábase a diferentes tipos de cultivos e á gandería e complementaba as rendas co uso das terras do monte. Este tipo de agricultura permitía un aproveitamento racional dos recursos do campo galego e un aproveitamento sustentable en termos ambientais.

O certo é que esta realidade sufriu importantes transformacións nos últimos 60 anos. Estas transformacións que pasamos a describir xogaron un importante papel na situación do monte galego contribuíndo ao seu abandono e por tanto incidindo tamén dunha forma esencial nos incendios.

- **Un forte declive económico e demográfico das áreas rurais.**

Este declive motivou unha concentración da poboación e a actividade económica nas zonas urbanas, especialmente na zona do Eixo Atlántico. E iso ven motivado pola caída do emprego rural e o limitado desenvolvemento da

industria agroalimentaria ou doutras ramas industriais ou de servizos nas zonas rurais.

En canto ao emprego agrario, a man de obra ocupada no sector reduciuse no período 1950-2015 nun 95%, pasando de 827.000 a 45.600 persoas. Só nos últimos 30 anos a redución foi de case o 90%. Pasamos de 415.100 ocupados no campo a 45.600 en 2015. Esta drástica redución afectou tamén ao seu peso relativo: mentres que en 1950 supoñía o 70%, na actualidade sitúase nun 4,5% da poboación ocupada. Esta última cifra é similar á media da UE-28, aínda que é certo que noutros países da nosa contorna esta caída produciuse de forma máis gradual.

Ademais esta caída de actividade agraria non se viu compensada polo desenvolvemento doutras actividades industriais ou de servizos no medio rural.

- **Progresiva desagrarización do medio rural.**

A perda de peso económico e demográfico do medio rural viuse acompañada dunha redución da importancia da actividade agraria. Con datos do censo de poboación do 2001, os concellos rurais, que ocupaban naquel momento o 72% do territorio tiñan o 23% dos habitantes de Galicia. Pero ademais, atendendo aos habitantes do rural que traballaban, só o 25% tiña como actividade principal a agricultura. Estes datos intensificáronse nos últimos anos. Se atendemos os datos do 2016, os municipios rurais ocupan o 79,8% do territorio e só contan co 27,1% dos habitantes. E dos que traballan, só un 14,3% teñen como ocupación principal a actividade agraria ou pesqueira.

Outro dato que revela esa desagrarización é que os agricultores só xestionan hoxe o 31% do territorio, e unicamente o 21% está dedicado a cultivos e pastos.

Por último, e con datos da enquisa sobre a estrutura das explotacións de 2013, en Galicia hai unhas 78.000 explotacións agrarias, aínda que as familias que traballan e viven principalmente da agricultura non superarían as 25.000 (López Iglesias y Pérez Fra).

- **Un medio rural con graves problemas demográficos e de despoboamento.**

A perda de relevancia económica do sector agrario e a escasa creación de empregos nos outros sectores da economía explica o proceso de deterioro económico e demográfico no que hoxe esta inmerso o rural galego. Así, nas ultimas cinco décadas a poboación galega foise concentrando nas cidades e vilas de mediano tamaño, fundamentalmente na fachada atlántica, de forma que, na actualidade, mais do 75% da poboación concéntrase en menos do 20% do territorio. Aínda que o rural segue ocupando as 4/5 partes do territorio, nelas só habita o 25% da poboación. En definitiva, o envellecemento e perda continuada de poboación afectan dun xeito particularmente intenso aos espazos rurais.

Este proceso de despoboamento iníciase en paralelo á desagrarización hai máis de 50 anos. Como datos que ilustran a situación sinalamos que uns 20 concellos levan perdido dende 1950 máis das tres cuartas partes da súa poboación, e 150 concellos máis da metade. Hai unha polaridade entre un Eixo Atlántico urbano e un interior maioritariamente rural e en declive poboacional. No interior de Galicia son maioría os concellos con menos de 50 residentes por quilómetro cadrado fronte aos máis de 400 existentes no eixo atlántico.

A heteroxénea realidade demográfica galega permite definir en primeira instancia tres áreas xeográficas diferenciadas: o Eixo Atlántico, a Galicia Central e a Alta Montaña. E partindo desta diferenciación apréciase tamén unha crecente heteroxeneidade interna que nos permite sinalar tres realidades na Galicia rural dende o punto de vista demográfico:

- **Áreas rurais do Eixo Atlántico e outras comarcas periurbanas**: Son zonas máis puxantes en termos demográficos, en consonancia coas cidades que o conforman. O Eixo Atlántico no seu conxunto agrupa a contorna comarcal das cinco principais cidades galegas e compleméntase con outras dez vilas próximas e moderadamente poboadas en comarcas veciñas ás cidades. Trátase dun total de 109 concellos, que supoñen o 25% do territorio galego e teñen case dous millóns de habitantes, cunha densidade de máis de 250 habitantes/km^2. Nestas áreas a idade media dos cidadáns é de 45 anos.
- **Galicia central ou interior:** comarcas cunha base agraria, en especial gandeira, relativamente sólida, acompañada en moitos casos de vilas cabeceiras de comarca de certa dimensión. Supón a metade do país, tanto por extensión como por número de concellos, un total de 160, e nesta zona habitan máis de 800.000 persoas cunha idade media de 52 anos.
- **Zonas de montaña** (serras orientais de Lugo, metade oriental e sur de Ourense, e dorsal galega): Esta é a Galicia en depresión demográfica. Apenas 75.000 persoas de idade medida próxima aos 60 anos residindo nun cuarto da extensión do país (46 concellos) e a case dúas horas do Eixo Atlántico.

Ademais os efectos negativos da excesiva concentración de poboación cara ao Eixo Atlántico agrávanse como consecuencia da dispersión dos núcleos de poboación galegos. Galicia suma un total de 30.245 entidades singulares de poboación, distribuídas polo territorio, na súa maioría de carácter rural.

3.3.3.1. Abandono e cambios de usos no territorio.

De acordo cos datos aportados por diversos comparecentes, no proceso de desagrarización, deixaron de traballarse unhas 88.000 ha de terras agrícolas e de aproveitarse unhas 660.000 ha de pastos, o que representa

aproximadamente unha cuarta parte do territorio galego e una cifra similar a superficie agraria útil (SAU) actual. Dende os anos 60 do século pasado diminúe de maneira continuada a superficie agraria utilizada, e cada vez faino de maneira máis rápida, tal e como teñen descrito dende o Grupo de Investigación do Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago. Nunha primeira aproximación podemos constatar que dende o ano 1985 ata o ano 2005 (20 anos), o 43,2% do territorio cambiou de uso, apreciándose unha serie de tendencias nese período que continúan na actualidade con máis ou menos intensidade:

- Diminución dun 16% da superficie agraria utilizada do 1985 ao 2005, pasando das 927.977 ha de 1985 a 782.074 ha, unhas 146.000 ha menos. Segundo a *Enquisa sobre a Estrutura das Explotacións* do INE, referido a explotacións que superan certa dimensión, só entre 2013 e 2016 perdéronse en Galicia máis 33.000 ha de SAU (máis de 5% da SAU existente na primeira data). Hoxe a SAU só representa o 21% da superficie de Galicia, unhas 621.643 ha, o que indica que dende 1985 ata a actualidade a SAU diminuíu en 306.334 ha, un 33% menos. En termos comparativos, temos a metade de SAU que a media da UE-28, cun 40% e que a de España cun 45,9%.
- As distintas análises realizadas sobre esta cuestión dende unha perspectiva académica conclúen que estes cambios se deron de maneira desigual en Galicia. Apenas 50 concellos acumulan o 50% da SAU do país. E os datos apuntan a que a SAU continuarase concentrando en menos concellos e estará fundamentalmente vinculada co sector vacún de leite e, en menor medida, co de vacún de carne.
- Importante aumento da superficie arborada, tanto de especies produtoras de crecemento rápido como de frondosas. Segundo os datos dos I Inventario Forestal Nacional e do IV Inventario Forestal Nacional, as masas arboradas foron aumentando, dende un 38% no 1972 ata ao redor do 49% do territorio de Galicia no 2011, sendo varias especies de

piñeiros e eucaliptos as que ganaron terreo de forma rápida. O 40% deste aumento produciuse sobre terras agrícolas

- Forte aumento da urbanización e do territorio ocupado por infraestruturas. O 60% dese aumento produciuse a súa vez sobre terras agrícolas.
- E destacable, ademais, a importancia das superficies cubertas por matogueiras que, a pesar de experimentar unha diminución na súa superficie, aínda ocupan algo mais da quinta parte do territorio (21%). En gran parte, a súa presenza se vincula con procesos de cese do cultivo de terras ou cunha diminución na intensidade da xestión dalgunhas superficies agrícolas e forestais.
- Como consecuencia, incrementouse a extensión e a continuidade das masas arboradas e arbustivas en case tres cuartas partes do territorio galego.

En suma, só no período 1989-2011 case a metade do territorio non urbano de Galicia experimentou un cambio de uso, unha dinámica posiblemente inédita no contexto de Europa Occidental.

Existe un importante grao de consenso entre os comparecentes na identificación do abandono de boa parte do territorio galego como un dos principais problemas do rural galego. As causas e motivacións do abandono e os seus efectos son obxecto de diferentes estudios en Galicia, dada a súa incidencia no noso rural.

Como temos descrito neste ditame, os cambios de usos derivados da desagrarización levaron a unha perda da superficie agraria útil asociada á redución do número de explotacións. Dende as aproximadamente 433.000 do ano 1962 redúcense as 270.053 do ano 1999 (INE, 1976, 1986, 2008). Con datos máis recentes, da enquisa sobre a estrutura das explotacións agrarias de 2013, en Galicia e a esa data hai un total de 78.400 explotacións.

O sucesivo peche de explotacións, tal e como sinalan Corbelle Rico e Crecente Maseda no seu traballo ***O Abandono de Terras: Concepto teórico e consecuencias***, foi deixando libres as terras que estas ocupaban que, en principio, quedarían teoricamente dispoñibles para a súa incorporación a aquelas explotacións veciñas que continúen en activo. Porén, este caso parece ser pouco frecuente, polo menos así se deriva dos datos constatados, e na práctica unha gran parte desas terras simplemente non soportan ningún tipo de actividade nin xeran ningún tipo de ingreso para o propietario. Esta situación é cualificada como **abandono total ou abandono efectivo**. Efectos visibles deste estado son o crecemento da vexetación espontánea e a deterioración progresiva das infraestruturas produtivas (cercados, vías, sistemas de rega, mantemento dos límites) ata o punto de chegar a facer moi difícil ou mesmo inviable, dende o punto de vista económico, o reinicio das actividades agrícolas no futuro.

Tamén se puxo de manifesto en Galicia outro fenómeno como é o de que moitas das explotacións que a teoría cualifica como inviables continúan en activo moito máis alá do período esperado. As razóns que explican este fenómeno son variadas. Entre elas pódese sinalar a transferencia da titularidade á parella (cando esta ten menor idade), a busca doutras fontes de ingresos externos á explotación (agricultura a tempo parcial), ou a simple continuación das actividades máis alá da idade da xubilación. O pouco tempo dispoñible que deixa o traballo fóra da explotación, o simplemente a idade, forzan ao titular a realizar cambios no modo no que manexa a explotación como, por exemplo, os seguintes:

- A transformación para usos menos intensivos e, polo tanto, menos esixentes en traballo.
- A permanencia do uso pero cunha redución da súa intensidade.
- A contracción (reestruturación interna) da explotación, que consiste na permanencia ou na intensificación do uso nas mellores terras e no

cesamento ou na diminución das actividades nas parcelas menos produtivas ou accesibles.

Calquera desas estratexias son indicadoras do declive da explotación previo a un previsible cesamento total das actividades. Con todo, este proceso pode prolongarse no tempo durante un período indeterminado, e no seu transcurso o nivel de manexo da totalidade ou de parte das terras da explotación faise ocasional e cuns ingresos asociados case nulos. Mais por persistir un certo uso da terra esta non se atopa estritamente abandonada, e por este motivo a situación pode ser cualificada como de **abandono oculto** ou de **semiabandono**. A baixa facturación que presentan dous terzos das explotacións agrarias galegas determina que boa parte delas se corresponden con esta tipoloxía.

Outra cuestión a considerar é que o cesamento da actividade agrícola non sempre conduce a unha situación de ausencia de uso da terra senón que ás veces da paso a outros usos, entre os que destacan os procesos de urbanización e as plantacións forestais. Tendo isto en conta, resulta obvia a necesidade de diferenciar entre o concepto máis amplo de **abandono da actividade agrícola** e o máis amplo de **abandono da terra**, reservado para aqueles casos nos que nunha parcela non se realiza ningún tipo de actividade económica. Agora ben, que nas terras nas que se abandone a actividade agrícola e apareza unha superficie arborada se poida falar de que non hai abandono senón cambio de actividade económica, choca bastante coa análise da xestión do noso monte que se fai non punto 3.3.3.4 deste ditame. Neste sentido, o certo é que tendo en conta que o nivel de manexo asociado a unha gran parte das plantacións forestais do país é moi inferior ao recomendable dende ou punto de vista silvícola, cualificar moitas delas como abandonadas non parece precisamente desatinado.

Estas situacións de abandono teñen ou seu recoñecemento legal na Lei 6/2011, de mobilidade de terras de Galicia que non seu artigo 28 sinala que poderán ser declarados predios abandonados:

a) Aqueles terreos non sometidos a ningunha práctica de cultivo, mínimo laboreo ou agricultura de conservación, nin destinados a pastoreo nin ao mantemento dunha cuberta vexetal adecuada dende o punto de vista agroambiental que non propicie a aparición do lume, a erosión ou degradación do terreo, a invasión de malas herbas, as pragas ou as enfermidades que poidan causar danos ao propio predio ou aos predios lindeiros ou próximos a el, e para garantir a preservación do contorno e das condicións ambientais.

b) Os terreos con plantacións forestais realizadas en terra con vocación agraria cando a cuberta vexetal de sotobosque, de natureza herbácea ou arbustiva, presente un estado que propicie a aparición do lume, a erosión ou degradación do terreo, a invasión de malas herbas, as pragas ou as enfermidades que poidan causar danos ao propio predio ou aos predios lindeiros ou próximos a el.

Noutro interesante estudo dos profesores Corbelle Rico e Crecente Maseda, ***Urbanización, forestación y abandono. Cambios recientes en el paisaje de Galicia, 1985-2005***, citado por diferentes comparecentes, sinálase que se ben a paisaxe de Galicia sufriu profundos cambios nas últimas décadas, o certo e que os aspectos cuantitativos e de localización xeográfica foron moito menos estudados. O estudo constrúe de forma rigorosa e coa información dispoñible, o mapa de Galicia que mostramos a continuación no que se ve claramente que o abandono non afectou por igual a todo o territorio galego:



A análise a nivel parroquial suxire unha clara tendencia a diferenciación e especialización entre as diferentes zonas, tal e como se recolle de forma moi gráfica no mapa. A consecuencia máis importante para o obxecto desta Comisión é que a necesaria aplicación das políticas de desenvolvemento rural, ordenación do territorio e mesmo planificación urbanística non se pode facer do

mesmo xeito en todo o territorio galego. Haberá que facer discriminación positiva a favor dos territorios onde máis se visualice o abandono.

Por último, apuntar que esta preocupación polo abandono do rural é compartida por todos os grupos parlamentarios galegos, pola práctica totalidade dos comparecentes á Comisión, pola sociedade civil galega e pola Xunta de Galicia, que nos últimos anos impulsou importantes solucións lexislativas para loitar contra o abandono de terras no rural galego e potenciar a reestruturación das parcelas. Tales medidas foron postas de manifesto na comparecencia do director xeral de Desenvolvemento Rural, destacando:

- Lei de mellora da estrutura territorial de Galicia, 4/2015, que potencia e simplifica a figura da concentración parcelaria.
- O Banco de Terras de Galicia, regulado na Lei 6/2011, de mobilidade de terras, e que ten o seu antecedente na Lei 7/2007, onde se regula por primeira vez esta figura.

3.3.3.2. A falta de xestión nos montes privados e comunais. A certificación forestal.

Outra das cuestións resaltadas polos comparecentes na Comisión é que existe unha parte importante da superficie forestal de Galicia que non é obxecto de xestión algunha. Trátase dunha cuestión á que dedicamos un apartado específico pola súa incidencia no ámbito deste ditame, pero advertimos que está intimamente ligada á cuestión do abandono do territorio no rural. Quizais sexa máis complicado detectar o abandono na superficie forestal, pero o certo é que a falta de xestión supón unha masa forestal desordenada e con abundante matogueira que constitúe un importante combustible para os incendios forestais. Recordemos que Galicia é unha das comunidades autónomas españolas con maior superficie forestal e é a terceira con maior porcentaxe forestal respecto ao total do territorio. Así, a superficie forestal

representa en Galicia o 68,7% do territorio total fronte ao 55,2% no resto das comunidades autónomas.

A distribución da titularidade da superficie forestal galega recóllese no apartado 3.3.1.3 deste ditame. A cuestión que analizamos neste apartado é quen xestiona esa superficie forestal. Establecemos unha primeira diferenciación en función de que **a titularidade da xestión sexa pública ou privada**. En canto á

titularidade de xestión privada, reflectimos os datos no seguinte cadro ordenado por tipos de montes:

TIPOS DE MONTES DE XESTIÓN PRIVADA	Superficie forestal con Xestión Privada	% do total de Superficie Forestal de Xestión Privada	% de Monte do seu tipo
Monte público	13.909,81	0,81%	25,05%
Monte privado particular	1.284.857,61	74,94%	99,09%
Monte veciñal en mano común	411.897,08	24,03%	61,80%
Monte abertal	3.767,61	0,22%	74,77%
Total monte galego de xestión privada	1.714.432,11	100,00%	84,46%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do documento de diagnóstico da 1ª revisión do plan forestal de Galicia.

Deste cadro podemos establecer como primeira aproximación que a gran maioría dos montes privados e a práctica totalidade dos montes particulares de

Galicia son xestionados (nominalmente) polos seus propietarios titulares ou xestores.

Pola súa banda, a **xestión pública** alcanza as 315.000 hectáreas (un 15,54% da superficie forestal galega, de acordo co seguinte cadro:

TIPOS DE MONTES DE XESTIÓN PÚBLICA	Superficie forestal con Xestión Pública	% do total de Superficie Forestal de Xestión Pública	% de Monte do seu tipo
Monte público	41.614,08	13,19%	74,95%
Monte privado particular	17.991,39	5,70%	0,91%
Monte veciñal en mano común	254.622,77	80,70%	38,20%
Monte abertal	1.271,22	0,40%	25,23%
Total monte galego de xestión pública	315.499,46	100,00%	15,54%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do documento de diagnóstico da 1ª revisión do plan forestal de Galicia.

Xa coa información que se deriva dos dous cadros podemos constatar que os principais xestores (polo menos teóricos xestores) do territorio forestal galego son os titulares privados xunto coas comunidades de montes. O seguinte xestor pola súa importancia é o Servizo de Xestión Forestal da Consellería do Medio Rural que xestiona fundamentalmente montes veciñais en man común, mediante a fórmula de convenios ou consorcios. Tamén xestiona montes públicos, de concellos ou deputacións.

Establecido a repartición dos montes en función de que a titularidade da súa xestión sexa pública ou privada, hai que sinalar que unha parte importante da superficie forestal galega non é obxecto dun manexo silvícola adecuado. Nas

comparecencias achegáronse diferentes cifras sobre a superficie forestal galega sen xestión algunha, sendo a Asociación Forestal de Galicia a que achegou unhas cifras máis optimistas, de acordo co seguinte cadro:

TIPO DE MONTE 2009	ha	%
Monte arborado con xestión	820.000 ha	40,00%
Monte arborado sen xestión	570.000 ha	28,00%
Rasos, pastos, matogueiras e improdutivos	650.000 ha	32,00%
TOTAL TERRITORIO FORESTAL	2.040.000 ha	100,00%

Outros comparecentes achegan datos relativos a unha porcentaxe de monte efectivamente xestionado bastante inferior ao sinalado pola Asociación Forestal de Galicia. Así, o profesor López Iglesias sinalou na súa intervención que as terras de monte ocupan 2 millóns de hectáreas, diferenciando dende ou punto de vista da súa xestión:

- Entre 1 e 1,4 millóns arborizadas; pero só 300.000 ha, no mellor dos casos, ordenadas e obxecto dunha xestión silvícola.
- De 600.000 a 1.000.000 ha ocupadas polo mato; terras completa ou case completamente abandonadas.

Esta disparidade de datos reflicte por si mesma a necesidade de dispoñer dunha información actualizada e fiable sobre a superficie forestal galega e a súa situación, que é outra das esixencias de boa parte dos comparecentes.

Se atendemos aos datos que nos proporciona o documento de diagnóstico da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia, na actualidade hai menos de 210.000 hectáreas de **monte ordenado** en Galicia que representan pouco máis do 10% da superficie forestal total, entendendo por monte ordenado aquel que dispón dun proxecto de ordenación ou un plan de xestión equivalente aprobado pola

Administración. Supoñendo que esta superficie forestal ordenada sexa arborado na súa práctica totalidade, a porcentaxe de "bosque ordenado" ascendería a case o 15% do total. Se relacionamos o tipo de monte co concepto de ordenación, os resultados reflectímolos no seguinte cadro:

TIPOS DE MONTES	Superficie forestal ordenada	% do total de Superficie Forestal ordenada	% de Monte do seu tipo
Monte público	19.308,73	9,22%	34,78%
Monte privado particular	8.014,55	3,83%	0,62%
Monte veciñal en mano común	181.715,76	86,77%	27,26%
Monte abertal	371,77	0,18%	7,38%
Total monte galego ordenado	209.410,81	100,00%	10,31%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do documento de diagnóstico da 1ª revisión do plan forestal de Galicia.

Como se pode constatar no cadro anterior, a falta de instrumento de ordenación é especialmente acusada no monte privado particular, e aínda que non se pode equiparar a falta de instrumento de ordenación con falta de xestión forestal, si que é un indicador claro da situación de abandono no que se atopa boa parte desta superficie forestal.

De acordo cos datos achegados pola Consellería do Medio Rural, no período 2006/2017 aprobáronse un total de 639 instrumentos de ordenación ou xestión forestal, que abarcan 184.662 hectáreas. A maior parte, 523 instrumentos de ordenación e 160.868 hectáreas, corresponden a montes veciñais en man común.

En canto á situación de Galicia respecto ao resto do territorio español, a media de monte ordenado no conxunto do Estado é do 16,27% (19% se consideramos monte arborado). Por tanto, Galicia sitúase por baixo da media nacional en canto ordenación da súa superficie forestal. Segundo o Informe de Avaliación dos Recursos Forestais de Nacións Unidas (FAO, 2010) a media de monte arborado ordenado na Unión Europea é do 59%.

Outro aspecto importante para determinar a adecuada xestión do noso monte é a certificación forestal. De forma moi sinxela, podemos definir a **Certificación Forestal** como a avaliación por parte dunha terceira parte independente, cualificada e acreditada, quen certifica que as prácticas de xestión forestal cumpren unha serie de normas de sustentabilidade acordadas colectivamente. Esta certificación pódese levar a cabo tanto a nivel de monte, como de industria forestal:

- **A certificación da Xestión Forestal Sustentable** permite garantir que a xestión que se realiza nun bosque está a facerse dunha forma socialmente responsable, economicamente viable e ambientalmente sustentable. Abarca o inventario forestal, a planificación da ordenación, a silvicultura, o aproveitamento, así como as repercusións ecolóxicas, económicas e sociais das actividades forestais.
- **Na certificación da Cadea de Custodia** avalíase a trazabilidade das materias primas de orixe forestal, e os seus derivados a través das distintas fases do proceso produtivo, permitindo verificar que a madeira utilizada por unha empresa procede de bosques xestionados de acordo a criterios de sustentabilidade. Para que unha empresa poida contar co certificado de cadea de custodia, e por tanto poida comprar e vender madeira ou produtos derivados como certificados, é necesario que teña implantado un sistema de control e que este sistema de control se someta a auditorías.

Os dous principais sistemas de certificación son o selo PEFC e o FSC. En Galicia hai un total de 156.551 hectáreas de superficie forestal certificadas polo selo PEFC e case 45.000 polo selo FSC. Así mesmo, hai 524 instalacións galegas que teñen certificada a súa cadea de custodia, 314 co selo PEFC e 210 con certificados FSC.

A necesidade de figuras de xestión conxunta do monte. As Sofor.

Como expuxemos neste ditame, a maior parte dos terreos forestais de particulares teñen un tamaño reducido e a propiedade total de cada un deles atópase repartida en diferentes parcelas separadas entre si, respondendo a esta tipoloxía as dúas terceiras partes da superficie forestal galega. Todo iso determina unha produtividade e rendibilidade moi baixas. A situación vese agravada por unha carencia de pautas adecuadas de silvicultura, de maneira que prevalecen os criterios comerciais de mercado sobre criterios técnicos silvícolas, o que fai que a maior parte dos montes privados galegos atópense moi descapitalizados.

Ante esta situación moitas das comparecencias fixeron especial fincapé na necesidade de regular instrumentos que promovan, impulsen e poñan en marcha iniciativas de xestión conxunta sustentable e diversificada do monte galego. Trátase dunha cuestión que tamén forma parte das preocupacións dos grupos políticos que participaron na Comisión, se ben o debate se focalizou no maior ou menor éxito das **Sofor**, que é o instrumento impulsado polo goberno do Partido Popular, fronte ás **Uxfor,** que foron creadas durante a época do goberno do Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego (2005-2009).

As Sociedades de fomento forestal (Sofor), están definidas no artigo 122 da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e no Decreto 45/2011, do 10 de marzo, que na súa exposición de motivos recolle o seguinte:

Resulta evidente que para acadar unha explotación económica rendible e sustentable é fundamental dispoñer dunha superficie mínima adecuada que posibilite a implantación dun instrumento forestal adecuado e unha xestión eficiente dos diferentes usos e aproveitamentos do monte. Para acadar este obxectivo, tendo en conta a estrutura da propiedade do monte en Galicia, resulta imprescindible o impulso e fomento, dende as institucións públicas, das ***actuacións de concentración, xa sexa da propiedade forestal, xa sexa da súa xestión.***

No artigo 122 da Lei se definen as Sociedades de fomento forestal como aquelas agrupacións que asocian a propietarios forestais ou, no seu caso, a persoas titulares de dereitos de uso de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal, que ceden os seus dereitos á sociedade para a súa xestión forestal conxunta. O Decreto especifica as condicións que deben de cumprir as Sofor:

- Ter a forma xurídica de sociedade de responsabilidade limitada, de acordo co estipulado pola Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, e pola demais lexislación de carácter mercantil que lles resulte de aplicación.
- Ter o seu domicilio social e fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acreditar o cumprimento dos requisitos recollidos no propio Decreto.
- Acreditar a cualificación de Sociedade de Fomento Forestal do Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal.

As Sofor non tiveron nestes anos unha implantación relevante no noso monte como mecanismo de xestión conxunta. Con datos do ano 2017, hai un total de 11 Sofor que agrupan 1.855,92 hectáreas, o que supón pouco máis do 0,09% da superficie de montes privados galegos.

Das diferentes comparecencias nas que se abordou esta cuestión, podemos sinalar como principais obstáculos con que se atopa a implantación das Sofor os seguintes:

- As dificultades de acceso das Sofor os incentivos fiscais previstos na normativa estatal, aínda que as últimas reformas legais realizadas nesta materia (Lei 9/2017 de medidas fiscais e administrativas) van polo bo camiño para resolver esta cuestión.
- A dificultade de xuntar a suficiente superficie en couto redondo, unido os problemas de investigación da propiedade.
- A desconfianza de moitos dos propietarios, sobre todo entre os maiores, a natureza mercantil das Sofor.
- A falta de información sobre a figura entre os propietarios forestais.

Na comparecencia da señora García Hermida, en representación das Sofor, tamén comentou as dificultades de implantación que tiveron no seu momento as Unidades de Xestión Forestal, incidindo a comparecente que a maior resistencia que se deu por parte dos propietarios forestais viña provocada pola necesaria presenza dun funcionario público na composición das Uxfor.

3.3.3.3. As dificultades para a rendibilidade das explotacións agro gandeiras.

Diversos comparecentes coincidiron en presentar o problema dos incendios forestais e a súa posible solución non como algo estritamente forestal, senón coma un problema de desenvolvemento rural: é necesario ter un territorio vivo, en activo, con xente que traballa, que coida do territorio e que, como ben sobrevido desa actividade produtiva, ademais nos protexe dos incendios forestais. Ese territorio vivo ten que dotarse de agricultores e gandeiros que sexan quen de ter explotacións rendibles, como mecanismo de fixación de poboación non rural e tamén como xestores activos dese territorio.

No curso das comparecencias púxose de manifesto que unha das circunstancias que contribúen ao abandono do territorio rural e as consecuencias que iso ten respecto dos incendios, é a falta de rendibilidade das explotacións agro-gandeiras galegas, motivada por diferentes factores:

- **O pequeno tamaño das explotacións agro gandeiras galegas.**

Con datos da enquisa sobre a estrutura das explotacións agrarias de 2013, en Galicia hai un total de 78.400 explotacións. Case a metade do total, 38.500, obteñen unha produción anual inferior aos 4.800 euros, contan con máis dun terzo da man de obra, pero unicamente xestionan o 15% das terras de cultivo e pastos e achegan o 3,5% do output. Se a este grupo unimos o intervalo seguinte, explotacións cunha produción anual inferior aos 9.600 euros, entre os dous constitúen os dous terzos do total e concentran a metade do emprego agrario, pero só contan cun 25% da SAU e xeran o 7,4% da produción.

No extremo contrario, podemos sinalar a existencia dunhas explotacións medianas e grandes, minoritarias en número pero que son as que xogan o papel central na xestión do territorio e na xeración de valor engadido. Son unhas 10.000 explotacións, fundamentalmente lácteas, que teñen unha cuarta parte da man de obra, concentran o 43% das terras de cultivos e pastos e achegan máis de tres cuartas partes da produción total do sector (superan todas elas os 48.000 euros de ingresos brutos anuais). Estas explotacións teñen unha dimensión económica que multiplica por seis a media do sector e cunha produtividade que triplica a media, aproximándose aos estándares de explotacións profesionais europeas. Con todo, só dan emprego a unhas 20.000 persoas a tempo completo e xestionan unhas 280.000 hectáreas pero moi concentradas en determinadas áreas: as comarcas gandeiras do interior das provincias de Lugo e A Coruña e na comarca do Deza en Pontevedra. Por iso presentan fortes limitacións para converterse a medio e longo prazo no

sustento único do noso agro, sobre todo no aspecto de xestión do territorio que é o relevante para os efectos que nos ocupan.

Se atendemos ao sector da industria agroalimentaria galega, das 2.500 existentes, o 61% ten menos de 2 empregados e o 87% ten menos de 10 empregados.

- **A falta de base territorial.**

Como temos sinalado a SAU galega é de 621.643 hectáreas e o número de explotacións é de 78.400. Aínda que a media de superficie por explotación é de case 8 hectáreas, máis do 63% ten unha SAU inferior a 5 ha e apenas o 10% supera as 20 ha. Recordemos tamén que boa parte das que teñen una base territorial ampla se concentran nas comarcas gandeiras do interior das provincias de Lugo e A Coruña e na comarca do Deza en Pontevedra.

Diversos comparecentes sinalaron que a falta de base territorial dificulta a rendibilidade das explotacións, sobre todo as gandeiras. E iso porque impide que se produzan as forraxes necesarias para alimentar as cabezas de gando, obrigando a recorrer a compras externas que supoñen un incremento de custos, en moitas ocasións inasumibles.

As dificultades de mobilización da terra produtiva abandonada é un dos factores que máis está a afectar ao desenvolvemento dun sector agro-gandeiro vivo, dinámico e rendible, que constitúe un dos elementos esenciais na loita contra os incendios.

3.3.4. A política forestal. Planificación e ordenación.

Diversos comparecentes ante a Comisión puxeron de manifesto a necesidade dun monte adecuadamente planificado e ordenado como un importante mecanismo de loita contra os incendios. Imos analizar neste apartado do

ditame a situación da planificación e ordenación forestal en Galicia dende o punto de vista da súa regulación legal.

O MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA.

A lexislación básica en materia forestal no ámbito estatal, a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e as súas posteriores reformas, indica na súa exposición de motivos que baseándose na xestión forestal sustentable, dedúcense os restantes principios normativos a cumprir, entre outros obxectivos, a multifuncionalidade, a integración da planificación forestal e a ordenación do territorio, a cohesión territorial, o fomento das producións forestais e o desenvolvemento rural, entre outros. E neste sentido, os **Plans de Ordenación dos Recursos Forestais** (PORF) configúranse como instrumentos de planificación forestal de ámbito comarcal integrados no marco da ordenación do territorio, enmarcando a planificación e a xestión forestal no decisivo ámbito da ordenación territorial. A Lei 43/2003 instrumenta a forma na que se debe integrar a xestión forestal noutras figuras de ordenación territorial como poden ser os Plans de Ordenación do Medio Físico (POMF) e os Plans Xerais de Ordenación Municipal (PXOM).

No ámbito autonómico, a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia configúrase como o marco normativo principal en materia forestal de Galicia.

En canto á xestión forestal e, particularmente en montes privados, o artigo 44 da norma citada establece que as persoas titulares dos montes privados poderán xestionalos por si mesmos ou contratar a súa xestión a persoas físicas ou xurídicas de dereito privado ou público, así como crear agrupacións para a xestión forestal conxunta, que poderá ter por obxecto calquera tipo de aproveitamento forestal. Neste mesmo artigo relaciona como dereitos específicos dos propietarios dos montes privados, entre outros: a xestión do seu monte, nos termos previstos nesta lei e na demais lexislación aplicable; o

aproveitamento sustentable dos recursos existentes nos montes; a elección do uso ou usos do monte; a elaboración dos instrumentos de ordenación ou de xestión forestal nas súas propiedades.

O título III da lei (arts. 71 a 83) céntrase na **planificación e ordenación forestal**, distinguíndose e diferenciándose de forma nítida ambos os aspectos, que ocupan capítulos diferentes deste título. En materia de planificación, articúlanse, baixo o criterio da simplificación e a redución, os instrumentos de planificación que se estiman necesarios a efectos de articular unha política forestal que satisfaga as necesidades da nosa comunidade, e que se cifran no **Plan forestal de Galicia**, ao que se dota de eficacia vinculante, e os **plans de ordenación de recursos forestais**, cuxa tramitación e contido regúlase de forma exhaustiva. Seguidamente, e en materia de ordenación, establécense as instrucións xerais para a ordenación dos montes e os instrumentos de ordenación e xestión forestal, cuxo contido e estrutura axústanse ás necesidades dos propietarios, simplificándose ao máximo en caso de titulares de terreos forestais de escasas dimensións, a efectos de compatibilizar unha economía da xestión coa necesidade de ordenación do monte en Galicia. A tal fin regúlanse as figuras dos **proxectos de ordenación** e os de nova creación, **documentos simples e documentos compartidos de xestión.**

Nos seus artigos 74-76, a Lei galega de montes céntrase nos **Plans de Ordenación dos Recursos Forestais**. Segundo a norma, a Administración forestal elaborará os PORF como instrumentos de planificación forestal, que afectarán preferentemente cada distrito forestal, como territorios de condicións xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais ou paisaxísticas homoxéneas e que terán carácter obrigatorio e executivo nas materias reguladas nesta lei, e nos termos establecidos en cada plan. Os PORF, como mínimo, especificarán, entre outros puntos, o establecemento de referentes de boas prácticas e modelos silvícolas orientativos para a xestión e o aproveitamento dos montes, baseados na análise das especies existentes e

nas súas quendas de curta, e garantindo que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e que se manteña a capacidade produtiva dos montes; a zonificación por usos e vocación do territorio, establecendo para cada zona os obxectivos, as compatibilidades e as prioridades, e sinalando os ámbitos de solo rústico con valor forestal para os efectos da súa categorización como de especial protección forestal nos instrumentos urbanísticos e de ordenación do territorio. A aprobación estes plans será polo Consello da Xunta mediante decreto.

O artigo 77 da Lei 7/2012 establece a obrigación de dispoñer de proxectos de ordenación de montes e outros documentos técnicos e compromisos de adhesión a modelos silvícolas, en función dos tipos e tamaños da propiedade.

Os **proxectos de ordenación forestal** son instrumentos de ordenación forestal que sintetizan a organización do aproveitamento sustentable dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, nun monte ou nun grupo de montes, para o cal debe incluír unha descrición do terreo forestal nos seus aspectos ecolóxicos, legais, sociais e económicos e, en particular, un inventario forestal cun nivel de detalle tal que permita a toma de decisións en canto á silvicultura que se debe aplicar en cada unha das unidades do monte e á estimación das súas rendas, co obxectivo de obter unha organización estable dos distintos usos e servizos do monte. Os proxectos de ordenación forestal son obrigatorios para os montes públicos, protectores e de xestión pública, así como para os demais montes privados colectivos e particulares cuxa superficie sexa superior ás 25 hectáreas en coto redondo.

Os demais montes cunha superficie igual ou inferior ás 25 hectáreas en coto redondo, deberán dotarse dun **documento simple ou compartido de xestión forestal**, ou ben, cando teñan menos de 15 hectáreas dun **compromiso de adhesión** expresa aos referentes de boas prácticas forestais e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientadores, segundo especies ou formacións

forestais que se establezan de xeito regrado. Todo iso de acordo cos criterios e contidos mínimos establecidos nas Instrucións Xerais para a ordenación dos montes de Galicia, aprobadas polo Decreto 52/2014, do 16 de abril.

Segundo a disposición transitoria sexta da Lei 7/2012, os montes ou terreos forestais disporán dun instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio e vixente, como máximo, no prazo de seis anos dende a publicación das instrucións de ordenación de Galicia. É dicir o prazo remata o **8 de maio de 2020**. Pasado este prazo sen aprobación, non se autorizarán aproveitamentos forestais nestes montes.

En definitiva, a Lei de montes de Galicia, consciente da importancia dun monte ordenado, establece a obrigatoriedade de que todos os montes de Galicia dispoñan dun instrumento de ordenación antes de maio do ano 2020. Con todo, na actualidade, hai menos de 210.000 hectáreas de monte ordenado en Galicia, que representan pouca máis do 10% da superficie forestal de Galicia. A transcendencia que ten a ordenación forestal como un instrumento efectivo na loita contra os incendios, determina a necesidade de que a Administración sexa moi esixente no cumprimento das obrigacións e prazos que en materia de ordenación forestal establece a lexislación vixente.

A 1ª REVISIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA.

De acordo co artigo 71 da Lei 7/2012, os instrumentos de planificación forestal da Comunidade Autónoma galega son o Plan Forestal de Galicia e os plans de ordenación dos recursos forestais.

De conformidade co apartado 1 do artigo 72 da Lei de montes de Galicia, o Plan Forestal é o instrumento básico para o deseño e execución da política forestal galega, no que se avalía a situación do monte galego e establécense as directrices e programas de actuación da política forestal de Galicia, así

como os mecanismos de seguimento e avaliación necesarios para o seu cumprimento.

Por tanto, o PFG concíbese como o instrumento básico de planificación estratéxica da política forestal galega: é un plan director que debe de establecer os obxectivos, modelos, directrices, estratexias, plans ou programas, medidas e accións configurados conforme aos eixos de intervención, instrumentos de execución e programas de actuación que se consideren necesarios para o seu desenvolvemento e aplicación en cumprimento dos seus fins.

A Lei de montes tamén considera ao PFG como un instrumento de ordenación do territorio, coa configuración de programa coordinado de actuación, aínda que esta previsión hai que entendela no sentido de que no seu marco pódense desenvolver plans que ordenen efectivamente o territorio forestal. Referímonos aos **plans de ordenación dos recursos forestais**, que actuarán dende o punto de vista territorial, como Plans de Ordenación do Medio Físico. En Galicia, estes plans desenvolveranse para cada un dos 19 distritos forestais, co compromiso de que deben de estar finalizados no ano 2020.

O Plan Forestal de Galicia vixente foi aprobado polo Parlamento galego no ano 1992. Este documento contiña as liñas de acción da Administración galega en materia de política forestal e os seus instrumentos de execución cun horizonte de 40 anos, deseñando un modelo de monte a conseguir en períodos de oito quinquenios.

Transcorrido case un cuarto de século dende a aprobación daquel PFG, e renovado o marco legal vixente en materia forestal coa aprobación da Lei 7/2012, expúxose a necesidade de proceder á súa revisión. Así, o 21.05.2014, o Consello Forestal de Galicia, órgano de representación do sector forestal, acordou a proposta da 1ª revisión do PFG. Co fin de promover a participación

social no proceso de revisión constituíuse en febreiro de 2015 un grupo de traballo no seo do Consello Forestal de Galicia para a elaboración dunhas directrices estratéxicas para a 1ª revisión do PFG. Este grupo de traballo estivo integrado por 26 organismos e colectivos representantes dos axentes sociais, económicos e ambientais implicados no sector forestal galego. Despois dun proceso de enquisas, debate e procura de consenso entre as organizacións integradas no grupo de traballo, a aprobación definitiva das directrices produciuse o 17.12.2015.

Na comisión compareceu un dos coordinadores do Grupo de Traballo, o profesor Roque Soalleiro, e expuxo con detalle as tarefas desenvolvidas sinalando que se logrou un alto grao de consenso na elaboración das directrices e que as mesmas se orientan a:

- A consecución dun monte multifuncional e sustentable,
- Compatibilizar os diferentes usos e servizos;
- Contribuír a un medio rural vivo,
- Aumentar a contribución do sector forestal ao PIB galego, e fortalecer todos os elos da cadea monte-industria,
- Potenciar a produción e comercialización de produtos non madeireiros
- E establecer un marco de política forestal estable e independente da orientación política do goberno da comunidade galega.

Posteriormente, o 09.06.2016 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o acordo motivado de inicio do procedemento de elaboración, formulación e aprobación da 1ª Revisión do PFG, o que se fixo público mediante Resolución do 10.06.2016, da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, publicada no DOG do 23.06.2016.

O borrador do Plan Forestal de Galicia presentouse ao Consello Forestal o 18.12.2017, de tal forma que os seus membros puidesen realizar alegacións

que enriquecesen o texto definitivo. Así mesmo o borrador do Plan foi remitido á Comisión de Estudo e motivou unha comparecencia específica do director xeral de Ordenación Forestal, o 14.03.2018, para explicalo antes os seus membros.

Os obxectivos estratéxicos da 1ª Revisión do PFG son os seguintes:

- Proxectar un modelo de monte que garanta a súa sustentabilidade e sirva de referencia no futuro para organizar adecuadamente a distribución do espazo forestal galego.
- Mellorar a contribución do monte galego á conservación da natureza, á biodiversidade e ao patrimonio natural galego, dos recursos xenéticos forestais, así como a prestación doutros servizos ambientais relacionados co cambio climático e as enerxías renovables.
- Procurar a adecuada saúde, vitalidade, protección, seguridade e defensa do monte ante riscos naturais e ambientais que lle ameazan, provocados por procesos erosivos e hidrolóxicos, incendios, enfermidades e pragas forestais.
- Favorecer o desenvolvemento socioeconómico sustentable do monte e a propiedade forestal galega para a súa incorporación á economía verde, incrementando a eficiencia da produción forestal e fomentando unha cultura forestal asociativa que facilite a mobilización de terras e recursos forestais inmobilizados.
- Promover o adecuado desenvolvemento e mellora do coñecemento e da cultura forestal galega, favorecendo o acceso público á información forestal, a divulgación e comunicación da cultura forestal, a educación, formación e capacitación forestal, así como a investigación, innovación, desenvolvemento tecnolóxico e emprendemento forestal.
- Deseñar un modelo de gobernanza do monte galego que dispoña os instrumentos necesarios para garantir o exercicio da ordenación e xestión forestal sustentable, dispoñendo o adecuado marco normativo e

administrativo, e a colaboración institucional e sectorial adecuadas para a súa conservación e desenvolvemento sustentable.

A consecución destes obxectivos estratéxicos exponse mediante cinco eixos estratéxicos de intervención que estruturan o documento:

- **Eixo I.** Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais.
- **Eixo II**. Protección, saúde, seguridade e defensa do monte ante riscos naturais e ambientais.
- **Eixo III**. Dinamización socioeconómica sustentable do monte e a propiedade forestal galega para a súa incorporación á economía verde.
- **Eixo IV**. Mellora do acceso á información e divulgación do coñecemento do monte e divulgación da cultura forestal galega.
- **Eixo V.** Desenvolvemento do modelo de gobernanza de referencia do monte galego.

Os eixos estratéxicos desenvolveranse mediante instrumentos de execución que se compoñen de estratexias e plans, programas temáticos de actuación ou liñas de acción. Supoñen un total de 15 estratexias e 60 iniciativas ou accións específicas para a consecución dos obxectivos estratéxicos do plan.

Un apartado importante da revisión do PFG é a proxección do modelo de monte de referencia cara ao futuro, en definitiva, a distribución do espazo forestal galego. E neste punto conclúese que a superficie forestal en Galicia non ten apenas marxe de expansión, o que suxire que a proxección de futuro do uso forestal do territorio galego deberá manter a ocupación da superficie forestal sobre os dous millóns de hectáreas que ten na actualidade.

En canto á repartición desta superficie, o borrador sinala que debería de manterse a superficie forestal non arborizada ao redor das 500.000 hectáreas,

tendo en conta que unhas 175.000 están incluídas en áreas protexidas, na súa maior parte na Rede Natural 2000, e entre unhas 225.000-250.000 hectáreas deberían de ter un destino preferente de pasto para gando, para así favorecer a alternancia, a descontinuidade e a diversidade de biotopos e da paisaxe forestal galega.

O resto da superficie forestal sería monte arborado, previndo un crecemento de 100.000 hectáreas durante a vixencia da 1ª Revisión do PFG, é dicir, nun horizonte de 20 anos.

Os datos de partida son os do IV Inventario Forestal Nacional, do ano 2009. De acordo co seguinte cadro do borrador do PFG, vemos a situación actual do monte galego por usos ou especies dominantes e a súa comparativa co modelo do PFG de 1992:

Distribución do monte por usos ou especies dominantes		
especie arbórea dominante	**Modelo PFG 1992 (ha)**	**MFE25-IFN4 (ha)**
Pinus pinaster	334.132	217.281
Pinus radiata	231.207	96.177
Pinus sylvestris	76.411	32.737
Outras Coníferas	92.763	87.759
Eucalyptus globulus	245.654	267.984
Eucalyptus nitens	--	40.000
Frondosas caducifolias	408.767	413.301
Casiñeiros e bidueiros	218.953	46.455
Carballos e outras frondosas caducifolias	189.814	366.846
Especies en mezcla	--	250.934
Eucalyptus+ P. Pinaster	--	124.415
Eucalyptus+ Q. Robur	--	21.517
P. pinaster+ Q. Robur	--	105.002
Frondosas alóctonas	--	1.789
Total monte arborado	1.388.934	1.407.962
Arborado ralo, matogueira e pastos	282.287	622.720
Espazos sensibles	317.514	--
Total Monte	1.988.735	2.030.682

No cadro anterior o borrador do PFG considera 40.000 hectáreas de *eucaliptus nitens* que non aparecen no IFN IV (corresponderíase co incremento desta especie dende o ano 2009 á actualidade), 20.000 delas sobre a superficie asignada polo inventario a eucaliptais de globulus e o resto a superficie forestal non arborizada.

A partir desta posición de partida, o borrador do PFG opta por:

- Un incremento da superficie forestal arborada mediante nova repoboación sobre a superficie desarborada: 125.000 hectáreas (superficie mínima de 100.000 e máxima de 150.000) nun horizonte temporal a 20 anos. Este incremento repartiríase en 50.000 hectáreas de piñeirais e outras tantas de frondosas caducifolias, cun aumento de 20.000 hectáreas na superficie plantada de castiñeiros. Os 25.000 restantes asignaríanse ao avance previsto do eucaliptus nitens.
- Modificación da composición das especies arbóreas dominantes mediante a transformación de masas mixtas en masas puras a través de silvicultura. A taxa media de transformación estímase en 55.000 hectáreas nun horizonte temporal a 20 anos, sumándose estas masas principalmente á superficie ocupada por *pinus pinaster*.

No cadro seguinte mostramos a evolución prevista do monte galego distinguindo entre superficie arborizada e desarborada:

Superficie en uso forestal (ha)	Mapa forestal de Galicia 1986	Modelo PFG 1992	MFE25-IFN4	Modelo 1ª Revisión PFG
Arborado	1.045.376	1.388.934	1.407.962	1.533.852
Arborado ralo, matogueiras e pastos	922.935	282.287	622.720	496.830
Espazos sensibles		317.514		
	1.968.311	1.988.735	2.030.682	2.030.682

En canto ao monte arborado, a distribución por especies que se propón no borrador do PFG é a seguinte:

Estructura/composicion (ha)	Modelo PFG 1992	MFE25-IFN4	Modelo 1ª Revisión PFG	%
Piñeirais e outras coníferas	734.513	433.954	529.843	34,54%
Eucaliptais	245.654	307.984	332.984	21,71%
Bosques mixtos/masas mesturadas	0	252.723	198.434	12,94%
Bosques de frondosas caducifolias	218.953	366.846	401.135	26,15%
Castiñeiros	189.814	46.455	71.455	4,66%
	1.388.934	1.407.962	1.533.851	100,00%

No transcurso das sesións da Comisión púxose de manifesto a opinión de varios dos comparecentes sobre que a revisión do plan non fora acordado cos diferentes actores do sector forestal. Esta posición foi común a todos os comparecentes relacionados coa industria forestal. Por todos eles o presidente do Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia, que realizou a súa intervención na Comisión sinalando que comparecía como portavoz de toda a cadea de valor da madeira, representando ás asociacións forestais de Galicia, citando expresamente a Asefoga, Promagal, Serfoga, Asemfo Galicia, a Asociación da primeira transformación da madeira de Lugo, Fearmaga e a Asociación galega Monteindustria. Estas asociacións sinalaron como principais carencias do borrador as seguintes:

- O borrador de PFG non foi consultado co sector. Ao contrario do que si se fixo co documento de Directrices, que se articulou a través de grupos de traballo e co consenso da maioría dos axentes intervenientes.
- Non é posible realizar un Plan Forestal a medio-longo prazo sen dispoñer dun **inventario forestal actualizado**.
- É necesario dispoñer dun **Plan Estratéxico** ou de Negocio. Para planificar un recurso débese ter en conta o mercado presente e futuro.
- Non se elaborou unha **análise DAFO** sobre cales son as potencialidades e oportunidades, riscos e limitacións do sector forestal galego. Non se

avalían as capacidades e influencia da demanda concienciada e responsable plasmada a través da certificación e outros efectos reputacionales para corrixir as desviacións ou incumprimentos. Por outra banda, non se analiza a realidade da silvicultura, que é unha actividade económica con escasa marxe de beneficio, na que para a gran maioría dos ecosistemas forestais presentes nos montes de Galicia é deficitaria. Por iso, os montes, se non teñen alternativas rendibles, deben contar con apoio público para poder xestionalos de forma sustentable.

- **Simplificación administrativa e de obrigado cumprimento**. Non é posible a atracción de investimentos e de emprendedores ao monte coa actual inseguridade xurídica e inestabilidade das políticas.
- **Plan de Márketing**. É importante fomentar o consumo de madeira entre a nosa propia poboación non só para que as empresas se fortalezan, senón para que poidan experimentar en proximidade a súa innovación e expoñer as súas capacidades, neste sentido a administración a través das ferramentas de compra publica innovadora debería servir de escaparate das capacidades das empresas locais como se fai noutras comunidades con éxito contrastado.
- **Fomento das actividades do contract e o deseño**. Se queremos buscar alternativas de valor, debemos conectalas co mercado que máis valor xera. Se un sector de excelencia como o contract tense que abastecer fóra de Galicia estamos a demostrar que non fomos capaces de conectar as capacidades do noso monte coas das nosas empresas. Esta circunstancia no plan se omite totalmente.
- **Indicadores**. O que non se pode medir, non existe. O PFG debe dispoñer dun cadro de mando con indicadores clave, a definir conxuntamente con todos os axentes, que permita realizar un seguimento anual do grao de cumprimento de obxectivos, medir desviacións, e establecer mecanismos de control. Con todo, o borrador expón mecanismos de seguimento claramente insuficientes, sendo

bianual e con indicadores moi mellorables, por exemplo: “número de normas aprobadas”.

- **Orzamento.** O PFG debe dispoñer dun orzamento realista acorde á natureza das accións contempladas no seu Plan Estratéxico. A execución do orzamento debe ser compatible co normal funcionamento das empresas que participan na súa execución.

3.3.5. A situación das franxas de xestión da biomasa. Os lumes interface.

En diversas comparecencias analizouse a problemática dos incendios na zona urbano-forestal. Enténdese por interface urbano-forestal (IUF) a zona na que o terreo forestal entra en contacto con zonas edificadas. Determina o escenario dun novo fenómeno: o lume interface, un tipo de incendio que non só pode alcanzar, senón que ademais pode propagarse no interior dos desenvolvementos edificatorios, o que fai que xurdan uns problemas específicos, substancialmente distintos aos provocados polos incendios puramente forestais ou urbanos. Así pois, o territorio de interface é o susceptible de ser afectado por incendios forestais, pero ao mesmo tempo constitúe unha fonte de perigo, pois trátase dun ámbito onde as probabilidades de ignición por causas humanas son moito máis frecuentes. A posible afectación de bens e persoas provoca, ademais dun incremento do risco, unha crecente complexidade nos labores de prevención e, sobre todo, de extinción.

A nivel estatal, a lexislación incorpora o concepto de IUF na Lei de montes do ano 2003 (Lei 43/2003, do 21 de novembro), que se refire a estes terreos como aqueles que inclúen *“as urbanizacións, outras edificacións, obras, instalacións eléctricas e infraestruturas de transporte que están situadas en terreos forestais e as súas inmediacións, que poden implicar incendios ou ser afectadas por estes*”. A normativa estatal deixa en mans das CCAA a identificación con maior precisión destes espazos, o establecemento das normas de seguridade

necesarias, así como a regulación de actividades que poidan xerar riscos de incendios.

A incidencia dos lumes interface foi moi importante nas dúas grandes vagas de lumes que marcan o ámbito temporal desta Comisión: tanto a de agosto do ano 2006 como a de outubro de 2017. A vaga de incendios acaecida entre o 4 e o 15 de agosto de 2006, con máis de 77.000 hectáreas afectadas e catro falecidos, caracterizouse pola súa rápida e estendida conversión nun problema de seguridade cidadá e de orde pública ao tratarse, en boa medida, de lumes urbano-forestais que provocaron unha gran alarma social e un sentimento de inseguridade. Ao gran número de incendios (2.055) e a súa simultaneidade (picos de 300 incendios activos, cunha media de 5 focos), engadíase o compoñente do risco á poboación residente: o 51% dos incendios foron declarados de nivel 1 e 2 (aqueles con riscos para vidas humanas e bens de natureza non forestal). Un total de 147 concellos e 9.662 entidades de poboación foron afectadas, localizadas principalmente nas zonas costeiras das provincias da Coruña (Costa da Morte, comarca de Compostela) e Pontevedra (Salnés, comarca de Vigo), cun perímetro de interface urbano-forestal de 788.162 metros lineais.

Nas conclusións do ditame da Comisión de Estudo creada no Parlamento de Galicia, de decembro de 2006, recollíase a necesidade de adoptar medidas específicas de protección da interface urbano-forestal, así como a reformulación das súas características co obxectivo de rebaixar o risco de incendios e que estean dotadas das medidas de prevención e protección adecuada.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, sinala na súa exposición de motivos que *ao longo dos últimos anos viñemos asistindo ademais a unha crecente proliferación de incendios na interface urbano-forestal, isto é, nas áreas que abarcan o*

perímetro común entre os terreos forestais e os núcleos de poboación habitados.

Ademais das políticas e medidas de organización territorial de carácter estrutural que axuden a evitar esta situación, é necesario adoptar a curto prazo actuacións que controlen a existencia de biomasa vexetal con alto potencial combustible nas proximidades dos núcleos de poboación, asegurando a súa retirada con anterioridade á época de perigo de incendios, ben a través da obrigación das persoas titulares ben por medio da execución subsidiaria, a través de procedementos áxiles, por parte das administracións públicas.

En consecuencia, a desorganización do territorio obriga a ter que asumir a curto e medio prazo a estratexia de defensa do rural contra os incendios, que pasa pola defensa primordial das persoas e os bens xunto á defensa dos recursos forestais.

Dentro da estratexia de loita contra os incendios recollida na Lei 3/2007, préstase especial atención á defensa das persoas e dos bens ante a ameaza dos incendios forestais, introducindo como medida máis nova a xestión da biomasa a través do establecemento de redes de xestión que engloban os terreos contiguos aos núcleos de poboación, ás instalacións industriais e de recreo e ás infraestruturas de transporte e de distribución de enerxía eléctrica, sentando as bases para unha nova actuación que ten por obxectivo principal protexer a seguridade das persoas.

No seu articulado, a Lei 3/2007 establece explicitamente que a zonificación do territorio segundo o risco espacial de incendio debe incorporar o factor da vulnerabilidade poboacional, á vez que sinala a obriga por parte dos instrumentos de planeamento urbanístico de incorporar as zonas de alto risco definidas polos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito. Nesta avaliación téñense que ter en conta a densidade de poboación

en zona forestal, o número de núcleos e a distancia entre eles, así como a presenza neles de poboación de idade avanzada.

A interface urbano-forestal ten a súa plasmación legal no concepto de **redes secundarias de faixas de xestión de biomasa**, onde se articula un mecanismo de xestión de biomasa nos seguintes termos:

- Defínese como persoas responsables da xestión da biomasa, as persoas físicas ou xurídicas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais situados nas zonas de influencia forestal delimitadas. As persoas que resulten responsables procederán á execución da xestión da biomasa na súa finca incluída, no seu caso, a retirada de especies arbóreas, antes de que finalice o mes de maio de cada ano. Entendese por xestión da biomasa o ter as fincas limpas de árbores e matogueira nos termos especificados na lexislación.
- Transcorrido o prazo sinalado sen que a persoa responsable xestione a biomasa ou retire as especies arbóreas prohibidas, a Administración pública competente poderá proceder á execución subsidiaria, atendendo ás necesidades de defensa contra os incendios forestais, especialmente respecto da seguridade nas zonas de interface urbano-forestal, sen prexuízo da repercusión dos custos da xestión da biomasa á persoa responsable.

Este mecanismo de xestión foise precisando ao longo dos anos, tanto a través da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, como a través de diferentes leis de acompañamento dos orzamentos galegos. Aínda que se introduciron importantes modificacións, –as máis recentes a través da Lei 9/2017, de medidas fiscais e administrativas–, mantívose sempre o principio de que a xestión da biomasa nas franxas de protección dos núcleos rurais corresponden aos propietarios (titulares do dereito de aproveitamento) e de

forma subsidiaria, e ante a inacción dos responsables dentro do prazo marcado pola Lei, aos concellos.

No momento actual, as franxas secundarias de xestión de biomasa teñen unha anchura de 50 metros ao redor dos núcleos de poboación así como das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte. Tamén se crean estas franxas de protección ao redor das vivendas illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Un dos aspectos nucleares posto de manifesto nas comparecencias dos representantes da Administración Local foi precisamente a xestión destas franxas secundarias. Na comparecencia do presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), faise referencia a un informe que a Fegamp realizou no ano 2010 no que se valoraban os tres primeiros anos de vixencia da Lei 3/2007, poñendo de manifesto unha serie de dificultades que tiñan os concellos para o cumprimento das súas obrigacións neste ámbito:

- **Incapacidade económica e técnica dos concellos**. Neste punto aludíase a gran carga de traballo administrativo que debían de soportar os concellos así como o elevado custo económico que lle supoñería a xestión das franxas, cuxo custo non podería ser asumido polos concellos.
- **Problemática no ámbito xurídico**. Aludíase como principais problemas o exponencial crecemento das denuncias de particulares, problemas de legalidade da actuación en propiedades privadas, dificultades na interpretación da lei, paralización de expedientes por falta de recursos persoais e económicos nos concellos.
- **Trámites administrativos.** Referíanse aquí múltiples problemas na identificación, localización e notificación dos propietarios así como na identificación das leiras.

Todo iso facía concluír ao presidente da Fegamp que o papel dos concellos na xestión das franxas secundarias supón un procedemento custoso, extremadamente lento, que en moitos casos, ademais, non dá resultados, que se ten que realizar anualmente, resultando evidente que moitos concellos non teñen recursos para acometer esta obrigación.

Sinalaba o presidente da Fegamp que os problemas advertidos para a aplicación da Lei polos concellos mantíñanse en anos posteriores ao de redacción do informe mencionado (ano 2010). Con todo, valoraba positivamente as medidas introducidas na Lei de acompañamento dos orzamentos do ano 2018, basicamente nos seguintes aspectos que facilitan o labor dos concellos:

- Dótase de maior seguridade aos concellos para poder entrar en parcelas de propietarios descoñecidos ou ilocalizables. Para poder realizar a execución subsidiaria da limpeza bastará cun requirimento publicado no *Boletín Oficial do Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*, cun prazo de quince días.
- Posibilítase a limpeza das parcelas máis descoidadas sen que teña que existir consentimento das persoas responsables nin autorización xudicial, sempre que estas parcelas non teñan a consideración de domicilio.
- Cando exista un grave risco para as persoas ou os bens materiais, poderán delimitarse por decreto as zonas de actuación prioritaria para que se limpen de maneira inmediata mediante unha resolución da Consellería do Medio Rural ou dos concellos.
- Establécese a posibilidade de expropiar parcelas de titular descoñecido nas que non se realice a xestión da biomasa, e por tanto deba de facela subsidiariamente o concello, sempre que o custo dos traballos sexa superior ao valor catastral do terreo.

- Regúlase a incautación da madeira cando sexa a Administración a que limpe a parcela de maneira subsidiaria e o importe da venda incorpórase a un fondo de nova creación que permitirá ter orzamento para novas rozas.

As dificultades dos concellos para asumir as súas obrigas en relación coa xestión das franxas de protección dos núcleos de poboación foron postas de manifesto tamén polos alcaldes que compareceron ante a Comisión. Fíxose especial referencia ao elevado número de parcelas existentes nesas franxas a nome de propietarios ilocalizables ou descoñecidos, ata un 60% en núcleos localizados en concellos da provincia de Ourense. Este problema agrava e dificulta aínda máis a xestión das franxas, dada a execución subsidiaria que debe de asumir o concello nestes casos.

A realidade é que nos anos transcorridos dende a súa implantación, a limpeza das franxas de protección dos núcleos de poboación non se produciu dunha forma xeneralizada. Non temos estimacións sobre a porcentaxe de franxas que cumpren coa obriga de xestión de biomasa, en todo caso a percepción dos comparecentes relacionados coa administración local é que non é unha porcentaxe moi alta.

En canto á magnitude da problemática á que nos enfrontamos, nas comparecencias fíxose referencia a un estudo da profesora Chas Amil da USC sobre a **Interface Urbana-Forestal** (IUF) galega no que se avalía o risco de incendio forestal en función da distribución das edificacións próximas ao monte na zona de IUF. Deste estudo derívanse os seguintes resultados:

- En Galicia a Interface Urbano-Forestal ten unha extensión de 244.187 hectáreas, o que representa o 8,3% do territorio galego, sendo máis abundante no sur e no oeste da Comunidade.

- A práctica totalidade dos asentamentos da poboación en Galicia (70% dos edificios) localízanse na IUF.
- Os incendios son aproximadamente dúas veces máis frecuentes na IUF que no resto do territorio.

En definitiva, a ausencia dunha adecuada ordenación de usos do solo en Galicia, así como a dispersión dos núcleos de poboación, sobre todo no medio rural, determinou que co fenómeno da desagrarización se producira na proximidade dos devanditos núcleos unha forestación de terras que antes tiñan actividade agraria ligada aos habitantes das aldeas. Tamén se deu unha construción desordenada de novas casas e instalacións empresariais, con frecuencia no medio ou nas proximidades do monte.

Esta realidade provocou que a matogueira e as árbores foran avanzando cara aos núcleos de poboación (na maioría das áreas rurais); ao tempo que as casas e as instalacións empresariais avanzaban cara ao monte (especialmente nas áreas periurbanas). Ou resultado foi a configuración dunha interface urbano-forestal cada vez máis extensa e con maior acumulación de combustible.

Por último, e dentro das análises realizadas pola Comisión é importante tamén ter en conta os resultados da investigación que se levou a cabo en Portugal respecto os lumes de 2017. Portugal ten unha lexislación similar no que se refire ao establecemento de franxas de xestión da biomasa. Nos relatorios da Comisión Técnica Independente que se creou, sinálase que en lumes forestais tan intensos e coas condicións climatolóxicas como os que asolaron Galicia e Portugal en outubro de 2017, as faixas de protección son facilmente traspasadas, circundadas ou atravesadas polas faíscas que expulsa o foco principal do incendio. A Comisión Técnica Independente entende que ten moita máis importancia, de cara a protexer os núcleos de poboación, a adecuada

xestión das masas forestais que os circundan que a limpeza das fincas que están nas franxas de protección.

3.3.6. O cambio climático: as condicións atmosféricas extremas e a súa influencia na xestión dos incendios e da actividade incendiaria.

En diferentes comparecencias da Comisión constátase unha preocupación pola incidencia que o cambio climático está tendo na xestión dos incendios en Galicia, tanto dende o punto de vista da aparición mais frecuente de condicións atmosféricas extremas como as que se deron na vaga de incendios de outubro de 2017, como na variación nos períodos de máximo risco de actividade incendiaria.

O estudo do clima é un campo de investigación complexo e en rápida evolución, debido á gran cantidade de factores que interveñen. O clima da Terra nunca foi estático. Como consecuencia de alteracións no balance enerxético, está sometido a variacións en todas as escalas temporais, dende decenios a miles e millóns de anos. Entre as variacións climáticas máis destacables que se produciron ao longo da historia da Terra, figura o ciclo duns 100.000 anos, de períodos glaciares, seguido de períodos interglaciares.

Chámase **cambio climático** á variación global do clima da Terra. É debido a causas naturais e tamén á acción do home e prodúcense a moi diversas escalas de tempo e sobre todos dos parámetros climáticos: temperatura, precipitacións, nebulosidade, etc. O termo "efecto de invernadoiro" refírese á retención da calor do Sol na atmosfera da Terra por parte dunha capa de gases na atmosfera. Sen eles a vida, tal como a coñecemos, non sería posible, xa que o planeta sería demasiado frío. Entre estes gases atópanse o dióxido de carbono, o óxido nitroso e o metano, que son liberados pola industria, a agricultura e a combustión de combustibles fósiles. O mundo industrializado

provocou que a concentración destes gases aumentase un 30% dende o século pasado, cando, sen a actuación humana, a natureza encargábase de equilibrar as emisións.

Na actualidade existe un consenso científico, case xeneralizado, ao redor da idea de que o noso modo de produción e consumo enerxético está a xerar unha alteración climática global, que provocará, á súa vez, serios impactos tanto sobre a terra como sobre os sistemas socioeconómicos.

Xa no ano 2001 o Terceiro Informe de Avaliación do Grupo Intergobernamental de Expertos sobre Cambio Climático (IPCC) poñía de manifesto a evidencia proporcionada polas observacións dos sistemas físicos e biolóxicos que mostraba que os cambios rexionais no clima, en concreto os aumentos das temperaturas, estaban a afectar aos diferentes sistemas e en distintas partes do globo terráqueo. Sinalaba, en definitiva, que se están acumulando numerosas evidencias da existencia do cambio climático e dos impactos que del derívanse. En media, a temperatura aumentou aproximadamente 0,6° C no século XX. O nivel do mar creceu de 10 a 12 centímetros e os investigadores consideran que isto se debe á expansión de océanos, cada vez máis quentes.

O cambio climático aféctanos a todos. O impacto potencial é enorme, con predicións de falta de auga potable, grandes cambios nas condicións para a produción de alimentos e un aumento nos índices de mortalidade debido a inundacións, tormentas, secas e ondas de calor. En definitiva, o cambio climático non é un fenómeno só ambiental senón de profundas consecuencias económicas e sociais. España, pola súa situación xeográfica e características socioeconómicas, é moi vulnerable ao cambio climático.

No curso das comparecencias achegáronse datos relativos ao cambio climático en Galicia. En concreto, o profesor Pérez Alberti analizou na súa comparecencia ante esta Comisión, unha serie de indicadores pluviométricos e

cartométricos que mostran como o medio físico, concretamente neste caso o clima de Galicia, está a cambiar. E este cambio vai determinar uns ambientes máis secos e cálidos, o que constitúe un maior risco para os incendios forestais.

Na súa exposición constatou que en Galicia reprodúcense as situacións de anomalías climáticas que determinan unha tendencia de aumento das temperaturas, de diminución das precipitacións ou de incremento do número de días de verán (aqueles en os que a temperatura máxima iguala ou supera os 25 graos). Polo interese para a nosa análise mencionamos a continuación unha serie de datos achegados na comparecencia que reflicten o impacto do cambio climático na nosa Comunidade Autónoma:

- No período 1980-2017 obsérvase unha maior frecuencia de anomalías negativas nas precipitacións a partir do ano 2000. Iso quere dicir que a tendencia actual é de descenso de precipitacións. Fixo esta afirmación aclarando tamén que en estudios anteriores (aludiu o informe CLIGAL: *Evidencias e impacto do Cambio Climático en Galicia*), só se apreciaron tendencias na precipitación total a nivel mensual, cun descenso significativo en febreiro e un aumento en outubro. Segundo este estudio, elo parece apuntar a un certo cambio na distribución de chuvia ao longo do ano, aínda que o efecto non é suficientemente forte como para repercutir de xeito significativo no total estacional.
- Respecto da temperatura e no caso de Santiago de Compostela o aumento da temperatura media no período 1950-2017 é dun grao e medio. Hai unha tendencia clara de incremento das temperaturas no outono.
- En relación co indicador do número de días de verán, a tendencia en Galicia é de aumento dos días de verán, uns 5,2 días por década. No período 1950-2017, o número de días de verán duplicouse en Santiago de Compostela, pasando dos 30/35 na década dos 50 ata os 60 días na

actualidade. Tamén se observa un cambio nas datas nas que se producen eses días, na primavera estanse adiantando e no outono estanse atrasando.

- Prodúcese unha tendencia ao aumento de días moi calorosos, entendendo por tales os que corresponden ao 10% cos valores máis altos (temperaturas superiores aos 30-35 graos).
- O outono atrasa a súa chegada e inclúe máis días calorosos e menos fríos. A media de xornadas calorosas nesta estación pasou de 15 días hai 70 anos a unha media de 20-25 días na actualidade.
- Apréciase unha diminución do período de risco de xeadas así como o seu número, sobre todo nas comarcas do interior de Galicia, onde a súa aparición atrasouse ata 2,5 días por década.
- Haberá unha maior incidencia no noso territorio dos eventos meteorolóxicos extremos (borrascas, cicloxénesis, ciclóns), como o que se produciu na vaga de incendios de outubro de 2017.

No estudo *Avaliación de evidencias de cambio climático mediante indicadores de perigo de incendios*, elaborado no seo do CLIGAL, analízase a incidencia do cambio climático nos índices de perigo de incendios. Estes índices defínense como expresións matemáticas que reflicten a facilidade de ignición e propagación do lume a través da vexetación forestal (combustible).

Todos os índices empregan combinacións de variables meteorolóxicas que incorporan xeralmente estimacións da humidade dos combustibles. A dependencia dos índices de perigo de incendios de variables meteorolóxicas failles ser instrumentos potencialmente útiles para analizar posibles tendencias de cambio climático.

No estudo citado analizáronse dous grupos de índices:

- Os que estiman directamente a humidade do combustible fino caído seco do sotobosque, considerando que o intercambio de vapor coa

atmosfera é a única fonte de humidade. Os seus inputs son a humidade relativa e a temperatura do aire.

- O segundo grupo de índices ten en conta a precipitación como fonte adicional de humidade, ademais do intercambio de vapor coa atmosfera circundante ao combustible.

Avaliouse o impacto dun escenario de cambio climático nas tendencias a longo prazo dos índices de perigo, considerando o período 2000-2060. A partir desta análise, as principais conclusións foron as seguintes:

- Evidénciase claramente unha tendencia a un significativo empeoramento nas condicións de inicio e propagación do lume en Galicia nos últimos decenios. Podemos dicir, por tanto, que ademais doutras utilidades, os cambios nestes índices tamén reflicten o cambio climático en Galicia. Ese empeoramento relativo é maior en marzo que no verán, coas consecuencias ecolóxicas, de prevención e extinción de incendios forestais que iso leva consigo. Advírtese unha expansión e un comezo máis temperán da tempada de incendios.
- Detectáronse dous eixos ou sentidos de empeoramento dos índices de perigo no tempo. Un norte-sur con aumento do fenómeno dos incendios ao descender de latitude e outro cara ao interior de Galicia de sentido oeste-leste, onde o incremento de risco é maior cara ao leste. En definitiva, maior risco de incendios no sur e leste de Galicia: provincias de Pontevedra e Ourense e interior de Lugo.
- Obsérvase un forte incremento no número de días de alto risco para o período 2000-2060.
- Constátase un aumento do risco de consecuencias ecolóxicas máis graves dos incendios, debido ao impacto do lume no solo.

No informe aportado a esta Comisión por Meteogalicia, sobre a incidencia do cambio climático nos incendios forestais, se conclúe que *“Asumindo un*

escenario de emisións nin demasiado optimista nin pesimista, as proxeccións climáticas apuntan a un aumento do o risco meteorolóxico de incendios en Galicia ao longo do século XXI. Se non prodúcense cambios, as proxeccións indican que a finais do século este risco estará preto ou por encima do valor considerado crítico, salvo ao longo da costa das Rías Altas e a Mariña Lucense."

De acordo cos datos relatados, o impacto do cambio climático respecto dos incendios concrétase nunha tendencia a que estes sexan máis intensos e incontrolables, a que se inicien con maior facilidade e a que a súa propagación sexa máis rápida. Ademais, a tempada de incendios irá aumentando e prolongarase dende marzo a outubro. Existirá tamén un maior risco de incidencia de eventos meteorolóxicos extremos como os que se deron na vaga de incendios de outubro de 2017, nos que as condicións de humidade, temperatura e velocidade do vento favoreceron dunha forma clara e evidente a propagación do lume.

3.3.7. A falta de concienciación social.

No curso das comparecencias púxose de manifesto a necesidade de incrementar o grao de concienciación do conxunto da sociedade como un mecanismo máis na loita contra os incendios. No pasado, a poboación rural estaba implicada na xestión da súa contorna, no seu uso, no seu aproveitamento e sobre todo, na súa conservación. Con todo as transformacións operadas no medio rural galego como consecuencia da perda de peso da actividade agraria e gandeira fixeron que a xestión dos incendios forestais, nun marco de cambio climático, se convertera nunha relación complicada entre as persoas e os espazos naturais.

De forma sintética podemos apuntar algúns aspectos nos que debe de traballarse esta concienciación, de acordo coas achegas realizadas polos comparecentes e os informes:

- **A concienciación dos políticos.** É necesario sacar a xestión forestal e o problema dos lumes do debate partidista, buscando acordos a longo prazo que permitan lexislar de forma acorde coas quendas de produción forestal. Os partidos políticos deben implantar unha política de consenso na xestión dos incendios forestais, tanto na prevención como na extinción. E este consenso debe de comezar nas propias conclusións desta comisión así como na aprobación da revisión do Plan Forestal de Galicia.
- **A concienciación da sociedade no seu conxunto sobre o papel do monte.** Na sociedade galega non existe unha tradición forestal, unha cultura forestal e isto dáse tanto nos propietarios forestais como na sociedade que reclama os beneficios derivados do monte. Existe unha dualidade da sociedade galega na visión do monte: por unha banda a poboación urbana que contempla o monte coma un espazo de uso social, de ocio e esparexemento, e por outra, a poboación máis ligada ao entorno rural que require un uso produtivo e unha rendibilidade económica. Temos que ser quen de compatibilizar esas dúas visións.
- **A loita contra os incendiarios.** O perfil do incendiario galego posto de manifesto no Informe da Fiscalía Xeral de Galicia determina que é un home, de mediana ou avanzada idade, de baixo nivel cultural e sen cualificación profesional, que actúa só, relacionado dalgunha forma con actividades agrícolas ou gandeiras, veciño da localidade ou próximo ao lugar do incendio e que pode reincidir no seu comportamento. Unha das dificultades para a investigación é precisamente o feito de que moitas veces os autores dos incendios son veciños de localidades próximas, o que fai que sexan coñecidos polos seus concidadáns. Diso derívase un alto grao de resistencia por parte das testemuñas para colaborar coas

Forzas e Corpos de Seguridade. Débese concienciar a poboación de que os graves efectos dos incendios están por enriba dunha suposta lealdade o incendiario.

- **O uso tradicional do lume**. A poboación do rural conviviu sempre co lume, incorporado a moitas das súas actividades tradicionais. Con todo, a situación actual do rural galego, afectado por procesos demográficos de despoboamento e envellecemento fai necesario reforzar as precaucións e os coidados nas queimas autorizadas.
- **A divulgación do uso adecuado do monte**. Este uso dáse hoxe con moita frecuencia como unha actividade lúdica por parte de quen vive habitualmente nas cidades.
- **A difusión de mensaxes preventivas dos incendios**. Débense de desenvolver campañas institucionais de promoción e divulgación mediante a organización de xornadas, seminarios e cursos.
- **A necesidade de incrementar a percepción do perigo dos incendios nos residentes na zona de interface urbano forestal**. Esta é unha cuestión especialmente relevante en Galicia, dado a elevada dispersión dos núcleos de poboación galegos.
- **A educación ambiental como mecanismo de loita contra os incendios**. Debemos de sensibilizar ao público infantil e xuvenil mediante xornadas informativas nos colexios, combinadas con excursións ao monte.
- **A necesidade de cumprir as obrigacións legais en materia forestal.** Máis alá da imposición de sancións polos incumprimentos, debemos de concienciar á poboación sobre a importancia do cumprimento das normas relativas ao lugar das plantacións, as especies para plantar ou as distancias a respectar.

3.3.8. Os espazos medioambientalmente protexidos. A incidencia das limitacións medioambientais nos incendios.

Os lumes non afectan exclusivamente ás masas arboradas, senón a todo tipo de ecosistemas, incluídos os mariños próximos aos territorios continentais e incluso a outros terrestres que non sofren directamente os efectos da combustión, pero se ven afectados polas achegas dos gases e as cinzas resultado da mesma e polos efectos no ciclo hidrolóxico. Como resultado, os seus efectos negativos inciden nunha larga lista de compoñentes da biodiversidade, poñendo en perigo o funcionamento dos ecosistemas e o capital natural ao noso dispor.
Ao redor do 13% do territorio continental de Galicia está incluído nalgunha figura de protección, xa sexa de carácter internacional, comunitario, nacional ou autonómico. O carácter eminentemente rural destes espazos e incuestionable e engloban unha parte importante do territorio máis valioso, dende o punto de vista ambiental, do nosa comunidade autónoma.

Pero non por ser espazos protexidos son lugares alleos á lacra dos incendios forestais; ao contrario, moitos deles a sofren aínda con maior virulencia que o resto do territorio galego. O certo é que os espazos protexidos están estreitamente vencellados coa problemática actual do medio rural (despoboación, avellentamento, abandono de usos tradicionais...) e das vagas de incendios; pero tamén o están coas perspectivas de futuro socioeconómico e demográfico do medio rural galego.

Dentro do ámbito socioeconómico e xeopolítico no que se sitúa Galicia, a lexislación ambiental ten, de maneira xenérica, unha condición transversal e xuridicamente superior a de carácter sectorial, de maneira que a formulación e desenvolvemento dunha política de ordenación e xestión integrada das áreas rurais non se comprende sen a incorporación da normativa en materia medioambiental. Esta exixencia medioambiental constátase tamén na tramitación que se está levando a cabo da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia.

Dentro do ámbito da Unión Europea, Galicia contribúe no momento actual a Rede Natura 2000 con 59 ZEC, que ocupan 375.754,19 ha (348.308,69 terrestres e 27.445,50 mariñas) e con 16 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), que se estenden por 101.469,41 ha (88.405,34 terrestres e 13.064,07 mariñas). Estes espazos contan cun instrumento de xestión, o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, aprobado no ano 2014 (Decreto 37/2014, do 27 de marzo; DOG núm. 62 do 31.03.2014).

Ademais, Galicia ten pendente de cumprir o mandato da Comisión Europea de incrementar o numero e a extensión destes espazos para acadar a superficie que o Comité Hábitats considera que o noso país debe achegar ao conxunto da Unión Europea. Este proceso de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia iniciouse co anuncio do 21.12.2011, da Direccion Xeral de Conservación da Natureza, polo que se acordou someter a participación do publico a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia. Na proposta sometida a exposición contemplábase a incorporación a Rede Natura 2000 de 147.851 ha de territorio.

Na comparecencia dos representantes dos profesores universitarios asinantes do manifesto ***"Por unha nova política para o rural galego***", criticouse o proceso de ampliación por entender que a superficie prevista era baixa e tamén polo retraso que se levaba na súa tramitación. Tamén se aludiu a certas carencias na xestión da maior parte dos parques naturais galegos, se sinalou o desaxuste entre o marco xurídico ambiental estatal e o autonómico e se propuxo o incremento do persoal de gardería dos Espazos Naturais Protexidos como un mecanismo efectivo de prevención dos lumes forestais.

Os asinantes do manifesto tamén precisaron que a adaptación e a clarificación do panorama lexislativo e administrativo actual producirían melloras nas condicións medioambientais do territorio galego, pero para atallar o problema concreto dos lumes forestais e igualmente preciso que a Administración Autonómica incida dun xeito mais decidido na concienciación da sociedade ao

respecto do papel do ser humano no planeta e de que o medio natural impón limitacións ao aproveitamento dos recursos naturais. É dicir, no que ao aproveitamento dos recursos naturais se refire, non todo vale. A este respecto, deberíase de poñer en marcha un amplo paquete de medidas de carácter educativo a través das cales, a poboación en xeral e as novas xeracións en particular, vaian adoptando comportamentos máis respectuosos co entorno en todas e cada unha das actividades socioeconómicas que nel se desenvolven e se vaian superando as reticencias que a poboación local amosa cara aos Espazos Naturais Protexidos. Na mesma liña, o mantemento de determinados tipos de hábitats necesitados de protección precisa que determinadas actividades tradicionais se sigan mantendo, aínda que non constitúan unha fonte de ingresos para a poboación rural. Nestes casos, o comparecente en representación dos asinantes do manifesto, sinalou que as administracións deben de desenvolver un paquete específico de medidas que permitan involucrar a poboación local no mantemento da conservación da biodiversidade.

Tamén temos que destacar diferentes comparecencias relacionadas coa multifuncionalidade do noso monte e co sector forestal que incidiron nas dificultades que para o desenvolvemento das súas actividades agro-gandeiras e forestais conlevaba a lexislación medioambiental. Trátase dunha cuestión relevante na medida que este tipo de actividades son mecanismos esenciais na loita contra os incendios, asegurando o mantemento dun rural vivo e dinámico que actúe como cortalumes natural rompendo a continuidade das masas forestais.

Por outra banda, as esixencias e as restricións que impoñen a lexislación e os instrumentos de ordenación ao respecto da xestión, uso e manexo dos montes incluídos en áreas con algunha figura de protección, en particular limitacións ás cortas de madeira, aos tratamentos silvícolas e ao control de vexetación, adoitan provocar conflitos coa poboación local, que poden incidir na aparición dos incendios nestas áreas.

Así, o representante da Asociación Agrogandeira do Macizo Central (Agromacen), Pedro Rodríguez Parente, sinalou que o desenvolvemento da actividade de gandería extensiva que facían os seus asociados nos espazos protexidos resultaba moi afectada polas limitacións derivadas da lexislación medioambiental en cuestións tan básicas como poden ser os peches para o coidado do seu gando. As limitacións deberían de asumir o respecto a estas actividades tradicionais en moitos espazos protexidos, pois son as que, como a gandería extensiva, axudan ao control da biomasa forestal, rexeneran as zonas abandonadas, fomentan a recuperación de zonas de cultivo, e manteñen os hábitats para a conservación doutras especies como o lobo, xabaril, o corzo, etc. Por outra banda, a converxencia nestes espazos da lexislación medio ambiental e a especifica da súa actividade incrementaba as trabas burocráticas e administrativas ata límites difíciles de soster.

Tamén no ámbito da gandería extensiva, a representante da Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia (OVICA), defendeu a necesidade de incentivar a gandería en extensivo como un mecanismo de loita contra os incendios, eliminar as limitacións ao pastoreo en zonas afectadas polos incendios e autorizar as queimas controladas no inverno para rexenerar os pastos. Novamente incidiu en que o desenvolvemento da súa actividade era máis dificultoso nos espazos protexidos polas limitacións derivadas da lexislación medio ambiental.

A Asociación de empresarios da primeira transformación da madeira de Lugo, que tamén compareceu na comisión, sinalou, entre outras dificultades do sector forestal, que está envolto nunha complexa lexislación, que ven a restarlle competitividade e que, á súa vez, deixa aos propietarios forestais e ás empresas de aproveitamentos forestais nunha situación de inseguridade xurídica total, non favorecendo para nada os investimentos no rural. Precísase dunha simplificación administrativa de toda a regulación normativa que afecta ao sector. Como exemplo, expuxo que hai aproveitamentos forestais que conlevan infinidade de autorizacións de distintos entes, tanto da Administración

Local, Provincial, Autonómica e Estatal, dilatando o proceso de resolución ata os 8 e 9 meses, resolvendo incluso de maneira contraria entre uns e outros organismos. Sinalou que a cuestión era especialmente complexa cando se trataba de talas en espazos protexidos, se ben aclarou tamén que a través dos últimos cambios lexislativos, da Lei 5/2017, de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia, se conseguira unha importante simplificación das autorizacións de aproveitamentos forestais a partir de abril do 2018.

3.3.9. A biomasa existente no noso monte: matogueira e especies arbóreas.

Dende o punto de vista histórico o monte desarborado foi o protagonista da paisaxe forestal galega ata mediados do século XX, cando as repoboacións forestais cambiaron esta tendencia, de maneira que a metade da década dos anos setenta do século pasado a superficie forestal arborada de Galicia ocupaba xa máis da metade do territorio forestal galego (un 57%). Nos últimos 40 anos a superficie forestal arborada experimentou un notable crecemento do 27% a conta do monte desarborado. Para analizar a evolución utilizamos os datos do Inventario Forestal Nacional. Dende 1964 temos catro inventarios forestais, dos que tomando os datos para Galicia resulta o seguinte:

	IFN1	IFN2	IFN3	IFN4
Monte arborado	1.129.361,00	1.045.376,00	1.405.450,23	1.424.094,17
Monte desarborado	855.670,00	922.935,00	634.123,86	606.586,86
Total forestal	**1.985.031,00**	**1.968.311,00**	**2.039.574,09**	**2.030.681,03**

Con datos do IFN4, do ano 2009, a superficie forestal galega ten unha presenza maioritaria de monte arborado. Mostramos no cadro a continuación a distribución da superficie forestal galega entre monte arborado e desarbolado (fundamentalmente matogueira):

Superficie en uso forestal (ha)	MFE25-IFN4	%
Arborado	1.424.094	70,13%
Desarborado	606.587	29,87%
Total superficie forestal	**2.030.681**	**100,00%**

Na superficie forestal arborada, o IFN4 distingue as seguintes formacións forestais:

Distribución superficial dos diversos tipos de bosques galegos		
Formaciones forestales arboladas	**superficie**	
	MFE25-IFN4 (ha)	**%**
Pinus pinaster	217.281,00	15,26%
Pinus radiata	96.177,00	6,75%
Pinus sylvestris	32.737,00	2,30%
Outras Coníferas	87.759,00	6,16%
Coníferas puras	**433.954,00**	**30,47%**
Eucaliptales (eucalyptus s.p.p)	248.169,32	17,43%
Repoblaciones jóvenes de eucaliptos	39.814,47	2,80%
Eucaliptales	**287.983,79**	**20,22%**
Pinus pinaster en mezcla con Quercus robur	105.002,80	7,37%
Pinus pinaster en mezcla con eucalyptus spp.	124.414,62	8,74%
Eucalyptus spp. En mezcla ocn Quercus robur	21.517,43	1,51%
Especies en mezcla	**250.934,85**	**17,62%**
Robledales de Quercus robur	124.780,49	8,76%
Melojares (Quercus pirenaica)	76.570,88	5,38%
Quercus robur en mezcla con frondosas autóctonas	121.665,19	8,54%
Castañares y abedulares	46.455,40	3,26%
Repoblaciones jóvenes de frondosas autóctonas	17.220,98	1,21%
Bosques ribereños	26.607,58	1,87%
Frondosas alóctonas invasoras (acacia)	1.788,98	0,13%
Total monte arborado	**415.089,50**	**29,15%**
Arborado ralo	27.988,61	1,97%
Talas	8.143,90	0,57%
Total Monte	**1.424.094,65**	**100,00%**

Elaboración propia a partir de datos do IFN4

De acordo cos datos reflectidos, eucaliptos e piñeiro do país (*pinus pinaster*) son os protagonistas principais da paisaxe forestal galego que se reflicte no IFN4. Entre ambos ocupan máis de 700.000 hectáreas que supoñen case a metade dos bosques galegos, un terzo da superficie forestal e preto da cuarta parte do territorio galego.

En canto ao monte desarborado, as toxeiras son a formación arbustiva con máis presenza en Galicia, ocupando máis da metade do monte desarborado galego (un total de 331.910,25 hectáreas). As breixeiras e outras ericáceas son as matogueiras máis extensas despois das toxeiras, sumando un total de 134.164 hectáreas. Tamén destacan as matogueiras arbustivas con dominio de rosáceas e leguminosas. Estes tres grupos de formacións arbustivas tamén son as predominantes baixo a cuberta arbórea.

Con datos do Pladiga do 2015, no últimos dez anos arderon en Galicia 271.564 hectáreas. Destas, 107.713 corresponden a superficie arborizada, o 39,66% do total, e 163.851 son superficie non arborizada, o que representa o 60,34% da superficie total queimada. É dicir, a superficie non arborizada, –fundamentalmente matogueira–, arde en proporción contraria á súa ocupación.

Segundo datos recollidos no informe do Instituto de Estudos do Territorio sobre o impacto paisaxístico dos incendios e achegado a esta Comisión, tanto no período 2006-2016 como na vaga de incendios de 2017, as principais coberturas afectadas polos incendios son as matogueiras (superficie non arborada), nunha proporción que duplica a súa representación territorial. Dentro das superficies forestais, as coníferas representan un 11% da superficie incendiada, os eucaliptos o 15,4% e as frondosas caducifolias o 8,3%. Diso derívase que non existe unha especial incidencia dos incendios nunha especie arbórea determinada, senón que arden en proporción similar á súa representación territorial.

Na comparecencia da representante do Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela, a doutora Ana Ruiz, esta argumentou que a **acumulación de combustible é unha das causas estruturais dos incendios**, e ademais ten unha importante repercusión tanto na tipoloxía e comportamento dos incendios como tamén nas dificultades para a súa extinción. Todo isto debe de contextualizarse coa situación de abandono e falta de xestión que afecta a boa parte da superficie forestal galega, que facilita que

debaixo das árbores haxa unha acumulación de matogueira e biomasa de diverso tipo que actúa como un elemento potenciador dos incendios.

Esta posición enlaza con outra cuestión que se expuxo en diferentes comparecencias: se a afectación nos incendios vén motivada polo tipo de especie arbórea ou por como está xestionada.

Dende o punto de vista técnico, a representante do Campus Terra citou o estudio desenvolvido polo Centro de Investigación Forestal de Lourizán, ***Foto-Guía de combustibles forestais en Galicia*** e publicado no ano 2017. Trátase dun sistema de clasificación visual que documenta 150 situacións de combustible que podemos atopar en Galicia. De acordo cos datos técnicos derivados da Foto-Guía e a experiencia da comparecente, as conclusións que se estableceron foron as seguintes:

- En canto ás especies de matogueira, practicamente todas as que temos en Galicia son moi propensas á propagación do lume, de maneira especial a carqueixa e o toxo.
- Respecto das especies arbóreas, o piñeiro e o eucalipto teñen as copas máis inflamables que outras especies, pola súa composición química e a súa humidade.
- É certo que as follas das frondosas teñen máis humidade que as coníferas. Pero moitas veces teñen máis humidade, non só pola especie, senón por onde están. Normalmente as frondosas témolas en vaguadas, en zonas con solos profundos, polo que as árbores poden captar máis auga polas raíces.
- Os eucaliptos teñen facilidade para propagar o lume por pavesas, sobre todo fragmentos de cortiza que se soltan, elévanse na columna de convección e logo caen por diante da fronte en ramillos. Pero hai que matizar a importancia que ten a xestión: se debaixo do piñeiral ou do eucaliptal temos o combustible de matogueira baixo control, se non hai elevadas cargas de combustible, o lume que entra na masa vai ser de

pouca intensidade, e se é de pouca intensidade non se van inflamar as copas.

O enxeñeiro de montes e profesor de Silvicultura na Escola de Enxeñería Forestal do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo, (e director desa escola dende xullo de 2017) que compareceu en representación do Foro Económico de Galicia, Juan Picos, tamén sinalou que a especie arbórea non é o problema fundamental, dicir que o eucalipto arde máis que outras especies non é verdade. A clave é a xestión da masa arbórea e que a matogueira non creza indiscriminadamente. Por iso, conclúe que o abandono do monte é o inimigo número un na loita contra incendios.

Outra achega fundamental neste ámbito son os dous relatorios da Comisión Técnica que se creou en Portugal con motivo dos incendios de xuño e outubro do ano 2017. Tratase de ditames de forte compoñente técnica e que analizan de forma moi completa a problemática dos incendios que se produciron nesas datas en Portugal e que causaron elevados danos materiais e humanos. Nestes ditames conclúese que masas puras ou mixtas de piñeiro ou eucalipto sen redución efectiva da carga de matogueira no seu interior conducen, en situacións de seca, a incendios de gran intensidade con elevada posibilidade de proxección de focos secundarios a grande distancia. **Para estas dúas especies, segundo a Comisión Técnica de Portugal, a regra é a da xestión do combustible no sub-bosque. Sen combustible no seu interior estas árbores, en vez de ser un problema serio, poden ser parte da solución.**

O eucalipto e os incendios

Non podemos escapar neste ditame á análise da posición que ocupa o eucalipto no ámbito das causas dos incendios. Sen dúbida, un dos aspectos máis problemáticos nesta análise é a incidencia que pode ter no fenómeno as distintas especies arbóreas. E xorde sempre a cuestión do eucalipto con dúas

posturas totalmente enfrontadas. Estas dúas posturas enfrontadas obsérvanse tamén na doutrina científica, na posición dos axentes que integran o sector forestal e o medio rural no seu conxunto, nos medios de comunicación e na propia sociedade civil galega.

Unha primeira postura sinala ao eucalipto como unha especie facilitadora da expansión dos incendios (pirófita), invasora e destrutora da paisaxe e do solo. Alégase, ademais, que o eucalipto se ten estendido indiscriminadamente e superando amplamente as previsións recollidas no Plan Forestal de Galicia de 1992 que, lembremos, cifraba a superficie de eucaliptos a 40 anos en 245.000 hectáreas. O IFN4, do ano 2009, cifra as hectáreas de eucaliptos en masa pura en 287.000 hectáreas, pero hai outro 250.000 hectáreas de masas mixtas onde tamén hai unha importante superficie de eucaliptos, de tal forma que diversos comparecentes sinalaron que a superficie de eucalipto superaría no momento actual o 400.000 hectáreas. O propio borrador da 1ª revisión do PFG acepta como unha realidade que hai 40.000 hectáreas de eucalipto nitens que non aparece no IFN4.

En canto á súa consideración como especie pirófita, o profesor Juan Picos sinalou na súa comparecencia que habería que precisar o concepto de pirófito, que é a capacidade dunha planta para adaptarse a sobrevivir despois do lume, mentres que na linguaxe común faise equivaler a pirómana. Dende esta perspectiva, sinalou que tamén o toxo é unha planta pirófita. Xa vimos que a matogueira ten un maior potencial para a propagación do lume que as especies arbóreas e que respecto destas últimas ten máis incidencia na propagación a cantidade de biomasa (matogueira) que se atopa baixo as árbores que a propia especie: **a clave é ter un monte xestionado e ordenado e combater o abandono.**

O catedrático de Silvicultura de USC, Roque Rodríguez Soalleiro, abundou en que a combustibilidade das masas forestais depende moitísimo da xestión que se faga. Sinalou que o Relatorio da Comisión Técnica Independente creada en

Portugal tras os incendios de Pedrogao tamén especifica que é moito máis importante a xestión forestal que se faga que as especies arbóreas, dende o punto de vista do risco de incendios. Parécenos interesante traer a colación o lema da Asociación de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia: **Contra o lume, silvicultura**.

Na mesma liña, o catedrático emérito de Edafoloxía da USC, Francisco Díaz-Ferros Viqueira, publicou recentemente un artigo nos medios de comunicación no que sinalaba:

Finalmente, só dúas verbas sobre o carácter incendiario do eucalipto, para as que utilizarei como única fonte o relatorio que presentou unha comisión internacional independente sobre os incendios do pasado ano en Portugal. Nel, sen negar a facilidade de propagación do lume nas plantacións desordenadas de Piñeiro e eucalipto, onde realmente poñían o acento era no control do matogueira, podendo atoparse con casos nos que unha carballeira con matogueira abondo era máis pirófila que un eucaliptal limpo de matogueira (…)

En relación aos danos producidos polos incendios forestais, hai que sinalar que durante o período 2000-2013, segundo os datos da *Estatística Xeral de Incendios Forestais*, a incidencia media de incendios forestais sobre eucaliptais foi do 7,8%, que contrasta co 18% de ocupación do eucalipto na superficie forestal desta Comunidade Autónoma. Ademais, se se consideran estes datos tendo en conta os 19 distritos forestais nos que está dividido o territorio de Galicia, os dous distritos que menos incendios e superficie queimada rexistran en Galicia, son os que acumulan preto do 50% das existencias de madeira de eucalipto. Outro dato relevante é que moitos dos grandes incendios forestais que se producen en Galicia afectan especialmente as zonas de influencia mediterránea, situadas principalmente na provincia de Ourense, onde predominan as formacións de matogueiras e son moi escasas as plantacións de eucalipto.

En canto ao carácter invasor do eucalipto, trátase dunha cuestión que suscitou unha recente polémica pola solicitude realizada o 26.09.2017 polo Concello de Teo (A Coruña) para a inclusión do xénero *Eucalyptus* no *Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras*. De acordo co Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, considéranse especies exótica invasora a especie exótica que se introduce ou establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural, e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenérica. Temos que ter en conta que a declaración dunha especie como exótica invasora leva a que as administracións competentes adopten as correspondentes medidas de xestión, control e posible erradicación, así como a prohibición de plantar eucaliptos en plantacións xa existentes.

A mencionada solicitude someteuse a ditame do comité científico asesor da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, sendo esta última o órgano que pode aprobar ou non as propostas de inclusión no Catálogo. O 1.12.2017, o comité científico emitiu o seu ditame no que concluíu que se debía incluír no *Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras* as seguintes especies: *E. camaldulenis, E. globulus, E. gomphocephala, E. gunnii, E. nitens, E. sideroxylon*, así como calquera outra especie cuxo destino sexa a explotación forestal.

Pola súa banda a Subdirección Xeral de Política Forestal do MAPAMA emitiu tamén un informe o 5.12.2017, no que determinou que non se podía concluír o carácter invasor das diferentes especies de eucaliptos de interese forestal utilizados en España. Amparábase para iso no coñecemento científico dispoñible, citando de maneira especial un informe evacuado polo catedrático de Xenética e Fisioloxía Vexetal na Universidade Politécnica de Madrid, don Luís Gil Sánchez.

Á vista de todo iso, a Dirección Xeral de Calidade, Avaliación Ambiental e Medio Natural do MAPAMA resolveu, o 9.02.2018, rexeitar a solicitude de inclusión do eucalipto no Catalogo español de especies exóticas invasoras.

No que se refire á proliferación do eucalipto, expúxose tamén a cuestión de se este incremento das plantacións de eucalipto víase favorecido pola normativa existente ou se se debía á rendibilidade económica que proporcionaba.

Pois ben, a plantación de especies do xénero eucaliptus, atópase estritamente regulada pola lexislación forestal galega. A Lei 7/2012, de montes de Galicia, só permite plantar eucalipto nas parcelas de monte actualmente ocupadas por matogueira, ou ben onde haxa piñeiro tras a súa corta, e en ningún caso plantalo en terras agrícolas, nin en monte con frondosas caducifolias. Pola súa banda, o *Plan Director da Rede Natura 2000* en Galicia, prohibe novas plantacións de eucalipto nas superficies que están incluídas dentro de espazos da Rede Natura 2000. Tamén se establece a necesidade de solicitar autorización da Administración Forestal para as novas plantacións de eucaliptos de tamaño superior ás 5 hectáreas. Regúlase os cambios de actividade agrícola a forestal indicando que só se poderán utilizar frondosas caducifolias para materializar este cambio. Por último, regúlase de forma exhaustiva as distancias das plantacións e establécese un forte réxime de infraccións e sancións para os casos de incumprimentos das normas relatadas.

As modificacións introducidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, pola Lei 9/2017 de medidas fiscais e administrativos, determinan a prohibición de manter eucaliptos nas franxas de cincuenta metros ao redor dos núcleos de poboación de Galicia.

En definitiva, existe unha importante regulación limitativa das plantacións de eucaliptos. Con todo nas comparecencias púxose de manifesto que no territorio galego existen numerosas plantacións que contraveñen as normas que as

regulan. Trátase máis dunha cuestión de concienciación sobre o cumprimento desas normas que de falta de normativa.

Doutra banda, o eucalipto proporciona importantes ingresos a un elevado número de propietarios forestais. Segundo o informe de Confemadera, en 2015 o volume de cortas con destino industrial realizadas no monte galego ascendeu a 8,25 millóns de metros cúbicos. Destas cortas, un volume superior ao 50% correspondeu ao eucalipto. Realizáronse un total de 81.427 cortas de madeira que supuxeron uns ingresos de preto de 300 millóns de euros. É dicir, 80.000 familias galegas percibiron ingresos derivados das curtas de madeira.

Fronte á postura absolutamente contraria ao eucalipto, houbo comparecentes que aludiron ao eucalipto como unha especie que permite unha rendibilidade adecuada aos propietarios forestais, defendendo a súa convivencia con outras especies, coníferas e frondosas caducifolias, no marco dun monte planificado e ordenado, buscando acadar o necesario equilibrio entre a produción e a conservación.

4. REFORMAS DA POLÍTICA FORESTAL NA PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E PARA ACADAR UN MONTE MULTIFUNCIONAL, VIVO E DINÁMICO, SUSTENTABLE E RENDIBLE PARA OS PROPIETARIOS FORESTAIS.

4.1. Relacionadas coa política forestal:

4.1.1.1. A planificación e ordenación forestal. A gobernanza do monte galego.

RECOMENDACIÓNS:

1. Impulsar a posta en marcha dun **Sistema de Información e Estatística Forestal de Galicia**, como mecanismo que permita facer diagnoses adecuadas e ser unha ferramenta esencial para a toma de decisións de políticas públicas ou empresariais relacionadas co sector forestal. Debería de reunir as seguintes características:

- Estar adaptado á realidade de Galicia en métodos e periodicidade, e coordinado coas operacións estatísticas xerais de Galicia e as sectoriais de ámbito estatal. Trataríase dun sistema complementario ao Inventario Forestal Nacional.
- Partir dun deseño específico integral que aproveite a información existente e que permita unidades de análise inferiores á provincia.
- Estar formalmente establecido, ser de carácter estable e permitir a mellora continua e, estar, no seu deseño e gobernación, participado polo sector co fin de garantir transparencia e contribuír a divulgar e transferir adecuadamente os seus resultados.
- Estar científica e tecnicamente fundamentado polo sistema público de I+D, coas achegas das Universidades e centros tecnolóxicos galegos.
- Estar acorde coa normativa estatística da Comunidade Autónoma de Galicia.

A posta en marcha do Sistema de Información e Estatística Forestal de Galicia deberá producirse antes do 30 de xuño de 2019.

2. Unha vez rematada a revisión do Plan Forestal de Galicia, é preciso desenrolar os **Plans de Ordenación dos Recursos Forestais** dos diferentes distritos forestais galegos, dentro dunha ordenación integral do territorio rural. Deberá asumirse o compromiso temporizado de elaboración dos Plans de Ordenación de Recursos Forestais de todos os distritos no período 2019-2024, dándolle prioridade a aqueles máis afectados polos incendios forestais.

3. Impulsar a ordenación dos montes galegos para que neles se desenvolva unha xestión forestal sostible asumindo os seguintes compromisos dentro do ámbito temporal do Plan Forestal de Galicia:

- Obxectivo a 5 anos: 150.000 novas hectáreas ordenadas.
- Obxectivo a 10 anos: 165.000 novas hectáreas ordenadas.
- Obxectivo a 20 anos: 320.000 novas hectáreas ordenadas.

De tal forma que a superficie total ordenada ao final do plan chegue as 850.000 hectáreas. A comisión recomenda que nos criterios de priorización dos montes a ordenar se teña en conta:

- A exposición do territorio aos incendios forestais.
- Os montes que teñan unha xestión forestal pública.
- Os montes que se clasifiquen como protectores.
- A superficie forestal situado nos espazos protexidos.

4. Debe promoverse activamente pola Administración Forestal a certificación forestal do monte galego asumindo os seguintes compromisos dentro do ámbito temporal do Plan Forestal de Galicia:

- Obxectivo a 5 anos: 100.000 hectáreas certificadas.
- Obxectivo a 10 anos: 125.000 hectáreas certificadas.
- Obxectivo a 20 anos: 245.000 hectáreas certificadas.

De tal forma que a superficie total certificada ao final do plan chegue as 650.000 hectáreas.

5. Entre outras medidas para promover a certificación e a xestión forestal sostible esta comisión recomenda a adopción das seguintes:

- Esixencia de que a madeira que se utilice en edificios e infraestruturas impulsadas pola Administración autonómica proceda dunha xestión forestal sostible e conte con calquera selo de certificación aceptada a nivel internacional.
- Fomentar a utilización de madeira certificada e procedente dunha xestión forestal sostible para a rehabilitación e construción de vivendas cando sexan apoiadas con subvencións públicas.

6. Converter a **xestión pública de montes** nun referente de xestión forestal sostible, centrándose naqueles montes nos que a produción veña moi condicionada por valores ambientais ou culturais de interese xeral e nos montes clasificados como protectores.

7. Neste ámbito de planificación e ordenación forestal a Comisión considera que é moi necesaria a previa delimitación:

- Dos **montes protectores**, tal e como os configura a Lei de Montes, levando a cabo o desenvolvemento do procedemento que defina detalladamente as características destas masas forestais e as directrices de xestión forestal sustentable que se deben de seguir para protexer os valores de ditos montes. Procederase a creación do Rexistro de montes protectores.
- Das **masas consolidadas de frondosas autóctonas**, que de acordo co artigo 93 da Lei de Montes son as masas de frondosas autóctonas cunha superficie en couto redondo de polo menos 15 hectáreas e unha idade media de polo menos vinte anos. Procederase a creación do Rexistro de masas frondosas autóctonas.

8. Crear unha **Comisión de simplificación normativa** co fin de centralizar a análise das normativas sectoriais que afectan ao sector forestal

(relacionadas co medio ambiente, a ordenación do territorio, o patrimonio cultural, augas de Galicia, Demarcacións de carreteras, Confederacións Hidrográficas, ou a propia normativa forestal) para continuar coa labor de racionalización e simplificación de toda a regulación legal e da operativa burocrática necesaria para a xestión forestal, que mellorará a competitividade do sector e dotarao dunha maior seguridade xurídica. Esta comisión deberá de presentar as súas conclusións antes do 30 de xuño de 2019.

9. Recoller nun único texto lexislativo toda a normativa existente en materia de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia. Este refundimento deberá facerse antes do 1 de xaneiro de 2019.

10. Impulsar o desenvolvemento regulamentario da Lei 7/2012 de Montes e da Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, de acordo coas previsións das mesmas e as recomendacións deste ditame que lles afecten. Este desenvolvemento regulamentario deberá completarse antes do 31 de decembro de 2020.

4.1.1.1. Ordenación das especies forestais. A regulación do eucalipto.

RECOMÉNDASE:

Manter a lexislación actual sobre prohibicións, condicións e distancias das repoboacións forestais e de cambios de uso ou actividade (excepto as modificacións relativas aos cambios de uso que se recollen na recomendación número 59). Tamén se consideran adecuadas, e se recomenda mantelas, as previsións da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia (actualmente en tramitación) ao respecto do reparto de especies

4.1.2. O impulso da xestión conxunta do monte.

RECOMENDACIÓNS:

11. Levar a cabo as reformas legais que sexan necesarias para facilitar a constitución e adecuado funcionamento das SOFOR, en particular:

- Adaptar a súa normativa reguladora as recentes modificacións introducidas na Lei 7/2012 a través da Lei 9/2017 de Medidas Fiscais e Administrativas, sobre todo no que se refire a posibilidade de que a SOFOR se constitúa mediante a aportación da propiedade dos terreos e non so dos dereitos de uso.
- Resolver a falla de adecuación entre a normativa estatal e autonómica modificando a normativa estatal para que permita a posibilidade de incorporar a propiedade ás SOFOR, asegurando a aplicación dos incentivos fiscais no Imposto sobre Sociedades.
- Afondar nas consecuencias da declaración de interese xeral da xestión forestal conxunta e sustentable das agrupacións de propietarios ou titulares do dereito de uso de terreos forestais, co fin de impedir o abandono de parcelas forestais, recollida no artigo 122 bis da Lei 7/2012, de Montes de Galicia.
- Simplificar os requisitos de constitución das SOFOR, en particular:
    - Non establecer porcentaxes máximas de participación para os titulares que achegan propiedade ou dereitos de uso, e deixar o máximo do 49% para os que non sexan titulares.
    - Ampliar o obxecto social a aquelas actividades relacionadas coa cadea de valor forestal-madeira e coa actividade no sector primario non forestal, modificando a lexislación básica do Estado en materia de montes, permitindo que non sexa a explotación forestal o obxecto social exclusivo. Trataríase de fomentar sociedades que poidan facer explotación gandeira,

agrícola, ou incluso sociedades de xestión de patrimonios nas súas inversións no sector forestal.

- Eliminar a restrición de que a administración debe ter carácter gratuíto, deixando liberdade aos socios para recoller nos estatutos o que consideren en relación con este tema.

- Realizar campañas informativas sobre a figura e as súas vantaxes para os propietarios forestais.

12. Incentivar novas fórmulas para a xestión conxunta do monte, ademais da potenciación das SOFOR recollida na recomendación anterior, baseadas en calquera figura xurídica de natureza mercantil, administrativa ou de base asociativa, que promova, impulse e poña en marcha iniciativas de xestión conxunta sustentable e diversificada do monte. Para iso é imprescindible definir:

- Un marco regulador adecuado que priorice a explotación agrupada fronte a propietarios que manteñan as terras abandonadas.
- Unha regulación da súa fiscalidade, de forma que se favoreza o investimento no monte por parte deste tipo de entidades xurídicas, que non grave as rendas forestais por enriba do gravame que lle resultaría de aplicación a un propietario individual.
- A orientación das axudas públicas a incentivar a constitución e posta en marcha de calquera destas iniciativas.

A regulación destas figuras de xestión conxunta deberá de aprobarse antes que acabe o ano 2019.

13. Establecer como criterio de prioridade o necesario cumprimento nas reestruturacións parcelarias de terreo forestal da implantación destas figuras de xestión conxunta, ás que deberán de optar a maioría dos terreos

concentrados como requisito previo ao inicio do procedemento de reestruturación.

4.1.3. A profesionalización dos silvicultores.

RECOMENDACIÓNS:

14. Regular a figura do **silvicultor activo** entendendo como tales aos propietarios individuais, comunidades de montes, sociedades de propietarios forestais e xestores forestais (calquera que sexa a súa forma xurídica) que manexen a súa propiedade, individual ou colectiva, con criterios de xestión forestal sostible.

15. Creación dun **Rexistro oficial e voluntario de silvicultores activos**, o que poderán acceder os silvicultores que cumpran os seguintes requisitos:

- Que os terreos propios ou xestionados polo silvicultor teñan un instrumento de ordenación e xestión forestal aprobado.
- Que dispoñan de certificación forestal por algún dos sistemas recoñecidos.
- Que poidan xustificar a propiedade ou a dispoñibilidade dos terreos.
- Que acrediten que realizan unha actividade económica ligada a explotación do monte.
- Que sexa membro dunha asociación de propietarios ou produtores forestais rexistradas como tal.

16. Deberán de introducirse as modificacións necesarias para que os **silvicultores activos** inscritos no Rexistro teñan prioridade:

- Na concesión das subvencións e incentivos públicos de apoio o sector forestal.

- No acceso á cesión dos montes veciñais en man común que sexan declarados en estado de grave abandono ou degradación, con preferencia dos silvicultores activos que sexan comunidades de montes.
- En todas aquelas outras situacións nas que se requira unha xestión forestal sostible.

17. Tomar en consideración no ámbito das subvencións de apoio ao sector forestal as seguintes liñas de actuación:

- As axudas basearanse en acordos/contratos sostidos no tempo entre a Administración e o silvicultor activo para o financiamento das operacións forestais especificadas nos Instrumentos de Planificación forestal (IPF) aprobados pola administración.
- Os contratos de financiamento estarán asociados ás actuacións previstas nos proxectos de ordenación, plans técnicos de xestión e modelos silvícolas aprobados pola autoridade competente.
- A porcentaxe de subvención será variable, apoiando en maior medida os montes menos rendibles segundo as características físicas do monte e as limitacións de xestión establecidas na zona (Rede Natura, etc...).
- Esta fórmula equilibraría as axudas públicas no territorio galego en función da rendibilidade das explotacións e permitiría incentivar a rexeneración das masas arboradas ou a forestación con determinadas especies ou tamén permitiría compensar restricións ou imposicións ambientais e paisaxísticas favorecendo a obtención de resultados económicos asumibles para o conxunto dos silvicultores no medio rural.
- Mellorar a adecuación das subvencións ao perfil dos destinatarios e ao tipo de actividade, en particular:
    - Adiantar as convocatorias das subvencións para que se teña tempo suficiente para o desenvolvemento en prazo dos traballos subvencionados como no caso das axudas a limpezas e desbroces.

- Simplificar o máximo posible as ordes de subvención.
- Aceptar a posibilidade de que os traballos a subvencionar se podan acometer con medios propios dos beneficiarios, mediante o establecemento de módulos obxectivos.

18. Como medidas de apoio a profesionalización dos silvicultores, a Comisión recomenda que a Xunta de Galicia desenvolva as seguintes actuacións:

- Utilización dos Distritos Forestais como un servizo público de extensión forestal para a prestación de asistencia técnica e capacitación profesional a titulares e/ou xestores forestais.
- Deseño e posta en marcha de Plans de formación e capacitación profesional de propietarios e/ou xestores de montes para a mellora ou actualización das súas cualificacións ou competencias profesionais e apertura de novas oportunidades ou actividades experimentais no sector forestal galego.

4.1.4. A multifuncionalidade do monte e o fomento forestal.

RECOMENDACIÓNS CARA A POTENCIACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO NOSO MONTE:

19. Desenrolar un **Plan de actuacións de mellora das zonas de pastoreo extensivo en terreos forestais**, fomentando a ordenación silvopastoril no territorio galego racionalizando o seu aproveitamento, evitando tanto as cargas excesivas ou insuficientes, como o seu abandono. Os principais obxectivos a lograr son:

- Contribuír ao equilibrio ecolóxico da flora e fauna.

- Redución e prevención do risco de incendios mediante o control da vexetación arbustiva.
- Revalorización da paisaxe e promoción de sistemas de produción compatibles co medio.

Debese asumir o compromiso de incrementar a superficie de pastos e forraxe en terreos forestais desarborados ata a superficie de 225.000 hectáreas.

20. Impulsar a creación ou o reforzamento de **selos de calidade** para os produtos derivados da gandería en extensivo, para os produtos gandeiros con alimentación específica provinte do territorio galego así como para os produtos non madeireiros que procedan do monte galego.

21. Promover que as explotacións gandeiras galegas utilicen a produción forraxeira propia ou de proximidade, co fin de incrementar a superficie de terra cultivada que poida actuar como devasa natural.

22. Incentivar actuacións de repoboación forestal e tratamentos silvícolas de axuda a rexeneración natural de frondosas caducifolias, subvencionándoas a través do Programa de Desenvolvemento Rural.

23. Promover a inclusión de frondosas autóctonas nas repoboacións que se fagan en plantacións con fins produtivos, como acompañantes da especie principal para a mellora da diversidade arbórea.

24. Fomentar a **biodiversidade forestal** mediante a diversificación dos usos do monte. Coa utilización de incentivos financeiros e paquetes de axudas públicas orientarase o reparto dos diversos usos na superficie subvencionable, favorecendo a diversidade e alternancia de formacións, usos do solo e da paisaxe, reducindo á súa vez o grao de combustibilidade

da vexetación e o risco de propagación de incendios forestais. De xeito fundamental se apoiarán:

- Plantación de especies de madeiras nobres e/ou de froito como a cerdeira, o castiñeiro ou a nogueira, así como os tratamentos silvícolas e culturais durante os primeiros anos ata a consolidación do arborado.
- Produción de froitos e sementes forestais para consumo humano e do gando doméstico, cogomelos, plantas aromáticas e medicinais, gandería de alta calidade, e outros usos compatibles co papel produtor, ambiental e socio cultural do noso monte.

25. No ámbito da **multifuncionalidade do noso monte**, recoméndase a elaboración de instrumentos de ordenación e planificación dos usos turísticos, sociais ou recreativos dos montes públicos e privados próximos ás contornas urbanas ou incluídos en figuras de protección ambiental, co obxectivo de cubrir as demandas da poboación en canto a estes servizos ambientais xerados polos montes.

26. No que se refire ao **aproveitamento da biomasa forestal** como fonte enerxética competitiva con baixas emisións de carbono a Comisión considera necesario, como paso previo á explotación, o desenvolvemento dun **Programa Estratéxico para o fomento da biomasa forestal** como modelo de eficiencia ecolóxica, económica e social para o monte e os recursos forestais de Galicia. Neste programa se buscará vincular o aproveitamento da biomasa á poboación local como mecanismo de mellora das súas condicións de vida. Este programa deberá de coordinarse coa Estratexia de Impulso á biomasa 2014-2020 desenvolvida polo Instituto Enerxético de Galicia e coas diferentes liñas de investigación que analicen os diferentes usos alternativos dos montes e cos plans de mellora da calidade do aire. O programa deberá de elaborarse antes do 31 de decembro de 2019.

RECOMENDACIÓNS PARA O FOMENTO DO USO DE PRODUTOS FORESTAIS:

27. A Comisión recomenda que a Xunta de Galicia se implique na utilización de produtos forestais galegos certificados e derivados dunha xestión forestal sostible nas solucións construtivas das obras e infraestruturas públicas, aproveitando as posibilidades da madeira laminada, pero tamén noutros usos derivados da innovación que se está a dar no campo da transformación da madeira como pode ser os usos no ámbito téxtil, da hixiene, saúde ou o embalaxe. Tamén sería recomendable impulsar selos de calidade dos produtos forestais galegos certificados e derivados dunha xestión forestal sostible.

28. Co fin de achegar o sector forestal e o monte ao conxunto da poboación e para fomentar o consumo de produtos forestais a Comisión recomenda que se desenvolvan as seguintes actuacións:

- Deseño, execución e seguimento dun Programa Galego para divulgación e comunicación da cultura forestal.
- A creación dunha rede galega de centros de información e promoción da cultura forestal galega.

4.1.5. A revisión do Plan Forestal de Galicia.

RECOMENDACIÓNS:

29. Garantir a participación parlamentaria na tramitación e aprobación do Plan Forestal de Galicia, antes da súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

30. Garantir a integración na 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia actualmente en tramitación das recomendacións deste ditame que lle afecten.

31. Garantir un seguimento do cumprimento do Plan Forestal mediante a remisión ao Parlamento de Galicia e con carácter bianual, dun informe de evolución dos indicadores de xestión, que será obxecto de debate na comisión correspondente.

4.1.6. As franxas de xestión de biomasa.

RECOMENDACIÓNS:

32. Manter as obrigas actuais de limpeza nas redes de faixas de xestión de biomasa definidas pola Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na configuración deseñada pola Lei 9/2017. Tratase de acadar unha ruptura da continuidade horizontal e vertical da biomasa presente. No caso das faixas secundarias situadas ao redor dos núcleos de poboación, impulsaranse medidas agroforestais que permitan a adecuada xestión destas superficies, mais aló do desbroce anual, garantindo a seguridade das poboacións.

33. A Comisión recomenda que a Administración competente en materia forestal asuma a elaboración e mantemento dun **Rexistro cartográfico e informático das redes de defensa contra os incendios forestais de cada distrito** onde, inescusablemente estarán definidas as distintas redes de faixas de xestión de biomasa.

34. Impulsar a ordenación progresiva das franxas de protección ao redor dos núcleos de poboación, comezando polas áreas de maior risco de incendios. Trataríase de que nesas franxas se desenvolvesen actividades agrarias:

cultivos de viñedos, hortas, árbores frutais, pastos para gandería, que actuasen como zona de protección dos núcleos habitados.

35. Aplicar de xeito prioritario nestas franxas ao redor dos núcleos de poboación os mecanismos de investigación da propiedade e de mobilización de terras recollidos na lexislación vixente e nas recomendacións deste ditame.

36. Facilitar aos propietarios das fincas situadas nas franxas ao redor dos núcleos de poboación o cumprimento das súas obrigas mediante a posibilidade de que deleguen no concello estes traballos por un prezo fixo e equiparable a unha roza básica, cubrindo as Administracións Públicas a parte restante nos casos que sexa preciso.

37. A Comisión tamén recomenda que ao redor das liñas eléctricas, das instalacións de produción enerxética así como das instalacións industriais se revisen as distancias, as especies que deben de ser plantadas na súa contorna así como os compromisos que deben asumir os titulares das instalacións referidas.

38. Establecer mecanismos de cooperación cos concellos para facilitar o cumprimento das súas obrigas respecto as franxas de xestión da biomasa, centralizando o desenvolvemento deses mecanismos no **Ente instrumental específico** que se recolle na recomendación número 46. De xeito particular, esa cooperación se referirá os seguintes ámbitos:

- Deseño dos planos das franxas secundarias de xestión de biomasa ao redor dos núcleos de poboación dos concellos galegos. Identificación dos seus titulares catastrais.

- Elaboración dun manual de actuacións a realizar no desenvolvemento das súas obrigas relativas a limpeza das franxas secundarias de xestión de biomasa.
- Redacción dos modelos de requirimentos e formularios correspondentes aos procedementos establecidos.

4.1.7. O papel das comunidades veciñais de montes en man común na loita contra os incendios.

RECOMENDACIÓNS:

39. Creación dun **Consello de Comunidades de Montes Veciñais** para a representación das Comunidades, a defensa dos seus intereses específicos e a interlocución coa Administración, cunha composición maioritaria de representantes elixidos polas Comunidades de Montes, garantindo unha distribución territorial equilibrada. Este Consello se configuraría como un órgano consultivo e de asesoramento da Administración forestal debendo informar en cuestións que lles afecten directamente, entre outras:

- Modificacións normativas que afecten os montes veciñais en man común.
- Procedementos de clasificación
- Declaracións do estado de grave abandono ou degradación.
- Na xestión cautelar destes montes pola Administración.
- No proceso de cancelación ou finalización dos convenios e consorcios de repoboación, e na configuración do contrato temporal de xestión pública.

40. Elaboración pola Consellería de Medio Rural dun informe que certifique a situación das Comunidades propietarias dos montes veciñais en man común, detallando de xeito específico a súa estrutura organizativa, o cumprimento das súas obrigas legais e a existencia de instrumentos de

ordenación e xestión forestal dos seus montes. En definitiva, levar a cabo a investigación da situación institucional e o grao de goberno dos montes veciñais en man común, da súa administración e xestión e do seu réxime de usos e aproveitamentos.

41. Na concesión das axudas públicas as comunidades de montes deberá darse prioridade ás comunidades que cumpran estritamente coas súas obrigas legais, particularmente no que se refire aos instrumentos de ordenación e xestión forestal.

42. Impulsar a redacción dos proxectos de ordenación dos montes veciñais en man común, co obxectivo de que todos o teñan antes do 31 de decembro do 2020, mantendo a liña de subvencións actualmente en vigor.

43. Manter a regulación das situacións de xestión cautelar dos montes veciñais en man común así como a da declaración de grave estado de abandono ou degradación recollidas nos artigos 27 e seguintes da Lei 13/1989, na súa redacción pola Lei 9/2017 de medidas fiscais e Administrativas. Nos casos nos que se ceda o uso e aproveitamento dos montes deberá darse prioridade ó acceso a condición de cesionario:

- As agrupacións nas que participen comuneiros do monte afectado.
- A outras comunidades de montes que teñan acreditada a xestión adecuada dos seus montes e estean inscritas no rexistro de silvicultores activos.

44. Potenciar **as mancomunidades de montes veciñais en man común** buscando a xestión conxunta de comunidades cuxos montes teñan lindes naturais que actúen como cortalumes.

45. Apoiar a xestión agrupada e profesional dos montes veciñais dando prioridade nesa xestión as comunidades de montes que estean inscritas no Rexistro de silvicultores activos.

4.2. Relacionadas co dispositivo de prevención e extinción de incendios e os servizos de emerxencias e de protección civil.

RECOMENDACIÓNS EN RELACIÓN COA PREVENCIÓN:

46. Dada a importancia da prevención e a necesidade de que todas as Administracións implicadas cumpran coas súas obrigas legais neste ámbito, a Comisión recomenda que se procure centralizar nun **Ente instrumental específico**, dependente da Xunta de Galicia, as seguintes funcións en materia de prevención de incendios e vixilancia de incumprimentos:

- Dirixir e coordinar a todas as administracións públicas con competencias en materia de prevención de incendios.
- Avaliar a distribución de competencias actualmente vixente en materia de prevención e propoñer os cambios que no seu caso se requiran para o adecuado cumprimento das medidas previstas.
- Prestar colaboración e asesoramento estable aos concellos no cumprimento das súas obrigas de prevención, dándolle uniformidade aos procedementos e actuacións desenvolvidas polos mesmos.
- Asegurar o cumprimento das medidas de prevención contra os incendios forestais recollidas na lexislación vixente e tramitar na súa totalidade os expedientes sancionadores que se deriven dos incumprimentos.
- Asumir a planificación das medidas de prevención de incendios e o seu desenvolvemento, impulsando a realización das tarefas encomendadas as Administracións con competencias neste ámbito.
- Dirixir os Equipos de Vixilancia de Incumprimentos, que se ocuparán de velar por que se cumpran as medidas de prevención de incendios

forestais recollidas na lexislación vixente, así como todas as demais obrigas impostas pola lexislación forestal, particularmente no que se refire as obrigas relativas a replantacións e distancias a respectar.

A consellería competente no ámbito forestal deberá regular este ente instrumental específico antes do 30 de xuño de 2019.

47. Desenvolver dentro de cada Plan de Ordenación dos Recursos Forestais de Distrito o correspondente Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito, como instrumentos operativos que desenvolvan territorialmente o PLADIGA. Compromiso temporizado de aprobalos no período 2019-2024.

48. Impulsar, comprobar e esixir, a través do **ente instrumental específico** ó que se refire a recomendación 46, a elaboración dos Plans Municipais de Prevención e Defensa contra os incendios forestais, que deberán estar rematados nun prazo de cinco anos.

49. Modificar a normativa vixente para que os propietarios das vivendas fora de ordenación teñan unha participación nos custes de limpeza e mantemento das faixas de protección que se establecen ao redor das mesmas.

50. Manter a orientación do Plan APROL RURAL exclusivamente aos concellos do rural que contraten persoal dedicado as tarefas de silvicultura, limpeza dos montes ou outras tarefas de valorización forestal, dentro do ámbito da prevención dos incendios forestais.

51. Recuperar o uso das queimas controladas fora do período de máximo risco para a redución do combustible acumulado no monte. A tal efecto, impulsaranse programas de lume controlado polos distritos forestais en colaboración coa poboación das zonas afectadas. Recomendase regular de forma detallada as normas técnicas e funcionais para a realización de

queimas agrícolas e forestais, axilizando o procedemento para autorización das mesmas.

RECOMENDACIÓNS EN RELACIÓN CO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E A SUA COORDINACIÓN COAS EMERXENCIAS:

52. En relación co Servizo Galego de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais a posición común nas comparecencias da Comisión é que Galicia conta **cun magnífico servizo de extinción de incendios, que debe de manter a súa configuración actual de servizo público**. Non obstante, e dado que en diferentes comparecencias se debateron distintas cuestións relativas o SPDCIF e co fin de incrementar a súa eficacia, xa de por si moi alta, a Comisión de Estudio recomenda que se cree un **grupo de expertos** que, antes do período de perigo alto de incendios do ano 2019, presente un informe detallado no que se analicen as seguintes cuestións que foron obxecto de debate no seo da Comisión:

- A conveniencia de manter a actual configuración do SPDCIF dende o punto de vista da participación de empresas públicas, ou que pase a estar composto unicamente por funcionarios públicos e persoal laboral.
- A necesidade de contemplar o novo escenario que se deriva da vaga de lumes de outubro de 2017, coa figura dos Grandes Lumes e os incendios que afectan cada vez mais frecuentemente á interface urbano forestal.
- Os mecanismos para reforzar a profesionalización do servizo.
- O tamaño do SPDCIF, dende o punto de vista do número de efectivos, e a súa adecuación en función dos períodos de risco de incendios ao longo do ano.
- A utilización do persoal do SPDCIF nas tarefas de prevención e a súa coordinación co **ente instrumental** con funcións en materia de prevención de incendios e vixilancia de incumprimentos ao que se refire a recomendación número 46.

- O adecuado funcionamento do mando único e o reforzo, de ser necesario, do posto do director de extinción.
- O papel que deben desempeñar as Brigadas Municipais no seo do dispositivo de extinción de incendios.
- A coordinación cos servizos de emerxencias, prestando especial atención á posibilidade de que se centralice toda a atención das emerxencias no número 112 (incluídas as derivadas dos incendios forestais), e a posible participación activa de persoal do SPDCIF no CIAE 112 co fin de mellorar a coordinación coas demais axencias, servizos ou administracións que poden intervir nun incendio forestal.
- A asunción das obrigas que no ámbito das emerxencias teñen as diferentes administracións públicas: Concellos, Deputacións provinciais e Xunta de Galicia.

Este grupo coordinarase coa administración autonómica polo Xefe do SPDCIF, que o presidirá, e contará na súa composición con expertos de reconocida capacidade e competencia na materia así como con representantes das Universidades galegas. O informe final deste grupo de expertos será presentado ao Parlamento de Galicia nunha sesión específica da Comisión 7ª, e recollerá as recomendacións feitas sobre as cuestións requiridas.

53. Coa finalidade de que se eliminen as zonas escuras do mapa de emerxencias de Galicia, evitando tanto zonas de solapamento como baleiras de servizos de emerxencias, a Comisión recomenda que se impulse:

- A comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades, coa finalidade de reducir considerablemente os tempos de resposta ás emerxencias nas súas áreas metropolitanas.

- A creación de novos servizos para atención ás emerxencias nas zonas deficitarias nos mesmos, así como a redistribución dos Grupos de Emerxencia supramunicipais para acadar o obxectivo proposto.
- Revisión das funcións, financiamento e dependencia dos GES.

4.3. Relacionadas coa ordenación territorial e os usos do solo.

RECOMENDACIÓNS:

54. Realizar unha **planificación integral** do territorio rural e dos usos do solo rural. A planificación dos usos agroforestais debe realizarse de forma conxunta en base á aptitude do territorio para os mesmos. Esta planificación debe ter en conta os requirimentos dos distintos usos, a aptitude do territorio para cada un deles e a integración conxunta de todos os usos. A planificación dos usos agrícolas, gandeiros e forestais debe realizarse de forma simultánea, xa que son usos que "compiten" polas mesmas localizacións, polo que deben ordenarse de xeito que se optimice o beneficio non so económico senón que tamén ambiental e social dun xeito global.

55. Para a planificación integral do territorio rural se recomenda desenvolver os instrumentos de planificación xa existentes na lexislación actual, en particular:

- Os **Plans Territoriais Integrados** e os **Plans de Ordenación do Medio Físico**, regulados pola Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia.
- As **Directrices de Ordenación do Territorio**, desenvolvendo a determinación excluínte 3.3.32, para a determinación das zonas de maior aptitude agrogandeira e forestal.

- O **Catálogo de terreos de alta produtividade agropecuaria e forestal** regulados pola Lei 2/2016 de solo de Galicia, situando estes terreos como un primeiro paso na ordenación do territorio rural de Galicia.

56. Dentro do ámbito específico da ordenación do territorio forestal, os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais actuarán para cada Distrito Forestal como un Plan de Ordenación do Medio Físico que terá como obxecto identificar e delimitar os terreos de alta produtividade forestal segundo modelos previamente definidos en función de elementos relevantes ou peculiaridades do recurso forestal e do territorio que discriminen o alto valor do monte. Pola súa importancia para a ordenación do territorio forestal debe de asumirse un compromiso temporalizado de elaboración dos Plans no período 2019-2024, dándolle prioridade aos distritos máis afectados polos incendios.

57. Deberá de incorporarse a prevención de incendios na planificación territorial, urbanística e sectorial, sobre todo na ordenación dos usos na interfaz urbano-forestal.

58. A ordenación integral dos usos no medio rural deberá de coordinarse coas actuacións de xestión das terras que se propoñan e incidan nas estruturas da propiedade, así como coas actuacións de fomento das actividades no rural.

59. En relación coas prohibicións de usos nos solos afectados polos incendios forestais, a Comisión recomenda:

- No que se refire a prohibición do cambio de uso forestal ao menos durante 30 anos, recoméndase a adaptación da normativa galega (artigo 59 da Lei 7/2012) á estatal (artigo 50 da Lei 43/2003, de Montes, modificado pola Lei 21/2015) posibilitando o cambio de uso forestal

cando concorran **razóns imperiosas de interese público de primeiro orde que deberán de ser apreciadas mediante lei.**

- Respecto a prohibición de pastoreo nos terreos incendiados e por prazo de dous anos, recoméndase regular as excepcións a esta prohibición que se prevén no apartado 2 do artigo 43 da Lei 3/2007, de prevención e extinción e incendios de Galicia; sempre que se acrediten perdas de difícil subsanación pola prohibición do pastoreo ou a inexistencia de alternativas ao pastoreo dentro de mesma comarca.

4.4. Relacionadas coa estrutura da propiedade.

4.4.1. Mellora do coñecemento da tipoloxía dos propietarios. Impulso da investigación da propiedade no rural galego.

RECOMENDACIÓNS:

60. Dada a trascendencia que ten a mobilización da terra produtiva como mecanismo de xeración dun medio rural vivo, dinámico e sostible, a Comisión recomenda que se aborde unha modificación da normativa vixente na materia, basicamente a Lei 6/2011 de Mobilidade de Terras de Galicia, e se recollan especificamente dentro das competencias da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural** as seguintes:

- Promover a mobilidade da terra produtiva de Galicia.
- Desenvolver novos mecanismos de mobilización da terra produtiva de Galicia, tanto mediante arrendamentos ou cesións de usos como transmisións da titularidade das terras.

- Mellorar o coñecemento da propiedade rústica de Galicia, establecendo convenios cos organismos dependentes da Administración do Estado con competencias na materia.
- Garantir a transparencia dos mercados de terras e a un mellor coñecemento da dinámica das terras rústicas, promovendo instrumentos que o permitan como o Observatorio da Mobilidade de Terras de Galicia, que se integrará na Axencia.
- Loitar contra o abandono establecendo, para os predios que non formen parte de explotacións agrarias, medidas de mobilización, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agrario.
- Asumir a xestión do procedemento de declaración de fincas abandonadas regulado na Lei 6/2011 de Mobilidade de Terras.
- Delimitar as zonas de actuación agraria prioritaria.
- Impulsar a mobilización de predios de vocación agraria incluídos en perímetros en estado de abandono, prestando especial atención as franxas ao redor dos núcleos de poboación.
- Promover o desenvolvemento de polígonos agrarios e forestais no marco da ordenación integral do territorio rural de Galicia.
- Facilitar a posta en contacto entre os emprendedores agroforestais e os propietarios das terras produtivas non integradas en explotacións.
- Impulsar as reformas legais que sexan necesarias para facilitar as reestruturacións da propiedade de predios de vocación agraria de carácter privado previstas na Lei 4/2015.

Pola importancia que se manifestou nas comparecencias da necesidade de mobilizar a terra produtiva, a Comisión recomenda renomear a AGADER para que pase a chamarse **AXENCIA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE E A MOBILIZACIÓN DA TERRA PRODUTIVA**.

61. Establecer mecanismos de cooperación entre a AGADER e a Dirección Xeral do Catastro para mellorar a adecuación dos datos catastrais da superficie rústica galega á situación real no que se refire aos titulares catastrais e aos datos das parcelas. Impulsarase a firma de convenios co fin de acadar este obxectivo contemplando a posibilidade de realizar unha revisión completa do catastro da superficie rústica galega.

62. No que se refire ó ámbito forestal debe promoverse a investigación da propiedade privada individual dos montes de Galicia. A dirección xeral competente na elaboración dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais dos distritos se coordinará na súa redacción coa AGADER para recoller nos mesmos un estudo dos aspectos xurídico-administrativos da propiedade forestal do distrito correspondente: titularidades, montes catalogados, instrumentos de ordenación e xestión vixentes, montes veciñais en man común, mancomunidades e agrupacións de propietarios.

63. Dentro da adecuación do catastro da propiedade rústica galega, se recomenda poñer en marcha de maneira decidida os expedientes de investigación das fincas en situación de aparente vacancia (fincas con titular catastral que non se localiza e que se atopan en estado de abandono), que é un dos grandes obstáculos para a mobilización da terra produtiva en Galicia.

64. Mellorar o marco de colaboración institucional entre Patrimonio do Estado e a AGADER**,** para axilizar os procesos de investigación das fincas en situación de aparente vacancia e a cesión das parcelas por parte do Estado a Axencia mentres duren estes procesos de investigación.

65. Ampliar o marco de colaboración con Patrimonio do Estado e Catastro para facultar á AGADER para iniciar expedientes de investigación da propiedade cos mesmos efectos que os incoados por Patrimonio do Estado. Cando

estes procesos de investigación rematen con fincas sen propietario coñecido, as fincas incorporaranse ao patrimonio da AGADER e inscribiranse no Rexistro da Propiedade ao seu nome, podendo ser alleadas ou arrendadas con todas as garantías xurídicas.

66. Modificar o marco normativo para que as fincas que actualmente constan con titular descoñecido se incorporen ao patrimonio da AGADER e se inscriban no Rexistro da Propiedade ao seu nome, podendo ser alleadas ou arrendadas con todas as garantías xurídicas.

67. Centralizar na AGADER a coordinación de todas as fontes de información sobre a propiedade rústica galega, tratando de mellorar o intercambio de información entre as diferentes bases de datos e a implantación de estándares de codificación que faciliten unha interoperabilidade axeitada.

4.4.2. Fomento da mobilidade de terras.

RECOMENDACIÓNS:

68. Impulsar o **Observatorio da Mobilidade de Terras de Galicia** como instrumento que contribúa a transparencia dos mercados de terras e a un mellor coñecemento da dinámica das terras rústicas, tanto de uso agrario como forestal, así como a relación entre esta dinámica e a evolución dos sectores produtivos demandantes destas.

69. Reforzar o papel do **Banco de Terras**, no seno da AGADER, dotándoo de medios humanos e técnicos para lograr a mobilidade efectiva de terras de aptitude agraria en réxime de arrendamento, respondendo con axilidade ás demandas de terras por parte das explotacións que procuran aumentar a súa base territorial, ou ben das persoas físicas ou empresas que queren

poñer en marcha unha iniciativa de posta en produción de terras e precisan dela por careceren de propiedades ou estas seren insuficientes.

70. Desenvolver, a través da **AGADER**, en colaboración cos Concellos, Grupos de Desenvolvemento Rural, ou outras entidades públicas ou privadas, proxectos piloto de mobilización de terras agrarias ou forestais, acompañados de demanda efectiva para o desenvolvemento de iniciativas produtivas, que funcionen a modo de mancha de aceite por todo o territorio.

71. Impulsar, dentro das reestruturacións da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares, o establecemento de mecanismos similares ás xuntas de compensación que operan no ámbito urbano, para facilitar a xestión conxunta de terras por medio da integración obrigatoria de propietarios, cando estas sexan promovidas por propietarios de terras que representen ao menos o 51% da superficie do ámbito de actuación.

72. Creación da figura dos **Polígonos agrícolas ou forestais,** que se adecuarán ás seguintes condicións de funcionamento:

- Delimitación dos polígonos nas zonas que se determinen en función da produtividade agropecuaria o forestal dos terreos e dentro dunha ordenación integral do territorio rural de Galicia que se ten que desenvolver con carácter previo.
- Vinculación das actuacións a proxectos agro forestais viables coa finalidade de que toda a superficie do polígono estea traballada.
- Ligar o desenvolvemento dos polígonos a actuacións de fixación de poboación no rural, dando prioridade na participación ós proxectos agro forestais dos habitantes da zona delimitada.
- Actuación de reestruturación integral sobre a totalidade das fincas integrantes do polígono, establecendo unidades de superficie mínimas

para asegurar a rendibilidade da explotación; e tamén unidades de superficie máximas que eviten os fenómenos de acaparamento.

- Participación na configuración dos polígonos da **AGADER,** que asumirá:
  - O impulso dos polígonos atendendo ás demandas de empresas agro gandeiras e forestais galegas, ou as iniciativas de novos emprendedores que requiran de superficie agraria e presenten proxectos con viabilidade acreditada.
  - A investigación da propiedade das fincas existentes no ámbito de actuación do polígono.
  - A xestión das fincas de descoñecidos ou en situación de aparente vacancia que se atopen dentro do perímetro dos polígonos e sempre coa finalidade de cedelas aos promotores do polígono para a súa explotación.
  - A intermediación entre os propietarios das fincas integradas nos polígonos que queiran vendelas e os promotores interesados na súa adquisición.
  - A regulación dos arrendamentos de aqueles propietarios que non queiran vender as súas parcelas, que se colocarán agrupadas dentro da superficie do polígono.

4.5. Relacionadas co desenvolvemento rural na loita contra os incendios.

73. Alinear as diversas medidas dos Programas de Desenvolvemento Rural para incentivar a xestión e o uso do territorio rural fomentando explotacións agrícolas extensivas e o establecemento de sistemas agro-forestais que axuden a reducir a vulnerabilidade dos espazos rurais aos lumes.

74. Simplificar os trámites burocráticos e flexibilizar as condicións establecidas nas medidas do Programa de Desenvolvemento Rural para a incorporación de mozos a actividades agrarias ou non agrarias, así como para

investimentos produtivos nestas actividades. Con frecuencia as condicións establecidas nestas medidas de gran transcendencia para a diversificación da base económica dos espazos rurais, chocan con outra lexislación sectorial de aplicación a actividade, que impide unha verdadeira efectividade das mesmas.

75. Coa finalidade de minorar as graves perdas económicas sufridas polos propietarios forestais a consecuencia dos incendios forestais, a Comisión recomenda:

- Que se estableza un procedemento de axudas para a restauración dos montes queimados por causas alleas aos seus propietarios, utilizando para elo as posibilidades que ofrecen os fondos europeos FEADER, a partir do Regulamento UE nº 1305/2013, no que se regula a prevención e reparación de danos causados aos bosques por incendios forestais, por catástrofes naturais e outros acontecementos catastróficos.
- Promover un sistema viable de seguros contra incendios forestais nos que se de cobertura a reforestación das masas queimadas e o valor da madeira afectada no momento do sinistro.

76. Poñer en marcha de maneira efectiva as **Unidades de Asesoramento e Xestión de Explotacións Agrarias (UAXES)**, para facilitar a sucesión ou a posta a disposición de terceiras persoas de explotacións que abandonan, ou susceptibles de abandonar a súa actividade, evitando a perda de investimentos produtivos no rural pola falta de continuidade da actividade empresarial.

4.6. Relacionadas coa protección do medio ambiente natural. A compensación das restricións motivadas por esta protección.

RECOMENDACIÓNS RELACIONADAS COS ESPAZOS PROTEXIDOS:

77. Impulsar a redacción e aprobación dunha nova **Lei de Conservación da Natureza de Galicia,** adaptada a normativa europea e estatal.

78. Rematar o procedemento de ampliación da **Rede Natura 2000 en Galicia**, tanto en resposta as demandas da Comisión Europea como pola vía de declaración de novas ZEPA.

79. Impulsara redacción, aprobación e revisión dos **Plans de Ordenación dos Recursos Naturais** e os **Plans Reitores de Uso e Xestión** dos Parques Nacionais e Naturais declarados en Galicia así como dos Plans de Xestión de Especies ameazadas.

80. Avanzar na coordinación entre as diferentes administracións e outros organismos responsables da xestión naqueles casos nos que se superpoñan diferentes figuras de Espazos Protexidos.

81. Dada a necesidade de concienciar aos mais xóvenes na protección do Medio Ambiente, a Comisión recomenda que se estude a incorporación nos plans de estudios de ensino obrigatorio (niveis de infantil, primaria e secundaria) de contidos relacionados coa sensibilización ambiental dos e das escolares ao respecto da importancia dos distintos ecosistemas e das súas interrelacions, a precariedade das representación que quedan en Galicia de certos medios ecolóxicos fráxiles, endémicos e representativos do espazo bioxeográfico no que se sitúa Galicia, como as matogueiras, os humidais e os bosques, e a necesidade de protexer tamén o medio edáfico, como soporte e enlace de todos eses ecosistemas. E o coñecemento das medidas de prevención dos incendios forestais como un paso máis nesa sensibilización ambiental dos escolares.

82. A planificación e desenvolvemento de accións de concienciación social acerca da relevancia e transcendencia da conservación do patrimonio natural.

83. O desenvolvemento de axudas especificas para a poboación rural en relación co mantemento de determinados tipos de actividades necesarias para a conservación de certos tipos de hábitats.

RECOMENDACIÓNS SOBRE A COMPENSACIÓN DAS RESTRICIÓNS AOS PROPIETARIOS MOTIVADAS POLOS FIGURAS DE PROTECCIÓN:

84. Implantar mecanismos de compensación aos propietarios dos terreos incluídos en espazos protexidos polas maiores restricións que soportan como consecuencia da normativa reguladora dos mesmos. A Comisión recomenda que se avance no desenvolvemento dun **Fondo Forestal Nacional**, garantindo a participación das Comunidades Autónomas e regulando as fontes de financiamento do mesmo:

- Poxa de dereitos de emisión.
- Empresas de abastecemento e depuración de augas e as compañías de distribución de combustibles fósiles polos servizos que o monte lles presta.
- Orzamentos Xerais do Estado.

Este **Fondo Forestal Nacional** debería de orientarse a incentivar as externalidades positivas dos montes ordenados, e tamén utilizarse para compensar aos propietarios afectados polas restricións impostas pola regulación dos espazos protexidos.

85. Dotar de máis peso ás medidas destinadas aos pagos ambientais e por servizos ecosistémicos, para que sirvan como un verdadeiro instrumento de

retribución/compensación aos titulares de masas forestais que deban preservarse por razóns ambientais ou de mantemento da biodiversidade.

4.7. Relacionadas coa delincuencia incendiaria, a investigación dos incendios e o uso de novas tecnoloxías na loita contra os incendios forestais.

RECOMENDACIÓNS:

86. Creación dos **Equipos Forestais de Investigación**, que ampliarán e permitirán especializar o traballo que ata agora realizaban as Brigadas de investigación de incendios forestais. Este corpo especializado estará dedicado á investigación no punto de orixe dos lumes, a análise da relación entre os incendios e as actividades que se fan no monte e ao seguimento das zonas queimadas. A comisión recomenda que haxa Equipos Forestais de Investigación en cada un dos 19 distritos forestais de Galicia.

87. Creación do **Rexistro administrativo de investigacións en materia de incendios forestais de Galicia**. Neste rexistro se almacenarán todos os datos, informes e valoracións das investigacións administrativas sobre lumes forestais. Deberá de estar en funcionamento antes do 30 de xuño de 2019.

88. Reforzar os mecanismos de colaboración entre as Brigadas de Investigación dos incendios forestais, os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e os Equipos de Investigación de Incendios da Unidade de Policía Autonómica na investigación dos incendios. A tal efecto deberá desenvolverse un protocolo de investigacións conxuntas que deberá de presentarse antes do 30 de xuño de 2019.

89. Implantar unha Rede de Vixilancia Forestal que mediante cámaras de videovixilancia e de xeito proporcional á actividade incendiaria de cada lugar, axude a identificar a actividade incendiaria e a detectar focos coa máxima axilidade posible.

90. Avanzar de forma decidida no uso de novas tecnoloxías na loita contra os incendios forestais, con resultados nos seguintes campos:

- Que todos os servizos implicados compartan o sistema de comunicación TETRA, garantindo a súa interoperabilidade.
- Implantar o Xeocode 2.0, como programa informático de xestión de lumes en tempo real.
- Na utilización de drones como mecanismos de detección temperá de incendios forestais.

91. Reforzar o coñecemento entre a cidadanía do teléfono 085 (ou do que determine o grupo de expertos ó que se refire a recomendación número 52) para que sexa, ademais do numero para o avistamento de lumes, tamén para o avistamento dos incendiarios.

4.8. Relacionadas co cambio climático e a súa incidencia nos incendios.

RECOMENDACIÓNS:

92. Promover o desenvolvemento dunha xestión forestal activa para a mellora e incremento da capacidade de fixación de carbono das masas forestais, e que esta capacidade sexa un factor a ter en conta nos incentivos que as Administracións públicas regulen polas externalidades ambientais dos montes.

93. Na mesma liña da recomendación anterior, promover o desenvolvemento dunha xestión forestal activa e sostible para a mitigación e adaptación ao cambio climático dos montes galegos. Tratarase de crear infraestruturas verdes mediante liñas de fomento de prácticas de silvicultura encamiñada a adaptación. De xeito fundamental estas practicas de silvicultura buscarán o fomento estratéxico da diversidade e da heteroxeneidade estrutural das masas arbóreas, fomentando as plantacións en mosaico.

4.9. Relacionadas coa formación.

RECOMENDACIÓNS:

94. O adecuado funcionamento dos medios de extinción de incendios forestais esixe unha cualificación profesional e formación máxima dos seus membros. Por elo esta comisión recomenda que se faga especial fincapé nesa formación, desenvolvendo en colaboración cos representantes dos traballadores **un programa planificado y ordenado de formación en materia de prevención e extinción de incendios forestais** e que deberá ter como obxectivos principais:

- Dar unha formación acorde a categoría profesional dos destinatarios, tendo en conta a consideración dos membros do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais de Galicia como bombeiros forestais.
- A adecuación da formación ás novas tipoloxías de incendios, con especial atención aos incendios na interface urbano forestal e as consecuencias dos mesmos para a poboación.
- Un sistema de formación continua no que se busque adquirir e actualizar os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para o desenvolvemento das funcións concretas de cada categoría.

- A realización da formación de xeito que non afecte as labores dos destinatarios, buscando a súa realización nos períodos nos que o risco de incendios sexa menor.

95. Dado o número de destinatarios e o carácter específico da formación requirida, a Comisión recomenda que, dentro da estrutura formativa da AGASP, como centro de formación en emerxencias, se implemente un departamento específico para a formación do persoal de prevención e extinción de incendios forestais.

4.10. Relacionadas coa educación, concienciación e sensibilización da sociedade civil galega.

RECOMENDACIÓNS:

96. Posta en marcha de campaña periódicas de difusión en medios de comunicación que conciencien a todos os galegos das responsabilidades que temos en relación coas nosas propiedades e na loita contra incendios, principalmente no que se refire:

- As obrigas de limpeza nas franxas de xestión da biomasa.
- As responsabilidades que se poden asumir se as parcelas están en situación de abandono.
- Difusión do perigo que entraña o uso neglixente do lume.
- A necesidade de denunciar aos incendiarios.

97. No eido da educación a Comisión recomenda que se incrementen as campañas de concienciación no ámbito escolar, que xa se están a realizar no marco do PLADIGA, co obxectivo de dalas ao 100% dos rapaces antes de que rematen a ensinanza obrigatoria. Estas campañas se compatibilizarán coa recomendación da incorporación nos plans de estudios

de ensino obrigatorio (niveis de infantil, primaria e secundaria) de contidos relacionados coa sensibilización ambiental dos e das escolares.

98. Co fin de implicar a poboación na loita contra os incendios, a Comisión tamén considera que se deben de potenciar:

- O desenvolvemento das Agrupacións de defensa contra os incendios forestais, para que aqueles colectivos que desexen implicarse activamente na vixilancia e detección de incendios forestais poidan formalizar esta colaboración.
- A implantación de programas de voluntariado ambiental que serán coordinados coa Dirección Xeral de Xuventude, participación e Voluntariado, co fin de sensibilizar e de infundir nos participantes criterios e coñecementos básicos medioambientais e de realizar tarefas de vixilancia disuasoria.
- Utilizar a organización das 230 agrupacións de voluntarios de protección civil constituídas no territorio galego para potenciar dentro delas unha actividade específica de prevención, concienciación, vixilancia e detección de incendios forestais, aproveitando a formación e os medios dos que dispoñen.

4.11. Relacionadas cos incentivos fiscais e financeiros para a mellora do medio rural.

RECOMENDACIÓNS:

99. A Comisión de Estudio recomenda que a Consellería competente no ámbito forestal solicite un estudio xurídico que analice como están a actuar as Administracións forestais de polo menos cinco países nos que o sector forestal teña un elevado grado de desenvolvemento respecto a:

- As diversas fórmulas de incentivos fiscais a inversión forestal.
- Os mecanismos financeiros de fomento das inversións forestais.
- O desenvolvemento de Fondos de Inversión Forestal.

Na selección dos países se consultará aos integrantes do Consello Forestal, sinaladamente as organizacións que representan o sector forestal.

100. Demandar unha reforma lexislativa relativa ao Imposto sobre Sociedades para:

- Reducir o tipo impositivo aplicable ás Comunidades de montes veciñais en man común.
- Establecemento de incentivos fiscais que permitan promover a figura do inversor forestal-persoa xurídica.
- Afondar nas vantaxes fiscais derivadas da consideración da xestión forestal sostible como unha actividade de interese xeral.

101. Co fin de potenciar o papel das SOFOR como mecanismo para a xestión conxunta dos terreos forestais, a Comisión recomenda reclamar do Estado que se afonde nos beneficios fiscais que se lle poidan conceder a estas sociedades no Imposto de Sociedades, na liña regulada pola Xunta de Galicia na Lei 9/2017 co establecemento de beneficios fiscais no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e no Imposto do Patrimonio dos socios das SOFOR.

102. Impulsar unha reforma lexislativa na Lei Reguladora das Facendas Locais de cara a exención total do IBI para aqueles montes nos que se practique unha xestión forestal sostible e cuxos donos teñan a condición de silvicultores activos.

103. Promover a regulación dun réxime fiscal específico para a figura do silvicultor activo, tanto si se trata de persoas físicas como xurídicas.

104. Establecer, en colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica de Galicia e coas entidades bancarias, un programa de prestamos con bonificación dos tipos de xuro para promover a inversión forestal.

105. Elaboración e introdución dun plan sectorial de contabilidade que recolla as características diferenciadas da actividade silvícola, especialmente no que se refire a valoración das existencias polo efecto que sobre elas ten o tempo transcorrido dende que se fai a plantación ao momento da corta.

106. Promover una regulación específica para a creación de fondos de inversión ou dun tipo específico de sociedades que sirvan de instrumento de canalización en activos forestais cunha xestión forestal sostible e certificada. A configuración destes fondos ou sociedades tería as seguintes características:

- Funcionamento como instrumentos de aforro a longo prazo.
- Fiscalidade axustada e favorable en base a súa caracterización como instrumento de aforro a longo prazo.
- Dotación da suficiente seguridade xurídica e liquidez para os inversores.
- Posibilidade de inversións directas en activos forestais ou a través da participación en sociedades de fomento forestal.

A creación destas figuras deberá de impulsarse mediante a articulación de axudas e incentivos públicos que poderán ser graduables, xa sexa cuantitativamente ou temporalmente en función dos terreos ou das especies.

107. Dado que a Comisión fixo unha análise do problema dos incendios forestais como unha cuestión estrutural e que afecta o medio rural no seu conxunto, non so o monte e o sector forestal, se recomenda que todos os incentivos fiscais e de financiamento que se propoñen para o sector forestal

se poidan utilizar, na medida en que sexan compatibles, na promoción da actividade agro gandeira sostible e de calidade. A procura dun medio rural vivo e dinámico no que, coa xestión forestal sostible do monte, convivan explotacións agro gandeiras que produzan de xeito sostible produtos de calidade debe ser unha das prioridades das Administracións Públicas galegas.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

José González Vázquez

David Rodríguez Estévez

Xaquín Fernández Leiceaga

José Luis Rivas Cruz

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/07/2018 14:30:19
David Rodríguez Estévez na data 12/07/2018 14:28:47
José González Vázquez na data 12/07/2018 14:26:46
Xose Luis Rivas Cruz na data 12/07/2018 14:31:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á Mesa da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que ven de sufrir Galicia en outubro de 2017

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de **Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo e Antón Sánchez García,** presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas** ao **Proxecto de Ditame da Ponencia da Comisión especial non permanente de estudo de análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que ven de sufrir Galicia en outubro de 2017, no punto referido ás RECOMENDACIÓNS.**

4.1.1. A planificación e ordenación forestal. A gobernanza do monte galego.

Emenda nº 1 de adición á Recomendación 2.

Débese engadir o seguinte texto ao remate da Recomendación.

- A Xunta de Galicia deberá de incrementar os recursos orzamentarios e de persoal para os Distritos Forestais e os CFEASs.

Emenda nº 2 de adición á Recomendación 3

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

Débese engadir o seguinte texto ao remate da Recomendación:

Reflectirá a recuperación de 50.000 has reforestadas en terras agrarias nun período de 5 anos e aprobará un plan de control de reforestacións ilegais en terras agrarias e ribeiras.

Emenda nº 3 de adición á Recomendación 6

Débese engadir o seguinte texto ao remate da Recomendación:

- Crear un Plan de mellora da xestión pública do Monte co obxectivo de ser quen de conseguir a certificación forestal sostible do 80% do monte de xestión pública nun período de 5 anos.

Emenda nº 4 de adición á Recomendación 8

Débese engadir o seguinte texto ao remate da Recomendación:

- Esta Comisión de simplificación normativa en ningún caso repercutirá negativamente no medio ambiente a hora de outorgar licenzas ou permisos.

4.1.1.1. Ordenación das especies forestais. A regulación do eucalipto.

Emenda nº 5 de adición

Débense engadir os seguintes puntos ao remate do texto do parágrafo:

1. Non se permitirá a arborización con especies do xénero Eucalyptus.

2. O mantemento dos cultivos actuais con especies do xénero Eucalyptus só se permitirá cando a ocupación anterior constitúa unha poboación pura ou mixta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

dominante de especies do mesmo xénero. No caso de esgotamento da cepa que requira unha nova plantación non se fará naqueles casos que o terreo sufrira regresión ecolóxica, por nutrientes, perda de biodiversidade ou compactación e perda das súas condicións de textura. Neste caso establecerase un plan de recuperación con especies autóctonas que favorezan a rexeneración do solo.

3. Farase unha excepción ao punto primeiro cando a arborización:

a. Se realice en áreas non agrícolas, de aptitude forestal.

b. Resulte de proxectos de compensación de áreas de poboación de especies do xénero Eucalyptus por áreas de poboación localizadas en zonas de maior produtividade. Os proxectos de compensación deben contemplar o compromiso de investimento en áreas que garantan o uso agrícola ou pecuario ou con re-arborización de especies autóctonas, en caso de uso forestal.

c. Sexa realizada en concellos onde a especie non supere os límites de ordenación forestal.

d. Sexa realizada en zonas onde non constitúan manchas continúas desta especie.

4. Non se fará ningunha excepción ao punto primeiro na Rede Natura ou en zonas con algunha figura de protección ou en zonas de protección hidrolóxica.

4.1.2. O impulso da xestión conxunta do monte.

Emenda nº 6 de supresión á Recomendación 11

Débense suprimir os seguintos apartados:

• Adaptar a súa normativa reguladora as recentes modificacións introducidas na Lei 7/2012 a través da Lei 9/2017 de Medidas Fiscais e Administrativas, sobre

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

todo no que se refire a posibilidade de que a SOFOR se constitúa mediante a aportación da propiedade dos terreos e non so dos dereitos de uso.

• Resolver a falla de adecuación entre a normativa estatal e autonómica modificando a normativa estatal para que permita a posibilidade de incorporar a propiedade ás SOFOR, asegurando a aplicación dos incentivos fiscais no Imposto sobre Sociedades.

• Simplificar os requisitos de constitución das SOFOR, en particular:

- Non establecer porcentaxes máximas de participación para os titulares que achegan propiedade ou dereitos de uso, e deixar o máximo do 49% para os que non sexan titulares.

Emenda nº 7 de adición á Recomendación 12

Débense engadir os seguintes apartados:

- Recuperar as Unidades de xestión Forestal como figura para a xestión conxunta do monte a potenciar por parte da Xunta de Galicia.

- Aprobar un paquete de medidas fiscais incentivadoras da xestión conxunta do monte calqueira que sexa a súa fórmula xurídica sempre que ningún dos socios supere o 49% da propiedade.

- Ditas medidas terán que ser aprobadas no Parlamento galego antes do remate do ano 2019.

4.1.3. A profesionalización dos silvicultores.

Emenda nº 8 de adición á Recomendación 18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

Débense engadir os seguintes apartados:

- Incrementar os orzamentos e dotación de persoal especializado dos Centros de Formación Agroforestal e dos Distritos Forestais para a formación técnica dos silvicultores, que sexan capaces de atender a posta en marcha dos Plans de Formación e capacitación profesional dos silvicultores.

- A formación pública deberá centrarse nun modelo de monte multifuncional e sustentable excluíndo os cultivos enerxéticos para a produción en base a biomasa do sistema de formación.

4.1.4. A multifuncionalidade do monte e o fomento forestal.

Emenda nº 9 de adición á Recomendación 19

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

-Incluír un seguro específico para o caso de perdas de pastos de gandería en extensivo por mor dos incendios forestais.

Emenda nº 10 de adición á Recomendación 26

Débese engadir ao remate da Recomendación o seguinte texto:

- Non se contemplará en dito plan a utilización de cultivos enerxéticos para a produción de biomasa.

4.1.7. O papel das comunidades veciñais de montes en man común na loita contra os incendios.

Emenda nº 11 de substitución á Recomendación 41.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envio: 24/07/2018 12:28:27.523

Débese substituír o texto polo seguinte:

- Realizarase un Plan de revitalización de Montes Veciñais en Man Común, fronte á dinámica do abandono da Xunta de Galicia. Debe implementarse un plan baseado na cooperación, no diálogo e no coidado e tutela, que aporte recursos humanos e orzamentarios para revitalizar as comunidades de veciños e mellorar a súa xestión. Os MVMC son unha oportunidade para a fixación de poboación no rural.

- Naqueles montes conveniados ou consorciados que aínda non dispoñan dun plan de ordenación, a Xunta consensuará coas xuntas reitoras co obxecto de evitar irregularidades.

- Recoñeceranse os montes veciñais en man común como unha titularidade veciñal, comunitaria, distinta e en pé de igualdade das titularidades públicas e privadas.

- Trasladarase este recoñecemento a tódalas lexislacións estatais e autonómicas nas que figure o monte veciñal en man común.

- Retirarase do montante dos ingresos dos MMVVMC as cantidades recibidas por calquera tipo de axudas xa que todas son finalistas ao ter que ser investidas no obxecto subvencionado.

- Cuantificaranse como ingresos contemplados no investimento obrigado do 40%, non soamente os contemplados nos planos de ordenación, senón tamén os acordos asemblearios das comunidades de montes referentes a posta en valor dos mesmos.

- Nos montes veciñais en man común dotados dun plan de ordenación ou un instrumento de xestión, o investimento obrigado deberá ser o que no instrumento se indique.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envio: 24/07/2018 12:28:27.523

- Manterase o investimento obrigado do 40% naqueles MMVVMC que non teñan un instrumento de xestión.

- Naqueles MMVVMC en zonas desfavorecidas ou con pouca población, o investimento obrigado non podería superar o 15%, xa que nestes lugares, ao recibir rendas dos MMVVMC os seus titulares, axuda a fixar poboación no medio.

- Tódalas liñas de axudas nas que sexan beneficiarias as Comunidades de Montes, estas e as súas mancomunidades, puntuarase de xeito diferenciado na liña de subvención para primar os traballos obxecto das axudas, sexan realizados por persoal comuneiro, favorecendo así a xeración de emprego na perspectiva da economía local e social.

- Establecerase un procedemento ou instrución para que a administración forestal avalíe a situación das comunidades de montes previamente á cancelación de oficio dos actuais convenios que a Consellería de Medio Rural ten establecidos con estas, de tal xeito que se asegure que aquelas comunidades de montes ás que se lle rescinda o convenio, teñan asegurada a súa viabilidade para manter unha xestión forestal sostible.

- Aqueles montes veciñais en man común que por mor da construción de infraestruturas de utilidade pública viron compartimentada a súa superficie podan optar as axudas forestais e de mellora ambiental e agraria aínda que non acaden a superficie mínima en couto redondo.

4.2. Relacionadas co dispositivo de prevención e extinción de incendios e os servizos de emerxencias e de protección civil.

Emenda nº 12 de adición á Recomendación 46

Débese engadir o seguinte texto no punto 3:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envio: 24/07/2018 12:28:27.523

Dotar de medios técnicos e económicos aos concellos para cumprir os obxectivos descritos.

Emenda nº 13 de adición á Recomendación 46

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

- Este Ente instrumental específico terá carácter 100% público.

Emenda nº 14 de substitución á Recomendación 52

Débese substituír o texto desta Recomendación polo seguinte:

Posto que durante a comisión quedou claro que existe unha atomización e privatización do servizo, algo que non queda reflexado no ditame redactado, xa que non se fala de entes como Natutecnia, que opera nas bases helitransportadas dependentes da Xunta de Galicia, ou as brigadas municipais, xa que moitas delas están privatizadas.

No que atinxe o persoal do SPDCIF:

- Acabar coa atomización do dispositivo de prevención e extinción de incendios e retomar o control dos lumes ao dispositivo do SPDCIF.

- Mellorar a capacidade de extinción dos medios aéreos apostando por medios con maior capacidade de auga (curiosamente Galiza carece de helicópteros pesados e moi eficaces, con alta estabilidade en condicións de moito vento como por exemplo o Kamov que pode descargar ata 5000 litros de auga).

- Incrementar a vixilancia e disuasión a través de casetas de vixilancia, pechadas a dia de hoxe, e volver introducir brigadas de vixilancia móbil no servizo, substituíndo a operación sentinela que é un gasto moi importante (aproximadamente 600.000€).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envio: 24/07/2018 12:28:27.523

- Establecer unha mesa de análise para estudar a nova tipoloxía de lumes moito mais perigosos e complexos, como son os lumes de cuarta e quinta xeración, e lumes de tipo convectivo.

- Crear protocolos precisos para a actuación dese tipos de lumes, moito máis perigosos e destrutivos.

- Aplicar unha formación especifica para os bombeiros forestais de Galiza e persoal técnico do SPDCIF ante a multiemerxencia das tipoloxías anteriormente especificadas.

- Modificar o Decreto 37/2006 das listaxes de contratación eliminando o guionado de opción na solicitude, para que as traballadoras e traballadores de tres meses poidan optar a cubrir vacantes e non vacantes.

- Suprimir, das cláusulas dos contratos, as mencións ou engadidos : "a duración máxima, establécese en tres meses" e a de "apoio á campaña de verán de alto risco"

- Solicitar a ampliación dos contratos das traballadoras e traballadores de tres a nove meses en base ao capital humano que achegan e a favorecer unha contratación digna.

- Convocar as cualificacións profesionais que abarque a todo o dispositivo do SPDCIF (2000 prazas), tal e como se fixo noutras comunidades do Estado.

- Substituír aos efectivos da UME e a Operación Sentinela por persoal do servizo público do SPDCIF para as labores de extinción de incendios forestais na Comunidade galega.

- Contratar ao persoal das brigadas helitransportadas exclusivamente de xeito dependente da Xunta de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envio: 24/07/2018 12:28:27.523

- Aplicar unha subrogación ás traballadoras e traballadores da Empresa Pública SEAGA e que estas pasen a formar parte do SPDCIF.

No que atinxe os e as axentes medioambientais e forestais:

- Estudar a distribución e cadro horario de xeito que non se excedan en computo anual da xornada do persoal da Xunta de Galicia, e en computo horario fixar as gardas de maña máximo de 10 horas e as de noite de 8 cunha distribución racional garantindo así a seguridade e saúde destes funcionarios e do persoal que dirixen. No caso do computo anual débense ter en conta os coeficientes amplificadores por horario nocturno e en fin de semana.

- Negociar cas organizacións sindicais as condicións de traballo acorde a responsabilidade que exercen os e as axentes medioambientais.

- Engadir en dito acordo a suba do complemento específico en base á penosidade, perigosidade, toxicidade, turnicidade, nocturnidade e especial responsabilidade deste persoal funcionario.

- Cumprimento inmediato dos plans de acción da avaliación de riscos laborais.

- Un aumento paulatino dos niveis hasta un nivel mínimo 20.

- Facer unha campaña institucional divulgativa sobre a labor que realizan os e as Axentes Medioambientais.

- Facer públicas as estatísticas de infraccións e dilixencias xudiciais que realiza o Corpo de Axentes Medioambientais.

- Habilitar un perfil oficial nas redes sociais como teñen outros corpos adscritos á Consellería de Medio Ambiente.

- Habilitar un teléfono de atención o cidadán para denuncias medioambientais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

- Integrar as e os axentes medioambientais no 112 de Galicia, xa que agora mesmo estase incumprindo por parte da Administración galega a Lei 17/2015 del Sistema Nacional de Protección Civil onde no seu artigo 17 o cita expresamente.

- Habilitar os e as axentes forestais e medioambientais de medios de defensa persoal para o exercicio das súas tarefas policiais.

- Facilitar formación técnica e policial para o desenrolo das citadas funcións na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) pero principalmente na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

- Para potenciar a renovación e rexuvenecemento da plantilla de persoal do SPDCIF a Xunta debe instar ao estudo dos coeficientes redutores para adiantar a idade de xubilación como se fixo con bombeiros, policía local ou noutros colectivos de traballadores con especial toxicidade, penosidade, perigosidade, turnicidade, nocturnidade ou especial responsabilidade.

- A Xunta de Galicia formará e adestrará ao persoal do SPDCIF así como ao Servizo de Protección Civil da Administración Xeral do Estado e doutras institucións públicas, mediante os correspondentes convenios, no seu caso, así como ás persoas doutros colectivos que sexan de interese para o Sistema Nacional de Protección Civil.

- A Xunta de Galicia informará á poboación civil sobre a perigosidade dos incendios forestais e formará a esta, facendo plans específicos de evacuación (ou con puntos seguros de evacuación) para cada lugar, así como dotará ás vilas de hidrantes suficientes para facer fronte a unha emerxencia por incendio.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

Emenda nº 15 de adición á Recomendación 53

Débese engadir o seguinte punto:

- Calquera creación de novos servizos para atención das emerxencias será de xestión pública.

4.3. Relacionadas coa ordenación territorial e os usos do solo.

Emenda nº 16 de substitución á Recomendación 55.

Débese substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

- Aprobar unha nova Lei de Ordenación do Territorio e implementar os Plans Territoriais Integrados e os Plans de Ordenación do Medio Físico. A Lei 10/1995 vixente non ten sido implementada.

Emenda nº17, de substitución á Recomendación 55.

Débese substituír o texto do punto 3 polo seguinte:

- Ter aprobados os Catálogos de terreos de alta produtividade agropecuaria e forestal contemplados na Lei 2/2016 do Solo de Galicia antes do remate do ano 2019.

Emenda nº 18, de adición á Recomendación 55.

Débense engadir os seguintes puntos:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

- Redefinir o solo urbanizable na Lei 2/2016 restrinxindo as posibilidades de recalificacións de solo rústico loitando contra a expansión urbanística cara terreos de elevada produtividade agraria, forestal ou paisaxística.

- Elaboración dun mapa de usos de solo de Galicia elaborado por comarcas, que inclúa un Catálogo de Chan de Alta Produtividade Agropecuaria e que sirva de base para unha planificación dos usos a medio e longo prazo

- Creación dun novo plan de ordenación de uso da terra e de orientación de cultivos que inclúa un novo plan estratéxico contra a reforestación ilegal de terras e a recuperación da superficie agraria útil.

- Recuperar a referencia á identificación e declaración de proxectos agrarios prioritarios que serán obxecto de atención intensiva en función dos seus especiais valores agrarios e ambientais para a execución de plans integrais de xestión de terras e desenvolvemento territorial, segundo figura no artigo 24 da Lei 7/2007

- Garantir a restauración do dano causado nas infraccións forestais e ambientais que afecten a todo tipo de solos, en especial no de actividade agraria.

Emenda nº 19 de supresión á Recomendación 59.

Débese suprimir o primeiro parágrafo.

4.4.1. Mellora do coñecemento da tipoloxía dos propietarios. Impulso da investigación da propiedade no rural galego.

Emenda nº20 de adición á Recomendación 60

Débese engadir os seguintes puntos:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envio: 24/07/2018 12:28:27.523

- Incrementar os recursos de persoal de AGADER.

- Establecer un convenio cos concellos para a promoción da mobilidade da terra en colaboración cos concellos.

- Aprobación dunha normativa que introduza a obriga de que todos os propietarios se responsabilicen da xestión das súas terras, establecendo un procedemento sancionador para os que incumpran estas obrigacións. Os propietarios poden iniciar unha xestión adecuada das terras, integralas en fórmulas de xestión colectiva ou ceder as propiedades ó Banco de Terras.

4.4.2. Fomento da mobilidade de terras.

Emenda nº 21 de adición á Recomendación 68

Débense engadir os seguintes puntos:

- Deben crearse disposicións legais que permitan que a intención de realizar investimentos e de xestionar intereses comúns (enténdase da comunidade ou de grupo de propietarios), se poida sobrepor á ausencia de rexistro de propiedade ou da falta de participación de propietarios por un tempo determinado.

- Implementar unha estratexia galega de administración de Terras que permita desacelerar a inmobilización das terras a través da creación dun novo Servizo de Apoio á Xestión de Terras de Galicia.

- Frear a reforestación de Terras agrarias, establecendo coma requisito que as terras concedidas polo Banco de Terras non se poidan destinar a usos non agrarios. Necesidade de cambios legais que establezan restrición nesta viraxe de usos.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envio: 24/07/2018 12:28:27.523

- Priorizar o modelo de cooperativa de explotación comunitaria da terra coma instrumento idóneo para acadar a unidade de xestión dos nosos montes.

- Establecer un gravame para as parcelas poboadas, para as especies pirofitas ou inflamables que sirva para compensar o gasto de extinción.

4.5.- Relacionadas co desenvolvemento rural na loita contra os incendios.

Emenda nº 22 de adición á Recomendación 73

Débense engadir os seguintes puntos:

- Restablecer os niveis de persoal nos centros públicos de investigación agrario e forestal, e das Oficinas Agrarias Comarcais, reforzando as funcións de "extensión agraria" e formación agroforestal e gandeira na poboación, en base á produtividade potencial e protección do medio.

- Deixar atrás as políticas que agravan as diferencias entre o rural e o urbano en canto a servizos públicos, fomentando solucións de calidade para o rural no ámbito educativo, sanitario, social e de infraestruturas.

- Desenvolver a comarcalización de Galiza como base para o desenvolvemento económico endóxeno e para facilitar unha boa prestación de servizos á poboación.

- Priorizar a declaración de utilidade pública da actividade agraria e forestal sobre outros aproveitamentos económicos do territorio.

- Modelo de desenvolvemento eólico cooperativo, no que se teña en conta o respecto ao medio ambiente e que xere rendas aos habitantes do rural, axudando así a fixar poboación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envio: 24/07/2018 12:28:27.523

- Prohibir o emprego de fitocidas, especificamente herbicidas como flifosato, que deixan biomasa sexa a disposición de arder, que axudan á ignición e á propagación dos incendios forestais, facendo fincapé en cunetas e devasas nas que pon en perigo a poboación e o medio ambiente.

Emenda nº 23, de adición á Recomendación 75

Débese engadir no punto 1 o seguinte texto:

- Coa finalidade de minorar as graves perdas económicas sufridas polos propietarios forestais que fagan unha xestión forestal responsable cos principios de protección ambiental.

Emenda nº 24 de adición á Recomendación 76

Débese engadir o seguinte texto:

- Estas, serán na súa totalidade de carácter público.

4.6. Relacionadas coa protección do medio ambiente natural. A compensación das restricións motivadas por esta protección.

Emenda nº 25 de adición á Recomendación 78

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

- Recuperar os niveis orzamentarios dedicados aos espazos protexidos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

Emenda nº 26 de adición á Recomendación 84

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

- Aplicaranse mecanismos de compensación aos propietarios que vivan dentro do espazo protexido, ou que sexan agricultores ou silvicultores profesionais.

4.7. Relacionadas coa delincuencia incendiaria, a investigación dos incendios e o uso de novas tecnoloxías na loita contra os incendios forestais.

Emenda nº 27 de adición á Recomendación 86

Débese engadir un punto co seguinte texto:

- As BIIF estarán compostas exclusivamente por axentes medioambientais do servizo.

Emenda nº 28 de adición á Recomendación 89

Débense engadir dous novos puntos co seguinte texto:

- Retornar ás brigadas de vixilancia móbil con vehículos pick-up equipados con auga, pola súa capacidade de intervención rápida.

- Recuperar a totalidade das casetas de vixilancia fixas pola súa eficacia.

4.8. Relacionadas co cambio climático e a súa incidencia nos incendios

Emenda nº 29 de adición á Recomendación 92

Débense engadir catro novos puntos co seguinte texto:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

- Redactarase un Plan contra a reforestación de terras agrarias e para a recuperación de terras agrarias reforestadas co obxectivo de aumentar a porcentaxe de SAU no período 2019-2024 un 15%.

- Incentivar exclusivamente a produción de biomasa só a partir de residuos forestais e de xeito local.

- Incentivar as plantas de compostaxe mixtas de restos forestais e matogueiras con xurros gandeiros.

- Reducir a superficie de eucalipto.

4.9. Relacionadas coa formación.

Emenda nº 30 de adición á Recomendación 94

Débense engadir catro novos puntos co seguinte texto:

- Incluír no programa da Academia Galega de Seguridade Pública -ou centro público que a administración considere- a formación necesaria e obrigatoria para todas e todos os bombeiros forestais e outro persoal público que desempeñan as súas funcións en Galiza.

- Impartir formación ás traballadoras e traballadores dos SPDCIF nos módulos seguintes:

  MF1964_2: Labores de vixilancia e detección de incendios forestais,

  mantementos de infraestruturas e información a poboación (110 horas).

  MF1965_2: Extinción de incendios forestais (150 horas).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

MF1966_2: Continxencias no medio natural e rural (100 horas).

MF0272_2: Primeiros auxilios (40 horas).

MP0491_: Módulos de prácticas profesionais non laborais de operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural (80 horas)

- Estes cursos serán impartidos antes do mes de xullo do ano 2019.

- Fomentar que a formación se imparta en tempo de traballo e descentralizada, onde a formación práctica e os simulacros teñan un peso importante.

4.10. Relacionadas coa educación, concienciación e sensibilización da sociedade civil galega.

Emenda nº 31 de adición á Recomendación 97

Débense engadir catro puntos co seguinte texto:

- Estas campañas de concienciación, tamén farán incidencia nos efectos ambientais dun modelo forestal baseado no monocultivo de especies de crecemento rápido.

- A Consellería de Medio Rural informará en dous partes diarios na súa páxina web de tódolos incendios que se produzan, e non só daqueles que superen as 20 hectáreas ou supoñan un risco para as áreas poboadas ou para os espazos naturais protexidos, como fixo ata agora.

- A CRTVG manterá unha información constante para actualizar información sobre focos activos e controlados, vías de comunicación abertas e pechadas, centro educativos con clases suspendidas, precaucións que debe tomar a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envio: 24/07/2018 12:28:27.523

poboación civil e outras informacións de relevancia para a seguridade da poboación.

- A CRTVG elaborará protocolos específicos de comunicación para este tipo de siuacións adversas ou perigosas para a poboación cando se producen lumes forestais.

4.11. Incentivos fiscais e financeiros para a mellora do medio rural.

Emenda nº 32 de adición á Recomendación 99.

Débense engadir os seguintes puntos

- Habilitarase unha liña de axudas ás explotacións que conxuguen nun mesmo proxecto a actividade gandeira e forestal.

- Incentivarase o financiamento a través do IGAPE dos investimentos de persoas titulares de montes residentes no rural, co obxectivo de fomentar a fixación de poboación.

- Habilitarase unha liña específica de axudas para a creación de UXFOR.

- Liña de incentivos fiscais á xestión conxunta do monte e ao cultivo de frondosas autóctonas.

- Os cultivos enerxéticos non contarán con ningún incentivo fiscal nin subvencións.

- Crearanse mecanismos de apoio e fomento aos cultivos con quenda de corta máis longa.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

- Manterase limpo e libre de eucaliptos e outras especies pirófitas os arredores dos lugares nos que se atopen pezas arqueolóxicas tales como petroglifos, castros e mámoas. Do mesmo xeito, sinalizaranse estes lugares cunha sinalización normalizada e integrada no medio.

- Formarase ao persoal técnico da Xunta de Galicia con competencias en xestión do territorio e dos recursos agrarios e forestais, de cara a preservar o patrimonio cultural e etnográfico.

- Convocarase unha mesa de diálogo na que estean presentes os diferentes grupos políticos e os colectivos da sociedade civil centrados na conservación do patrimonio para elaborar un plan de protección a longo prazo dos elementos arqueolóxicos que se encontran na natureza.

Emenda nº 33 de supresión á Recomendación 100

Débese suprimir o seguinte punto:

. Establecemento de incentivos fiscais que permitan promover a figura do inversor forestal-persoa xurídica.

Emenda nº 34 de supresión á Recomendación 101

Débese suprimir a totalidade desta Recomendación.

Emenda nº35 de supresión á Recomendación 103

Débese suprimir a totalidade desta Recomendación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envio: 24/07/2018 12:28:27.523

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Emenda nº 36 de supresión á Recomendación 104

Débese suprimir a totalidade desta Recomendación.

Emenda nº 37 de supresión á Recomendación 106

Débese suprimir a totalidade desta Recomendación.

Emenda nº 38 de adición dunha nova Recomendación.

Débese engadir unha nova Recomenda co seguinte texto:

108. Aprobarase no Parlamento galego a creación dunha Comisión de seguimento para vixiar a aplicación efectiva das recomendacións recollidas neste Ditame que se reunirá, como mínimo, unha vez ano ano.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Antón Sánchez García

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:28
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 24/07/2018 12:28:27.523

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 24/07/2018 12:26:22

Paula Quinteiro Araújo na data 24/07/2018 12:26:31

Antón Sánchez García na data 24/07/2018 12:26:39

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33739
Data envio: 24/07/2018 12:51:15.158

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 11 das normas de funcionamento da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, específicamente, a extraordinaria vaga de lunes que sufriu Galicia en outubro de 2017(*Aprobadas pola Comisión o 13 de decembro de 2017*), presentan as seguintes **emendas conxuntas ó Proxecto de Ditame** da devandita Comisión:

Emenda nº 1

De adición á Recomendación 2.

Débese de engadir, ao final:

"Deberá establecerse unha clasificación dos 19 Distritos Forestais en categorías que diferencien, cando menos, entre os distritos peri-urbanos, os situados en zonas de montaña ou desfavorecidas con forte incidencia do abandono, os caracterizados por unha actividade agro-gandeira dominante e os que presentan unha explotación forestal relativamente ordenada do monte. Para cada clase de distritos cumprirá determinar directrices territoriais básicas no propio Plan Forestal, que serán vinculantes para a realización dos Plans de Ordenación de Recursos Forestais de cada un deles

Na redacción dos PORF deberá contarse cos axentes sociais implicados, de acordo coa lexislación vixente."

Emenda nº 2

De modificación á Recomendación 10 bis

Débese substituir o texto da recomendación polo que sigue a continuación:

No que se refire ao reparto de especies arbóreas na superficie forestal galega, en particular o eucalipto, a Comisión recomenda:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33739
Data envio: 24/07/2018 12:51:15.158

- Manter a eliminación de todas as axudas á forestación ou reforestación de todas as especies de eucalipto en calquera fase do ciclo produtivo.

- Manter a prohibición de plantación de eucalipto en terras agrarias ou en montes previamente poboados con frondosas tradicionais, e controlar e penalizar a contravención a esta norma.

- Incorporar á normativa a prohibición de plantación de eucaliptos en plantacións previas de piñeiro, en función dos Plans de Ordenación por Distrito Forestal.

- Manter a prohibición de plantación de eucalipto nas faixas próximas aos cursos de auga e aos núcleos de poboación.

- Manter a prohibición da plantación de eucaliptos en zonas de Rede Natura e outros espazos protexidos e manter o plan de substitución das superficies existentes que permita esa substitución nun prazo non superior aos dez anos.

- Prohibir as novas plantacións con eucaliptos nos montes de utilidade pública e de xestión pública.

- Establecer límites á proporción de eucaliptos no conxunto das novas plantacións nos Plans de Ordenación dos Distritos forestais, de xeito que se garanta a existencia de masas pluriespecíficas. Estas limitacións permiten preservar zonas do territorio e dificultan a expansión excesiva do eucalipto.

- Se a nova información estatística indicase unha situación da ocupación dos terreos forestais polo eucalipto moi superior ao que indica o documento de diagnóstico da revisión do Plan Forestal de Galicia, deberanse incorporar medidas de control adicionais"

Emenda nº 3

De modificación á Recomendación 15:

Débese suprimir o último requisito

Emenda nº 4

De adición á Recomendación 19:

Débese engadir ao final: "en 10 anos, como obxectivo mínimo.

Asemade, deberá incluírse neste Plan o impulso ao pastoreo baixo arborado

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33739
Data envio: 24/07/2018 12:51:15.158

O sistema de seguros previsto na Recomendación 75 debería cubrir tamén os riscos asociados á queima de pastos en lumes forestais"

Emenda nº 5

De adición á Recomendación 26:

Na cuarta liña, modificar a redacción para engadir logo de "dun Programa Estratéxico para a utilización da biomasa forestal (Que non incluirá os cultivos enerxéticos) como …"

Emenda nº 6

De adición á Recomendación 36:

Na terceira liña, engadir despois de "concello", "ou o Ente público instrumental previsto na Recomendación 46"

Emenda nº 7

De adición á Recomendación 46:

Débese engadir no primeiro punto, logo de: *Dirixir e coordinar a todas as administracións públicas con competencias en materia de prevención de incendios* o seguinte parágrafo:

"dada a necesidade de que todas as administracións implicadas, Concellos, Deputacións e Xunta de Galicia, cumpran coas súas obrigas legais neste ámbito."

Tamén engadir ao final desta recomendación o seguinte texto:

"Este ente instrumental específico terá que elaborar cada ano un programa de vixilancia e control do cumprimento das diversas normas de ordenación forestal e unha memoria ou informe sobre as infraccións detectadas e as medidas a adoptar, do que se dará conta ao Consello Forestal e ao Parlamento de Galicia".

Emenda nº 8

De modificación á Recomendación 52:

Débese substituir no último parágrafo, liña terceira, "así como con representantes das Universidades galegas" polo seguinte texto:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33739
Data envio: 24/07/2018 12:51:15.158

"designados polo Parlamento de Galicia, en número de 6, a proposta dos grupos parlamentarios"

Emenda nº 9

De adición á Recomendación 76:

Débese de engadir, ao final da Recomendación o seguinte: "Estas Unidades formarán parte da estrutura da nova Axencia que substitúa a AGADER"

Emenda nº 10

De adición á Recomendación 77:

Débese engadir, ao final da Recomendación o seguinte: "que deberá estar aprobada a finais de 2019"

Emenda nº 11

De adición á Recomendación 78:

Débese de engadir, na primeira liña, despois de: "Rematar", o seguinte: "nesta lexislatura"

Emenda nº12:

De adición á Recomendación 79:

Engadir ao final: "nun prazo máximo de 5 anos"

Emenda nº 13:

De adición á Recomendación 101:

Débese de engadir ao final da Recomendación o seguinte texto:

"Así mesmo deberá impulsarse a regulación de incentivos fiscais nos impostos estatais, autonómicos ou locais para favorecer o desenvolvemento das demais figuras de xestión conxunta do monte que se regulen conforme a recomendación 12"

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33739
Data envio: 24/07/2018 12:51:15.158

Emenda nº 14

De supresión á Recomendación 102:

Débese suprimir a devandita Recomendación

Emenda nº 15

De adición á Recomendación 103:

Débese de engadir, despois de: "réxime fiscal específico", o seguinte: "incluído o nivel local"

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/07/2018 12:25:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/07/2018 12:35:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33740
Data envio: 24/07/2018 12:51:31.330

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que ven de sufrir Galicia en outubro de 2017

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas** ao Proxecto de ditame elaborado pola Ponencia da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que ven de sufrir Galicia en outubro de 2017.

Emenda número 1

Emenda de adición

Introducir, no apartado máis conveniente, a negativa a acudir por parte dalgunha das comparecencias acordadas pola Comisión, tal e como aconteceu coa "Unidad Militar de Emergencias", o delegado do Goberno do Estado en Galicia, ou a empresa Ence, sen que se poidan compartir as causas xustificativas esgrimidas.

Emenda número 2

Emenda de adición

Incluír unha maior mención dos incendios producidos dende o ano 2007 ao 2016, xa que está desequilibrado por canto recolle a análise concreta dos incendios de agosto do 2006 (páxinas 12 a 21) e fai moi escasa mención dos incendios dende o ano 2007 ao 2016.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33740
Data envio: 24/07/2018 12:51:31.330

Emenda número 3

Emenda de modificación en todo o texto

Modificar en todo o texto do proxecto o seguinte contido:

Onde di: "rural" (como substantivo)
Debe dicir: "ámbito rural" ou "mundo rural"

Emenda número 4

Emenda de adición

Incluír algunha referencia á necesidade de mellora no grado de execución orzamentaria nos programas relacionados co monte.

Emenda número 5

Emenda de adición

Na páxina 9: incluír unha referencia á extensión temporal do período crítico para os lumes.

Emenda número 6

Emenda de modificación

No 1.2.1. Consecuencias ambientais e paisaxísticas (páxina 23 a 34). Mellorar a presentación dos datos, xa que está un tanto confuso. Por exemplo, na figura da páxina 12, introducir un comentario sobre a distribución moi desigual do risco de incendio (que logo reforza recomendacións sobre ordenación e sobre prioridades) e na información sobre os usos do solo indicar que as zonas de especialización agrogandeira (leite, viño, etc.) reducen o risco.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33740
Data envio: 24/07/2018 12:51:31.330

Emenda número 7

Emenda de adición

Nas páxinas 26 e 27: engadir a definición de "Artificial" e "Superficie non agrícola" nos datos do SIXPAC: se o ámbito urbano está en "Artificial", hai un erro ao indicar as hectáreas queimadas de 2006-2016.

Emenda número 8

Emenda de modificación

Nas páxinas 29 a 31, modificar as porcentaxes sobre o total da superficie queimada (sen ponderar por tipo de paisaxe) pola superficie de cada tipo de paisaxe. Sería moito máis expresivo este último resultado.

Emenda número 9

Emenda de adición na páxina 32

Engadir datos sobre os incendios producidos na Rede Natura 2000 por provincias, establecendo cal é a superficie total da Rede Natura 2000 por provincias e canta superficie foi queimada. Por exemplo, a comparación Ourense – Pontevedra na páxina 20 non achega información, ao non termos información sobre a distribución por provincias da Rede Natura 2000.

Emenda número 10

Emenda de adición

Na páxina 35: engadir a valoración das perdas producidas no 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33740
Data envío: 24/07/2018 12:51:31.330

Emenda número 11

Emenda de "Aclaración":

Non está claro que se utilicen os mesmos criterios de valoración para todos os anos. En concreto, en relación cos datos de 2006. Indicar si é así ou non.

Emenda número 12

Emenda de adición

Incluír a relación entre "detidos/investigados" con "sentencias ditadas" (páxina 38). Non se establece consideración sobre resultados de detencións e sentenzas.

Emenda número 13

Emenda de adición

No 1.5.2., páxina 49 e seguintes: engadir, a maiores dos concellos nos que se deron causas por morte: Melón e Nigrán, unha referencia, ao menos, ao concello de Vigo (indirectamente relacionado). Para o de Nigrán se reproducen os datos segundo os "investigadores do medio rural". Non así no caso de Melón. En todo caso, pásase moi por riba do sucedido en Chandebrito. Incluír unha maior referencia ao sucedido en Chandebrito. Facer un maior fincapé na cuestión do mando único.

Emenda número 14

Emenda de modificación

Na páxina 77 onde se fai referencia a "nivel estatal" débese modificar por "nivel de España" ou similar.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33740
Data envío: 24/07/2018 12:51:31.330

Emenda número 15

Emenda de adición

Incluír algunha referencia a que non foron realizadas as comparecencias necesarias, nin foi aportada información suficiente respecto do pronunciamento das causas ou responsabilidades extra- xudiciais relacionadas co falecemento das catro persoas durante a vaga de lumes acontecida no pasado mes de outubro de 2017.

Emenda número 16

Emenda de adición

No 1.5.6. axudas para os/as afectados/as (páxinas 65 e 66) incluír os datos reais coñecidos das axudas aos afectados e afectadas.

Emenda número 17

Emenda de modificación

No 2.1. (páxina 68 e seguintes) de novo se incide nos lumes de 2006, pero hai silencio sobre os anos seguintes.

Emenda número 18

Emenda de modificación

Nos puntos 2.2., 2.3., 2.4., 2.5.1. e 2.5.2. (páxinas 71 a 93): reprodución maioritariamente de normas legais, que achega escasa información.

No 2.2. Lei 2/2007: engadir as modificacións que tivo nos últimos oito anos, con máis de 73 cambios en 6 leis (non soamente os analizados posteriormente do 2.5.2.)

Emenda número 19

Emenda de supresión

Suprimir o 2.3., carece de título e parece unha continuación do 2.2.

Emenda número 20

Emenda de adición

No punto 2.4. Lei 7/2012, engadir as modificacións que tivo dende a súa promulgación, con 33 cambios en 6 leis (non soamente os analizados posteriormente do 2.5.2.)

Emenda número 21

Emenda de adición

Na páxina 105: contrastar o mando único coa experiencia Chandebrito.

Emenda número 22

Emenda de supresión

No 2.7. (páxinas 109 a 110): comparecencia presidente da Xunta de Galicia "*que marcou un fito*". Valoración de parte, sen ter en conta o manifestado polos grupos da oposición, en desacordo en gran medida. Invalida este apartado, que debera ser suprimido.

Emenda número 23

Emenda de supresión

Na páxina 115, nas 30 medidas (prevención, ordenación e dinamización) reflíctese que: "*19 xa están cumpridas, no que queda de 2018 remataranse seis máis, quedando en tramitación as outras cinco*". Isto non foi posto de manifesto con carácter xeral na Comisión

Emenda número 24

Emenda de adición

Páxina 116: esta Comisión de estudo foi proposta polos grupos da oposición e acordada co Grupo Parlamentario Popular.

Emenda número 25

Emenda de supresión

Na páxina 117, suprimir a referencia ao presidente da Xunta de Galicia. "*Estamos ante un documento que busca acadar o obxectivo proposto polo presidente…*"

Emenda número 26

Emenda de adición

Na páxina 124 engadir a metodoloxía utilizada na comparativa Galicia/España en motivación de incendios: descoñecemos se son datos contrastados coa mesma metodoloxía.

Emenda número 27

Emenda de adición

No 3.3.1.1. (Páxina 132) Pese a que os montes de propiedade pública é o 2,7 % (55.523,89 Ha), a xestión é moi superior, xa que hai un total de 254.622,77 Ha de montes de man común son xestionados pola Dirección Xeral de Ordenación Forestal. Mencionar este dato na páxina 132, último parágrafo. Figura posteriormente dito dato na páxina 140.

Emenda número 28

Emenda de adición

Na páxina 134 engadir a definición de "recinto".

Emenda número 29

Emenda de supresión

Nas 135 e 136 os datos repítense.

Emenda número 30

Emenda de adición

Na páxina 138: na análise dos MVMC falta un terceiro apartado no que se comunicaron os reinvestimentos en actuacións de mellora e protección forestal.

Emenda número 31

Emenda de adición

Nas páxinas 204 a 208: no relativo ao eucalipto e os incendios: "dúas posturas totalmente enfrontadas" débense engadir as referencias dalgunhas das comparecencias en relación a esta cuestión.

Emenda número 32

Emenda de modificación en todo o texto

Corrección da linguaxe sexista, moi estendida.

Emenda número 33

Na RECOMENDACIÓN 6, engadir *in fine:*

"incorporándoa á lexislación forestal."

Emenda número 34

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 6

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"6 bis. Creación dos Consellos Forestais de Distritos como ferramenta de participación activa dos diversos sectores nas políticas activas que se impulsen para a ordenación e mellora da xestión das terras de monte."

Emenda número 35

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 8

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"8 bis. Impulsar dende o Parlamento de Galicia a imprescindible concordancia entre a lexislación española e galega nas materias forestais."

Emenda número 36

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 10

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"10 bis. A consellería competente en materia forestal e/ou de medio ambiente natural elaborará un informe anual que remitirá ao Consello Forestal de Galicia e ao Parlamento de Galicia en relación co cumprimento dos PORF de Distrito, plans reitores de espazos naturais de Galicia e plans de ordenación de montes."

Emenda número 37

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 10

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"10 ter. Establecemento dunha contribución compensatoria dos efectos externos negativos. Creación dunha taxa xeral ligada á curta de madeira, diferenciando a súa contía por especies e establecendo bonificacións en función da existencia de instrumentos de ordenación e xestión dos montes. Os ingresos derivados da mesma financiarían un Fondo autonómico de promoción dun monte sustentable, que promovería actuacións de plantación e coidado de frondosas tradicionais en montes de xestión pública."

Emenda número 38

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 24

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"24 bis. Desenvolver un sistema válido ao respecto da información territorial da biodiversidade de Galicia, co establecemento dos criterios e indicadores de biodiversidade e de riscos (incendios forestais e inundacións) e con medidas correctoras no caso en que se superen certos límites."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33740
Data envío: 24/07/2018 12:51:31.330

Emenda número 39

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 31

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"31 bis. Inclusión no Plan forestal de Galicia das políticas e recursos correspondentes á Consellería de Medio Ambiente que afectan á superficie de Rede Natura do monte, para garantir a súa coordinación coas que na actualidade dependen da Consellería de Medio Rural."

Emenda número 40

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 31

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"31 ter. Garantía de non fagocitación da política forestal pola actividade de prevención e extinción de incendios. Establecemento dunha distinción clara e unha separación nítida entre a Axencia de Prevención de Incendios, o conxunto do dispositivo de extinción e o resto da consellería; entre a xestión de terras de vocación produtiva (Banco de Terras) e os distritos."

Emenda número 41

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 38

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"38 bis. Establecemento dun diálogo continuado cos concellos para determinar as responsabilidades de cada administración, baixo o

principio de lealdade, que impide transferir funcións ou obrigas sen dotar dos correspondentes recursos. E baixo o principio de eficacia, que favorece unha actuación unificada."

Emenda número 42

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 40

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"40 bis. Nas situacións de inexistencia ou extinción da comunidade de veciños titular do monte a defensa dos seus intereses e a regulación do aproveitamento do monte correspóndelle á Administración forestal, en colaboración co Consello de Comunidades. A xestión cautelar corresponderalle ao Banco de Terras, que o fará de acordo co seu instrumento de ordenación e xestión. En caso de non existir, será a primeira medida a tomar. De volver a constituírse a Comunidade poderá retomar o control do monte, respectando en todo caso os contratos establecidos."

Emenda número 43

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 40

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"40 ter. As comunidades poderán solicitar voluntariamente a xestión do seu monte polo Banco de Terras."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33740
Data envío: 24/07/2018 12:51:31.330

Emenda número 44

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 40

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"40 quater. O Banco de Terras xestionará o monte veciñal de acordo co seu instrumento de ordenación e xestión, rendendo contas á Administración forestal (supostos 1 e 2) e ao Consello de Comunidades, ou á comunidade cedente (suposto 3)."

Emenda número 45

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 41

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"41 bis. Os consorcios e convenios serán cancelados no prazo máximo de tres anos (2021), como xa está establecido normativamente. Os saldos debedores a favor da administración serán anulados."

Emenda número 46

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 44

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"44 bis. A Administración autonómica debe desenvolver un instrumento para favorecer a capacidade de negociación das comunidades de montes fronte ás empresas de produción de enerxía eólica, como un contrato tipo que oriente sobre prezos mínimos pola ocupación dos terreos."

Emenda número 47

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 44

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"44 ter. A disposición polas comunidades dos rendementos do monte debe ser obxecto dunha nova regulación, que teña en conta a situación da comunidade (rendista ou xestora) e, en todo caso, amplíe o prazo para o investimento dos ingresos."

Emenda número 48

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 45

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"45 bis. As comunidades, como propietarias dos montes, teñen o dereito de percibiren rendas e rendementos dos mesmos que deriven de negocios xurídicos nos que participa a comunidade ou de rendementos do monte para os que non existen outros beneficiarios. Así como, se o desexan, a manter a xestión económica directa dos seus montes. Porén, para **o impulso do aproveitamento económico do monte,** no marco do instrumento de ordenación vixente, poderán aceptar as propostas de calquera tipo de agrupación con personalidade xurídica e carácter mercantil na que teñan unha presenza maioritaria comuneiros e comuneiras, en exclusiva ou con presenza de socios externos, para o establecemento de negocios xurídicos que vinculen a totalidade ou parte da superficie do monte (arrendamento, dereito de superficie, etc.) para a explotación agrícola, gandeira ou forestal. Sería posible con presenza minoritaria ou nula de comuneiros e comuneiras, con carácter menos preferente.

Estes contratos de explotación incluirán as contra prestacións económicas a recibir polas comunidades así como as condicións da

concesión. A duración, sen posibilidade de prórroga, será como máximo de 35 anos.

– Os montes con función protectora ou situados dentro de espazos protexidos deberán contar nese prazo cun instrumento de ordenación e xestión singular. A Administración autonómica e a comunidade veciñal titular do monte deberán negociar un contrato temporal de xestión pública, que recollerá as obrigas da primeira, entre outras as cantidades anuais a aboar á comunidade. En caso de non existir acordo a comunidade farase cargo da xestión do monte, asumindo as obrigas derivadas do Plan de ordenación e xestión aprobado, e poderá ser titular ou promotora dun Acordo de custodia do territorio.

– Os montes con vocación produtiva serán devoltos á comunidade propietaria, cun Plan de ordenación no que aquela terá participado e dado a súa conformidade.

– Os montes que carezan de comunidade de referencia serán obxecto de adscrición ao Banco de Terras, que os xestionará de acordo cos criterios xerais. Na cesión da xestión dos montes veciñais por parte do Banco de Terras terán preferencia as comunidades de MVMC próximas, unha vez teñan constituída unha fórmula mercantil das previstas no punto anterior, e tamén as mancomunidades e outro tipo de asociacións nas que participen comunidades de MVMC.”

Emenda número 49

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 46

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

“46 bis. Extremar a comunicación e coordinación entre todos os servizos implicados nos traballos de extinción, especialmente cando se trata de incendios que afectan a un territorio rururbano. Reforzar

o papel do mando único xa existente, o director técnico de Extinción."

Emenda número 50

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 48

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"48 bis. As actuais brigadas municipais deberán ser profesionalizadas, contratadas por un tempo mínimo de 6 meses pola Axencia de Prevención de Incendios, centrándose en labores de prevención. O persoal que as integre procederá de listas únicas, respectando a experiencia e garantindo condicións laborais homoxénea."

Emenda número 51

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 54

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"54 bis. Establecer que na tramitación das figuras de planeamento urbanístico, e singularmente na tramitación dos PXOM sexa preceptivo un informe da Consellería do Medio Rural sobre a determinación dos usos do solo cando afecte ao espazo rural."

Emenda número 52

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 57

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"57 bis. Garantir que na normativa urbanística se inclúan a disposición das faixas de protección como un requirimento para a expansión dos núcleos rurais."

Emenda número 53

Na RECOMENDACIÓN 60, engadir *in fine*:

"Deben reforzarse os medios humanos e materiais desta Axencia, para o desenvolvemento destas funcións, incluído o Banco de Terras. O Plan de Reforzamento de Agader será enviado á Comisión 7.ª do Parlamento de Galicia nos seis meses seguintes á aprobación das conclusións da Comisión de Estudo da Política Forestal"

Emenda número 54

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 72

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"72 bis. Declaración de terreos de alto valor agrario.- A "*Declaración de terreos de alto valor agrario*" partirá dunha xustificación da importancia da posta en valor dos terreos. Definirá un perímetro territorial de intervención, facendo un levantamento topográfico dos terreos, analizando as potencialidades dos mesmo, indicando un custo de indemnización, establecendo o prazo necesario de uso do solo segundo a tipoloxía do cultivo, etc.

Esta declaración será comunicada aos propietarios implicados, que terán obriga de manter as parcelas en bo estado de conservación, presentando un plan de cultivos, ou de debouzados periódicos de obrigado cumprimento, advertindo da posibilidade de execución subsidiaria destes traballos e de aplicación de sancións en caso contrario.

Pero terán como opción alternativa a posibilidade de incorporación inmediata deste terreo ao Banco de Terras, quen asumiría nese

momento a obriga da posta en valor das parcelas e abonaría unha renda ao propietario dende o primeiro día. Será despois o Banco de Terras quen posibilite un plan de aproveitamentos dos terreos durante un período determinado."

Emenda número 55

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 77

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"77 bis. Promover un cambio normativo para que os plans de restauración mineira se establezan obrigatoriamente con especies do anexo I da Lei de montes e facéndoo con masas certificadas."

Emenda número 56

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 78

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"78 bis. Fomento das posibilidades de "*acordos de custodia do territorio*" (por exemplo para as plantacións de especies autóctonas para a conectividade de hábitats entre os distintos espazos de interese) e promoción de actividades compatibles con espazos sensibles (por exemplo cultivo de setas, microrrización de especies autóctonas, especies froiteiras, apicultura, turismo ornitolóxico, etc.)"

Emenda número 57

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 79

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:51
Nº Rexistro: 33740
Data envio: 24/07/2018 12:51:31.330

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"79 bis. Fomento da protección de espazos naturais a nivel local como ENIL (Espazo Natural de Interese Local)."

Emenda número 58

Emenda de adición RECOMENDACIÓN 99

Engadir unha nova recomendación que quedará redactada co seguinte contido:

"99 bis. Potenciar a inversión empresarial nos montes mediante os Plans de Responsabilidade Social Corporativa: permitir que grandes grupos empresariais que teñen entre os seus obxectivos de RSC a mellora ambiental poida investir no coidado no sector forestal cunha finalidade non produtiva."

Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/07/2018 12:49:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:00
Nº Rexistro: 33741
Data envio: 24/07/2018 13:00:00.387

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e á iniciativa dos diputados **José González Vázquez e Silvestre José Balseiros Guinarte**, ó abeiro do disposto no artigo 11 das normas de funcionamento da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, específicamente, a extraordinaria vaga de lumes que sufriu Galicia en outubro de 2017(*Aprobadas pola Comisión o 13 de decembro de 2017*), presenta a seguinte **emenda ó Proxecto de Ditame** da devandita Comisión:

Emenda nº 1

A comisión de estudio recomenda promover unha actualización da lexislación reguladora dos montes veciñais en man común (lei 13/1989) coa finalidade de adecuar a súa regulación á situación actual dos mesmos.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/07/2018 12:51:25

José González Vázquez na data 24/07/2018 12:51:45

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:00
Nº Rexistro: 33741
Data envío: 24/07/2018 13:00:00.387

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Silvestre Balseiros Guinarte na data 24/07/2018 12:52:16

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **emendas** ao "Proxecto de Ditame da Ponencia da Comisión especial non permanente de estudo de análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galiza, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que ven de sufrir Galiza en outubro de 2017".

Emenda nº1. Á recomendación 3

De supresión:

Na recomendación 3 proponse eliminar dos criterios de priorización o seguinte punto:

- Os montes que teñan unha xestión forestal pública.

Emenda nº2. Á recomendación 5

De adición:

Na recomendación 5 proponse engadir un novo punto, coa seguinte redacción:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dende a Administración Pública Galega, debe promoverase tamén un selo de certificación público e galego. As condicións para adquirir este selo serían contar cun instrumento de xestión e o seu cumprimento anual.

Emenda nº3. Á recomendación 8

De substitución:

Na recomendación 8 proponse substituír "racionalización e simplificación" por "axilización dos trámites".

Emenda nº4. Ao apartado 4.1.2.

De adición:

No apartado 4.1.2 proponse engadir as seguintes recomendacións:

- Establecer unha moratoria para novos plantíos de especies do xénero Eucalyptus en todo o territorio galego. A administración galega fomentará a realización de estudos para avaliar os impactos desta árbore sobre os hábitats naturais e os servizos ecosistémicos que estes espazos prestan á sociedade."
- Delimitación urxente de zonas aptas e zonas prohibidas para o eucalipto, debido ás súas características de especie colonizadora, de alta inflamabilidade e combustibilidade.
- Redución paulatina do eucalipto nas masas mixtas.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envío: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Eliminación da reforestación das terras agrícolas e recuperación de terreos indebidamente forestados con aptitude agrícola.

Emenda nº5. Ao apartado 4.1.3.

De adición:

No apartado 4.1.3 proponse engadir as seguintes recomendacións:

- A Xunta de Galiza fomentará e favorecerá o asociacionismo e a agrupación de propietarios forestais prioritariamente a través da figura das UXFOR (Unidades de Xestión Forestal). Asemade facilitaralles asesoramento, formación e apoio técnico mediante persoal adecuado, ás asociacións de propietarios e ás xuntas veciñais sobre as mellores técnicas de xestión integral e sustentábel dos seus montes.
- Realizar campañas informativas sobre a figura e as súas vantaxes para o aproveitamento do monte polos propietarios privados en especial para os que posúen pequenas parcelas non susceptibles de aproveitamento individual.
- Promover outro tipo de asociacionismo para a xestión conxunta do monte.
- A regulación destas figuras de xestión conxunta do monte aprobarase antes que acabe o ano 2019.

Emenda nº6. Ao apartado 4.1.3.

De supresión

Na recomendación 16 proponse eliminar o penúltimo punto.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Emenda nº7. Á recomendación 19.

De substitución.

O último parágrafo da recomendación 19 queda redactado da seguinte maneira:

- Débese asumir o compromiso de incrementar a superficie de pastos e forraxe en terreos forestais desarborados ata a superficie de 225.000 hectáreas, como obxectivo mínimo a dez anos.

Emenda nº8. Á recomendación 22.

De substitución.

A recomendación 22 queda redactada da seguinte maneira:

- Recuperar as liñas de axudas da Consellería do Medio Rural que se chamaban valoración integral do monte e aposta pola súa multifuncionalidade coma medida integral de prevención.

Emenda nº9. Á recomendación 23.

De substitución.

A recomendación 23 queda redactada da seguinte maneira:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Na ordenación das masas forestais debemos incidir na necesidade da conveniencia de bosques mixtos, en mosaico, e na substitución total ou parcial das especie de alta combustibilidade e inflamabilidade por caducifolias, cos seguintes criterios:

  - As teselas (masas continuas) deberán ter unha superficie <= 50 Ha.
  - Nas zonas de alto risco de incendios o máximo será de 1 a 20 Ha.
  - Estrutura en mosaico: alternar masas de distinta combustibilidade e inflamabilidade, potenciando a reforestación con caducifolias

Emenda nº10. Á recomendación 26.

De adición.

Proponse engadir ao final da recomendación 26 o seguinte texto:

O aproveitamento da biomasa forestal debe ser residual e a estratexia de impulso á biomasa 2014-2020 , deberá basearse neste tipo de biomasa e nunca nos chamados cultivos enerxéticos.

Emenda nº11. Ao apartado 4.1.7.

De adición.

No apartado 4.1.7. proponse engadir a seguinte recomendación:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Creación dunha Subdirección Xeral de Montes Veciñais onde como órgano consultivo estaría o Consello de Comunidades de Montes.

Emenda nº12. Á recomendación 43.

De adición.

Proponse incluír na recomendación 43 as recomendacións sobre esta cuestión do apartado: *IMPLICACIÓN DOS TITULARES DOS MONTES NA LOITA CONTRA OS LUMES* da Proposta de Ditame do BNG.

Emenda nº13. Á recomendación 46.

De adición.

Na recomendación 46 proponse incorporar os dous seguintes puntos:

- Implantar a colaboración continuada cos concellos, tanto económica como técnica, para a xestión de biomasa nas franxas de seguridade dos núcleos rurais, ademais de facer cumprir esta normativa aos particulares.
- Unha alternativa sustentábel -económica e socialmente- consiste en fomentar nesas franxas usos da terra que eviten a acumulación de combustíbel e xeren ingresos para os propietarios/usuarios das superficies (cultivos e pastos, árbores para a produción de froitos...).

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Emenda nº14. Á recomendación 52.

De adición.

Na recomendación 52 proponse incorporar os seguintes puntos:

- Deseño dun dispositivo (Spdcif) enteiramente público, homologado, con estabilidade laboral que realice funcións de prevención e extinción, superando a heteroxeneidade e precariedade actual.
- Manter a integración da prevención e a extinción nun único dispositivo, baixo o control da Administración galega.
- Dar a formación específica ó persoal do SPDCIF descrita no RD 624/2013, do 2 de agosto.
- Adaptar a reorganización do Spdcif á nova tipoloxía de lumes favorecendo con medios, formación e protocolos a rapidez na detección e na intervención para o seu control.
- Ampliar a temporalidade dos fixos descontinuos a un mínimo de nove meses.
- Aplicar o V Convenio ó persoal de Seaga.
- Habilitar as disposicións necesarias para que se modifique a normativa actual, e a experiencia dos traballadores e traballadoras de Seaga sexa baremable á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galicia.
- Eliminación das brigadas municipais de extinción.
- Retorno ós vixiantes fixos pola eficacia contrastada e á vixilancia móbil pola capacidade de intervención inmediata.
- Primar a vixilancia preventiva con medios de detección fiables (puntos fixos e drons dotados con termocámaras para a vixilancia nas zonas de alto risco, ademais doutros medios complementarios de tipo clásico).

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Facer cumprir a normativa de xestión de biomasa, nas zonas de dominio, aos titulares das estradas, FFCC e de diferentes vías de comunicación, ademais doutras instalacións, como postes de tendido eléctrico, telefónico e instalacións de risco.

- Potenciar e organizar as BIIF (Brigadas de Investigación de Incendios), os axentes forestais e demais técnicos no ámbito da vixilancia preventiva e da investigación de lumes, como elementos básicos de coordinación e disuasión

- Primar as brigadas de ataque rápido (pasar de 5 a 70 BVM). As Brigadas de Vixilancia Móbil (BVM) dotadas de pik-up con depósitos de 500-600 litros moi eficaces pola súa rapidez de acceso aos puntos de ignición

- Reforzo do Verán debe seleccionarse por un organismo central dependente da DXM.

- Deberían mellorarse os tempos de resposta dos medios aéreos optimizando o sistema de posta a punto, ademais de axudarse dun sistema precoz de detección e comunicación ao que nos referimos antes.

- Mellorar o mantemento dos puntos de auga en todo o territorio, especialmente nas zonas de alto risco. En 2017 notouse os efectos negativos da seca sobre moitos puntos de abastecemento do SPDCIF.

Emenda nº15. Á recomendación 60.

De adición.

Na recomendación 60 proponse engadir o seguinte punto:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dotalo de persoal, recursos e vontade política e dar concreción destas medidas antes do remate do presente ano.

Emenda nº16. Á recomendación 61.

De adición.

Na recomendación 61 proponse engadir o seguinte punto:

- Reclamar as competencias do Catastro para Galiza.

Emenda nº17. Á recomendación 76.

De adición.

Na recomendación 76 proponse engadir o seguinte punto:

- Apostarase por reforzar o carácter público das UAXES.

Emenda nº18. Á recomendación 78.

De adición.

Ao final da redacción da recomendación 78 engádese o seguinte:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste procedemento de ampliación participarán os titulares das terras situadas neses espazos.

Emenda nº19. Á recomendación 85.

De adición.

Proponse engadir un novo punto na recomendación 85 co seguinte texto:

Os habitantes das zonas protexidas recibirán unha compensación económica, que garanta unha vida digna, por desenvolver labores de conservación e xestión do territorio protexido baixo a estrita observancia das normas e limitacións que rexan no mesmo.

Emenda nº20. Á recomendación 100.

De substitución.

Proponse substituír o primeiro punto da recomendación 100 polo seguinte texto:

"*Elaborar unha fiscalidade especifica para o monte veciñal tendo en conta a súa figura e as súas funcións"*.

Emenda nº21. Novo punto.

De adición.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proponse engadir un novo punto, coa seguinte redacción:

X.X. Implicación dos titulares dos montes na loita contra os lumes

Recomendacións:

1--Modificación da disposición transitoria novena da lei de montes de Galiza referente aos montes veciñais consorciados ou conveniados .

-Devolución, sen ningún tipo de cargo dos montes veciñais consorciados e ou conveniados que conten cun plano de xestión ou de ordenación.

-Devolución, sen ningún tipo de cargo dos montes veciñais consorciados ou conveniados, a aquelas comunidades de montes que se comprometan a elaborar un plano de xestión ou de ordenación .

-No resto dos montes veciñais en man común consorciados e ou conveniados, antes da súa devolución sen cargos, a Consellería do Medio Rural, no prazo de 3 anos, elaborará o instrumento de xestión ou de ordenación.

2 - Modificación do decreto de reinvestimento obrigado en montes veciñais.

- Eliminación do montante de ingresos do monte de aqueles recibidos por subvencións, por seren estas finalistas.

-O reinvestimento obrigado será o que marque o plano de xestión ou de ordenación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Porcentaxe especial de reinvestimento para os montes de alta montaña ou con demografía baixa, onde é fundamental que os titulares acaden rendas destes para fixar poboación.

-No caso dos ingresos derivados de incendios ou outras catástrofes, eliminar a obriga de investir o 100% dos mesmos. Esta obriga será substituída pola presentación de parte da comunidade de montes dun plan de investimento temporalizado en base a lograr a sustentabilidade do monte.

3- Modificacións das leis que permiten instalacións industriais, dotacións e infraestruturas nos montes veciñais.

-Soamente se poderán levar adiante, se hai acordo coa comunidade de montes. Unicamente en casos moi especiais nos que a utilidade pública do suxeito a instalar sexa fehacente, poderase levar adiante mediante o acto de prevalencia.

-Cando a instalación a ubicar ocupe varias titularidades, soamente se poderá facer se hai o acordo do 80% dos titulares .

-Deberase levar adiante mediante acordos de cesión, fuxindo das expropiacións.

4. Montes veciñais en estado de abandono ou degradados

-Faise necesario diferenciar dúas situacións ben distintas: montes veciñais abandonados por despoboamento ou por incapacidade da comunidade para xestionalo e montes

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

veciñais degradados por un mal uso, pero que contan con poboación e comunidade de montes .

-Os primeiros deberán ser coxestionados pola Consellería e as comunidades de montes veciñais ou mancomunidade nos primeiros anos para logo pasar a ser xestionados polas comunidades de montes veciñas ou por mancomunidades de montes próximas.

A xestión do monte veciñal será recuperada polos seus titulares cando desaparezan as causas que o declararon en grave abandono, estableceéndose un protocolo de recuperación da xestión.

-Estes montes veciñais, nunca deberán ser xestionados por persoas privadas.

-Para que un monte veciñal poida ser declarado en estado de degradación por un mal uso dos seus recursos, debe vir precedido por un informe da Consellería do Medio Rural explicando as razóns dese estado.

-A comunidade de montes terá un prazo de 6 meses para comprometerse a subsanar as causas que o levaron a ser declarado como degradado.

-Se non o fixesen, estes montes veciñais serán coxestionados primeiramente pola propia comunidade e pola comunidade veciña ou pola mancomunidade da zona. Fixarase no contrato unha porcentaxe para o investimento en obras de carácter social e comunitario que será xestionada pola comunidade de montes titular do terreno.

-No caso de non ser posible ningún dos supostos anteriores, a xestión deste monte poderíaselle ceder a unha empresa privada. No contrato de xestión contemplaríase:

-Unha porcentaxe dos ingresos irá destinada a investir en obra social ou comunitaria que sería xestionada pola comunidade titular do monte.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envío: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-O tempo de duración do contrato será de 10 anos, se o que se vai producir é de tipo agro-gandeiro ou a primeira corta se o aproveitamento é de carácter forestal.

-Rematado o tempo do contrato, a comunidade de montes titular do terreo poderá optar por recuperar a súa xestión, sen cargas, ou volver asinar un novo contrato.

Emenda nº22. Novo punto

De adición

Proponse engadir un novo punto, coa seguinte redacción:

XX. Medios de comunicación

Recomendacións a respecto dos medios de comunicación

- Garantir o cumprimento da misión de servizo público da CRTVG e o dereito da poboación a acceder a información de servizo (cortes en infraestruturas, recomendacións e consellos para minimizar os riscos e protexer a vida de persoas e animais, teléfonos de contacto cos servizos de emerxencia, e outra información de utilidade para a poboación).

-Para tal fin será imprescindíbel suspender a emisión da programación e iniciar servizos informativos especiais así como manter unha coordinación permanente cos servizos de emerxencia e as autoridades que están sobre o terreo.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A Xunta desenvolverá protocolos de comunicación de crise que estabelezan os criterios a seguir, a comezar por un centro de información que asuma a responsabilidade da xestión da comunicación de crise.

Emenda nº23. Novo punto

De adición

Proponse engadir un novo punto, coa seguinte redacción:

XX. Emerxencias

Recomendacións a respecto das emerxencias:

- Máis persoal. No que respecta ao 112, é preciso que as plicas saian cun maior número de operadores/as por quenda.

- Xestión directa e reverter o privado en público.

-Integración no CiAE112 para que os mandos dos diferentes servizos de emerxencias estean traballando no mesmo espazo, de xeito que se convirtan nun mando único.

-Revisar o mapa de emerxencias de Galiza en base a isocronas, de xeito que non haxa espazos en branco e os tempos de resposta sexan rápidos.

-Solicitar a transferencia das competencias en Predición Meteorolóxica para dotar de máis medios este servizo público e unificar os servizos de alerta cun mando único claro na priorización das intervencións.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Emenda nº24. Novo punto

De adición

Proponse engadir un novo punto, coa seguinte redacción:

XX. Responsabilidades políticas

Recomendacións sobre as responsabilidades políticas:

É necesario depurar as responsabilidades políticas sobre os seguintes feitos, que foron diversas anomalías observadas na xestión da crise dos lumes de outubro:

- Dáse por rematado, de xeito inexplicábel, o período de alto risco a pesar da permanencia e incremento das condicións de seca extrema e a predición de continuidade no tempo destas condicións. O persoal de 3 meses tanto do Spdcif coma o de Seaga e moitas brigadas municipais foran desactivados.
- O servizo de emerxencias 112 vese colapsado xa na mañá do 15 entre outras razóns por persoal insuficiente (7 operadoras) e pola temeraria recomendación pública feita polos Presidente e Vicepresidente da Xunta de chamar para calquera incidencia ó 112.
- As políticas de forestación descontrolada e continuada levadas a cabo polo PP, a situación xeral de abandono no medio rural, a desordenación das masas boscosas e a política de montes baseada no apoio ao monocultivo forestal con especies de crecemento rápido, o avellentamento poboacional, a falta de cumprimento da lexislación vixente en canto a previsión e xestión de faixas de protección de núcleos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e infraestruturas, a desmedida abundancia de biomasa debido ó proceso de desagrarización brutal e o caos na ordenación do territorio, manteñen no monte unha densidade de combustible demasiado alta que aporta unha dificultade extrema en caso de lume para a súa xestión.

- O inexplicable silencio dos medios de comunicación públicos galegos nos momentos máis angustiosos da crise do día 15 dando a entender que nada acontecía, tentando agachar a cabeza, por parte do goberno, para fuxir do problema.
- A propaganda institucional usada polo goberno, pagada con cartos públicos, tentando cargar toda a responsabilidade sobre un "terrorismo incendiario" que sería posteriormente desmentido pola fiscalía.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/07/2018 13:44:28

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:49
Nº Rexistro: 33743
Data envio: 24/07/2018 13:49:26.116

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 24/07/2018 13:44:36